

Memoria de actividades de cultura da Xunta de Galicia **2015**



Memoria de actividades de **cultura**
da Xunta de Galicia **2015**

EDITA:
XUNTA DE GALICIA
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Secretaría Xeral de Cultura

DESEÑO: Trisquelia
IMPRESIÓN: Tórculo
DEPÓSITO LEGAL: C 436-2014

Contido

Presentación	11
Introdución xeral	13

01

BIBLIOTECAS E DINAMIZACIÓN DA LECTURA **15**

1.1	Rede de Bibliotecas de Galicia	16
1.2	Biblioteca de Galicia	17
1.3	Actuacións de mellora e renovación das bibliotecas	22
1.4	Formación do persoal bibliotecario	24
1.5	Balance do primeiro ano da plataforma GaliciaLe	25
1.6	Dinamización da lectura nas bibliotecas	26
1.7	Dinamización da lectura nos centros de ensino: bibliotecas escolares	29

02

ARQUIVOS DE GALICIA **33**

2.1	Sistema de Arquivos de Galicia	34
2.2	Arquivo de Galicia e arquivos dependentes da consellería	34
2.3	Dixitalización documental	37
2.4	Melloras nos arquivos de Galicia	38
2.5	Formación de persoal técnico	41
2.6	Dinamización dos arquivos	42

03

PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA **47**

3.1	Políticas de protección e conservación do patrimonio galego	48
3.2	Cara a un novo marco normativo para o patrimonio cultural galego	51
3.3	Estudos arqueolóxicos e intervencións sobre o patrimonio artístico, arquitectónico e etnográfico	52
3.4	Programacións de dinamización do patrimonio cultural	66
3.5	Colaboracións con entidades para a formación, o estudo e a difusión do patrimonio	72

04

CONSERVACIÓN E DINAMIZACIÓN NOS MUSEOS DE GALICIA 77

4.1	Sistema Galego de Museos	78
4.2	Centro Galego de Arte Contemporánea	79
4.3	Museo de Belas Artes da Coruña	84
4.4	Museo das Peregrinacións e de Santiago	89
4.5	Museo Pedagóxico de Galicia	92
4.6	Museo do Mar de Galicia	95
4.7	Museo Massó	100
4.8	Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense	103
4.9	Museo Etnolóxico de Ribadavia	106
4.10	Museo do Castro de Viladonga	109
4.11	Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre	112
4.12	Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa	115
4.13	Cifras de visitantes dos museos en 2015	119

05

DIFUSIÓN DAS ARTES PLÁSTICAS E VISUAIS 121

5.1	Exposicións de artes plásticas e visuais nos centros de arte da consellería	122
5.2	Colaboración con outras mostras e iniciativas artísticas	131
5.3	Efemérides das artes plásticas 2015	133
5.4	Apoio a certames artísticos	134

06

PROMOCIÓN DA MÚSICA E DAS ARTES ESCÉNICAS E AUDIOVISUAIS 137

6.1	Programación das orquestras galegas	138
6.2	Programacións musicais	140
6.3	Colaboracións con outras entidades para a difusión das artes escénicas, musicais e audiovisuais	142
6.4	Efemérides musicais	146

07

DIFUSIÓN DO LIBRO E DA LITERATURA GALEGA 149

7.1	Libraria.xunta.gal, nova plataforma de publicacións institucionais	150
7.2	Políticas de apoio ao sector editorial	151
7.3	Xestión do Rexistro da Propiedade Intelectual e do Depósito Legal	153

7.4	Dinamización do comercio do libro	154
7.5	Promoción dos autores e autoras	156
7.6	Efemérides e celebracións literarias de 2015	162
7.7	Ensaio e investigación no Centro Ramón Piñeiro	167
7.8	Fundación Pública Galega Camilo José Cela	170

08

A CULTURA, PUNTO DE ENCONTRO **175**

8.1	Cultura sen barreiras	176
8.2	Apoio aos proxectos de integración e visibilización social a través das artes	177
8.3	Illa de San Simón, un espazo para a creación e o pensamento	181
8.4	Lecer cultural en galego	184
8.5	Premios da Cultura Galega	187
8.6	Apoio ás programacións das entidades culturais	191
8.7	Creatividade e mocidade	194

09

A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI (AGADIC) **199**

9.1	Promoción das artes escénicas e musicais	200
9.2	Apoio ao audiovisual galego	207
9.3	Difusión da oferta cultural galega en rede	211
9.4	Formación e apoio sectorial e ao emprendemento	215
9.5	Centro Dramático Galego	219
9.6	Centro Coreográfico Galego	223
9.7	Centro Galego de Artes da Imaxe	226

10

CIDADE DA CULTURA DE GALICIA **231**

10.1	Exposicións	233
10.2	Música e escena	236
10.3	En familia	241
10.4	Letras e Pensamento	245
10.5	Intercambio	248
10.6	Centro de Emprendemento Creativo de Galicia	253
10.7	Bosque de Galicia	257
10.8	Aula Gaiás	258
10.9	Visitar	259

11

INTERNACIONALIZACIÓN DA CULTURA GALEGA 263

11.1	Proxección exterior do libro e da literatura galega	264
11.2	Internacionalización das industrias culturais	266
11.3	Espazo europeo de cultura	271
11.4	Cooperación cultural co ámbito lusófono	272
11.5	Proxección da lingua e da cultura no exterior	276

Anexo 1

ÁREA DE CULTURA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA 2015 280

Anexo 2

PRINCIPAIS CONVOCATORIAS DE AXUDAS PÚBLICAS DA ÁREA DE CULTURA DA XUNTA DE GALICIA EN 2015 282

	Créditos fotográficos	286
--	-----------------------	-----





Presentación

Nesta memoria expóñense os procesos de desenvolvemento, as liñas de traballo e as actuacións concretas en materia cultural levadas a cabo ou participadas pola Xunta de Galicia durante 2015. Trátase dun resumo que cumpre unha dobre función: dar conta de como se investiron os recursos públicos, para que a cidadanía coñeza e xulgue a xestión realizada, e realizar unha autoavaliación á procura da mellora continua das políticas culturais postas en marcha polo Goberno autonómico.

Coñecer de xeito pormenorizado as actividades que se describen nos 11 capítulos deste libro permítenos unha análise crítica, e corraxir e perfeccionar o traballo de planificación, mellorando as políticas de apoio á creación, produción, distribución e acceso aos diversos bens e servizos culturais, así como aquelas orientadas á protección, conservación e salvagarda do patrimonio de Galicia.

Os políticos, actores e axentes culturais temos, no marco da gobernanza democrática e a integración da cultura nos marcos do desenvolvemento sostible, a responsabilidade de relacionarnos, de propor iniciativas e de procurar acordos. Quero, neste limiar, expresar a miña máxima disposición ao diálogo e á colaboración para afrontarmos os retos da cultura galega, básicos para o noso desenvolvemento comunitario presente e futuro.

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



Introdución xeral

2015 foi un ano cheo de actividade cultural e de ilusión pola consecución de novas oportunidades para a proxección internacional da nosa cultura, ao logramos atraer para Galicia unha nova edición do WOMEX e poñermos no epicentro do comercio do libro en América Latina a literatura galega, coa elección de Santiago de Compostela como cidade convidada da Feira Internacional do Libro de Buenos Aires 2016.


Foi tamén un ano de importantes novidades na prestación de servizos básicos vinculados ao libro e á lectura nos novos formatos, nunha aposta por non perdermos o tren das novas tecnoloxías para a lectura, á par da promoción dos soportes tradicionais. Por vez primeira, dotouse a Xunta de Galicia dunha librería electrónica que lle permite á cidadanía ter acceso ás publicacións institucionais de maneira sinxela a través da rede. E rodou, no seu primeiro ano de vida, a plataforma GaliciaLe de préstamo de libro electrónico nas bibliotecas, cunha excelente acollida por parte dos lectores e lectoras usuarios.

No ámbito das industrias culturais, incorporáronse novas medidas e programas que contribuíron a dinamizar a actividade, tanto interior como exterior, de empresas e grupos artísticos, que son bandeira da creatividade actual de Galicia. Os museos e os equipamentos de difusión da arte desenvolveron unha intensa programación que logrou interesar e atraer novos públicos, con exposicións como a de Picasso na Coruña, do Museo de Belas Artes, ou do fotógrafo José Suárez, na Cidade da Cultura.

O 5 de xullo, en Bonn, o Comité do Patrimonio Mundial acordou incluír na Lista do Patrimonio Mundial da Unesco as catro rutas dos Camiños do Norte, un recoñecemento fundamental para a protección dun dos máis importantes bens da cultura galega e europea.

Nesta publicación detállanse as principais liñas do traballo abordado desde os distintos centros de Cultura da Xunta de Galicia. Detrás destes resultados está o labor de numerosos profesionais que no día a día traballan en prol do avance cultural de Galicia. Este resumo é, por tanto, un exercicio de transparencia coa cidadanía e tamén de visibilización do esforzo realizado polo conxunto dos departamentos en materia cultural.

Anxo M. Lorenzo Suárez
Secretario xeral de Cultura



01

BIBLIOTECAS E DINAMIZACIÓN DA LECTURA

As bibliotecas son un equipamento cultural cada vez máis valorado pola sociedade. Esa percepción da utilidade do servizo bibliotecario tradúcese no aumento progresivo do volume de usuarios e da intensificación da actividade dos servizos.

Ademais dos usos convencionais, hoxe as bibliotecas están a ser protagonistas da dinamización cultural de vilas e cidades, como centros de referencia para o acceso á cultura. Por iso, o sistema bibliotecario galego está a investir grandes esforzos na programación de actividades de acción cultural nos seus centros, cunha acollida excelente por parte da cidadanía. Clubs de lectura, obradoiros, charlas, sesións de lectura para atender a diversidade forman parte do día a día das bibliotecas, onde os préstamos de publicacións, as consultas ou a lectura da prensa.

Unha das novidades deste ano foi a posta en marcha da primeira plataforma de préstamo de libro electrónico. A plataforma galega GaliciaLe rexistrou neste primeiro ano arredor de 12.000 préstamos de libro dixital, con preto de 5.700 usuarios activos. Un novo camiño aberto desde as bibliotecas para facilitar o acceso á lectura e á cultura.



1.1 Rede de Bibliotecas de Galicia

Os servizos bibliotecarios públicos galegos organízanse na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, que congrega actualmente, baixo a coordinación da Subdirección Xeral de Bibliotecas da Secretaría Xeral de Cultura, 386 bibliotecas e axencias de lectura en todo o territorio galego. Forman parte da rede as sete bibliotecas de xestión autonómica (Biblioteca de Galicia, Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés, Biblioteca Pública de Lugo, Biblioteca Pública de Ourense, Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola, Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel e Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal), ademais das 371 bibliotecas de titularidade pública local dependentes de concellos ou entidades públicas locais e outras nove bibliotecas públicas e de titularidade privada.

A Rede de Bibliotecas de Galicia conta cun espazo web (rbgalicia.xunta.gal) que rexistrou nestes 12 meses 116.786 visitas.

Estatística anual das bibliotecas

A Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia conta cunha publicación anual de datos estatísticos, construída a partir dos datos facilitados por cada unha das bibliotecas ou axencias de lectura integradas na rede. Este ano participaron na elaboración da estatística 328 bibliotecas públicas ou axencias de lectura.

Esta ferramenta permite contar cunha información completa e actualizada da realidade dos centros bibliotecarios integrados na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, medir as variacións anuais da actividade dos centros e dispor dun instrumento de avaliación imprescindible para a planificación das políticas autonómicas no ámbito bibliotecario.

Datos básicos das bibliotecas de xestión autonómica

Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal

USUARIOS: 34.953

Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés

USUARIOS: 38.262

Biblioteca Pública de Lugo

USUARIOS: 29.668

Biblioteca Pública de Ourense

USUARIOS: 33.701

Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola

USUARIOS: 33.269

Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel

USUARIOS: 33.444

1.2 Biblioteca de Galicia



Con sede na Cidade da Cultura de Galicia, en Santiago de Compostela, a Biblioteca de Galicia é a biblioteca autonómica central, que ten como misión recuperar, conser-

var e difundir o conxunto das publicacións editadas en Galicia e as que traten temas galegos.

Ademais de fornecer servizos bibliotecarios de calidade, conservar e difundir os seus fondos, así como un valioso conxunto de coleccións de publicacións singulares, a Biblioteca de Galicia é o centro de conexión da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia co ámbito bibliotecario internacional. Como centro depositario do patrimonio bibliográfico máis valioso de Galicia, está orientada fundamentalmente a investigadores, estudosos ou persoas interesadas na cultura galega.

Adquisición de novos fondos

En 2015, a consellería realizou un investimento de 41.000 euros destinados á ampliación da colección da Biblioteca de Galicia, co fin de garantir a conservación de publicacións relacionadas con Galicia con, polo menos, un exemplar. Este proceso, realizado a través dunha comisión de valoración de adquisicións, completouse coa catalogación e dixitalización destes fondos adquiridos.

Coa colaboración do Ministerio de Educación e Cultura, realizouse a catalogación de fondos considerados patrimonio bibliográfico galego pertencentes á Biblioteca de Galicia e á Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola, todos eles anteriores a 1930.

Galiciana, biblioteca dixital de Galicia

A biblioteca dixital de referencia para a cultura e a lingua galegas, dentro do proxecto continental Europea, é Galiciana (www.galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es), xestionada pola Biblioteca de Galicia e aberta e accesible aos internautas de calquera parte do mundo. O obxectivo deste proxecto é a dixitalización dos fondos patrimoniais máis relevantes para Galicia e a normalización do acceso a estes fondos consonte as directrices internacionais, que permiten a súa integración nas bases dixitais compartidas e un acceso universal.

Para ampliar a colección de prensa histórica, manuscritos e monografías desta biblioteca de fondos electrónicos dispoñibles na rede, dixitalizáronse este ano os exemplares históricos de *El Correo Gallego* de entre 1878 e 1899 e do *Boletín Eclesiástico de Tuy* de entre 1859 e 1899; en total, 40.859 imaxes. Ademais destas dúas cabeceiras históricas, realizouse a dixitalización de 120 obras do Fondo Galicia da BUSC, da Universidade de Santiago de Compostela, cun total de 17.172 imaxes. Do Museo Massó abordouse a dixitalización de 41 obras, e outras 14 do Museo das Peregrinacións e de Santiago. Tamén foron vertidas ao formato electrónico 62 obras da colección José Luis Basanta depositada na Biblioteca de Galicia (16.463 imaxes). O investimento da Xunta de Galicia dedicado a este proxecto foi de 104.480 euros. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte achegou outros 29.090 euros ao enriquecemento da colección dixital das monografías dos séculos XVII e XVIII e de prensa histórica.

Exposicións na Biblioteca de Galicia

A Biblioteca de Galicia realizou este ano diversas exposicións para mostrar o valor e interese dos fondos que alberga:

O berce do libro: incunables da colección Abanca

DATAS: do 19 de decembro de 2014 ao 31 de marzo 2015

Unha mostra de 66 incunables (anteriores a 1501) impresos mediante tipos metálicos móbiles, procedentes do fondo bibliográfico de máis de 3.200 volumes da colección Abanca depositado na Biblioteca de Galicia da Cidade da Cultura.

A editorial Bibliófilos Gallegos: un proxecto cultural galeguista na posguerra

DATAS: 17 de abril ao 31 de maio 2015

Exposición de homenaxe á editorial Bibliófilos Gallegos e ao seu labor cultural galeguista. Na mostra incluíronse exemplos das diferentes coleccións desta editorial como a Biblioteca de Galicia, a colección Obradoiro ou Bibliófilos Gallegos.

Xosé Filgueira Valverde

DATAS: do 15 de maio ao 30 de xuño 2015

A Biblioteca e Arquivo de Galicia acolleu esta mostra sobre a vida e a obra de Xosé Filgueira, a quen no 2015 se lle dedicou o Día das Letras, e o seu labor como editor a través da editorial Bibliófilos Gallegos.

Manuel Antonio: a rebeldía dunha sensibilidade

DATAS: do 1 xullo ao 31 de agosto de 2015

En 1928 apareceu o único libro publicado en vida por Manuel Antonio, *De catro a catro*, que centrou esta exposición sobre a obra orixinal e as súas versións noutras linguas, así como estudos realizados, carteis, material fonográfico etc.

Rosalía de Castro na biblioteca de Agustín Sixto Seco

DATAS: do 15 de setembro ao 30 de outubro 2015

O interese de Sixto Seco (Mugardos, 1926) por Rosalía naceu en 1947 ao escoitar unha conferencia do seu profesor José Pérez López-Villamil sobre como o sufrimento patobiográfico se reflectía no rostro de Rosalía. A partir desta conferencia, Sixto Seco profundará ao longo da súa vida no estudo da personalidade de Rosalía tratando a relación entre a saúde do corpo e as emocións. A mostra puxo en valor os fondos doados pola familia deste médico e intelectual galeguista á Biblioteca de Galicia.

Lino González Rubido: un debuxante esquecido na prensa compostelá

DATAS: do 4 de decembro 2015 ao 24 de xaneiro 2016

Nesta exposición dáse a coñecer a recente adquisición da Biblioteca de Galicia da colección de debuxos e caricaturas do artista galego González Rubido, que na década dos 40 publicou as súas viñetas humorísticas en medios como o xornal compostelán *La Noche*.

Programación complementaria

A Biblioteca de Galicia organizou durante o ano 2015 un total de 24 obradoiros dirixidos a dar a coñecer os fondos bibliográficos cos que conta, así como animar o público a achegarse ás mostras e a afondar nos temas tratados nelas. Estes obradoiros complementáronse con xincanas e diversas propostas escénicas e musicais.



Con motivo da exposición *O berce do libro* leváronse a cabo un conxunto de obradoiros destinados a distintas franxas de idade, centrados en diferentes técnicas e momentos da evolución da obra impresa: os inventos de Guttemberg, a imprenta, a elaboración de papel e a impresión, as letras capitulares, a encadernación e a estampación creativa.

Para dar a coñecer a figura e a obra do poeta vangardista, completouse a exposición *Manuel Antonio. A rebeldía dunha sensibilidade* con dúas xincanas, tituladas *Aventuras no mar de máis alá*, no espazo exterior da Biblioteca de Galicia, dirixidas ao público familiar, e unha performance poética, *Naufraixios na luz*, a cargo de Gail Langstroth.

Para dinamizar a exposición *Rosalía de Castro na biblioteca de Agustín Sixto Seco*, realizáronse dúas xincanas baixo o título *Rosalía na voz da xente*, dirixidas ao público fami-

liar e realizadas nos exteriores da Biblioteca de Galicia. O grupo Xardín Desordenado ofreceu un concerto titulado *Rosalía entre outras*, con poemas musicados de *Cantares gallegos*, de Rosalía, xunto a outros de seis poetas galegas de distintas xeracións: Olga Novo, María do Cebreiro, Pilar Pallarés, Luísa Castro, Marta Dacosta e Cristal Méndez Queizán.

Con motivo da exposición *Lino González Rubido: un debuxante esquecido na prensa compostelá*, organizáronse tres obradoiros de caricaturas, dirixidos ao público adulto e á mocidade; para os pequenos levouse a cabo o obradoiro *Cariletras*, no que participaron nenos e nenas desde os 5 anos.



Na Biblioteca de Galicia tamén se conmemoraron efemérides do Calendario do Libro e da Lectura neste ano 2015. Para celebrar o Día da Ilustración, púxose en marcha o obradoiro *Xogando coa arte*. En marzo, representouse a obra de teatro *A voar*, a cargo do grupo Sarabela Teatro, para festexar o Día Mundial do Teatro, e tamén se programou un obradoiro de lectura dramatizada. No mes de abril tivo lugar o taller *As árbores, un tesouro a preservar*, para celebrar o Día da Árbore. Nese mesmo mes festexouse o Día do Libro, no que se lle deu continuidade ao programa *Elixo o teu libro*, que agasalla o visitante da biblioteca cun título dispoñible á súa elección; e no mes de outubro, o Día da Biblioteca e o Día da Comprensión Lectora, este último co obradoiro *Textos e pretextos*.

En novembro a Biblioteca de Galicia celebrou o Mes da Ciencia en galego cun programa que incluíu a posta en escena do conto teatralizado *O polbo Octavio*, sobre contidos científicos relacionados coa vida dos cefalópodos; o *Obradoiro de extracción de ADN*, onde rapazas e rapaces de 10 a 14 anos aprenderon a extraer o ADN dunha froita mediante técnicas sinxelas; o *Obradoiro de arenóglifos*, para faceren os nenos unha pequena réplica dun petróglifo con area e pintura; e a actividade *Flora e fauna nunha pinga de auga*, para descubrir con lupas binoculares os organismos que poden vivir nunha pinga de auga.

No mes de decembro, a Biblioteca de Galicia desenvolveu o programa de actividades *Martín Códax e o mar*, para celebrar o centenario da recuperación das cantigas de Martín Códax, cos obradoiros *Mapas medievais*, *Cantigas de amigo*, *Instrumentos musicais* e *Embarcacións* para “navegar” pola Biblioteca de Galicia.

1.3

Actuacións de mellora e renovación das bibliotecas

A prestación dun servizo de calidade nas bibliotecas esixe unha renovación constante, tanto dos fondos bibliográficos como dos servizos e ferramentas electrónicas e das propias infraestruturas mobles dos centros bibliotecarios.

No que se refire aos fondos bibliográficos, a consellería destinou 566.279 euros á mellora das coleccións bibliográficas e á compra de novidades editoriais con destino ás bibliotecas da Rede de Bibliotecas de Galicia. Destes, 204.000 euros dedicáronse á adquisición de novos fondos para as bibliotecas de xestión autonómicas, atendendo os novos títulos, as suxestións de compra dos usuarios e as necesidades de substitución de exemplares por deterioración ou perda. Ao programa de subvencións aos concellos de Galicia (de menos de 30.000 habitantes) titulares das bibliotecas e axencias de lectura integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia, para axudar a renovar as coleccións destes espazos, destináronse 176.420 euros. Por último, a Xunta de Galicia destinou á adquisición de novidades editoriais en galego para as bibliotecas públicas desta rede 300.000 euros, que permitiron fornecer todas elas de 136 novos títulos en galego procedentes das editoriais adheridas ao programa. Estas liñas destinadas á actualización das coleccións outórganlle un permanente dinamismo ao servizo das bibliotecas e dan resposta ás demandas expresadas polos usuarios.

Para garantir unha maior axilidade e adecuación ás demandas e intereses dos usuarios nas adquisicións de fondos, a Subdirección Xeral de Bibliotecas e a Amtega iniciaron este ano as tarefas de desenvolvemento dunha plataforma que permitirá que cada biblioteca pública local poida realizar as súas adquisicións baixo demanda directa.

Libros dixitais na rede de bibliotecas

Ademais da posta en marcha da plataforma electrónica GaliciaLe, que permite o préstamo de libro dixital aos usuarios da bibliotecas cunha colección que este ano alcanzou os 1.689 títulos, a Subdirección Xeral de Bibliotecas ampliou a dotación de recursos electrónicos dispoñibles para a Rede de Bibliotecas de Galicia e as bibliotecas escolares dos centros educativos. Trátase dunha serie de coleccións de libros divulgativos, hemeroteca, dicionarios e tamén recursos para os propios bibliotecarios, destinados a facilitar o acceso á información e á lectura en soportes dixitais nas bibliotecas.

Melloras nas instalacións

Adaptar as instalacións e o equipamento das bibliotecas públicas ás necesidades que cada ano se producen no espazo bibliotecario faise imprescindible para a axeitada prestación do servizo. Este ano, a consellería destinou 147.861 euros aos investimentos en obras, reparacións e substitución de mobiliario das seis bibliotecas de xestión autonómica. Renovouse, así, por exemplo, a sinalética interna das bibliotecas públicas da Coruña e de Lugo, acometéronse obras de mellora do sistema eléctrico e de iluminación nas bibliotecas públicas da Coruña e de Pontevedra, realizáronse reparacións nos servizos da Biblioteca Pública da Coruña e substituíuse a porta de acceso da Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal.

Estes investimentos complementáronse coas achegas do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, que ascenderon este ano a 1.403.557 euros, destinados ás instalacións e equipamentos das bibliotecas de titularidade estatal xestionadas pola Xunta de Galicia (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago de Compostela). A maior parte deste investimento estivo destinado ás obras de rehabilitación e construción da nova sede da Biblioteca de Ourense, que está previsto que abra as súas portas ao público en 2016.



1.4 Formación do persoal bibliotecario

Potenciar a formación permanente do persoal bibliotecario no marco competencial de mellora e modernización da Rede de Bibliotecas de Galicia é o obxectivo principal dos programas formativos que ao longo do ano realiza a Secretaría Xeral de Cultura destinados á renovación e ampliación de coñecementos técnicos do persoal da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia en materia de bibliotecas, lectura ou novas tecnoloxías da información.

Os cursos orientáronse non só á organización das coleccións, senón tamén á promoción da lectura e ao uso das novas tecnoloxías, centrándose nos novos retos que se presentan coa incorporación do libro electrónico e da web 2.0. Aos cursos, organizados coa colaboración da Escola Galega de Administración Pública e do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, asistiron 181 técnicos.

Bolsas de formación en biblioteconomía

A Subdirección Xeral de Bibliotecas asumiu a formación teórica e práctica titorizada, durante un período de oito meses, de 31 persoas licenciadas ou diplomadas en biblioteconomía e documentación, filoloxía, historia ou humanidades, que accederon este ano á convocatoria de bolsas en biblioteconomía. Este contacto directo e guiado co desenvolvemento dos servizos bibliotecarios e cos propios usuarios das bibliotecas permítelles completar con maior coñecemento e experiencia a súa formación profesional. O orzamento destinado a estas bolsas formativas en 2015 foi de 184.739 euros.



1.5 Balance do primeiro ano da plataforma GaliciaLe

GaliciaLe (www.galiciale.gal) é a plataforma do libro electrónico das bibliotecas públicas galegas, que ten por obxectivo facilitar o acceso de toda a cidadanía á lectura neste formato. En funcionamento desde outubro de 2014, esta plataforma está a ofrecer un servizo de préstamo temporal de obras en formato dixital de temáticas diversas (ficción, informática, historia, ocio etc.), en dous catálogos, un de libro electrónico en galego e outro que aloxa o catálogo eBiblio do libro electrónico en castelán promovido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Os libros incluídos nestas dúas contornas (1.689 títulos) poden lerse en tabletas, teléfonos móbiles, ordenadores persoais e lectores de libros electrónicos, co único requirimento previo de ser socio dalgunha das bibliotecas públicas da Rede de Bibliotecas de Galicia.

En 2015 dedicáronse 20.000 euros á adquisición de títulos de libros electrónicos en galego para a actualización e incremento da colección, e incorporáronse publicacións (sobre física, arte, historia, estudos xacobeos etc.) editadas en formato electrónico pola Universidade de Santiago de Compostela. En xuño, incorporáronse materiais interactivos, como o álbum ilustrado *Loboferoz*.

Neste primeiro ano de andaina, a plataforma en liña rexistrou 11.843 préstamos bibliotecarios de libro dixital, executados polos 5.678 usuarios e usuarias activos nesta plataforma, a través da que se accede tanto á colección eBiblio en castelán como á colección de libro en galego, con múltiples formatos (audiolibros, libros electrónicos, álbums ilustrados e libros interactivos), de temática diversa e dirixida a distintas franxas de idade.

As estatísticas obtidas nestes meses de servizo (datos de outubro 2014 a setembro 2015) sitúan a Galicia no quinto posto en número de préstamos, entre as 14 comunidades autónomas de España que iniciaron o servizo de préstamo do libro electrónico a finais de 2014. As obras máis prestadas nese período foron, na colección de libro electrónico en galego, *A viaxe de Gagarin*, de Agustín Fernández Paz; *Os fillos do mar*, de Pedro Feijoo; o álbum *Maruxa*, de Eva Mejuto e Mafalda Milhões; *A memoria da choiva*, de Pedro Feijoo, e *Ámote Leo A.: destino Xalundes*, de Rosa Aneiros.

A posta en marcha de GaliciaLe levou aparelada unha serie de vantaxes para o panorama bibliotecario galego, como o impulso do consumo legal de contidos electrónicos de calidade e a atención á necesidade dun amplo volume de usuarios e usuarias de bibliotecas que viñan demandando un servizo destas características. Supón tamén a adaptación do servizo bibliotecario aos novos hábitos sociais e aos novos formatos, ademais de garantir unha oferta de contidos actualizados e con novidades máis atractivas para os lectores e as lectoras.





1.6 Dinamización da lectura nas bibliotecas

As bibliotecas ocupan un espazo social complementario a outros centros de produción cultural. Nos últimos anos foron consolidando unha programación estable de actividades vinculadas ao coñecemento e á lectura, cunha especial atención á incorporación dos diferentes colectivos sociais e á diversidade das necesidades da cidadanía.

Calendario do libro e da lectura

A Secretaría Xeral de Cultura editou e difundiu, un ano máis, o *Calendario do libro e da lectura*, un cartel distribuído nas librarías e nas principais bibliotecas para promover a celebración das datas máis significativas e das efemérides relacionadas coa lectura, como o Día das Usuarías e Usuarios das Bibliotecas (11 de xaneiro), o Día da Ilustración (30 de xaneiro), o Día da Poesía (21 de marzo), o Día do Libro Infantil e Xuvenil (2 de abril) ou o Día da Edición (17 de decembro). Elaborado anualmente en cumprimento do estipulado na Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e a lectura de Galicia, este recurso facilita a planificación anual de actividades arredor das principais datas vinculadas ao libro e á lectura, para promover o interese polos libros e polas nosas letras.

Ler conta moito, máis de 700 actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas

Para achegar os cidadáns á lectura e á información dunha maneira lúdica, fomentar o hábito da lectura no conxunto da poboación e fortalecer o papel das bibliotecas como espazo de relación e participación social, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria desenvolveu un ano máis o programa Ler conta moito de dinamización dos espazos da Rede de Bibliotecas de Galicia.

Dentro desta programación, á que a consellería dedicou este ano 163.085 euros, realizáronse 711 actividades en 192 bibliotecas públicas da Rede de Bibliotecas de Galicia, pertencentes a 144 concellos galegos: obradoiros creativos, actividades de narración oral, divulgación do coñecemento, audiovisual na biblioteca, actividades de dinamización con música, teatro e danza, exposicións, itinerarios guiados etc. Estas actividades diríxense aos diferentes públicos, desde bebés de 0 a 3 anos, nenos, mocidade e adultos, ata colectivos con necesidades especiais.

O misterio do pirata Benito Soto, de Polo Correo do Vento; *Contando en feminino*, do colectivo Lisístrata; *Contos que deixan pegada*, de Pavís Pavós; *Maxia cómica*, de Leo Leño; *Contos de lobo*, de Teatro Ghazafellos; *Brinca vai!*, de Paco Nogueiras; *Merenda con pan de millo*, de Migallas Teatro; *A orixe*, de Raquel Queizás; *Cóntoche un traxe*, de Montse Rivera; o obradoiro *Imaxinando minchapas con Pichük*, de Manel Cráneo; ou *Obradoiro de banda deseñada xaponesa*, impartido por GoChi, foron algunhas das actividades que formaron parte do programa.

As actividades realizadas poden consultarse no blog de Ler conta moito (blogs.xunta.es/lercontamoito/).



Máis actividades culturais nas bibliotecas de xestión autonómica

Dirixidas aos usuarios e usuarias das bibliotecas xestionadas pola Consellería de Cultura e Educación, programáronse ao longo do ano numerosas actividades de dinamización da lectura, que amplían a oferta cultural das cidades galegas con charlas, obradoiros, cursos de alfabetización tecnolóxica etc.

As bibliotecas públicas celebraron con actividades específicas e certames o Día do usuario/a das Bibliotecas, o Día da Biblioteca, o Día Internacional do Libro, o Día das Letras Galegas, ademais doutras efemérides vinculadas a autores e libros. Baixo a coordinación da Subdirección Xeral de Bibliotecas, e coa colaboración da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI), desenvolveuse con motivo do Día da Ilus-

tración, o 30 de xaneiro, unha ampla programación de obradoiros e charlas nos centros bibliotecarios. Outra das programacións conxuntas das bibliotecas de xestión autonómica este ano foi a celebración do Mes da Ciencia en galego nas bibliotecas, para situar a biblioteca no centro da divulgación da ciencia e poñer en valor o uso da lingua galega nese ámbito. Jorge Mira foi o encargado da redacción do texto da celebración que acompañou o cartel de obradoiros, proxeccións e charlas para diferentes públicos. Tamén se sumaron á programación con outras iniciativas escolares o departamento de Innovación Educativa e a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

As bibliotecas públicas programaron pequenas mostras bibliográficas a partir dos seus fondos, para visibilizar diferentes títulos e animar os usuarios da biblioteca a ler e informarse sobre cada unha das temáticas propostas.

Destináronse a estas actividades anuais programadas polas bibliotecas dependentes da consellería 103.600 euros.

Voluntariado cultural nas bibliotecas

En colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, a Secretaría Xeral de Cultura desenvolveu un ano máis o programa Voluntariado cultural nas bibliotecas. Con esta iniciativa, refórzase o servizo informativo e divulgador de acceso á cultura da cidadanía en igualdade de oportunidades, ao tempo que se abre á biblioteca e á lectura o espazo dos intereses da acción voluntaria asumida por persoas con vocación de ofrecerlle solidariamente á sociedade as súas habilidades e coñecementos.

As persoas voluntarias, que realizan as súas funcións nas bibliotecas xestionadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, son principalmente estudantes, desempregados e xubilados, que realizan tarefas de apoio á difusión e promoción das bibliotecas públicas, na posta en práctica de proxectos e animación lectora e sociocultural, nas actividades culturais ou na aprendizaxe doutras linguas. En 2015, realizaron este labor de voluntariado nas bibliotecas 53 voluntarios/as, que colaboraron en 395 actividades, ás que asistiron 5.607 persoas.

Clubs de lectura

As bibliotecas públicas veñen programando de maneira estable clubs de lectura, grupos de lectoras e lectores que comparten unha lectura común sobre a que reflexionan e intercambian impresións en xuntanzas periódicas. Estas actividades conxugan o pracer da lectura individual co de dialogar sobre os libros con outros individuos.

Para facilitar o desenvolvemento dos clubs das bibliotecas, a Subdirección Xeral de Bibliotecas creou o Servizo Central de Préstamo, para os centros adscritos á Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, que pon ao dispor dos clubs unha listaxe de títulos para o seu préstamo múltiple. En 2015 este servizo destinou 20.000 euros á adquisición de novos exemplares que se incorporaron aos fondos de préstamo para os clubs de lectura.

1.7 Dinamización da lectura nos centros de ensino: bibliotecas escolares

A biblioteca escolar ocupa un lugar central nos centros educativos de Galicia, como elemento transformador e dinamizador dos procesos de ensino e aprendizaxe. A Aseoría de Bibliotecas Escolares (www.edu.xunta.es/biblioteca/blog), integrada na Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén desenvolvendo as políticas de dinamización da lectura no contorno educativo cos obxectivos de adaptar os recursos informativos dos centros educativos ás novas necesidades da sociedade da información do século XXI, promover a renovación das prácticas educativas, favorecer a adquisición das competencias básicas do alumnado galego e contribuír ao seu éxito escolar e estimular a experiencia lectora no conxunto da comunidade educativa.

Plan LÍA (Lectura, Información e Aprendizaxe)

O Plan LÍA de bibliotecas escolares integra todas as actuacións da Consellería de Cultura, Educación e O. U., a prol da renovación das bibliotecas dos centros de ensino non universitario, así como as accións destinadas a facilitar o acceso á lectura, favorecer a formación lectora e promover o fomento da lectura no contexto educativo. A Consellería de Cultura e Educación destinou a estes programas vinculados ao plan LÍA en 2015 1.167.809 euros.



Dentro do Plan LÍA, a Subdirección Xeral de Centros inclúe o desenvolvemento dos programas Hora de ler e Clubs de lectura, o Concurso de Traballos por Proxectos, o programa Bibliotecas escolares solidarias, a planificación de formación do profesorado en materia de bibliotecas escolares e o asesoramento aos centros e á Rede de Formación do Profesorado en materia de bibliotecas escolares e fomento da lectura.

O **Plan de mellora de bibliotecas escolares** (Plambe) é o programa de actualización das bibliotecas dos centros públicos non universitarios, como centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe, coa intención de adaptar as actuacións das bibliotecas ás novas necesidades educativas. Mediante este programa vaise construíndo unha rede de bibliotecas escolares que comparten obxectivos e procedementos de traballo na súa función de apoio á formación lectora da comunidade escolar. Dos 550 centros integrados neste plan no curso 2014-2015 pasouse a 575 centros no curso 2015-2016, con 174.066 alumnos beneficiarios (o 63% do alumnado total dos centros públicos non universitarios). Destináronse aos proxectos de mellora en 2015 840.000 euros, cos que se financian os proxectos seleccionados.

As accións de voluntariado tamén forman parte da planificación do LÍA, en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. O programa **Bibliotecas escolares solidarias** agrupa o conxunto de iniciativas que estimulan e recoñecen o traballo voluntario do alumnado de primaria e de secundaria vinculado coa biblioteca. No curso 2014-2015 participaron como voluntarios 1.380 nenos e mozos de 65 centros de ensino de primaria e de secundaria. Ademais do recoñecemento a esta acción activa e solidaria, a consellería tamén concede anualmente o selo Biblioteca Escolar Solidaria, que obtiveron este ano catro bibliotecas escolares. Para favorecer o intercambio e incentivar esta participación, celebráronse no mes de maio as *Xornadas de convivencia do voluntariado de lectura-A* (de primaria), coa participación de 50 alumnos en representación dos centros seleccionados pola excelencia do seu traballo neste ámbito.

Hora de ler

Hora de ler é o programa xeral de fomento da lectura en contexto escolar da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Está dirixido a todos os centros de titularidade autonómica, coa finalidade de fomentar a lectura mediante unha planificación sistemática de actividades en cada centro. Para isto, a consellería planifica cada ano un conxunto de recursos destinados ao labor das bibliotecas: as *Mochilas viaxeiras* para préstamo ás familias, con libros da biblioteca; as *Maletas viaxeiras* para préstamo a centros; bolsas de *Libros que veñen e van* para que o alumnado de infantil leve os libros en préstamo; carteis de visibilización da biblioteca; pasaportes de lectura etc. O cartel deste ano editouse co lema *Biblioteca escolar, base de exploracións* co fin de estimular o aproveitamento de recursos para o descubrimento de mundos reais ou imaxinarios.

Este conxunto de actuacións e materiais están destinados a beneficiar do servizo da biblioteca o conxunto da comunidade educativa, tanto alumnado, como profesorado e familias, polo seu importante papel na construción dos hábitos lectores.

Nesta mesma liña de converter a biblioteca escolar no centro de recursos para a lectura e a información transversal, e co obxectivo de impulsar a metodoloxía do traballo por proxectos coa implicación da biblioteca, convocouse este ano o **II Concurso**

de **Traballos por Proxectos**, con distintas modalidades. Os centros premiados polos seus traballos interdisciplinares reciben unha asignación para programas de educación para a competencia informacional do alumnado desde a biblioteca escolar.

Para o alumnado de secundaria, bacharelato, formación profesional e ensinanzas de réxime especial, a Subdirección Xeral de Centros vén convocando tamén cada ano unha convocatoria de apoio aos **Clubs de lectura**, que no 2015 contou cunha dotación de 200.000 euros. Estes grupos de lectores e lectoras contribúen a crear un ambiente proclive ao hábito da lectura, que favorece a adquisición de competencias clave na sociedade da información.



Actividades de formación en bibliotecas escolares


Realizadas en colaboración co Servizo de Formación do Profesorado da Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado, e coa Subdirección Xeral de Formación Profesional, o departamento de bibliotecas escolares achegou aos plans de formación docente da consellería unha planificación de actividades de formación centralizadas.

Ao longo de 2015 desenvolvéronse as *VI Xornadas de bibliotecas escolares de Galicia* (20/21 de novembro de 2015), nas que participaron 900 profesores e profesoras en activo; os *Encontros dos centros do Plan de mellora de bibliotecas escolares 2014/2015* (12 e 13 de marzo de 2015), con 550 asistentes; e a *VIII Xornada dos clubs de lectura* (5 de xuño de 2015), con 228 asistentes.

En total, beneficiáronse destas actividades formativas arredor de 1.700 profesores e profesoras. O investimento da consellería foi de 65.000 euros.

02

ARQUIVOS DE GALICIA



s arquivos públicos constitúen unha parte fundamental da memoria escrita da sociedade, como testemuño material das actividades cotiás dos organismos públicos, das entidades privadas e das persoas. As pegadas documentais desas transaccións son probas ou evidencias da súa realización e forman a materia prima

dos arquivos.

Os arquivos administrativos, creados de xeito natural co desenvolvemento das funcións e competencias dos poderes públicos, permiten un funcionamento áxil, eficaz e eficiente das administracións e, ao mesmo tempo, garántenlle á cidadanía o exercicio dos dereitos e das obrigas que as leis lle recoñecen e sinalan.



2.1 Sistema de Arquivos de Galicia

O Sistema de Arquivos de Galicia está integrado polo conxunto de arquivos de Galicia, os órganos da Administración competentes na súa ordenación e os seus servizos técnicos. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Subdirección Xeral de Arquivos da Secretaría Xeral de Cultura, é o órgano encargado da dirección e coordinación do exercicio das competencias da Xunta de Galicia nesta materia.

Os arquivos reúnen os documentos que as institucións, as entidades, as empresas e as persoas producen de forma natural no desenvolvemento das súas funcións e actividades. Representan a cultura da Administración porque constitúen o material das normas, dos procedementos, dos actos e da forma de traballar das organizacións públicas e privadas. Nun sentido máis amplo, conforman o patrimonio documental do país, unha parte fundamental da memoria colectiva da sociedade.

O Sistema de Arquivos de Galicia conta cun espazo na rede (arquivosdegalicia.xunta.gal), que en 2015 recibiu 30.165 visitas.

2.2 Arquivo de Galicia e arquivos dependentes da consellería

Ademais de establecer as liñas de actuación e soporte para os centros arxivísticos integrados no Sistema de Arquivos de Galicia, a Xunta xestiona de maneira directa o Arquivo de Galicia, o Arquivo do Reino de Galicia, os arquivos históricos provinciais de Lugo, de Ourense e de Pontevedra e os Arquivos Territoriais da Xunta de Galicia en Lugo, Pontevedra e Vigo, ademais dos arquivos centrais da Consellería de

Cultura e Educación, da Consellería de Traballo e Benestar Social e da Consellería de Industria.

O Arquivo de Galicia custodia os documentos producidos fundamentalmente pola Xunta de Galicia e os órganos e entidades dependentes dela, desde a súa creación en 1982. É cabeceira do Sistema de Arquivos de Galicia, por iso simboliza a unidade do patrimonio documental da Comunidade Autónoma. Dependente organicamente da Secretaría Xeral de Cultura, ten a súa sede actual na Cidade da Cultura de Galicia, en Santiago de Compostela.

O Arquivo de Galicia exerce as funcións de centro de referencia do Sistema de Arquivos de Galicia e arquivo intermedio e histórico do Subsistema de Arquivos da Xunta de Galicia, co obxectivo principal de conservar, difundir e acrecentar o patrimonio documental de Galicia.

Novos ingresos de fondos documentais

O Arquivo de Galicia, o Arquivo do Reino de Galicia, os arquivos históricos provinciais de Lugo, de Ourense e de Pontevedra, os arquivos territoriais da Xunta de Galicia en Lugo, Pontevedra e Vigo, e o Arquivo Central da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria rexistraron 173 novos ingresos de fondos documentais que corresponden a 31.937 unidades de instalación, isto é, caixas de tamaño normalizado de arquivo que pasan a formar parte dos seus arquivos para a súa custodia e servizo, que instaladas nos andeis dos depósitos son 3.758 metros. Estes novos documentos proceden principalmente de transferencias realizadas polas unidades administrativas da Xunta de Galicia e, en menor medida, a doazóns ou depósitos en réxime de comodato, ademais de adquisicións de documentos de interese para Galicia (cun investimento de 37.383 euros).

Plan de transferencias

O Arquivo de Galicia está a executar o Plan especial de transferencias iniciado en 2014, e no que están involucradas as unidades administrativas e os técnicos de arquivos, para recoller, custodiar e poñer á disposición dos interesados a documentación procedente das distintas consellerías da Xunta de Galicia. Datos do desenvolvemento do Plan especial de transferencias:

	Nº transferencias	Nº de unidades de instalación	Metros lineais
2014	83	12.755	1.468
2015	55	21.625	2.488

Servizo de consultas e préstamos dos arquivos de Cultura

Os arquivos de xestión da consellería ofrecen un servizo presencial de atención de consultas dos usuarios (cidadáns, persoal das administracións, investigadores etc.)

sobre os recursos e documentos custodiados neles. Este servizo tamén inclúe as consultas ás bases de datos a través da web arquivosdegalicia.xunta.gal.

En 2015 realizáronse 11.884 consultas directas con acceso a 54.128 expedientes. A través de internet, rexistráronse 17.389 consultas á base de datos do portal de arquivos. En servizo de préstamo, contabilizáronse 10.169 préstamos, cun total de 9.635 documentos prestados. Para achegar as copias baixo solicitude dos usuarios, o servizo realizou 76.831 reproducións de documentos, priorizando a redución da copia en papel en prol da dixital. Este servizo repercutiu uns ingresos anuais de 42.008 euros.



Tratamento técnico da documentación

Co fin de facilitar o acceso á documentación, coas medidas necesarias de preservación dos documentos considerados patrimonio documental galego, o persoal técnico dos arquivos autonómicos realizou en 2015 un total de 239.127 rexistros descritivos de documentos, un proceso consistente na extracción de datos básicos que permiten a súa identificación e control. Estes datos fanse accesibles a través do portal web dos arquivos de Galicia, a través da aplicación que soporta o Sistema de Información de Arquivos.

Conservación e restauración dos documentos

Na execución das medidas necesarias que aseguren a preservación dos documentos considerados patrimonio documental galego, realizáronse 9.714 intervencións para a súa conservación consistentes na restauración, limpeza especializada e encadernacións de documentación.

Unha das restauracións destacables é a realizada no Arquivo do Reino de Galicia da *Carta geométrica de Galicia dividida en sus provincias...*, mapa de Galicia elaborado por Domingo Fontán, orixinal da primeira edición realizada en París no ano 1845 polo gravador francés Louis Bouffard no taller do impresor Lemercier, executado con pranchas litográficas sobre papel. O exemplar custódiase no Arquivo de Galicia, en Santiago de Compostela, e foi cedido ao Mupega para exhibir, unha vez restaurado, na exposición temporal *O mundo nas mans. A cartografía escolar dos séculos XIX-XX*.



2.3 Dixitalización documental

Mediante o proceso de dixitalización documental estase a avanzar na garantía da preservación da documentación, xa que se reduce a manipulación dos orixinais coa conseguinte deterioración, ao tempo que se facilitan as posibilidades de difusión a un maior número de cidadáns.

Os arquivos dependentes da Consellería de Cultura e Educación dixitalizaron ao longo deste ano un total de 161.776 documentos.

Proxecto ARPAD

A Xunta de Galicia vén traballando nos últimos anos no Proxecto ARPAD (Arquivo Dixital), para a conservación do patrimonio documental e a eliminación do papel

nas relacións administrativas, que se enmarca no Programa operativo de cooperación transfronteiriza España-Portugal (POCTEP), da Unión Europea.

En 2015 finalizou o desenvolvemento do proxecto, que estará operativo no primeiro trimestre de 2016. Así, o Arquivo Dixital Integrado, unha infraestrutura tecnolóxica situada no Centro de Proceso de Datos do Gaiás, actuará como nodo central de custodia de toda a información que xera a Administración autonómica, e fará posible a tramitación integramente electrónica e a conservación do patrimonio documental galego. Esta plataforma tecnolóxica inclúe dúas áreas diferenciadas: o Arquivo Electrónico Administrativo e o Arquivo Electrónico Patrimonial. O primeiro funcionará como pedra angular da Administración electrónica, permitirá eliminar progresivamente o papel na Administración e xestionar e conservar con todas as garantías de seguridade e dispoñibilidade a documentación dixital durante todo o ciclo de vida administrativa.

Pola súa parte, o Arquivo Electrónico Patrimonial conterà máis de 275.000 documentos dixitalizados procedentes dos arquivos do Reino de Galicia, do Histórico Provincial de Ourense e do Concello de Tui. Este Arquivo Electrónico Patrimonial será compatible con proxectos como Europea (punto común de acceso aos fondos das bibliotecas, arquivos e museos de toda Europa).

O Arquivo Dixital Integrado desenvolve o mandato da Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, o novo marco legal galego aprobado o pasado ano, que sinala que “a Xunta de Galicia promoverá a converxencia de arquivos, bibliotecas e museos na conservación e acceso ao patrimonio documental a través de directrices e políticas integradas para a súa dixitalización e difusión”.

2.4 Melloras nos arquivos de Galicia

En 2015, a Xunta de Galicia abordou un conxunto de melloras nos seus arquivos dependentes. O aumento dos fondos documentais, a través de doazóns, depósitos en comodato e adquisición de fondos, tamén supón un enriquecemento do patrimonio dos arquivos. Os procesos de dixitalización, as actividades desenvolvidas para dinamizar os centros e achegalos á cidadanía, ou a formación desenvolvida para un mellor servizo tamén forman parte das actuacións de mellora realizadas desde a Subdirección Xeral de Arquivos.

Nas intervencións referidas ao equipamento dos arquivos de xestión autonómica, abordáronse as reparacións necesarias nos edificios históricos dos arquivos e dotouse o Arquivo Histórico Provincial de Lugo de novo equipamento para o laboratorio de restauración.

Axudas aos arquivos do Sistema de Arquivos de Galicia

Para os centros arquivísticos integrados no Sistema de Arquivos de Galicia, convocáronse en 2015 axudas destinadas aos arquivos das entidades locais, das entidades

sen fin de lucro e dos arquivos universitarios galegos, para a organización dos fondos documentais, a mellora das súas instalacións e equipamentos e para dixitalización de documentos.

Con esta liña de subvencións, a Secretaría Xeral de Cultura colaborou no financiamento dos arquivos do Sistema de Arquivos de Galicia para garantir a conservación e o acceso ao patrimonio documental que custodian, cun máximo dun 80% do investimento total do custo dos proxectos. Ademais, facilitóuselles asesoramento técnico para o desenvolvemento de proxectos de organización, dixitalización e melloras nos locais de arquivo.

Este ano executáronse melloras nos locais dos arquivos e no equipamento e organizáronse e dixitalizáronse diversos fondos documentais.

O investimento da Consellería de Cultura e Educación nestas liñas de mellora do conxunto dos arquivos integrados no Sistema de Arquivos de Galicia ascendeu a 77.740 euros en 2015.



Intervencións nos arquivos do sistema

Arquivo Municipal de Arzúa

PROXECTO: mellora do local de arquivo e ampliación e instalación de módulos de librería compacta.

Arquivo Municipal de Ortigueira

PROXECTO: organización e dixitalización de fondos do arquivo municipal, padróns de habitantes dos anos 1885-1920; en total, 7.781 imaxes.

Arquivo Municipal de Bergondo

PROXECTO: dixitalización de libros de actas de pleno.

Arquivo Municipal de Porto do Son

PROXECTO: organización e dixitalización do patrimonio documental, libros de actas e foros.

Arquivo Municipal de Boimorto

PROXECTO: ampliación do local do arquivo municipal e instalación de andeis.

Arquivo da Universidade da Coruña

PROXECTO: organización, descrición e dixitalización de 2.790 imaxes do fondo documental Eugenio Ramón Martínez Martínez e da colección da Coruña: Cultura, Educación e Investigación.

Arquivo Universitario de Santiago de Compostela

PROXECTO: descrición e dixitalización de fondos da sección Clero, de San Martiño Pinarario; en total 7.781 imaxes.

Arquivo da Fundación Rosalía de Castro (Padrón)

PROXECTO: organización e informatización de fondos.

Arquivo da Fundación Penzol (Vigo)

PROXECTO: organización de fondos relixiosos.

Arquivo da Fundación Uxío Novoneyra (Parada, Folgoso do Courel)

PROXECTO: organización deste arquivo, creado en 1990 a raíz da morte do poeta co obxectivo de salvagardar o legado das familias Novo e Neira. Abrangue documentos desde 1776 ata a actualidade.

Arquivo da Fundación Isla Couto (Vigo)

PROXECTO: organización dos fondos documentais e gráficos, pertencentes aos irmáns Ramiro e Xaime Isla Couto, persoeiros do galeguismo do século XX. Son 23 metros lineais de documentos que van desde o ano 1896 ata 2012.

Arquivo Histórico Diocesano e Capitular de Tui-Vigo

PROXECTO: organización de fondos documentais das parroquias de Santa Mariña de Cabral, San Miguel de Cabreira, San Martiño de Caldelas, Santo Adrián de Calvos e San Pedro da Ramallosa.

Arquivo da Fundación Camilo José Cela

PROXECTO: equipamento para a mellora das condicións medioambientais do local de arquivo.



2.5 Formación de persoal técnico

Bolsas de formación

En 2015, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria prorrogou, por seis meses máis, a convocatoria de 20 bolsas de formación en materia de arquivos destinadas a licenciados universitarios con formación en historia e/ou arquivística para a organización, descrición e tratamento técnico dos fondos custodiados nos arquivos municipais de Galicia e outros arquivos de interese galego. Esta formación desenvólvese durante un período de seis meses, baixo a tutela dos técnicos de arquivos desta consellería.

Con esta liña formativa, que contou este ano cun investimento de 111.572 euros, ofrécese unha formación teórico-práctica que, engadida á formación académica, contribúe a completar o currículo académico dos bolseiros e bolseiras, nas técnicas e aptitudes necesarias que faciliten a súa inserción no mundo laboral, cun contacto directo co labor dos arquivos. Ao mesmo tempo, axudan na conservación, protección, promoción e difusión dos arquivos galegos.

A formación dos bolseiros estivo centrada este ano na colaboración no censo-guía dos Arquivos de Galicia (376 arquivos censados); na organización dos arquivos municipais de Dodro, Porto do Son, Muíños, Lobeira e do Barco de Valdeorras; na informatización de inventarios documentais; e na descrición de fondos documentais nos arquivos galegos (14.289 rexistros introducidos en bases de datos documentais).

Prácticas en arquivos para futuros profesionais

En convenio coas universidades galegas, os arquivos xestionados pola Xunta de Galicia colaboraron na formación práctica dos alumnos de grao de determinadas especialidades, principalmente de Arquivística, Historia e Patrimonio Documental. No ano 2015 realizaron prácticas nos arquivos xestionados pola Consellería de Cultura e Educación un total de 14 alumnos e alumnas.



2.6 Dinamización dos arquivos

Os arquivos seguen sendo hoxe, malia a súa importancia social, un ámbito descoñecido para boa parte da cidadanía. Coa finalidade de contribuír á divulgación do seu traballo e de formar os usuarios no seu aproveitamento, o Arquivo de Galicia, o Arquivo do Reino de Galicia, os arquivos históricos provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra, e os arquivos territoriais da Xunta de Galicia en Lugo, Pontevedra e Vigo programaron ao longo do ano un conxunto de actividades, ás que a Subdirección Xeral de Arquivos destinou 67.323 euros.

Eventos formativos para os usuarios, charlas, conferencias, proxectos educativos dirixidos a grupos específicos, exposicións, publicacións etc. conformaron a programación de 118 actividades de difusión planificadas polos arquivos da consellería en 2015.

A dinamización dos fondos documentais dos arquivos tamén se desenvolve a través de iniciativas de divulgación na rede. Este ano realizáronse exposicións virtuais como *Documentos singulares: Bosquexo do igrexario de Santa María de Carballido*, accesible na páxina web arquivosdegalicia.xunta.es. O acceso de usuarios a estas propostas virtuais rexistrou 3.634 visitas a través do portal de arquivos e 1.428 visitas nas redes sociais.

Celebración do Día Internacional dos Arquivos

Con motivo do 9 de xuño, Día Internacional dos Arquivos, realizáronse ao longo da semana numerosas actividades para a divulgación dos arquivos e dos seus fondos, como conferencias, obradoiros e talleres, visitas guiadas aos arquivos ou unha velada musical.

Unha das iniciativas centrais desta celebración tivo lugar no Arquivo de Galicia, coa exposición *Memorias de familia: O fondo Vilariño Pintos no Arquivo de Galicia*. Ao abeiro desta exposición, o venres 12 de xuño, tivo lugar a conferencia *Os arquivos privados: salvar o patrimonio, fomentar a investigación*, impartida por Ramón Villares, ademais das xornadas de portas abertas e visitas guiadas.

No Arquivo Histórico de Pontevedra Xoán Carmona Badía impartiu a conferencia *A industria conserveira galega: historia dun éxito industrial*, previa á velada musical a cargo do violonchelista Luis Enrique Caballero Varona.

As exposicións centraron as propostas do Arquivo Histórico Provincial de Lugo, baixo os títulos *Pontes, pontigos e pasares* e a mostra dixital *Documentos singulares: Bosquexo do igrexario de Santa María de Carballido*. Para divulgar o patrimonio documental herdado dos conventos, o Arquivo Histórico Provincial de Ourense tamén organizou visitas guiadas á exposición *O legado de Asís: Franciscanos e clarisas en Ourense*. Este arquivo tamén presentou a edición dixital da revista *Fronda*.

O Arquivo Central da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e os arquivos territoriais da Xunta de Galicia en Lugo, en Pontevedra e en Vigo, realizaron xornadas de portas abertas con visitas guiadas, para empregados públicos e persoas usuarias dos centros.

Para esta conmemoración, realizouse tamén a publicación *A causa contra Manuel Blanco. O home lobo*, abordada polo Arquivo do Reino de Galicia, un expediente xudicial da Audiencia Territorial da Coruña en edición facsimilar do exemplar conservado no Arquivo do Reino de Galicia, que inclúe un CD coa copia dixital do expediente orixinal da Audiencia do ano 1859. O Arquivo do Reino de Galicia, con sede na cidade herculina, completou a presentación desta publicación cunha programación de obradoiros de documentos e arquivos, talleres de papel e de encadernación, e visitas guiadas.



Exposicións e mostras documentais

Memorias de familia: O fondo Vilariño Pintos no Arquivo de Galicia

ARQUIVO: Arquivo de Galicia

DATAS: do 9 de xuño ao 9 de setembro de 2015

Realizada a partir do primeiro arquivo privado que ingresou no Arquivo de Galicia, doado en 2010 á Xunta de Galicia polos irmáns Vilariño Pintos, de Santiago de Compostela, trátase dunha selección de documentos acompañados de fotografías cedidas pola familia, xunto con obxectos persoais e reproducións de documentos gráficos sobre a capital de Galicia, procedentes do Arquivo Histórico Universitario e do Museo do Pobo Galego.

O legado de Asís: Franciscanos e clarisas en Ourense

ARQUIVO: Arquivo Histórico Provincial de Ourense

DATAS: do 9 de xuño ao 9 de outubro de 2015

Un legado pouco coñecido que permite reconstruír o pasado destas comunidades e recuperar a memoria da súa dilatada presenza na cidade de Ourense, nas vilas de Allariz, Monterrei e Ribadavia e no lugar de Trandeiras (Xinzo de Limia), a fundación dos seus conventos, a súa importancia social e actividades durante os séculos XIII a XIX, a exclaustación e desamortización do XIX e a restauración dalgunhas comunidades a finais dese século e principios do XX.



Pontes, pontigos e pasares

ARQUIVO: Arquivo Histórico Provincial de Lugo

DATAS: do 18 de febreiro ao 1 de maio de 2015

Un percorrido pola xeografía galega a través das súas pontes cunha exposición que reuniu 67 imaxes destas construcións localizadas por toda Galicia. A mostra reflicte o labor valioso na conservación de documentos e testemuños do que fomos e do que viviron e construíron os que nos precederon.

**Obradoiros****ARQUIVO DE GALICIA**

Como complemento á exposición *Memorias de familia: O fondo Vilariño Pintos no Arquivo de Galicia*, realizáronse obradoiros nos que participaron asociacións culturais de Santiago de Compostela e alumnado da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago.

ARQUIVO DO REINO DE GALICIA

No Arquivo do Reino de Galicia realizáronse dous obradoiros de papel aos que acudiron 15 participantes, un obradoiro de encadernación, con 22 participantes, e un obradoiro de arquivos familiares, con 13 participantes.





03

PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA



patrimonio cultural de Galicia, constituído polos bens mobles e inmobles, así como polas manifestacións inmateriais que polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnográfico etc., resulta imprescindible para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural desenvolve, nas súas competencias, as actuacións de protección e conservación necesarias para transmitirles estes bens ás xeracións vindeiras, para asegurar o seu uso actual e respectar a súa significación social e identitaria.



3.1

Políticas de protección e conservación do patrimonio galego

A protección e conservación do patrimonio cultural, xunto co acrecentamento, a difusión, a investigación e o fomento dos bens que o integran, constitúen o obxecto da política e actuacións que realiza o departamento responsable da área de Cultura da Xunta de Galicia.

As actuacións e accións realizadas no ámbito da conservación dos bens protexidos son o resultado dun proceso interdisciplinar e documentado de toma de decisións, baseado na investigación, o estudo e a reflexión crítica (nos aspectos históricos, histórico-artísticos, funcionais, científicos ou técnicos) sobre a significación e o contexto pasado, presente e futuro do ben cultural.

Estas actuacións, promovidas a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, da Secretaría Xeral de Cultura, atenden á execución de accións e medidas de acordo coa programación anual de investimentos e de colaboracións con outras administracións e cos propietarios dos bens protexidos, ao abeiro dos convenios asinados. Enmárcanse, así mesmo, nos plans de conservación establecidos con carácter nacional ou autonómico, como o Plan de catedrais ou o Plan de arquitectura tradicional.

A protección do patrimonio cultural galego

Para garantir a protección do patrimonio cultural galego, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural coordina o control e autorizacións de intervencións en bens pertencentes ao Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia e nos seus contornos, así

como as referidas ás intervencións en bens protexidos que son propiedade da Igrexa en Galicia. Tamén tramita e xestiona os expedientes de declaración de Ben de Interese Cultural e de inclusión de bens no catálogo e no Inventario xeral.

No ámbito das comisións territoriais do patrimonio histórico, resolvéronse 2.651 expedientes correspondentes a solicitudes de autorización de intervencións en bens pertencentes ao Inventario xeral ou os seus contornos; en concreto, 906 na Coruña, 699 en Pontevedra, 651 en Lugo e 395 na provincia de Ourense.

No relativo ás intervencións correspondentes a bens da Igrexa con valor cultural, tramitáronse 415 expedientes de autorización durante o ano 2015, tanto en actuacións de conservación e restauración nos templos ou nos adros como noutras intervencións ligadas aos enterramentos e cemiterios.

No ámbito dos camiños de Santiago en Galicia, tramitáronse 1.467 expedientes de autorización nos diferentes trazados, o que supón un aumento de máis do 100% con respecto ao ano 2012.

En relación co Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia, continuáronse este ano as tarefas de dixitalización dos expedientes dos Bens de Interese Cultural e a coordinación para a creación dunha capa informativa para aplicar aos sistemas de información xeográfica da Xunta de Galicia, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e co Instituto do Estudos do Territorio. Esta actuación permitirá durante o ano 2016 dispoñer dun visor integrado relacionado cos BIC declarados en Galicia e sentar as bases para unha difusión sistemática de todo o patrimonio cultural a medio prazo.

Para a protección de bens patrimoniais considerados de interese sobranceiro para Galicia, en 2015 declaráronse Ben de Interese Cultural os seguintes:

- Fondo Bibliográfico e Documental de Abanca (3.199 rexistros)
- Colección de Arte de Abanca (1.350 obras)
- Colección de Arte de Afundación (2.355 obras)
- Colección de Ourivería Álvaro Gil Varela (44 pezas)

A declaración definitiva destas coleccións é un fito, xa que supón a declaración específica de 5.749 bens mobles, en tres coleccións, co máximo recoñecemento patrimonial e dos que non existía ningún antecedente en Galicia, onde só foran declarados desde 1995 dous elementos singulares.

Tamén en xaneiro de 2015, publicouse o Decreto 171/2014, do 26 de decembro, polo que se declara Ben de Interese Cultural, coa categoría de monumento, a Fábrica de Cerámica de Sargadelos ligada ao Laboratorio de Formas, no termo municipal de Cervo (Lugo). Trátase dun novo elemento do patrimonio cultural no ámbito do patrimonio industrial de Galicia.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural tamén realizou informes sobre a incidencia das propostas de ordenación do territorio, medio ambiente e planificación urbanística, nas diferentes fases, desde as consultas ambientais ata as aprobacións definitivas dos documentos e desde modificacións puntuais ata plans sectoriais ou planeamentos xerais, nun total de 150 expedientes durante o ano 2015.

No ámbito da materia de vixilancia e réxime sancionador, durante o ano 2015 resolvéronse 44 expedientes e incoáronse 39 novos con diferentes alcances e motivos. Realizouse durante este ano un especial seguimento da publicidade no Camiño de

Santiago coa colaboración da Policía autonómica, malia que neste caso moitos dos expedientes resolvéronse coa retirada inmediata por parte dos responsables

Candidaturas da Ribeira Sacra e recoñecemento dos Camiños do Norte como Patrimonio Mundial

Un dos obxectivos nos que a Xunta de Galicia veu traballando nos últimos anos foi a inclusión da Ribeira Sacra e dos Camiños do Norte na listaxe da Unesco de bens recoñecidos como Patrimonio Mundial.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural colaborou na supervisión da documentación elaborada por encargo das deputacións provinciais de Lugo e Ourense relativa á candidatura da Ribeira Sacra. Tamén preparou os últimos documentos complementarios e adicionais que formaron parte da documentación oficial requirida para a tramitación da candidatura dos Camiños do Norte e, como parte deles, as catedrais de Lugo e de Mondoñedo e o mosteiro de Sobrado dos Monxes, expediente que comezara xa a encauzarse de forma definitiva no ano 2010 e que no 2015 tivo a súa fase final, coa elaboración durante o mes de febreiro dunha documentación adicional solicitada polo Icomos, órgano asesor e avaliador da candidatura, que foi a chave final da declaración, como se recolle nos propios informes do órgano internacional.

As rutas do Norte foron promovidas conxuntamente polos gobernos de Asturias, Galicia, Cantabria, País Vasco e A Rioxa, así como polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. O 5 de xullo, no World Conference Center de Bonn, no marco da 39ª sesión do Comité do Patrimonio Mundial e coa asistencia do conselleiro de Cultura e Educación, os Camiños do Norte foron incluídos na Lista do Patrimonio Mundial da Unesco, un recoñecemento ao valor universal de catro rutas singulares: o Camiño da Costa, o Camiño Primitivo, o Lebaniego (Cantabria) e o Vasco-Rioxano.

Pola súa banda, a Ribeira Sacra deberá seguir completando os pasos para a elaboración dun expediente de candidatura, coa declaración previa de Ben de Interese Cultural, que deberá ser impulsado durante o ano 2016.



Salvagarda do patrimonio inmaterial

En aplicación da Convención para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial e das competencias autonómicas nesta materia, desenvolvéronse estudos e documentación para a sistematización dun réxime de protección, de cara a unha nova lei de patrimonio cultural que inclúa a salvagarda do patrimonio inmaterial. Parte desta tarefa centrouse este ano nas técnicas construtivas das embarcacións tradicionais. Desenvolvéronse estudos e documentación para a sistematización dun réxime de protección, concretamente sobre as técnicas construtivas das embarcacións tradicionais galegas, en colaboración coa Consellería do Mar e Portos de Galicia, cunha sistemática de definición e de futura xestión das medidas de salvagarda, coordinadas coas medidas establecidas no Plan nacional do patrimonio cultural inmaterial, e que recolle os procesos tradicionais e identifica as comunidades portadoras.

3.2 Cara a un novo marco normativo para o patrimonio cultural galego

A protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural son pedra angular de cohesión social e desenvolvemento sustentable. A Xunta de Galicia presentou en 2015 unha proposta de nova regulación para o ámbito do patrimonio cultural galego, o Anteproxecto da Lei do patrimonio cultural de Galicia, que procura a ponderación e integración da protección do patrimonio nas demais políticas sectoriais, así como unha maior colaboración interadministrativa e participación cidadá.

Ademais, o novo marco regulador proposto busca unha simplificación tanto no aspecto lexislativo como no administrativo e, moi particularmente, na clasificación dos bens do patrimonio cultural de Galicia. Integra tamén a protección dos Camiños de Santiago no conxunto da protección do patrimonio cultural e outórgalles o protagonismo aos concellos neste ámbito.

Logo da exposición pública do anteproxecto no mes de xullo, as organizacións, as asociacións e a cidadanía, en xeral, presentaron as suxestións ou as recomendacións que estimaron oportunas a este anteproxecto de lei, que continuará en 2016 a súa tramitación parlamentaria.

A futura Lei do patrimonio cultural de Galicia ten entre outras tarefas os retos de definir un marco obxectivo e de seguridade xurídica na definición dos valores culturais dos bens e das manifestacións culturais, o cal inclúe o resultado de 20 anos de desenvolvemento e de novos recoñecementos e valemientos patrimoniais, como son o propio patrimonio inmaterial, a arqueoloxía subacuática, o patrimonio industrial e o científico etc.



3.3 Estudos arqueolóxicos e intervencións sobre o patrimonio artístico, arquitectónico e etnográfico

A conservación do patrimonio cultural integra un conxunto de accións e medidas que perseguen a salvagarda do patrimonio cultural tanxible, para asegurar a súa accesibilidade e a apropiación patrimonial polas xeracións presentes e futuras. A súa conservación, con medidas preventivas e de rehabilitación dos bens, procuran respectar o significado e as características físicas e patrimoniais dos bens culturais, sexan de natureza moble, inmobile ou inmaterial, e de titularidade pública ou privada.

Hoxe en día, un gran número das intervencións arqueolóxicas desenvólvense no ámbito urbano, nos conxuntos históricos declarados Ben de Interese Cultural, onde a declaración afecta tanto o solo coma o subsolo polo interese histórico e arqueolóxico destas áreas, e onde gran parte da evolución histórica deses asentamentos se atopa nese subsolo susceptible de ser estudado con método arqueolóxico. Tamén no medio rural, no contorno dos bens inventariados.

A execución dun proxecto arqueolóxico require a presentación e a autorización previa dun proxecto arqueolóxico, así como a entrega dunha memoria con posterioridade ao remate da actividade en que se reflicta o desenvolvemento e os resultados destes traballos arqueolóxicos. Co fin de colaborar cos promotores particulares en proxectos que a Administración considera necesarios e para facilitar que se cumpran todas as obrigas da autorización arqueolóxica concedida, a Consellería de Cultura e Educación convocou no mes de xaneiro unha liña de axudas dotada de 50.000 euros, para a colaboración no financiamento do custo da execución do proxecto arqueolóxico.

En 2015 a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural desenvolveu tarefas de control arqueolóxico na **capela de San Pedro de Leiro** (Ourense), para a definición dos problemas estruturais da bóveda e da cuberta do prebisterio, e elaborouse a memoria de reparacións que se executarán en 2016 na recreación do poboado da Idade de Bronce, no **Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro**.

Para a conservación, mantemento, restauración e posta en valor dos elementos do patrimonio inmovible galego realizáronse desde a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural as seguintes actuacións:

Rehabilitación de pontes

As pontes históricas son infraestruturas dun gran valor patrimonial e histórico que forman parte indisoluble da paisaxe galega. Á vez, teñen unha compoñente viaria, que apontoa a súa necesaria e indiscutible conservación. Rozar as marxes, limpalas doutros elementos engadidos como o formigón ou acondicionar as pedras e asentadas son algunhas das tarefas abordadas para lles garantir aínda unha longa vida de paso entre marxe e marxe. A Consellería de Cultura e Educación investiu en 2015 preto de 340.000 euros nestas intervencións.

BEN PATRIMONIAL: Ponte sobre o río Farelos na Portela

LOCALIZACIÓN: Vilamartín de Valdeorras (Ourense)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: reparación dos peitorís da ponte, mellora dos accesos, reposición de pavimento, limpeza de vexetación e rexuntado con morteiro de cal.

BEN PATRIMONIAL: Ponte do Demo

LOCALIZACIÓN: Carboeiro, Silleda (Pontevedra)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: consolidación do tímpano e do muro de encauzamento do estribo dereito da ponte. Reconstruíuse o paramento exterior do muro e dun tramo do estribo con cadeirado de grao. Impermeabilizouse a meseta de remate para evitar filtracións.



BEN PATRIMONIAL: Ponte de Fillaboa

LOCALIZACIÓN: Salvaterra de Miño (Pontevedra)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: consolidación e restauración mediante reforzo da cimentación, reparación do tallamar nos piares, estabilización da bóveda, retirada de acumulación de arrastres e limpeza dos paramentos. Tamén se colocaron fitos de pedra nos extremos da ponte.

BEN PATRIMONIAL: Ponte Vella

LOCALIZACIÓN: Ourense (Ourense)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: redacción do proxecto para a primeira fase dos traballos de conservación da ponte.

BEN PATRIMONIAL: Ponte de Éntoma e contorna

LOCALIZACIÓN: O Barco de Valdeorras (Ourense)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: roza e limpeza da vexetación da área, retacado e rexuntado da cachotería. Demoléronse pavimentos de formigón, que se repuxeron cun novo pavimento e peitorís de lousa.

BEN PATRIMONIAL: Ponte Liñares

LOCALIZACIÓN: A Lama (Pontevedra)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: consolidación do estribo dereito da ponte, reforzo do muro e construción dun muro-aleta abeirado á base.

BEN PATRIMONIAL: Informe: estado de conservación de diversas pontes históricas de Galicia

LOCALIZACIÓN: Varias

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: elaboración dun informe sobre o estado de conservación e seguridade da Ponte Vella de Landrove (Viveiro), Ponte do Río Almofrei (Cotobade), Ponte de San Lourenzo (A Lama) e Ponte Ferreira (Palas de Reis).

BEN PATRIMONIAL: Ponte Ledesma

LOCALIZACIÓN: Vila de Cruces (Boqueixón)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: redacción do proxecto económico dos traballos necesarios para a eliminación de vexetación de alto porte, para restaurar as fábricas deterioradas e o pavimento.

Intervencións en bens etnográficos e monumentos conmemorativos**BEN PATRIMONIAL: Pedra de Abalar**

LOCALIZACIÓN: Muxía (A Coruña)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: recuperación da peza desprendida da lousa principal, que se situou nunha posición protexida do adro da igrexa, e devolución da lousa principal á súa posición orixinal. Elimináronse tamén os restos de anteriores actuacións de pegado.

BEN PATRIMONIAL: Palloza do Coxo ou do Roxo

LOCALIZACIÓN: Cervantes (Lugo)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: renovación da cuberta de colmo con métodos tradicionais.

BEN PATRIMONIAL: Pallozas do Galán e do Quico

LOCALIZACIÓN: Pedrafita (Lugo)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: renovación da cuberta de colmo con métodos tradicionais.



BEN PATRIMONIAL: Palloza do Museo e de Campelo

LOCALIZACIÓN: Pedrafita (Lugo)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: renovación parcial da cuberta de colmo con métodos tradicionais.

BEN PATRIMONIAL: Cruceiro de Gonzar

LOCALIZACIÓN: Portomarín (Lugo)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: reparación da base e substitución da peza de formigón existente por unha de granito.

BEN PATRIMONIAL: Monumento aos Mártires de Carral

LOCALIZACIÓN: Carral (A Coruña)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: limpeza manual da escultura en forma de cruz na honra dos militares sublevados en 1846, erixida pola Liga Gallega en 1904.

Actuacións en fortificacións e conxuntos arquitectónicos

BEN PATRIMONIAL: Muralla romana de Lugo

LOCALIZACIÓN: Lugo (Lugo)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: actuacións de restauración da Porta Miñá, pavimentos dos cubos XXI e XXII da muralla, impermeabilización, acondicionamento da parte superior da porta, recuperación da torre baixo o pavimento e limpeza da torre dereita. Dentro do plan de mantemento da muralla 2015-2017, abordouse a reposición de cachotería en lenzos, a impermeabilización do adarve, a retirada de vexetación semestral e os tratamentos fitosanitarios necesarios, así como reparacións na instalación eléctrica e luminarias. Este ano instalouse un ascensor nun volume prismático exento ao monumento, que dá acceso ao adarve da muralla mediante unha pasarela.

BEN PATRIMONIAL: Castelo de Santa Cruz

LOCALIZACIÓN: A Guarda (Pontevedra)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: dentro do plan de reparacións e remate do castelo, executouse a substitución dos elementos deteriorados, así como o conxunto de traballos de remate que permiten a súa posta en funcionamento.

BEN PATRIMONIAL: Conxunto das illas de San Simón e San Antón

LOCALIZACIÓN: Redondela (Pontevedra)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: redacción do proxecto de reparacións, supresión de humidades e saneamento do conxunto arquitectónico das illas.

BEN PATRIMONIAL: Reitoral de Santo André de Camporredondo-Museo do Viño

LOCALIZACIÓN: Ribadavia (Ourense)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: impermeabilización do foxo das máquinas exteriores, nova solución de cuberta do edificio anexo á reitoral, drenaxe dos terreos e habilitación dun acceso en rampla para a entrada do futuro Museo do Viño.



Restauración de retablos, pinturas murais e vidreiras

BEN PATRIMONIAL: Retablo da lactación da igrexa de Santa María

LOCALIZACIÓN: Meira (Lugo)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: elaboración de mapas de estado de conservación, limpeza superficial, desinsectación, recuperación estrutural, fixación da policromía e reintegracións volumétricas.

BEN PATRIMONIAL: Pintura mural da cabeceira de San Salvador de Vilar de Donas

LOCALIZACIÓN: Palas de Rei (Lugo)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: elaboración de mapas do estado de conservación da zona da epístola na cabeceira da igrexa, limpeza e eliminación de morteiros, consolidación do soporte e reintegración cromática. Tamén se restaurou a porta principal da igrexa.

BEN PATRIMONIAL: Retablo de san Ildefonso da capela do Bispo de Quito da ex-colexiata de Iria Flavia

LOCALIZACIÓN: Padrón (A Coruña)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: restauración do retablo, con elaboración de mapas do estado, desmontaxe, desinsectación, protección e fixación de policromía, limpeza e eliminación de repintes, montaxe e vernizado final.

BEN PATRIMONIAL: Retablo maior e pinturas do presbiterio da igrexa de Santa María da Pena

LOCALIZACIÓN: Sarria (Lugo)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: labores de desinsectación, consolidación do soporte e arranxo estrutural do retablo maior, fixación de policromías, limpeza, tratamento de lagoas, reintegracións volumétricas e cromáticas, protección final e nova montaxe. Tamén se executou a restauración das pinturas do presbiterio.

BEN PATRIMONIAL: Retablo maior da igrexa das Virtudes

LOCALIZACIÓN: Pontedeume (A Coruña)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: elaboración de mapas de estado de conservación, limpeza, eliminación de elementos alleos á obra, tratamentos de desinsectación e reintegración volumétrica do retablo.

BEN PATRIMONIAL: Retablo lateral da virxe do Carme da igrexa de San Martiño de Cores

LOCALIZACIÓN: Ponteceso (A Coruña)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: desmontaxe do ático, colocación da fornella esquerda, substitución de ancoraxes antigas, colocación de elementos soltos e limpeza superficial do retablo.

BEN PATRIMONIAL: Conxunto mural da ábsida da igrexa de San Miguel de Eiré

LOCALIZACIÓN: Pantón (Lugo)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: recollida de bordos e fixación previa, consolidación do soporte, fixación de policromías e reintegración cromática.

BEN PATRIMONIAL: Retablo da Asunción da catedral de Ourense

LOCALIZACIÓN: Ourense (Ourense)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: redacción do proxecto para a restauración do retablo.

BEN PATRIMONIAL: Pinturas da portada occidental e vidreiras da catedral de Mondoñedo

LOCALIZACIÓN: Mondoñedo (Lugo)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: restauración da pintura do conxunto pétreo da portada occidental da catedral. Elaboración de mapas de estado de conservación das vidreiras, limpeza, pegados e reparación de fendas, reintegracións, rechumbados, enmasillados e elaboración do plan de mantemento e conservación.

BEN PATRIMONIAL: Retablo de san Xosé da igrexa do mosteiro de Melón

LOCALIZACIÓN: Melón (Ourense)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: restauración do retablo mediante limpeza superficial, desinsectación, consolidación, fixación puntual da capa pictórica, enforramento e recheo de fendas, carpintaría de restauración, reintegración e vernizado final.

BEN PATRIMONIAL: Pinturas murais da Ribeira Sacra

LOCALIZACIÓN: Ribeira Sacra (Lugo)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: informe valorativo do estado de conservación de pinturas murais nas igrexas de San Vicente de Pinol, San Xiao de Lobios e San Vicente de Pombeiro.

BEN PATRIMONIAL: Pinturas murais do arco triunfal da igrexa de Nogueira

LOCALIZACIÓN: Chantada (Lugo)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: elaboración de mapas do estado de conservación,



controis termohidrométricos, tratamento do soporte e policromías, limpeza, reposición de morteiros e reintegración cromática.

BEN PATRIMONIAL: Pintura mural da capela de san Francisco da igrexa de Osmo

LOCALIZACIÓN: Cenlle (Ourense)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: recuperación da estabilidade da pintura mural da capela.

BEN PATRIMONIAL: Retablos de san Sebastián e das ánimas da igrexa de Santa María de Astariz

LOCALIZACIÓN: Castrelo de Miño (Ourense)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: restauración dos retablos laterais da igrexa, con fixación puntual da capa pictórica, desmontaxe, nova montaxe e ancoraxe de elementos, limpeza, protección da película pictórica, tratamento biocida, consolidación e estabilización do soporte.

BEN PATRIMONIAL: Retablo da virxe do Carme da igrexa de Santiago de Rubiás dos Mixtos

LOCALIZACIÓN: Calvos de Randín (Ourense)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: desmontaxe, limpeza superficial, fixación da capa pictórica, desinsectación e consolidación da madeira, limpeza química, reintegración volumétrica, estucado, reintegración cromática e protección final.

Restauración de edificios eclesiásticos históricos: igrexas, catedrais e mosteiros

BEN PATRIMONIAL: Catedral de Tui

LOCALIZACIÓN: Tui (Pontevedra)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: dentro do acondicionamento de dependencias catedralicias para usos culturais, realizouse o estudo xeotécnico e control arqueolóxico para o desenvolvemento do proxecto, que se desenvolve coa colaboración do Ministerio de Fomento. Restauración do rosetón do ciborio. Para eliminar as humidades nas cubertas pétreas, restaurouse o lucernario da capela de San Telmo e melloráronse os encontros existentes entre os paramentos verticais e as cubertas.

BEN PATRIMONIAL: Catedral de San Martiño

LOCALIZACIÓN: Ourense (Ourense)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: restauración da decoración románica da catedral de San Martiño: canzorros e metopas da cabeceira e dos patios do brazo norte do cruceiro, os arquiños de descarga, incluídas as gárgolas, as columnas e as arcadas cegas. Acondicionamento do patio existente entre a nave da catedral e o edificio dos cóengos, espazo de acceso ao arquivo catedralicio. Execución da segunda fase de reparación das cubertas da catedral e das terrazas das ábsidas, así como do ámbito da capela do Cristo. Realizouse tamén o informe valorativo para a reforma xeral do sistema eléctrico da catedral.

BEN PATRIMONIAL: Catedral de Mondoñedo

LOCALIZACIÓN: Mondoñedo (Lugo)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: redacción do proxecto para a realización de obras urxentes de reparación da cuberta da cabeceira e dos encontros coa cuberta do claustro.

BEN PATRIMONIAL: Mosteiro de Melón

LOCALIZACIÓN: Melón (Ourense)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: consolidación do muro noroeste da igrexa do mosteiro e a pilastra do claustro. Nas ábsidas da igrexa, substitución das cubertas, ademais doutras actuacións complementarias na sancristía e no campanario.

BEN PATRIMONIAL: Mosteiro de Celanova

LOCALIZACIÓN: Celanova (Ourense)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: restauración do claustro barroco, mediante o retellado e limpeza das bandas oeste e sur, reposición de canles, limpeza e saneado das gárgolas, reparación do pavimento e falso teito do corredor.



BEN PATRIMONIAL: Mosteiro de San Martiño Pinario

LOCALIZACIÓN: Santiago de Compostela (A Coruña)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: traballos de restauración e conservación no campanario, coa recomposición dos elementos estruturais e ornamentais derrubados por mor dun lóstrego.

BEN PATRIMONIAL: Mosteiro de Armenteira

LOCALIZACIÓN: Meis (Pontevedra)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: dentro do proxecto de restauración de tres zonas con perigo de derrubamento na muralla do mosteiro, reconstrución parcial do muro de peche.

BEN PATRIMONIAL: Santuario de Nosa Señora das Ermidas

LOCALIZACIÓN: O Bolo (Ourense)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: redacción do proxecto de reconstrución do muro derrubado do oliveiral e do contorno inmediato do santuario.

BEN PATRIMONIAL: Pazo bispal de San Paio de Diomondi

LOCALIZACIÓN: O Saviñao (Lugo)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: reconstrución do muro de fábrica de cachotería existente na fachada oeste do pazo bispal, reconstrución da cuberta e renovación de carpintarías.



BEN PATRIMONIAL: Casa reitoral de Palas de Rei

LOCALIZACIÓN: Palas de Rei (Lugo)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: rehabilitación da cuberta, carpintaría e revocaduras dos paramentos.

BEN PATRIMONIAL: Igrexa de Santamaría das Areas e o seu adro

LOCALIZACIÓN: Fisterra (A Coruña)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: acondicionamento interior, lasures nas carpintarías, saneamento da placa do coro, escaleira e varanda. Iluminación interior. Acondicionamento do contorno inmediato da igrexa.

BEN PATRIMONIAL: Igrexa de San Salvador de Sarria

LOCALIZACIÓN: Sarria (Lugo)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: substitución da cuberta, renovación dos acabados interiores e exteriores, tratamento das carpintarías e renovación da instalación eléctrica.



BEN PATRIMONIAL: Igrexa de Soandres

LOCALIZACIÓN: A Laracha (A Coruña)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: picado e renovación das revocaduras interiores, saneamento do entaboadado da cuberta, construción dunha banda de aireación perimetral na base dos muros, colocación parcial de carpintarías e adecuación da iluminación interior.

BEN PATRIMONIAL: Capela da Soidade ou da Venerable Orde Terceira de Lugo

LOCALIZACIÓN: Lugo (Lugo)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: novo deseño da cuberta para solucionar os seus problemas de conservación, así como para recuperar os ocós da igrexa adxacente de San Pedro, orixinais románicos.

BEN PATRIMONIAL: Capela da Virxe do Carme

LOCALIZACIÓN: Muros (A Coruña)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: estabilización e consolidación dos muros de fábrica, substitución da cuberta, desmontaxe e nova montaxe da espadana, reposición das revocaduras interiores e encintados exteriores, substitución de carpintarías e iluminación.

BEN PATRIMONIAL: Igrexa de San Martiño de Cores

LOCALIZACIÓN: Ponteceso (A Coruña)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: actuacións na cuberta, fachadas e torre. Restauración dos paramentos interiores, drenaxe perimetral exterior e colocación dunha canle.



BEN PATRIMONIAL: Capela de Santa Comba das Pías

LOCALIZACIÓN: Sobrado dos Monxes (A Coruña)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: substitución da cuberta, drenaxe perimetral, substitución do pavimento e da carpintaría e renovación da instalación eléctrica.

BEN PATRIMONIAL: Igrexa de San Tomé de Castelo

LOCALIZACIÓN: O Incio (Lugo)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: reconstrución do muro de contención, reparación íntegra da cuberta, demolición de parte do presbiterio, novas carpintarías e recibos.

BEN PATRIMONIAL: Igrexa de San Xoán de Roo

LOCALIZACIÓN: Outes (A Coruña)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: eliminación das humidades existentes nos paramentos interiores da igrexa e colocación de iluminación para resaltar o espazo interior.

BEN PATRIMONIAL: Igrexa de San Xiao de Moraime

LOCALIZACIÓN: Muxía (A Coruña)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: substitución dos morteiros do muro norte, substitución das carpintarías, drenaxe ventilada no encontro do pavimento cos muros, apertura de ocos de ventilación na cumieira da cuberta e execución dunha canle de recollida da auga.



BEN PATRIMONIAL: Igrexa de Santiago de Meangos

LOCALIZACIÓN: Abegondo (A Coruña)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: substitución da cuberta e das revocaduras interiores e exteriores, substitución do pavimento de terrazo da nave, picado dos revestimentos interiores e exteriores e execución de nova revocadura.

BEN PATRIMONIAL: Igrexa de San Martiño de Noia

LOCALIZACIÓN: Noia (A Coruña)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: restauración da capela lateral ou dos Valderrama para resolver os problemas de filtración de auga pola cuberta. Colocación de pararraios e tratamento antixilófagos no interior.

BEN PATRIMONIAL: Igrexa do mosteiro da Magdalena

LOCALIZACIÓN: Sarria (Lugo)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: restauración parcial do interior da igrexa (continuarán os traballos en 2016), con renovación das revocaduras, recuperación de carpintarías, limpeza de elementos de pedra e nova instalación eléctrica.

BEN PATRIMONIAL: Igrexa de Santa Mariña de Rois

LOCALIZACIÓN: Bergondo (A Coruña)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: renovación da cuberta, substitución de revocaduras e pintado exterior.

BEN PATRIMONIAL: Capela de San Xusto

LOCALIZACIÓN: Pontevedra (Ourense)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: eliminación da cuberta de formigón, execución de nova cuberta en madeira e tella, eliminación de revocaduras interiores e reparación de pavimentos.

BEN PATRIMONIAL: Igrexa de San Xoán de Arcos

LOCALIZACIÓN: O Carballiño (Ourense)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: substitución da cuberta da igrexa.

BEN PATRIMONIAL: Igrexa de Santiago

LOCALIZACIÓN: Covelo (Pontevedra)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: substitución da cuberta da igrexa.

BEN PATRIMONIAL: Igrexa de San Salvador da Pastoriza

LOCALIZACIÓN: A Pastoriza (Lugo)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: substitución da cuberta da igrexa.

BEN PATRIMONIAL: Igrexa de San Xoán de Celavente

LOCALIZACIÓN: O Bolo (Ourense)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: substitución da cuberta da igrexa.

BEN PATRIMONIAL: Igrexa de Santa Baia de Palio

LOCALIZACIÓN: Lalín (Pontevedra)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: redacción do proxecto de restauración da igrexa.

BEN PATRIMONIAL: Igrexa de Santa María da Vila do Medio

LOCALIZACIÓN: Burela (Lugo)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: redacción do proxecto de mellora das condicións de humidade na igrexa.

BEN PATRIMONIAL: Templo romano de Santalla de Bóveda de Mera

LOCALIZACIÓN: Lugo (Lugo)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: substitución de extractores e mellora das condicións do templo romano.

BEN PATRIMONIAL: Igrexa de Santa Comba de Bande

LOCALIZACIÓN: Bande (Ourense)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: redacción do proxecto de mellora das condicións de humidade da igrexa.

BEN PATRIMONIAL: Igrexa de Santa María da Pena

LOCALIZACIÓN: Sarria (Lugo)

INTERVENCIÓN REALIZADA EN 2015: acondicionamento xeral da igrexa, tanto exterior como interior (restauración e saneamento de fachadas e revestimentos) e renovación da instalación eléctrica.



3.4

Programacións de dinamización do patrimonio cultural

A Secretaría Xeral de Cultura desenvolve un conxunto de actividades artísticas e didácticas en diferentes puntos de Galicia destinadas á posta en valor e á difusión do patrimonio cultural. Os ciclos Espazos Sonoros, celebrado nos meses de setembro e outubro, e Monumenta, no mes de xullo, son as principais programacións, se ben o departamento préstalles apoio a outras programacións desenvolvidas en monumentos históricos, como o Festival Via Stellae, o Festival de Músicas Contemplativas, en Santiago de Compostela, Música no Claustro na catedral de Tui, o Ciclo de Música Religiosa de Barcia de Mera ou os concertos didácticos no órgano histórico do mosteiro de Celanova, entre outros (véx. 6.3).

Espazos Sonoros

Espazos Sonoros celebrou este ano a súa oitava edición cunha singular programación para descubrir o patrimonio histórico galego a través de concertos de músicos galegos e internacionais, complementados con actividades paralelas, como obradoiros de música antiga, roteiros, faladoiros e visitas guiadas. A identidade deste ciclo consolidado vén marcada pola alta calidade artística e conceptual das propostas, centradas na promoción da creación musical clásica con pontes cara a outros estilos e sempre en relación coherente cos espazos.

Igrexa de San Nicolao de Cis (Oza-Cesuras). Domingo 13 de setembro de 2015
Concerto inaugural do grupo *La Morra Luce nell'ombra*, con obras de Francesco Landini (s. XIV).

Colexio do Cardeal (Monforte de Lemos). Sábado 19 de setembro de 2015

Coñece o teu patrimonio: Roldas pola paisaxe organística galega. Percorrido didáctico polos órganos históricos das igrexas monfortinas de Santa María da Régoa, de San Vicente do Pino e do Colexio do Cardeal. Pola tarde, visita guiada, da man do especialista Richard Rivera, pola historia musical da vila.

Concerto. Coro Vox Stellae e grupo instrumental Os Menestres de 1500. Estrea da misa histórica para Don Rodrigo de Castro, recuperada dun manuscrito do século XVI polo grupo para o festival Espazos Sonoros e interpretada aos pés do sepulcro do seu dedicatario.

Refectorio de Oseira (San Cristovo de Cea). Sábado 26 de setembro de 2015

Coñece o teu patrimonio. Visita guiada polo mosteiro, igrexa, botica e antiga sala capitular. *Obradoiro de achegamento á música antiga.* Moderado polo músico e investigador Andrés Díaz, presentación da familia das frautas de bico, dos séculos XIII ao XVIII, completada cun concerto de Ilse Strauss no refectorio de Santa María a Real de Oseira.

CGAC (Santiago de Compostela). Sábado 3 de outubro de 2015

Escoitas arredor de... Tunde Jegede e Diana Baroni, co xornalista Anxo Quintela, en conversa e música en proximidade na cantina deste centro de arte contemporánea.

San Lourenzo de Carboeiro (Silleda). Domingo 4 de outubro de 2015

Coñece o teu patrimonio. Ruta polo sendeiro do Deza, para coñecer as antigas casas de baños, a ponte medieval do Demo e a paisaxe natural da zona.

Concerto. La Macorina, nunha simbiose de estilos entre os repertorios amerindios indíxenas e as tradicións musicais levadas de Europa e África.



Adegas Roandi (O Barco de Valdeorras). Sábado 10 de outubro de 2015

Coñece o teu patrimonio. Ruta pola contorna natural e cultural de Éntoma, na comarca de Valdeorras, da man do arqueólogo Santiago Ferrer. Pola tarde, actividades arredor da cultura vitivinícola nas Adegas Roandi.

Concerto. Ensemble Egeria, con *Cantos re-cordados*, unha colección de cancións populares galegas arranxadas a modo clásico para quinteto de cordas.

Santa María de Aciveiro (Forcarei). Domingo 11 de outubro de 2015

Coñece o teu patrimonio. Ruta pola senda das antigas neveiras de Fixó, na serra do Candán, o muíño do Porto ou a mámoa de Rofete.

Concerto. Herbens Consort, con tres cantatas italianas de Haendel de influencia italiana.

Igrexa de Santa Liberata (Baiona). Domingo 18 de outubro de 2015

Concerto. O cantante e intérprete americano de laúde e arqui-laúde Joel Frederiksen interpretou música do Renacemento e do primeiro Barroco.

**Sala nobre do Museo Massó (Bueu).** Sábado 24 de outubro de 2015

Coñece o teu patrimonio. Xornada arredor da pegada de Luguís e dos Massó na vila de Bueu, con visita á capela dos Santos Reis e ao Museo Massó, que alberga os planos e bosquexos desta edificación deseñada por Luguís.

Palestra, de Pablo Quintana sobre zanfona histórica galega, a partir da zanfona do s. XIX albergada no museo.

Concerto. Fdez. & Quintá, zanfona e acordeón diatónico para reinterpretar a tradición musical galega.

Sexto edificio do Museo de Pontevedra (Pontevedra). Mércores 28 de outubro de 2015
 Concerto-presentación do libro-disco *Xan Tilve, Gaiteiro de Campañó*, arredor das gravacións históricas de Filgueira Valverde. Coincidindo co aniversario de Filgueira, a quen este ano se lle dedicaron as Letras Galegas, clausurouse o ciclo no museo cun serán arredor das gravacións históricas que auspiciara a finais dos anos 40, recuperadas a partir de dous discos de acetato conservados no museo. Xavier Groba ofreceu unha palestra sobre o valor deste legado etnomusicolóxico.

Concerto. Oscar Ibáñez trío, coa gaita histórica do Gaiteiro de Campañó.

Monumenta, difusión do patrimonio restaurado

Monumenta, difusión do patrimonio restaurado, celebrou a súa terceira edición cunha programación de actividades para poñer en relación os bens culturais co territorio, a sociedade e a singularidade paisaxística. Especialistas en diferentes áreas como a arquitectura, a arqueoloxía, a astronomía, a xeografía, o urbanismo ou a arte axudan os públicos a entender outras particularidades e valores dos diversos aspectos do patrimonio material e inmaterial de Galicia. As actividades complementáronse con actuacións musicais ao final da xornada.



Xacemento arqueolóxico de Tourón (Ponte Caldelas, Pontevedra). Xoves 27 de agosto de 2015

Monumenta divulga. Visita ao centro de interpretación da área arqueolóxica de Tourón, un dos complexos de arte rupestre ao aire libre máis singulares de Galicia. *Faladoiro Monumenta.* Conversa co comisario de arte contemporánea Ángel Cerviño e o artista sonoro Carlos Suárez sobre a relación entre natureza e arte no século XXI. *Monumenta en concerto.* Leilía en concerto no CEIP Cordo Boullosa, por mor da chuvia. *Andar con arte.*

Visita nocturna guiada polo arqueólogo Santiago Vázquez Collazo. A observación de estrelas suspendeuse polas condicións meteorolóxicas.

O gótico mariñeiro de Noia (A Coruña). Sábado 29 de agosto de 2015

Monumenta divulga. Acompañados pola arqueóloga municipal Ana Filgueira, visita á igrexa de Santa María a Nova, ao museo de laudas gremiais e ao seu cemiterio. *Faladoiro Monumenta.* O xornalista e músico Xurxo Souto conduciu a *barriografía* de Noia a través da conversa pública con diferentes veciñas e veciños protagonistas da actualidade cultural e social de Noia. *Monumenta en concerto.* Talabarte Trío pechou a xornada cun concerto na praza do Tapal.

Aquis Querquennis (Bande, Ourense). Domingo 30 de agosto de 2015

Monumenta divulga. Visita ao centro de interpretación da Fundación Aquae Querquennae Via Nova. *Andar con arte.* Andaina narrada por Antonio Rodríguez Colmenero (historiador) e Manuel Rivero Pérez (antropólogo e sociólogo) ata o campamento militar, con visita ao xacemento arqueolóxico e ás termas. *Monumenta en concerto.* Odaiko en concerto nos exteriores do centro de interpretación da fundación.

Santalla de Bóveda de Mera (Lugo). Sábado 5 de setembro de 2015

Monumenta divulga. Visita ao templo tardo-romano da man da especialista en arqueoloxía da arquitectura Rebeca Blanco. *Andar con arte.* Andaina circular pasando polo castro de Corvazal, coa análise paisaxística do xeógrafo Juan López Bedoya. *Faladoiro Monumenta.* O arquitecto Antonio de Vega falou da relación entre a paisaxe e a característica arquitectura popular de Santalla. *Monumenta en concerto.* Rodrigo Romaní en formato trío nos exteriores da igrexa.

Día Internacional dos Museos

Os museos autonómicos celebraron cunha ampla programación de actividades o Día Internacional dos Museos, que este ano se presentou baixo o lema *Museos para unha sociedade sustentable*. O Museo de Belas Artes da Coruña propuxo unha fin de semana de concertos con Xoel López e Roberto Somoza Trío. Na Noite dos Museos, o sábado 16 de maio, Belas Artes abriu as súas portas ata a medianoite e ofreceu visitas guiadas gratuítas á súa exposición, ademais do taller *Picasso en familia*.

No Museo Centro Gaiás, do 16 ao 18 de maio, desenvolvéronse un conxunto de actividades. Ademais das xornadas de portas abertas e visitas guiadas especiais, as actividades en familia propuxeron obradoiros arredor dun sorprendente planetario e un robot peregrino, como experiencia virtual vinculada á exposición *Camiño. A orixe*. Tamén os bebés puideron asistir á actividade *Camiñando*, unha experiencia sensorial para descubrir a ruta xacobeá. Xogos, un fotomatón, experimentos científicos, conferencias e un concerto de Resonet completaron a programación.

As propostas para esta celebración do Centro Galego de Arte Contemporánea incorporaron novidades como o geocaching, un xogo de busca do tesouro agochado a través das pistas que se marcan nunha aplicación móbil. Seguindo a temática deste ano, o centro quixo representar a relación entre biodiversidade e a diversidade sociocultural mediante a entrega aos visitantes de plantóns procedentes de sementes ecolóxicas na

actividade *Cultivandocultura*. Un taller de fotografía de Luis Díaz, *Fotografando o espazo habitado*, charlas, conferencias e concertos completaron a actividade.



O Museos das Peregrinacións e de Santiago desenvolveu visitas teatralizadas para alumnado de secundaria, nas que fixo revivir *As Marías*, para achegar os estudantes á historia santiaguesa, e programou un novo formato de visitas dinamizadas escolares aos fondos da súa colección.

O Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega) sumouse a esta conmemoración entre os días 18 e 23 de maio, con visitas guiadas pola historia da educación ambiental, xunto coa exposición temporal *A escola tamén é sustentable*.

O Museo do Mar de Galicia celebrou unha xornada de portas abertas e o Museo Massó de Bueu presentou a publicación *O mundo antigo no Museo Massó e a romanización en Bueu*, de Fructuoso Díaz. Editada pola Consellería de Cultura e Educación, a obra dá a coñecer as conclusións da escavación arqueolóxica realizada no depósito romano de Pescadoira. Ademais, organizou unha charla sobre a ánfora romana de San Martiño de Bueu, unha das pezas singulares do museo.

O Museo Etnolóxico de Ribadavia programou do 18 ao 31 de maio obradoiros de fotografía para escolares dos concellos ourensáns, que incluíron visitas á área documental do museo e mais ao taller de restauración.

Pola súa parte, o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense organizou xornadas de portas abertas do 19 ao 22 de maio, con visitas guiadas para grupos ao Pazo do Bispo. Os músicos Fernando Abreu e Pablo Carrera presentaron o día 18 o seu traballo *Dous*. O día 19 inaugurouse a exposición *Propostas arquitectónicas para a rehabilitación do MAPOu* e realizouse unha visita guiada ao parque de San Lázaro, que centrou tamén a escolla da Peza do mes de maio. O día 21 presentouse tamén a exposición *Castros lucenses*, no

Centro da Cultura Castrexa de San Cibrao de Las; e, finalmente, o venres 22 tivo lugar a actividade *Conversas no museo*, co Colexio de Arquitectos de Ourense.

O Museo do Castro de Viladonga tamén se sumou con diversas propostas para o 16 de maio: a Asociación Cultural Os Valouros, de Castro de Rei, ofreceu unha actuación de música tradicional no xardín do museo, mentres que no castro se realizaron diversas actividades e obradoiros arredor da época castrexa, con reconstrucións de pezas de cerámica, a realización de tecidos e a simulación de sons castrexos. O grupo galego de blues Miki Nervio & The Bluesmarkers ofreceu un concerto e a xornada rematou cunha visita nocturna ao castro. O propio 18 de maio pola mañá, o museo acolleu o espectáculo A-TA-KA, do grupo Cal y Canto.



3.5

Colaboracións con entidades para a formación, o estudo e a difusión do patrimonio

Formación

Para impulsar a formación do futuro persoal técnico en materia de museos e posibilitar esta aprendizaxe, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria realizou en xaneiro unha nova convocatoria de bolsas de formación dotada de 46.000 euros. A finalidade das bolsas é proporcionar unha formación teórico-práctica que, engadida á formación académica, contribúa a completar o currículo académico.

Ademais desta convocatoria, a consellería asinou este ano diversos convenios de colaboración coas universidades galegas con titulacións relacionadas coa actividade museística, para facilitar a realización de prácticas externas do alumnado nos mu-

seos xestionados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Ao abeiro desa colaboración, o alumnado do grao de Humanidades da Universidade da Coruña e das titulacións impartidas na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago tivo acceso á realización de prácticas formativas titoradas polos profesionais destes museos, en distintos períodos do ano. Ao longo do ano 2015, dous alumnos do Máster en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade da USC fixeron prácticas académicas externas no Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro, desenvolvendo accións relacionadas coas visitas guiadas, arqueoloxía experimental e documentación e rexistro dos petróglifos mediante fotogrametría.

Por outra parte, a consellería tamén acordou un marco de colaboración coa Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais, o que lle permitiu ao alumnado acceder á formación práctica no Museo Pedagóxico de Galicia e do Museo do Mar de Galicia, como complemento aos seus estudos académicos.

No marco da colaboración en materia de formación, graduados de Historia da Arte e alumnado dos másteres da USC realizan as súas prácticas nos departamentos administrativos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, e participan activamente nos procedementos de identificación, avaliación e sistematización da información relativa ao estudo e protección do patrimonio cultural de Galicia. En 2015, máis dunha ducia de alumnos, entre febreiro e maio, realizaron estas tarefas de colaboración e formación.

Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia

Baixo o lema *Vento da historia, mar de futuro...*, o porto de Cabo da Cruz, no concello de Boiro, foi o escenario, entre o 9 e o 12 de xullo, da nova edición do *Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia*, unha iniciativa promovida pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF) a prol da recuperación e difusión social do patrimonio marítimo tradicional, que contou coa colaboración da Xunta de Galicia a través das consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do Medio Rural e do Mar, e de Economía e Industria.

Na duodécima edición do encontro participaron embarcacións procedentes de países como Croacia, Inglaterra, Irlanda e Portugal, ademais doutras chegadas de diferentes puntos de España, como o País Vasco ou Cartaxena. Esta participación enriqueceu o encontro con novas experiencias sobre a construción destas embarcacións e tamén sobre a formación regrada do oficio. Ademais da concentración de embarcacións, a programación incluíu actos literarios, obradoiros, publicacións, exposicións, coloquios, teatro, música e danza tradicional, artesanía etc.

No ámbito do patrimonio marítimo, ademais de colaborar con este encontro, a Consellería de Cultura e Educación abordou tamén múltiples iniciativas, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e dos centros culturais do departamento vinculados ao medio mariño: o Museo do Mar de Galicia, en Vigo, as actividades da illa de San Simón, e o Museo Massó, de Bueu, que tamén colaborou no mes de agosto na organización do XIX *Encontro de embarcacións tradicionais* en Bueu. A colaboración da Administración galega neste ámbito tamén se traduce nos proxectos do Plan estratéxico da carpintaría de ribeira e o proxecto europeo Dorna para o deseño dun buque de pesca artesanal en madeira, que materializan o apoio á dinamización cultural e etnográfica e ás prestacións para o desenvolvemento do sector.

Difusión da historia de Galicia

A consellería apoiou este ano a edición de diversas publicacións sobre a arte románica en Galicia. Apoiou a publicación do libro *XXXIII Ruta cicloturística do Románico*, que promove a Fundación Cultural Rutas del Románico, así como da obra *O Románico do Saviñao*, de Xosé Lois García, editada en coordinación co Concello do Saviñao, un estudo sobre o patrimonio cultural que foi presentado no mes de outubro.

En colaboración co Concello de Pantón, tamén viu a luz *Pantón. Historia e fidalguía*, de Isaac Rielo Carballo, un estudo pormenorizado das parroquias e da súa división histórica, arquitectura, toponimia e heráldica.

Proxecto didáctico Antonio Fraguas

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria colaborou coa Fundación Antonio Fraguas e o Museo do Pobo Galego, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, na novena convocatoria deste proxecto escolar, co obxectivo de fomentar a investigación sobre o patrimonio etnográfico, antropolóxico, lingüístico, xeográfico, histórico e artístico do contorno. Dirixido aos centros educativos de primaria, ESO e bacharelato, o certame alenta a realización de traballos de investigación orientados á educación patrimonial, ao coñecemento da lingua e do medio e á valoración dos máis diversos elementos do noso acervo cultural. Os gañadores desta edición foron *Lavadores. Pasado e presente da nosa parroquia* e *A paisaxe lendaria e toponímica do Concello de Silleda*, elaboradas ao longo do curso por alumnado e profesorado do CEIP O Pombal, de Vigo, e do IES Pintor Colmeiro, de Silleda, respectivamente. O premio de 7.000 euros para cada un dos traballos gañadores destinouse, como establecen as bases, á realización dunha exposición homónima no Museo do Pobo Galego, inaugurada no mes de setembro.

Premio Condado de Pallares

A Consellería de Cultura e Educación colaborou no IX Certame de Investigación Condado de Pallares, que nesta edición recaeu en Javier Gómez Vila e M^a del Mar Neira González polo traballo titulado *A cultura castrexa e galaico romana no Condado de Pallares*. Este premio ten como obxectivo promover a investigación histórica, patrimonial, lingüística e cultural da área do antigo condado e está promovido pola Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares. Conta cunha dotación de 3.000 euros.

Recuperación do patrimonio musical

Este ano viu a luz o libro-disco *Xoán Tilve, Gaitero de Campañó*, editado pola Central Folque coa colaboración da consellería. Trátase dun estudo pormenorizado sobre o legado do Gaitero de Campañó (1872-1950) a partir das gravacións realizadas por X. Filgueira Valverde en 1947. O disco inclúe a dixitalización e restauración dixital íntegra destas gravacións históricas. No libro, a recensión biográfica e o estudo sobre

repertorio, estilo, afinación e técnica de Xoán Tilve estivo a cargo de Oscar Ibáñez, que tamén realizou unha gravación actualizada co instrumento orixinal. O musicólogo Xavier Groba ocupouse do papel xogado por Filgueira Valverde no estudo e difusión da música galega. O traballo presentouse no mes de outubro no Museo de Pontevedra, no contexto do ciclo Espazos Sonoros.



No mes de decembro editouse, coa colaboración da Xunta de Galicia, *Viento de plata*. Jesús Bal y Gay & Rosa García Ascot, que recolle a gravación, no Auditorio de Galicia, por vez primeira, da obra completa para piano e para canto e piano de Jesús Bal y Gay e Rosa García Ascot. Paula Ríos, ao piano, e Eva Juárez, soprano, interpretan o repertorio desta parella na vida e na arte que representa o esforzo dos artistas pertencentes á Xeración do 27 por rexenerar a creación musical da época.

Para promover a difusión da obra de Reveriano Soutullo, celebráronse en Ponteareas no mes de outubro as xornadas sobre este compositor galego que acolleron a celebración do *IV Simposio de musicoloxía Reveriano Soutullo*, coa participación da presidenta da Fundación Reveriano Soutullo, María Rosa Arija, os profesores Pablo Abreu e Xaime Estévez, e o musicólogo e editor Javier Jurado, que faláron da obra e da figura do compositor, con especial referencia á peza da que este ano se celebra o seu centenario, a zarzuela *Amores de aldea*. Ademais, presentouse o novo disco *Ponteareas*, gravado pola Banda de Música Xuvenil de Xinzo, con obras, a meirande parte delas inéditas, recuperadas do arquivo da fundación. Os actos tamén contaron cun concerto do pianista Alejo Amoedo.

No mes de xuño, celebrouse en Cambados a terceira edición de *No bico un cantar*, unha actividade promovida polo Consello da Cultura Galega coa colaboración da Xunta de Galicia, que congrega nenos e nenas de toda Galicia, procedentes de diversos centros de educación musical, co obxectivo de trasladar a paixón pola música culta e a poesía galega e de difundir o patrimonio musical e literario. A edición deste ano dedicouse a Ramón Cabanillas, musicado polos compositores Xosé Baldomir, Margarita Viso, Rodríguez Losada e Federico Mompou. A Consellería de Cultura e Educación tamén promoveu outras actividades vinculadas ás efemérides musicais de 2015 (véx. 6.4).



MUSEO
DE HISTORIA DE LAS COMUNICACIONES Y DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

04

CONSERVACIÓN E DINAMIZACIÓN NOS MUSEOS DE GALICIA



Os museos realizan un labor fundamental na conservación, no coidado e na difusión do patrimonio cultural de Galicia. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria xestiona unha rede de museos que, ao longo do ano, desenvolve unha extensa programación de visitas e actividades para dinamizar os seus fondos. Estas programacións permítenlles aos museos tomar o protagonismo da oferta cultural diaria das vilas e cidades en que se localizan, como referentes activos da promoción e da vivencia activa do noso patrimonio. No capítulo 5, recóllense as súas principais exposicións artísticas.

4.1 Sistema Galego de Museos

As competencias da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en materia de museos de interese para Galicia desenvólvense a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, adscrita á Secretaría Xeral de Cultura.

A través do Servizo de Museos, a Subdirección de Conservación e Restauración de Bens Culturais encárgase da coordinación e dirección técnica do Sistema Galego de Museos, da xestión do rexistro e do censo de museos de Galicia, do inventario do patrimonio moble custodiado nos museos galegos, así como da inspección e do control dos movementos, restauracións e reproducións do patrimonio moble custodiado nelles, entre outras funcións.

O patrimonio galego na rede: museos.xunta.es

Para facilitar o acceso á rede de museos galegos, púxose en marcha en 2014 o portal do sistema de museos de Galicia, museos.xunta.es, que permite acceder a unha información detallada dos museos e coleccións da rede museística galega, a axenda de actividades e exposicións etc. Este portal recibiu no seu primeiro ano de funcionamento un total de 16.545 visitas.

Museos dependentes da Consellería de Cultura e Educación

Velar pola conservación, o coidado, o estudo e a difusión social do patrimonio moble galego son os obxectivos do conxunto dos museos xestionados pola Administración autonómica a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: o Centro Galego de Arte Contemporánea, o Museo de Belas Artes da Coruña, o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, o Museo Etnolóxico de Rivadavia, o Museo das Peregrinacións e de Santiago, o Museo do Castro de Viladonga, o Museo Massó, o Museo do Mar de Galicia, o Museo Pedagóxico de Galicia, así como o Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre, o Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa e os centros expositivos Casa da Parra e Museo Centro Gaiás.

Ademais da produción propia de exposicións, os museos dependentes da consellería, participan noutras exposicións mediante o préstamo de pezas, como foi este ano o caso do Museo das Peregrinacións e de Santiago na colaboración coa mostra *La Belleza encerrada* do Museo del Prado, con *Camiño. A orixe*, do Museo Centro Gaiás, ou *San Francisco e o seu tempo*, no Pazo de Xelmírez. No caso do Museo de Belas Artes da Coruña, prestou obra para ser exposta en *Luis Seoane. Retrato de esguello*, no MARCO de Vigo. O Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense exhibiu pezas propias na mostra *Prego de Oliver, un pintor de ideas y arquetipos. Del boceto a la obra gráfica*, organizada polo Museo Municipal de Ourense. Tamén o Museo Etnolóxico de Ribadavia prestou fondos, neste caso, fotografías para a exposición *O legado de Asís. Franciscanos e clarisas en Ourense*.



4.2 Centro Galego de Arte Contemporánea

Situado en Santiago de Compostela, o edificio que acolle o Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) foi proxectado polo arquitecto portugués Álvaro Siza, e foi merecedor do premio de arquitectura Mies Van der Rohe no ano 1988 e do Pritzker en 1992. O centro, de titularidade autonómica, conta cun programa de exposicións temporais ininterrompido desde 1995 e unha serie de propostas multidisciplinares nas que teñen lugar obradoiros impartidos por artistas, ciclos de conferencias, encontros entre artistas e críticos, incursións no campo da música, as artes escénicas e o cinema, e un programa de actividades pedagóxicas que busca a participación activa do público e favorece o intercambio de ideas entre profesionais de distintos ámbitos. O CGAC conta tamén cunha completa biblioteca de arte contemporánea, un departamento de publicacións, un auditorio e servizos como unha librería especializada en arte e cultura contemporánea e cafetería.

Visitas guiadas

DATAS: de xaneiro a xuño e de setembro a decembro de 2015

O CGAC desenvolveu unha programación permanente de visitas guiadas dirixidas a diferentes colectivos: adultos, escolares, familias etc. As visitas didácticas para centros educativos acompañanse de obradoiros nos que se desenvolven de xeito creativo conceptos claves de cada mostra a través de distintas técnicas artísticas.

O programa de visitas guiadas por profesionais do ámbito cultural e artístico traslada a mirada experta sobre as exposicións.

Participaron nas visitas guiadas 3.159 persoas.

Cursos e xornadas

Cursos: *Derivas da modernidade. Do cinema clásico ao cinema moderno e A orixe do século XXI. Transformación da imaxe e do cinema contemporáneos*

DATAS: de outubro a maio de 2015

O curso *Derivas da modernidade* (homologado como crédito de libre configuración da Universidade de Santiago de Compostela) ofreceu 16 sesións temáticas dedicadas aos principais cineastas desde os anos cincuenta ata os oitenta, para analizar as intuicións, achegas e ecos en cada etapa do cine. Paralelamente, o curso *A orixe do século XXI* centrou as súas sete sesións nas transformacións tecnolóxicas, de expansión xeográfica, de distribución e formatos de visionado do cine nas últimas décadas. Asistiron a estes cursos 295 alumnos.

Xornadas Insultarte

DATAS: 7 e 8 de maio de 2015

Xornadas dirixidas a artistas novos co obxectivo de orientalos sobre cuestións laborais, fiscais e de xestión, para identificar as oportunidades de emprego, financiamento e marco legal. Dirixidas polos artistas Vanesa Castro, Iñaki López e Juan Lesta.

Cara a onde? Observando a transformación cultural e social desde a literatura

DATAS: do 7 de marzo ao 20 de xuño

Catro sesións para achegarse ás relacións entre sociedade e cultura na actualidade, da man dos prestixiosos autores Bernardo Atxaga, Suso de Toro, Carme Riera e Bradley Epps, baixo a coordinación de Alfredo Conde.

Memoria e arquivo

DATAS: do 18 de setembro ao 3 de novembro

Para achegarlle ao público a investigación e valoración de distintos arquivos fotográficos históricos, o CGAC programou este ciclo de charlas, co fin de promover novas lecturas e interpretacións de distintos autores fotográficos.

Obradoiros

Talleres de artista

DATAS: de abril a decembro de 2015

Tomando como referencia o seu traballo persoal, diversos artistas con obra exposta no CGAC, como Luís Díaz, Suso Fandiño, Luis González Palma ou Javier Vallhonrat, reflexionan sobre o proceso creativo e axudan os participantes a poñer en práctica os

seus propios procesos e recursos. *A cor e arte*, do 17 ao 25 de abril; *Fotografando o espazo habitado*, o 18 e 19 de maio; *A fotografía como extensión do pensamento*, o 27 e 28 de novembro; e *Explorando o proceso creativo*, do 11 ao 13 de decembro, foron os títulos dos talleres desenvolvidos en 2015.

Obradoiros infantís

Talleres de lecer

DATAS: do 7 ao 31 de xullo de 2015

Alternativa lúdica para o verán dos nenos e nenas no museo, para experimentar e explorar a arte contemporánea.



Talleres de Nadal

DATAS: 22 e 23 de decembro, e 29 e 30 de decembro de 2015

Obradoiros para nenos e nenas, dirixidos a facilitar o coñecemento das linguaxes artísticas da man dos propios artistas.

Asistiron aos talleres infantís de 2015 un total de 105 nenas e nenos.

Programación audiovisual

Ciclo de cinema no CGAC: Cando o “tiburón” devorou o cinema. Ascenso e caída do novo Hollywood

DATAS: do 15 de xaneiro ao 27 de marzo de 2015

Ciclo de cine americano dos anos setenta, con 20 proxeccións de películas de directores como M. Scorsese, Alfred Hitchcock ou Willy Wilder. Asistentes: 795 persoas.

Cine de verán

DATAS: mércores e xoves, do 8 ao 29 de xullo de 2015

Ciclo ao aire libre dedicado ao cine australiano, con sete proxeccións de cineastas como Stephan Elliot, Bruce Beresford, Peter Weir ou Simon Wincer. En colaboración co Centro de Linguas Modernas da USC, a Embaixada de Australia e a Australia Spain Buseiness Association. Rexistráronse 975 asistentes.



Colaboracións con outros ciclos

Cineuropa: do 6 ao 29 de novembro de 2015

Curtocircuíto: do 6 ao 11 de outubro de 2015

O Documental do Mes: todos os meses

O CGAC é centro colaborador dos ciclos audiovisuais composteláns Cineuropa, que inclúe estreas de filmes de ficción e documentais de autor, do ámbito internacional; Curtocircuíto, de curtametraxes, que este ano chegou á súa décimo segunda edición; e do ciclo europeo O Documental do Mes, unha iniciativa no marco do proxecto europeo

CinemaNet Europe, que se celebra paralelamente en diferentes centros europeos. Nas actividades e proxeccións destes ciclos desenvolvidas no CGAC participaron un total de 2.875 persoas.

Programación musical

Música e arte. Correspondencias Sonoras e Xornadas de música contemporánea

DATAS: outubro e decembro 2015

En colaboración con diversas institucións, o CGAC inclúe no seu programa sesións musicais, charlas, ensaios abertos etc. destas dúas programacións que mostran en Santiago de Compostela o panorama da música contemporánea galega, española e internacional. Asistiron este ano a estas programacións musicais no CGAC 533 persoas.

O CGAC tamén colabora con outros ciclos como o Festival Via Stellae, Cuarto Público, as programacións de escolas e conservatorios de música, a NerdNite sobre arte, ciencia e gastronomía. En total, acudiron ás sesións do CGAC destoutas programacións arredor de 5.200 asistentes.





4.3

Museo de Belas Artes da Coruña

O Museo de Belas Artes é de titularidade estatal e xestionado pola Xunta de Galicia. Na súa sede, obra do arquitecto galego Manuel Gallego Jorreto, expóñense pezas de pintura, debuxo, escultura, gravado, artes decorativas e arqueoloxía. A súa colección pictórica conserva obras desde o século XVI ata a actualidade e nela están representados importantes artistas galegos como Sotomayor, Colmeiro, Laxeiro ou Seoane, pero tamén creacións de artistas como Arellano, Rubens, Carducho ou Frans Francken. Destacan entre as súas coleccións a de gravados de Goya e a de louza da fábrica de Sargadelos. A súa exposición principal este ano foi *O primeiro Picasso. A Coruña 2015* (véx. 5.1).

Visitas guiadas

DATAS: de febreiro a xuño e de setembro a decembro de 2015

O museo oferta ao longo do ano visitas para grupos co fin de achegar a colección permanente. Este programa de visitas dirixe unha parte da súa programación a públicos escolares que realizan as visitas en horario lectivo, acompañados polo profesorado. Este ano, acudiron ao museo neste programa 7.000 escolares da Coruña.

Vinculadas á exposición *O primeiro Picasso*, programáronse do 24 de febreiro ao 22 de maio visitas guiadas á mostra, nas que participaron 10.406 alumnos de primaria a bacharelato.

Participaron nas visitas guiadas en 2015 24.109 persoas.

Cursos e xornadas formativas

Curso Cine e vangardas

DATAS: martes e xoves, do 8 de outubro ao 15 de decembro de 2015

Achegamento ás vangardas históricas do cine, para o público xeral a través de sesións teóricas e visionados de películas, que poñen en relación a linguaxe cinematográfica coas artes plásticas e literarias. 25 alumnos.

Curso Arte e poder

DATAS: do 13 de outubro ao 1 de decembro de 2015

Ciclo de oito conferencias para o público xeral nas que se analizaron as funcións e usos da arte como parte do sistema de poder, desde a antigüidade ata o século XX. Realizado coa colaboración da Asociación de Amigos do Museo e a Deputación da Coruña. 45 alumnos.

Xornada Os fondos europeos e o apoio á cultura no ámbito museolóxico

DATA: 18 de setembro de 2015

Xornada informativa sobre os programas europeos de ámbito cultural, os fondos económicos, as redes de información europea e as ferramentas de comunicación dispoñibles nese ámbito. Asistiron 60 profesionais da museoloxía e do patrimonio.

Obradoiros técnicos

Obradoiro de gravado: augaforte e aditivas

DATAS: do 2 ao 30 de outubro de 2015

Curso práctico para familiarizarse cos soportes, instrumentos e texturas das técnicas artísticas, para público xeral.

Obradoiro con Héctor Francesh

DATA: 30 de xaneiro de 2015

Unha experiencia para se introducir no universo creativo do artista, consistente en fotografar e incorporar ao museo as siluetas en tamaño real de visitantes do museo. Participaron sete artistas.

Obradoiro con Mónica Alonso

DATAS: do 17 de outubro ao 28 de novembro

O traballo das emocións persoais canalizadas cara á expresión artística, dirixido ao público xeral.

Programación infantil e familiar

Picasso en familia

DATAS: sábados e domingos, do 28 de febreiro ao 24 de maio de 2015

Ao abeiro da exposición *O primeiro Picasso*, realización de retratos naturais e xeométricos coa implicación de toda a familia, seguindo a traxectoria pictórica de Picasso. Participaron 949 persoas.



Xincanas temáticas Os sentidos

DATAS: sábados, do 17 de outubro ao 7 de novembro de 2015

Unha proposta para fusionar o coñecemento do corpo e as habilidades cun percorrido polas sensacións que produce a observación de obras escollidas do museo, que contou coa participación de 160 persoas.

Obradoiros de verán. Vacacións desde o museo!

DATAS: do 30 de xuño ao 30 de xullo de 2015

En quendas de catro mañás, un cento de rapaces de 5 a 12 anos convertéronse en viaxeiros de cadro en cadro. Unha oportunidade para divertirse e estimular a mirada e a creatividade a través das obras do museo.

Obradoiros de pintura: Percepción e creatividade

DATAS: do 7 de novembro ao 19 de decembro de 2015

A partir dunha selección de obras do museo, 105 rapazas e rapaces de 7 a 14 anos realizaron unha proposta plástica propia.

Música no museo

Picassoconcertos: Picasso. Os teus ollos

DATAS: do 15 de marzo ao 24 de maio

Ciclo de concertos de música clásica para repasar as relacións que se estableceron entre Picasso e a música. Participaron Julio Cabo, Samuel Diz, Trio Crunnia, Carmen Subrido e Gabriel López e Atlantis Duo. Contabilizáronse 810 asistentes.



XVII Ciclo de Concertos de Outono

DATAS: do 18 de outubro ao 8 de novembro de 2015

Para contribuír á difusión dos creadores galegos do ámbito musical, o museo vén programando anualmente este ciclo de concertos dedicados a artistas galegos. Nesta edición participaron Manuel Vilas e Adrián Linares, Dúo Stellae e o quinteto de metais Hércules Brass.

Concerto-presentación de Fernando V. Arias

DATA: 15 de xaneiro de 2015

Presentación musical do traballo discográfico de música de cámara do compositor e director Fernando V. Arias.

Conferencia Escolma dos coros galegos

DATA: 17 de xaneiro de 2015

Conferencia de Jaime López Fernández-Caramelo, con motivo da recepción da doazón do arquivo vinculado ao coro Cantigas da Terra.

Ciclo de música actual galega

DATA: 12 de novembro de 2015

O museo acolleu o primeiro dos catro concertos promovidos dentro do XIX Ciclo de Concertos da Asociación Galega de Compositores, en colaboración coa SGAE. Contou cunha representación de sete compositores do repertorio clásico galego dos séculos XX e XXI.

Jazz no Museo

DATA: 11 de decembro de 2015

Concerto e presentación do disco *Lontananza*. Con Quinito Mourelle (piano), Roberto Somoza (saxofóns alto, soprano, sopranino e tenor, clarinete e frauta) e Ignacio Fernández (bombardino).



4.4 Museo das Peregrinacións e de Santiago

O Museo das Peregrinacións e de Santiago, creado en 1951 e ata este ano con sede na Casa Gótica, abriu en novembro de 2015 as portas da súa nova sede da praza das Praterías.

Situada no edificio anteriormente ocupado polo Banco de España, en plena área histórica de Compostela e ao lado da catedral, a nova sede é unha rehabilitación do arquitecto Manuel Gallego Jorreto, que ofrece unha arquitectura actual adaptada ás necesidades dun museo do século XXI, para poñer en valor a colección atesourada e mostrala ao visitante nun novo discurso expositivo. O museo amplía, así, os seus espazos con estas dúas sedes de acordo co establecido no seu Plan museolóxico: a Casa Gótica, que se define como sede administrativa e de xestión, e a sede das Praterías, como sede expositiva.

O novo programa expositivo, redactado polo equipo técnico do museo, pon de relevo a transmisión de valores como a tolerancia ou a interculturalidade a través dun discurso que mostra a relevancia da peregrinación xacobeá e a súa incidencia na evolución da cidade compostelá. A presentación dos contidos estrutúrase en catro niveis de lectura para a comprensión dunha historia milenaria, que se desenvolve á marxe das barreiras políticas, das culturas e do tempo: as distintas peregrinacións existentes en todas as latitudes; as peregrinacións cristiás e as tres grandes rutas: Santiago de Compostela, Xerusalén e Roma; a historia, tradición e lenda xacobeá; e a pegada histórica e evolución da urbe de Santiago.

O Museo das Peregrinacións e de Santiago obtivo este ano o Certificado de Excelexencia de Tripadvisor, a maior web de viaxes do mundo, que proporciona consellos de viaxeiros e unha ampla variedade de opcións de viaxes e a súa planificación. Este prestixioso certificado, xa no seu quinto aniversario, reconece o papel dos establecementos que obtiveron con regularidade boas opinións dos viaxeiros, polo que, como no caso

do Museo das Peregrinacións e de Santiago, outorga un valor engadido que avala a calidade da súa oferta cultural.

O Museo das Peregrinacións e de Santiago é un centro de titularidade estatal e de xestión transferida á Xunta de Galicia.



Xornadas de portas abertas na nova sede

DATAS: do 7 ao 15 de novembro de 2015

Para a apertura da nova exposición permanente do Museo das Peregrinacións e de Santiago, programouse unha semana de portas abertas, con acceso gratuíto para o público xeral. Asistiron 3.987 persoas.

Exposicións temporais

José Guitián. Fotógrafo en Compostela, 1950-1980

DATAS: do 27 de marzo ao 30 de agosto e do 7 de novembro ao 31 de decembro de 2015
VISITANTES: 14.029 persoas

Mostra sobre a obra do fotógrafo santiagués José Guitián, que captou coa súa cámara a evolución urbana e humana compostelá da segunda metade do século XX. Formado con fotografías locais da talla de Ksado e Almeida, a primeiros dos anos cin-

cuenta comezou a traballar de xeito autónomo no estudio Foto Guitián, que lograría gran sona. Especializado no retrato e a fotografía científica, recolleu en imaxes a cidade mesma, as súas xentes e os seus costumes.

Con motivo da inauguración da exposición, coincidindo co Día Internacional do Teatro, o museo programou unha intervención escénica da compañía Tep Teatro en Punto.

Experiencias positivas

DATAS: do 7 de novembro ao 28 de febreiro de 2105

VISITANTES: 2.987 persoas

Mostra de cartelaría e de materiais asociados ás 46 exposicións temporais desenvolvidas nos últimos quince anos no museo, como homenaxe á súa traxectoria expositiva.





4.5 Museo Pedagógico de Galicia

O Museo Pedagógico de Galicia (Mupega) é un centro titularidade autonómica, dependente da Consellería de Cultura e Educación, encargado de promover e desenvolver a recuperación, salvagarda, estudo, mostra e difusión do legado pedagóxico de Galicia. A súa exposición permanente distribúese en diferentes módulos museográficos en tres andares, nos que se recollen, entre outros, recreacións das diferentes tipoloxías de aulas históricas, materiais didácticos, xogos e xoguetes da historia do sistema educativo.

O Mupega conta tamén cunha biblioteca e cun salón de actos, onde se desenvolven ao longo do ano cursos e actividades organizadas por diversas institucións públicas vinculadas á educación e á cultura.

Visitas guiadas

DATAS: todo o ano

A programación de visitas guiadas do Mupega ofrece visitas dirixidas ao público escolar, de infantil á secundaria, e a grupos que o soliciten. As visitas guiadas compléntanse con obradoiros didácticos para afondar na historia da escola e do xogo infantil.

Tamén se desenvolven *Visitas interxeracionais*, para nenos e nenas con persoas da 3ª idade, coa vontade de incrementar os vínculos e favorecer o diálogo e o intercambio de reflexións sobre a evolución da escola e os divertimentos na etapa infantil. En 2015, participaron nestas programacións de visitas guiadas 6.469 persoas.

Exposicións temporais

10 anos do Museo Pedagóxico de Galicia

DATAS: do 20 de outubro de 2014 a xullo de 2015

A través de 89 pezas (imaxes, documentación, materiais educativos) móstrase a evolución do patrimonio pedagóxico de Galicia, con motivo do décimo aniversario do museo.

O espazo máxico: XXV anos da revista Peonza

DATAS: de outubro de 2015 a xaneiro de 2016

Con motivo da conmemoración do cuarto de século de andaina da revista *Peonza*, e en colaboración con esta publicación, o Mupega organizou esta mostra para descubrir a buxaina como patrimonio cultural de Galicia, a través de peóns e xogos, de libros, ilustracións etc.



Museo da prehistoria

DATAS: febreiro de 2015

Exposición de maquetas, dioramas etc. elaborada polo alumnado de educación infantil do CEIP Igrexa-Calo (Teo) en colaboración coas familias, a partir do petróglifo de Cornide, como mostra das prácticas pedagóxicas actuais.

Educación ambiental (DIM15)

DATAS: do 18 ao 23 de maio de 2015

Un percorrido pola historia da educación ambiental a través da colección permanente do Mupega. Como actividade de acompañamento á mostra elaborouse un Roteiro verde no museo, para concienciar na sustentabilidade.

Explorística

DATAS: do 29 de outubro ao 14 de novembro

Concibida para ilustrar experimentalmente algúns conceptos de estatística e de probabilidade ao alumnado de secundaria, esta mostra realizouse en colaboración coa Sociedade Portuguesa de Estatística e a Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e Investigación de Operacións.

Aula itinerante. Microespazo Mupega

DATA: todo o ano

O Mupega ofrece, baixo petición de institucións, a posibilidade de trasladar ás súas instalacións unha aula antiga da súa colección. Este ano, a aula itinerante estivo no CEIP Labaca, no CEIP Illas Cíes, na Casa Museo Furnelos de Melide, no Centro de Día Sarquavitaie San Lázaro e no programa *Bolboreta* da TVG.

Proxecto A cadeira vermella

DATAS: do 16 de novembro ao 18 de decembro de 2015

Intervención no museo para reivindicar o dereito universal á educación e á oportunidade dun futuro mellor, en colaboración coa ONG Entreculturas, consistente na colocación dunha cadeira vermella (representativa da poboación infantil sen acceso á escola) en cada aula e sala do museo.





4.6 Museo do Mar de Galicia

O Museo do Mar de Galicia está situado nunha vella fábrica de conservas en Alcabre, Vigo, edificada en 1886. Conta con cinco naves rehabilitadas polos arquitectos Aldo Rossi e César Portela, e cunha prolongación do peirao para o acuario e o faro. O eixe temático que vertebra o museo é a pesca, cunha mostra da pegada desta actividade en Galicia desde unha vertente histórica, antropolóxica e etnográfica, sen esquecer as embarcacións que a fixeron posible e o seu posterior desenvolvemento industrial. A oferta expositiva permanente complétase cunha parte dedicada aos desastres marítimos e á sinalización costeira, que permite destacar a importancia da seguridade para prever os desastres marítimos. Ademais creouse un espazo, Gallaecia Mare Nostrum, sobre a historia do mar como vehículo de comercio e influencias culturais, que inclúe un apéndice sobre a arqueoloxía subacuática nas costas galegas. O ámbito da historia da oceanografía e do coñecemento científico dos mares está representado na nave central, xunto á recreación dun gabinete científico decimonónico.

As instalacións complétanse cunha sala de exposicións temporais, co Acuario, que reproduce o ecosistema das rías, e coa musealización dun poboado da Idade do Ferro existente no lugar: o castro da Punta do Muíño do Vento. As instalacións albergan tamén unha tenda e unha cafetería exterior. O número de visitantes no ano 2015 ascendeu a 37.655.

Na beiramar da cidade, o Centro Arqueolóxico do Areal Salinae permite comprender o funcionamento da antiga instalación salineira de orixe romana, que rexistrou este ano 4.998 visitas. É un dos escasos exemplos de instalación romana deste tipo conservada en Europa sen alteración posterior.

Programación didáctica do Museo do Mar de Galicia

O Museo do Mar de Galicia, dentro do seu programa de didáctica, oferta unha serie de actividades dirixidas tanto aos escolares coma ao público en xeral (familias, asociacións, grupos de integración, adultos etc.), co obxectivo principal de dar a coñecer os contidos do museo dun xeito vivencial. A oferta vértébrase arredor das visitas guiadas ao museo e das actividades didácticas temáticas.

Visitas guiadas ao museo e ao Acuario, para o público xeral

DATAS: todo o ano

Un percorrido polas súas salas para coñecer a actividade pesqueira e o seu desenvolvemento na historia. Para lles facilitar aos visitantes a comprensión da biodiversidade dos nosos ecosistemas mariños, o museo encárgase do mantemento e reposición permanente do Acuario, que mostra as distintas especies das rías galegas. Participaron nas visitas guiadas 597 persoas.



Actividades para escolares

DATAS: setembro a xuño

O museo desenvolve 10 actividades distintas de temáticas vinculadas coa pesca tradicional, técnicas de mergullo, arqueoloxía e prehistoria, adaptadas a cada nivel educativo, xestionadas en grupos de non máis de 50 participantes. Participaron nas actividades para escolares 10.440 persoas.

Actividades de vacacións

DATAS: verán, Nadal e Semana Santa

No período de verán, no Nadal e na Semana Santa, o museo programou unha oferta de actividades para o público en xeral, de contido didáctico. Participaron 477 persoas nese período.

Alimentación dos peixes do Acuario

DATAS: venres festivos e períodos de vacacións escolares

A alimentación dos peixes do Acuario é unha das actividades estrela do centro, na que todas as persoas participantes poden ver como un dos acuaristas do museo se mergulla para lles dar de comer aos peixes. Esta actividade foi acompañada dunha breve explicación sobre as especies. Participaron nela 693 persoas.

Programación didáctica do Centro Arqueolóxico Salinae

Visitas a Salinae para o público xeral

DATAS: todo o ano

Un percorrido para coñecer a historia da única salina mariña de evaporación solar conservada e musealizada de todo o Imperio Romano. O excelente estado de conservación deste xacemento permite entender o funcionamento dunha instalación salinera. A exposición ofrece, ademais, a posibilidade de descubrir o mundo do sal, a súa historia, algúns dos sistemas empregados para a súa obtención e os diferentes usos que os romanos lle deron a este produto. En 2015 participaron nestas visitas 382 persoas.

Actividades para escolares

DATAS: setembro a xuño

Ofrecéronse dúas actividades vinculadas á arqueoloxía para escolares de 3º de primaria ata bacharelato, cun máximo de 25 alumnos por grupo. Participaron nestas actividades 1.764 persoas.

Actividades de vacacións no Salinae

DATAS: verán, Nadal e Semana Santa

As actividades de verán, que tamén se realizan noutros períodos de vacacións, son unha adaptación para o público en xeral das actividades escolares que se realizan no xacemento ao longo do ano. En 2015 participaron 224 persoas.

Exposicións temporais

Horizonte

DATAS: do 19 decembro 2014 ao 1 de febreiro de 2015

VISITANTES: 1.445 persoas

Exposición de pinturas de X. Chaves en gran formato alusivas ao mar e ao horizonte.



Terra, mar e aire

DATAS: do 19 marzo a 24 maio de 2015

VISITANTES: 2.468 persoas

Exposición dun centenar de obras pertencentes á colección de arte contemporánea da Fundación AENA, cunha temática arredor dos tres elementos: terra, mar e aire.



Pacífico. España e a aventura do mar do Sur

DATAS: do 17 de xuño ao 30 de agosto de 2015

VISITANTES: 5.612 persoas

En colaboración co Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, e de Acción Cultural Española, unha mostra para descubrir o Pacífico de xeito didáctico, a partir da memoria escrita do Arquivo Xeral de Indias e unha novidosa oferta visual.

***IX Mostra de modelismo naval Amonaga 2015***

DATAS: do 18 de setembro ao 15 de novembro de 2015

VISITANTES: 3.995 persoas

Mostra desenvolvida pola Asociación de Modelistas Navais de Galicia, que permitiu achegar os visitantes ás diversas tipoloxías náuticas a través de 100 modelos navais diferentes.

Perseguido a Mr. Goodfish

DATAS: do 1 de outubro ao 29 de novembro de 2015

VISITANTES: 3.619 persoas

Mostra fotográfica que presenta o percorrido que fai o peixe desde a súa descarga no porto ata chegar ao prato. En colaboración co Festival Mar de Mares, a mostra promove un consumo responsable dos produtos pesqueiros.



4.7 Museo Massó

O Museo Massó encóntrase nas inmediacións do porto de Bueu, nas instalacións dunha antiga conserveira. Nacido do legado cultural dos irmáns Massó (o interese desta familia pola historia da navegación levounos a contar cunha ampla colección de libros históricos, instrumentos náuticos, cartografía, documentos e maquetas de embarcacións históricas que constitúen a alma desta colección) complétase hoxe cos testemuños das factorías conserveiras e baleeiras e a actividade pesqueira.

A exposición permanente ofrece un percorrido pola conquista do mar e a explotación dos seus recursos, cunha sala na que se expoñen as tres embarcacións tradicionais máis representativas da ría de Pontevedra.

Exposicións

Atrapadas na rede. Homenaxe ás redeiras

DATAS: do 8 de marzo ao 17 de maio de 2015

VISITANTES: 2.571 persoas

Coincidindo co Día Internacional da Muller programouse esta mostra das ferramentas de traballo, documentación e fotos antigas sobre os traballos das mulleres, imprescindibles para a saída dos barcos a pescar.

De Punta Balea a Cabo Morás. A caza moderna da balea en Galicia

DATAS: do 22 de xullo ao 30 de decembro de 2015

VISITANTES: 10.802 persoas

Unha mostra que explora a industria que se desenvolveu arredor da caza da balea, da que a empresa Massó foi unha das principais protagonistas.

A ánfora romana de San Martiño de Bueu

DATAS: do 12 de maio ao 30 de decembro de 2015

VISITANTES: 12.405 persoas

Exposición sobre o xacemento romano de Pescadoira, na que se presentou a ánfora romana recentemente restaurada no museo.

60 máis 5

DATAS: do 9 de novembro ao 30 de decembro de 2015

VISITANTES: 1.392

Serie monográfica do pintor Camilo Camaño Xestigo, como homenaxe a este artista cangués, en colaboración cos concellos do Morrazo.

Exposicións itinerantes**A caza da balea**

Museo Provincial do Mar de San Cibrao (Cervo)

Para difundir a colección do museo, realizouse esta mostra, en colaboración coa Deputación de Lugo, que permitiu levar ao museo de Cervo unha serie de paneis ilustrativos sobre o sistema tradicional de caza da balea.

A factoría baleeira Massó

Sala de Exposicións do Concello de Xove

Tamén en colaboración coa Rede Museística da Deputación de Lugo, trasladouse a Xove esta mostra fotográfica de Félix Lorio, que recolle as fases do procesamento da balea na factoría Massó.

Programa de visitas**Visitas guiadas ao museo**

DATAS: xullo, agosto e setembro de 2015

Organizadas en colaboración co Concello de Bueu, organizáronse no verán visitas guiadas á exposición permanente. Nos meses de marzo, xuño e outubro realizáronse as visitas temáticas *Urbano Lugo no Museo Massó* e *A industrialización en Galicia: A industria conserveira*. Participaron nestes programas 236 persoas.

Obradoiros escolares e familiares

DATAS: todo o ano

O Museo Massó ofrece unha ampla programación de obradoiros dirixidos ao público escolar e familiar ao longo de todo o ano, para dinamizar as distintas vertentes da colección do museo e manter unha interacción permanente coa poboación local. Este ano, programáronse talleres vinculados coas exposicións temporais, obradoiros de educación ambiental, obradoiros sobre a balea, sobre as lendas e piratas do Morrazo, talleres para aprender a facer nós mariñeiros e a empregar instrumentos básicos de navegación, sobre embarcacións tradicionais, obradoiros sobre o sal e a súa importancia na conservación do peixe ao longo da historia etc.

A programación infantil e familiar desenvólvese tanto durante o curso escolar como nas vacacións do verán e do Nadal. Participaron nos obradoiros programados 1.132 persoas.

Singraduras pola ría

DATAS: xullo e agosto de 2015

Dentro da acción impulsora das embarcacións tradicionais e as técnicas e coñecementos asociadas á cultura mariñeira tradicional, o Museo Massó programou un ano máis unha serie de xornadas de navegación pola ría no galeón Ave de Paso e no pesqueiro Chasula. Participaron nestas actividades 112 persoas.

Conferencias divulgativas e presentacións

DATAS: todo o ano

A programación do museo deste ano incluíu diversas actividades divulgativas, entre as que destacaron as *Noites de verán no museo* e a *Observación nocturna do ceo*. O museo acolleu as charlas *O cultivo do mexillón na abra de Bueu* (10 de febreiro), *O Río Bispo e a cultura do millo* (13 de marzo); *O Museo Massó e o legado cultural da empresa Massó Hermanos* (21 de outubro) e *A actuación de posta en valor das mámoas da Tomada de Martínez no Parque Empresarial Castiñeiras de Bueu* (23 de outubro). Na vocación de dinamización cultural local, o museo tamén colaborou con outras entidades na programación de charlas e na presentación de novas obras como os poemarios *Atravesar o fantasma* e *Transfusión oceánica*; libros de patrimonio marítimo como *Memoria gráfica de un patrimonio: salazones y conserveras*, ou *Naufragios en las costas gallegas*; libros de experiencias como *Ecos do Grande Norte*, *Namoreime en Ons*; ou publicacións periódicas como *Os galos*, editada pola Asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais. Contabilizáronse nestas actividades un total de 1.228 participantes.



4.8 Museo Arqueológico Provincial de Ourense

A sede do museo é o edificio do antigo Pazo Episcopal, actualmente en remodelación, atópase temporalmente no edificio Santa María de Europa, na Carballeira, no que se almacenan a maioría das coleccións, agás unha selección da escultura máis representativa, que se mostra permanentemente baixo o título *Escolma de escultura* na sala de exposicións San Francisco, que serve tamén de base para outras actividades.

O museo conserva unha importante cantidade de fondos dunha gran variedade tipolóxica: series representativas do mundo paleolítico e megalítico, pezas do mundo castrexo e galaicorromano etc. O museo custodia tamén unha serie arqueolóxica prerrománica e medieval, principalmente construtiva, ademais dunha sección de belas artes, que reúne escultura do Renacemento e Barroco, pintura do século XVII e XVIII, pintura de finais do século XIX —basicamente a obra do pintor ourensán Ramón Parada Justel— e artes decorativas.

Este ano, ademais da súa programación expositiva, o museo abordou a produción de dúas mostras sobre a época castrexa, exhibidas no Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa de San Cibrao de Las.

O Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense é de titularidade estatal e xestionado pola Xunta de Galicia.

Exposicións

O padre Feijoo. Cidadán libre da República literaria

DATAS: do 13 de outubro de 2014 ao 18 de xaneiro de 2015

VISITANTES: 1.500 persoas

Mostra sobre un dos personaxes clave da Ilustración en España no século XVIII, na que se trataron aspectos biográficos e bibliográficos deste autor galego.

Propostas arquitectónicas presentadas para a rehabilitación do edificio do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

DATAS: do 19 ao 22 de maio de 2015

VISITANTES: 500 persoas

Mostra de paneis explicativos das diversas propostas presentadas para a rehabilitación da sede do museo, situada na praza Maior de Ourense.

Alicerces. Evolución urbana de Ourense do século XVI ao XX

DATAS: do 26 de novembro de 2015 ao 28 de febreiro de 2016

Mostra que aborda o desenvolvemento progresivo da cidade de Ourense nos últimos catro séculos e as súas transformacións máis salientables e que lle dá continuidade a outra exposición organizada polo museo no 2008 titulada *A cidade, da orixe ao século XVI*. Desde o Ourense medieval de rúas sinuosas, o percorrido organízase en varios grupos temáticos, nos que se analizan aspectos como a normativa, a morfoloxía da cidade ou a evolución das infraestruturas.





A peza do mes

DATAS: actividade mensual na rede, todo o ano

Presentación pública e publicación dixital mensual que ten por obxectivo afondar no coñecemento histórico, artístico e material dunha peza da colección do museo. Este ano, destacáronse con esta programación elementos como un acubillo monetario de Monte Rego, unha biblia do século XVI, porcelana chinesa ou a obra *A dona do museo*, de Acisclo Manzano, entre outras.

Boletín Auriense

DATA: xuño de 2015

O Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense presentou o número XLIV do *Boletín Auriense*, que nesta edición publicou diversos traballos relacionados co museo e con aspectos arqueolóxicos da cidade de Ourense.

Colaboración con outras entidades

Ao longo do ano, o museo colabora con distintas entidades en actividades culturais, como o Festival de Música de Ourense Pórtico do Paraíso, coa acollida do concerto do grupo Ensemble Peregrina.



4.9 Museo Etnolóxico de Ribadavia

Situado no Pazo de Baamonde, en Ribadavia (Ourense), o museo atópase en proceso de remodelación. A súa colección reúne materiais de interese etnográfico das distintas comarcas ourensás, cun fondo específico da cultura vitivinícola, que formará no futuro unha sección etnográfica diferenciada con edificio propio.

A tipoloxía de fondos custodiados polo museo é ampla e variada, preferentemente obxectos procedentes sobre todo do contexto rural e tamén do urbano anteriores á introdución dos medios de produción industrial. Tamén forman parte dos fondos os arquivos orais e audiovisuais e un notable fondo documental.

O Museo Etnolóxico de Ribadavia é de titularidade estatal e está xestionado pola Xunta de Galicia.

Exposicións

Barriga verde, de feira en feira

DATAS: do 18 de xullo ao 25 de agosto de 2015

VISITANTES: 3.231 persoas

A exposición mergullounos no fantástico mundo no que naceu Barriga Verde, o último monicreque popular galego. A través dela, faise un percorrido polo mundo no que se desenvolveu este espectáculo, o das feiras tradicionais, e a maxia destes monicreques. Producida pola Asociación Cultural Morreu o Demo, a exposición incluía pezas orixinais de José Silvent.

Detrás da cámara: imaxes do outro

DATAS: do 23 de xullo ao 30 de agosto de 2015

VISITANTES: 7.054 persoas

Mostra do fotógrafo Pedro A. López Suárez, con imaxes dos anos sesenta que recollen un espazo urbano en crecemento, grazas á incorporación á cidade da poboación procedente do agro, que se integra paseniñamente na nova coxuntura económica e social, un proceso que agocha unha sociedade marcada polos desequilibrios sociais e o desarraigamento dalgúns dos protagonistas dese éxodo rural.

Construíndo tradición: Noite Meiga

DATAS: 29 de outubro ao 30 de novembro de 2015

VISITANTES: 360 persoas

Exposición baseada na actividade *Noite Meiga*, creada no Ribeiro, como mostra da capacidade de autoorganización xuvenil que toma como base elementos da tradición galega.

Visitas guiadas

DATAS: de abril a outubro

O museo ofrece visitas guiadas enfocadas, maioritariamente, ao estudiantado de grao universitario (Turismo, Historia, Educación Social) da Universidade de Vigo. Participaron este ano 153 alumnos e alumnas.

Cursos e ciclos**Curso O arquivo fotográfico. Estudo e accións preservadoras**

DATAS: do 20 ao 23 de xullo de 2015

Formación sobre a preservación e custodia de coleccións fotográficas históricas, coa que o museo contribúe a ofrecer ferramentas e reflexións sobre o valor do patrimonio visual. Asistiron 23 profesionais relacionados co estudo do patrimonio.

Marxes Fílmicas 2015

DATAS: do 1 ao 15 de xullo

Ciclo anual de cine etnográfico, para difundir a antropoloxía visual, que este ano estivo dedicado á produción checa. Contou con 172 asistentes.

Cine de Outono

DATAS: 10, 15, 17 e 19 de decembro

Coa colaboración do Cineclub de Padre Feijoo de Ourense e a Federación de Cineclubes de Galicia, o ciclo de Cine de Outono celebrou a terceira edición das *Miradas etnográficas*, centradas na restauración de filmes xa convertidos en documentos da antropoloxía visual.

Presentacións e charlas

DATAS: todo o ano

O Museo Etnolóxico de Ribadavia organizou este ano diversos actos literarios, como o *Recital de poesía* (16 de xaneiro) en colaboración co Círculo Poético Orensano, no que presentou a súa última obra o poeta mexicano R. Resendiz Carmona; e presentacións de libros, como *50 cafés históricos de España y Portugal*; *Muller de papel*; *Errores del destino*; *A estirpe dos Chao, familia ribadaviense: política, cultura, sociedade e identidade no século XIX galego*; *La Lira: la Banda de Música de Ribadavia 1840-2015*; ou *Lola Touza. La Schindler gallega*.

En colaboración co Centro de Estudos Medievais de Ribadavia desenvolveu a clausura da mostra sobre o fondo fotográfico do irmán marista Manuel Rodríguez, cunha conferencia sobre heráldica e, en setembro, a conferencia *Mulleres para España. A Sección Feminina da Falanxe*. Coa Denominación de Orixe do Ribeiro, Renfe e Turgalicia levou a cabo a actividade *Túnel do viño* no mes de xullo. O especialista no Rexurdimento na cidade de Vigo (en vinculación coa familia Chao de Ribadavia) Xurxo Martínez tamén impartiu unha conferencia sobre esta época histórica. Participaron nestas citas culturais preto de 500 asistentes.





4.10 Museo do Castro de Viladonga

O conxunto arqueolóxico e museístico de Viladonga está situado no concello de Castro de Rei (Lugo). O xacemento é un exemplo de asentamento destacado, sobre todo entre os séculos II e V d.C., moi importante para o coñecemento, estudo e comprensión do mundo castrexo despois da conquista romana. No castro continúan de forma periódica os traballos arqueolóxicos tanto de escavación como de limpeza e consolidación.

O Museo do Castro de Viladonga céntrase na interpretación e explicación do xacemento e na custodia e exposición dos materiais procedentes das sucesivas escavacións. O museo é de titularidade estatal e está xestionado pola Xunta de Galicia.

Exposicións

Aves da contorna de Viladonga

DATAS: de novembro de 2015 a marzo de 2016

VISITANTES: 949 persoas

Realizada en colaboración coa escola politécnica de Lugo e a Asociación Numenius, presentáronse nesta mostra aves da contorna do castro de Viladonga.

Visitas teatralizadas

DATAS: maio e xuño de 2015

Coma unha viaxe no tempo, a través de distintos personaxes, e cunha duración aproximada dunha hora, estas visitas permitíronlles aos nenos e nenas visitantes (de

4 a 12 anos) achegarse de maneira amena aos modos de vida dos antigos habitantes do castro.



Obradoiros e visitas para escolares

Obradoiros de arqueoloxía para nenos

DATAS: curso escolar

Ademais da visita ao museo e ao castro, propónselles aos nenos e nenas unha oportunidade para estudar as estruturas do castro coa axuda dun caderno de campo e de instrumentos de medición. Participaron 498 rapaces de entre 8 e 15 anos.

Obradoiros de cerámica para rapaces

DATAS: curso escolar

Para coñecer o xeito de elaboración de pezas cerámicas que se atopan no museo, os escolares teñen a oportunidade nestes obradoiros de experimentar o funcionamento do torno e as tipoloxías das pezas. En 2015 participaron 870 rapaces de entre 8 e 15 anos.

Obradoiros de restauración para escolares

DATAS: maio e xuño de 2015

Como complemento da visita ao museo, os rapaces elaboraron nestes talleres mor-teiros como os empregados na consolidación das estruturas do castro, para coñecer e

experimentar os procesos de recuperación dos elementos arqueolóxicos do castro. Para rapaces de entre 8 e 15 anos. Participaron nestes obradoiros arredor de 250 rapaces.

Obradoiros de Nadal

DATAS: 15 e 16 de decembro

Visita ao museo, actividades e unha actuación de Peter Punk para os máis pequenos, cunha mostra de destrezas e globoflexia nun espectáculo multidisciplinar. Asistiron 261 persoas.

Xornadas

II Xornadas sobre a conservación en castros do noroeste peninsular

DATAS: 12, 13 e 15 de xuño de 2015

Estas xornadas de análise e reflexión sobre a conservación dos castros de Galicia, Asturias, Portugal e León desenvolvéronse parcialmente no Museo do Castro de Viladonga. Un encontro entre profesionais que permitiu compartir ideas e experiencias entre disciplinas afíns, como a museoloxía, a didáctica, a comunicación, o turismo etc.

Homenaxe a Felipe Arias

DATA: 21 de febreiro

Xornada de homenaxe ao ex-director do Museo do Castro de Viladonga, na que recibiu a distinción de Chairego de Honra da Asociación Cultural Xermolos e Irmandade Manuel María da Terra Chá.





4.11 Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre

O Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre está situado nunha área rica en petróglifos, no concello de Campo Lameiro (Pontevedra). Componse dunha área arqueolóxica visitable, na que se contabilizan un cento de petróglifos no seu propio contexto ambiental; un centro de interpretación e documentación, que permite un achegamento do público xeral ás sociedades a arte rupestre galega, a través dunha montaxe expositiva que ofrece unha experiencia lúdica e didáctica arredor dos petróglifos; e unha reconstrución dun poboado da Idade do Bronce para axudar a comprender a sociedade da época.

Visitas guiadas

DATAS: de martes a domingo, todo o ano

O parque ofrece o servizo de visitas guiadas como complemento á entrada ao parque, da man de profesionais que explican, de maneira amena, o universo simbólico oculto nas pedras e na paisaxe de Campo Lameiro. Participaron nas visitas guiadas 7.100 persoas.

Exposicións temporais

A arte da luz

DATAS: do 12 de maio ao 21 de xuño de 2015

Mostra sobre gravados rupestres de Foz Coa (Portugal) e Siega Verde (Salamanca).

NoitePedras

DATAS: xullo e agosto de 2015

Música, gastronomía e petróglifos nos seráns dos sábados do verán. Unha experiencia diferente para achegarse á cultura da Idade de Bronce, que inclúe unha visita guiada nocturna aos petróglifos. Participaron nas NoitePedras 233 persoas.



Obradoiros

Obradoiros en familia

DATAS: sábados, todo o ano

Programación enfocada ao público de distintas idades, con atención aos máis pequenos, que permite descubrir as técnicas construtivas das vivendas ao xeito de hai 4.000 anos e coñecer os modos de vida daquelas sociedades.

Obradoiros escolares

DATAS: curso escolar

Dentro do programa de visitas escolares ao Parque de Campo Lameiro, ofrécese unha serie de obradoiros arqueolóxicos, axeitados ás distintas etapas educativas, para aprender cunha experiencia lúdica e activa. *Primeiros artistas* ofrece unha viaxe á Pre-

historia de Galicia experimentando con réplicas arqueolóxicas; *Cerámica coas mans* é un taller de experimentación con barro; *Mestre petroglifeiro* apréndelles aos participantes as técnicas de gravado nas pedras; *Sementes do pasado* explica os procesos de domesticación das plantas polo ser humano; *Cazar na prehistoria* é unha introdución aos xeitos da caza na Prehistoria; e *Adornos persoais* permite confeccionar pulseiras con materiais cotiáns dos adobíos da época: óso, cerámica, madeira, cunchas etc. Realizáronse este ano 122 obradoiros nos que participaron 4.270 nenos e nenas.



Cursos

Obradoiro de iniciación á fotografía de petróglifos

DATA: 12 de setembro de 2015

Unha actividade para achegarse ás técnicas de captación fotográfica dos gravados nas pedras.

Sesión de arqueoloxía experimental

DATAS: 27 de maio de 2015

Sesión enfocada a coñecer a fundición en bronce dun machado prehistórico.



4.12 Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa

O Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa, de San Cibrao de Las (Ourense), ofrece as claves da cultura castrexa en Galicia a través dos seus asentamentos: os castros.

O conxunto arqueolóxico de San Cibrao de Las destaca pola gran superficie que ocupa, aproximadamente unhas 10 hectáreas, e polo bo estado de conservación deste castro representativo da etapa final da cultura castrexa, que se calcula que foi habitado desde o s. II a.C. ata o s. II d.C. O Centro de Interpretación mostra os aspectos máis salientables e enigmáticos desta cultura: a súa relación co territorio, a organización social no eido local e xeral, os contactos con outras culturas e o seu mundo simbólico e formas de expresión.

Este ano, o 8 de marzo, o parque celebrou o seu primeiro aniversario cunha xornada de portas abertas e obradoiros gratuítos para contribuír á difusión do centro e a participación social.

Visitas guiadas

DATAS: todo o ano

Programación de visitas comentadas por profesionais para achegarse aos contidos do parque dun xeito ameno. A última fin de semana de cada mes estas visitas programadas son gratuítas.

No programa de visitas, realizáronse algunhas temáticas, como *Están tolos estes romanos*, no mes de xaneiro, centrada nas novidades e métodos introducidos pola cultura vinda de Roma; ou *O guerreiro de Lánsbrica*, en febreiro, para coñecer as funcións

destes símbolos da cultura castrexa. E, nos meses de verán, en colaboración con Inorde e Renfe, desenvolvéronse visitas vinculadas á Ruta do viño do Ribeiro-Rías Baixas.

Tamén se realizaron visitas teatralizadas ao xacemento, como a viaxe á Idade de Ferro realizada na Semana Santa por Teatro do Miolo.



Exposicións temporais

A cerámica castrexa en Galicia. Investigación e recuperación

DATAS: do 17 de xullo ata o 30 de decembro de 2015

VISITANTES: 5.474 persoas

Esta mostra, producida polo Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, foi o resultado dun proxecto de investigación realizado pola Fundación Terra Termarum, que permitiu expoñer unha selección de 75 réplicas de cerámica de 24 xacementos castreiros de Galicia.



Castros lucenses: Investigación e posta en valor

DATAS: 21 maio a 1 de xullo

VISITANTES: 1.898 persoas

Escolma de exemplos de actuacións arqueolóxicas en castros da provincia de Lugo na última década, producida polo Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.



Obradoiros

DATAS: de maio a decembro de 2015

Vinculado á mostra sobre os castros, *O último sobrevivente castrexo* permitiulles aos participantes descubrir e experimentar os modos de vida da Idade do Ferro. No segundo semestre do ano, con motivo da exposición de cerámica, programouse nas fins de semana *Roda-roda a fusaiola!*, un taller para entender as pezas expostas e a evolución dos costumes no territorio galaico ao longo da historia.

Ao longo do ano tamén se desenvolveron obradoiros temáticos e xincanas por diferentes áreas do parque vinculadas con distintas programacións de visitas.

Xornadas

Rastrexando a perseo

DATA: 8 de agosto de 2015

Visita nocturna ao xacemento e observación das estrelas a cargo de especialistas da Asociación de Astronomía de Ourense, para coñecer os saberes dos castrexos en relación cos astros. Participaron na actividade 140 persoas.

Arqueoloxía experimental: Cocción cerámica

DATA: 26 de setembro de 2015

Xornada para público xeral desenvolvida por especialistas para coñecer os procesos, funcionalidades e técnicas da cerámica castrexa, coa colaboración da Fundación Terra Termarum. Participaron nesta xornada 120 persoas.

II Xornadas de portas abertas para o profesorado

DATA: 26 de setembro de 2015

Presentación da programación didáctica do parque aos profesionais do ensino interesados en integrar, como complemento dos contidos das aulas, a área arqueolóxica do parque. A xornada incluíu obradoiros e mostras das actividades deseñadas para o alumnado de diferentes etapas educativas.

O Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa tamén desenvolveu sesións formativas fóra do parque ao longo do ano, para achegar diferentes colectivos ao xacemento de San Cibrao de Las e á sociedade que o construíu: visita ao CEIP Eulogio Gómez Franqueira, ao Fogar Residencial de San Amaro, ou a participación na *VI Andaina solidaria do Concello de Cenlle*, para ofrecer unha perspectiva arqueolóxica do territorio.





4.13 Cifras de visitantes dos museos en 2015

Museo	Visitantes 2015
Museo do Castro de Viladonga	16.881
Castro de Viladonga	19.796
Parque Etnográfico do Cebreiro	17.682
Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense	20.009
Museo Etnolóxico de Ribadavia	11.341
Museo das Peregrinacións e de Santiago*	18.267
Museo Pedagóxico de Galicia	9.075
Centro Galego de Arte Contemporánea	38.000
Museo de Belas Artes da Coruña	80.488
Museo Massó	21.527
Museo do Mar de Galicia e Salinae	42.653
Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre	13.210
Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa	15.565
Total	324.494

* Este museo permaneceu pechado entre o 31 de xullo e o 7 de novembro por cambio de sede





05

DIFUSIÓN DAS ARTES PLÁSTICAS E VISUAIS

Promover a diversidade nas distintas linguaxes e tendencias artísticas, facilitarlle á cidadanía o acceso a esa diversidade creativa e fomentar a súa participación activa, ou promover a produción artística dos creadores e creadoras galegos como valor patrimonial común son os principais obxectivos das liñas de acción da Secretaría Xeral de Cultura no ámbito das artes plásticas e visuais.

O Centro Galego de Arte Contemporánea, o Museo de Belas Artes da Coruña, o Museo Centro Gaiás e a Casa da Parra son os principais espazos expositivos centrados na difusión social das artes plásticas e visuais actuais e históricas. Ademais da programación de mostras destes centros de arte, a Consellería de Cultura e Educación colabora con outros proxectos e espazos culturais na difusión da creatividade.



5.1

Exposicións de artes plásticas e visuais nos centros de arte da consellería

O primeiro Picasso. A Coruña 1891-1895

CENTRO EXPOSITIVO: Museo de Belas Artes da Coruña

DATAS: do 19 de febreiro ao 24 de maio de 2015

VISITANTES: 64.654 visitantes

Con esta mostra ofreceuse unha análise pormenorizada dunha etapa senlleira na formación de Picasso na Coruña que aínda non fora tratada con protagonismo en ningunha exposición. Os primeiros óleos, debuxos ou simples bosquejos son o fío condutor desta etapa coruñesa, articulada en catro eixos: a súa chegada á Coruña en outubro de 1891 ata a súa marcha en abril de 1895; a obra de Picasso posterior, na que recupera temas xa tratados no seu período de formación en Galicia; obxectos que ambientan a realidade social e política coruñesa de finais do século XIX; e obra de pintores galegos contemporáneos, que supuxeron unha referencia para el durante aqueles anos.

Con motivo da exposición, o Museo de Belas Artes da Coruña editou un catálogo no que se ofrece unha análise pormenorizada desta etapa fundamental na formación de Picasso comprendida entre 1891 e 1895 con textos da propia comisaria, Malén Gual, xunto con outros especialistas, como Xosé R. Barreiro, X. Antón Castro, Rafael Inglada, Marilyn McCully, César Antonio Molina, Elena Prado, Eduard Vallès ou Rubén Ventureira. O catálogo complétase cunha bibliografía xeral, a relación catalográfica das preto de máis de 200 obras que forman parte da mostra e a tradución dos textos ao inglés.

José Suárez. Uns ollos vivos que pensan

CENTRO EXPOSITIVO: Museo Centro Gaiás

DATAS: do 13 de novembro de 2015 ao 27 de marzo de 2016

O Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura recuperou a obra do fotógrafo José Suárez (Allariz, 1902 - A Guarda, 1974) e mostrouna dunha forma ampla, incluíndo por primeira vez o material recuperado recentemente en Venezuela. Comisariada por José Luis Suárez Canal e Manuel Sendón, a exposición recolle, así, unha selección de imaxes das súas diferentes series fotográficas, así como publicacións, diarios persoais, cartas, catálogos, obxectos persoais e toda clase de elementos que permiten situar a súa obra no contexto na que foi realizada.



Elízara, lugar onde non estiven, de Xoán Guerreiro

CENTRO EXPOSITIVO: Casa da Parra

DATAS: do 20 de febreiro ao 5 de abril de 2015

A pintura figurativa de Guerreiro foi a protagonista da apertura da temporada na Casa da Parra, cun total de 44 obras, entre as que se incluíron 38 traballos en óleo de pequeno, mediano e gran formato, dous gravados e catro debuxos en grafito, para mostrar o xeito de narrar deste artista centrado en interpretar a realidade, focalizando un universo cotián que primeiro observa para despois escribir. Seguindo a estela da obxectividade, Guerreiro atrapa a realidade dándolle visibilidade ao invisible. A maxia do realismo que atravesa o limiar da imaxinación sen perder a referencia do mundo.



Umbral, de Teo Soriano

CENTRO EXPOSITIVO: Casa da Parra

DATAS: do 17 de abril ao 30 de xuño de 2015

Comisariada por Ángel Cerviño e Alberto González-Alegre, a mostra propón unha lectura aberta dos últimos traballos de Teo Soriano a través de 14 pezas que empregan a abstracción como procedemento, incluídos varios dípticos e polípticos, realizadas en materiais de moi diversa factura e moitos deles atopados, como a madeira, o aluminio, o cemento e o papel, traballados despois con toda clase de pinturas e pigmentos: óleo, acuarela, acrílico, esmalte etc.



Locus horridus#locus amoenus, de Antón Sobral



CENTRO EXPOSITIVO: Casa da Parra

DATAS: do 17 de xullo ao 16 de setembro de 2015

Cunha base pictórica, óleo sobre lenzo, e co mar como fío condutor, esta mostra multidisciplinar presenta as olladas e os elementos recollidos polo artista. Tamén, fotografía pintada que volve converter en fotografía, instalacións con restos traídos pola marea (redes, paos) e a proxección do vídeo *Hamaca*.

Os sinais deixados, de Ramón Trigo



CENTRO EXPOSITIVO: Casa da Parra

DATAS: do 14 de outubro ao 19 de novembro de 2015

Nesta mostra o vigués Ramón Trigo recrea o mundo intanxible da súa xeografía vital a través dunha selección de 86 obras, que supoñen o remate dun ciclo na súa evolución artística. Componse dunha selección de 35 cadros, unha escultura e 50 debuxos. Este proxecto supón, segundo o artista, a culminación e o peche dun ciclo que comezou hai cinco anos coa exposición *Tránsit* (Fundación Caixanova. Vigo, 2010) e que continuou catro anos máis tarde coa presentación da mostra *Cinzas*, no Instituto de Estudos Miñoranos (Gondomar, en 2014).

Oito espazos para sete miradas



CENTRO EXPOSITIVO: Casa da Parra

DATAS: do 25 de novembro de 2015 ao 20 de xaneiro de 2016

Sete profesionais da fotografía asentados na elite portuguesa desta arte do noso tempo achegan a súa sensibilidade e a súa calidade técnica para tomar a esencia dos oito templos da Rexión Norte que constitúen o eixe temático desta colección. As súas creacións remiten á esencia do pobo veciño, á súa identidade, con forza propia, e cunha compoñente que se manifesta na súa arquitectura histórica. Este proxecto forma parte da iniciativa *Nortear* promovida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola Dirección Rexional de Cultura do Norte e pola Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (AECT).

Rosendo Cid. O enxeño da escaleira

CENTRO EXPOSITIVO: CGAC

DATAS: do 17 de outubro de 2014 ao 25 de xaneiro de 2015

O traballo de Rosendo Cid pode identificarse coas actitudes metodolóxicas do grupo literario OuLiPo. A través do ensamblaxe e reensamblaxe de obxectos, coma nunha colaxe infinita, crea novas tensións e estruturas. Para esta exposición no CGAC, o artista apoiouse en dúas ideas literarias: por unha banda, a expresión francesa *l'esprit de l'escalier* (o enxeño da escaleira), que describe o acto de atopar unha resposta enxeñosa cando é demasiado tarde para ofrecela; e, pola outra, o *Odradek*, criatura imaxinaria dun relato de Franz Kafka descrita como un obxecto-ser deslocalizado e sen outra aparente utilidade máis que a do seu propio existir. Mostra comisariada por Christina Ferreira no espazo Proxectos.





Cristina Lucas. É capital

CENTRO EXPOSITIVO: CGAC

DATAS: do 17 de outubro de 2014 ao 22 de febreiro de 2015

En *É capital* Cristina Lucas (Xaén, 1973) analiza algunhas das principais incógnitas e paradoxos do actual sistema capitalista mediante catro obras de nova creación concibidas especificamente para o contexto desta exposición. *Plusvalía* documenta a investigación da artista arredor do prezo actual do manuscrito de *O capital*, de Marx, que populariza este termo. A relación entre o valor de uso e o valor de cambio nunha sociedade rexida polas normas do capitalismo financeiro tamén está na base do traballo *A cámara do tesouro*, dúas fotografías de todo o ouro almacenado na Reserva do Banco de España. A serie de entrevistas titulada *Capitalismo filosófico* indaga na relación existente entre os conceptos cos que comercian as empresas e a súa actividade. E en *O superbén común*, a artista analiza o paradoxo da escaseza de recursos e a incapacidade do noso planeta para xerar riqueza suficiente. Mostra comisariada por Manuel Villa e producida por Matadero Madrid e Acción Cultural Española, coa colaboración de Patio Herreriano.

Carlos León. A orde das primeiras cousas

CENTRO EXPOSITIVO: CGAC

DATAS: do 31 de outubro de 2014 ao 8 de marzo de 2015



A exposición, comisariada por Ángel Cerviño e Alberto González-Alegre, explora e vertebra algunhas das series máis recentes do pintor Carlos León (Ceuta, 1948), con especial interese nos xogos de relacións —plásticas e conceptuais— que se establecen entre o radical cuestionamento de todo ilusionismo que propón a súa pintura e a práctica depurada dunha produción tridimensional.

Hospitalidade. Obras da colección do CGAC

CENTRO EXPOSITIVO: CGAC

DATAS: do 18 de novembro de 2014 ao 5 de abril de 2015



A institución museolóxica é unha creación da sociedade democrática e laicizada que atopou nela modelos de difusión da creación para cidadáns libres. O museo, como lugar de liberdade e confrontación crítica coa realidade e de acceso igualitario para a cidadanía, conforma o espazo público, como un xardín ou unha praza máis desta cidade patrimonio mundial. Obras de Antoni Abad, Lara Almarcegui, Helena Almeida, Juan Araujo, David Bestué & Marc Vives, Robert Breer, Pedro Cabrita Reis, Rui Calçada

Bastos, Jota Castro, Ângela Ferreira, Alicia Framis, Anna Bella Geiger, Liam Gillick, Jonathan Hernández, Jirí Kovanda, Guillaume Leblon, Carlos Maciá, Rubens Mano, Peter Piller, Rubén Ramos Balsa, Frank Thiel e Mauro Trastoy. Comisariada por Miguel Von Hafe.

Edita: secuencia/sentido

CENTRO EXPOSITIVO: CGAC

DATAS: do 6 de marzo ao 14 de xuño de 2015

Comisariada por Miguel Von Hafe, a mostra incluíu obra de Patricia Almeida, Tono Arias, David Barreiro, André Cepeda, Dispara, Luis Díaz Díaz, António Júlio Duarte, José Pedro Cortes, Fabulatorio, Ghost, Xosé Lois Gutiérrez, Pierre von Kleist, Reinaldo Loureiro, Jesús Madriñán, Tono Mejuto, André Príncipe, Simona Rota e São Trindade. A partir da experiencia e do recoñecemento de catro editoriais galegas e portuguesas (Dispara, Fabulatorio, Ghost e Pierre von Kleist), construíuse esta mostra en base á complicitade que se establece entre o acto creativo e a súa posterior edición.



Christian García Bello. Como tizón queimado



CENTRO EXPOSITIVO: CGAC

DATAS: do 6 de marzo ao 27 de setembro de 2015

Comisariada por Alberto Carton para o espazo Proxectos do CGAC, *Como tizón quemado* é unha axilización do proceso creativo de Christian García Bello (*A Coruña*, 1986) cara á rotundidade contida do xesto e cara á severidade sen concesións dun carácter en evasión concreta e radical. A complexión non banal da instalación site-specific establece unha unidade lóxica co espazo (baleiro, luz e certas perspectivas aparentes), que particulariza o medio envolvente e que o retorce nunha sucesión de tensións verticais e horizontais reivindicativas dunha xeometría pura e razoada. A utilización da madeira, do grafito ou da corda dálle textura a esa armazón primaria, como afirmación do inviolable do home e da súa unicidade substantiva.

Manuel Vilaríño. Tectónica



CENTRO EXPOSITIVO: CGAC

DATAS: do 19 de marzo ao 27 de setembro de 2015

Prospección no universo creativo e poético deste autor, pero cunha perspectiva inédita: un traballo de corte tectónico, para indagar nas liñas de sostemento que fundamentan a súa reflexión estética e que explican as realizacións plásticas e poéticas —a propia experiencia vital— deste creador singular. Nos estratos *Música*, *Poesía*, *Ciencia* e *Imaxe* contémppanse unha serie de referencias fundamentais na traxectoria de Manuel Vilaríño, á vez que se contextualiza e se explica o universo estético do autor. Comisariada por Alberto Ruíz de Samaniego.



Val del Omar. A mecámistica do cine

CENTRO EXPOSITIVO: CGAC

DATAS: do 24 de abril ao 30 de agosto de 2015

A obra de José Val del Omar (Granada, 1904 - Madrid, 1982) é o resultado das súas facetas de inventor, poeta visual e cineasta. Con este neoloxismo Val del Omar quixo unir a actividade do alquimista e a do cineasta e definir deste xeito a súa orixinal aproximación ao cinema: a través da investigación tecnolóxica e dunha estética experimental propia. A exposición realiza un percorrido pola obra de Val del Omar a partir dun concepto que sobrevoa toda a súa traxectoria: a mecámistica, outro neoloxismo co que o artista granadino se refería ao universo das máquinas, ás que se enfrontaba cunha actitude mística, buscando ver máis alá do inmediato da tecnoloxía. Mostra comisariada por Cristina Cámara.



Reflexións. Colección CGAC

CENTRO EXPOSITIVO: CGAC

DATAS: do 16 de xullo ao 18 de outubro de 2015

A reflexión entendida como un acto de meditación ou como un efecto óptico que en ocasións cambia a realidade conducindo o pensamento por camiños tortuosos ou, pola contra, mostrándonos novos puntos de vista. Comisariada por Christina Ferreira Andrade, recolle obras do CGAC de Chema Alvargonzález, Jorge Barbi, Alberto Barreiro, Rui Calçada Bastos, Mircea Cantor, Tono Carbajo, Elena del Rivero, Florentino Díaz, DSK, Juan Lesta & Belén Montero, Suso Fandiño, Joseph Kosuth, Eva Lootz, Alicia Martín, Asier Mendizabal, Álvaro Negro, Pamen Pereira, Georges Rousse, Eve Sussman e Peter Wüthrich.





Arisa. A sombra e o fotógrafo 1922-1936

CENTRO EXPOSITIVO: CGAC

DATAS: do 8 de setembro ao 15 de novembro de 2015

Trátase dunha mostra de fotografías da Colección Telefónica dedicada ao catalán Antoni Arisa (Sant Andreu, 1900 - Barcelona, 1980). A exposición é o resultado do traballo de recuperación de arquivos fotográficos da Fundación Telefónica, en colaboración co Institut d'Estudis Fotogràfics de Catalunya. O exhaustivo labor de investigación e restauración realizado polos comisarios Valentín Vallhonrat e Rafael Levenfeld contribuíu a pór en valor a figura de Arisa como representante da introdución da Nova Visión na fotografía española dos primeiros anos do século XX.



Javier Vallhonrat. Interaccións

CENTRO EXPOSITIVO: CGAC

DATAS: do 29 de outubro de 2015 ao 27 de marzo de 2016

Coproducida polo Museo de la Universidad de Navarra e comisariada por Santiago Olmo, constitúe o máis recente conxunto de traballos do artista Javier Vallhonrat. Baixo o título *Interaccións*, reúne un total de 52 fotografías, sete vídeos e unha videoinstalación estruturados en cinco seccións —*42°N*, *Deriva estándar*, *Fricción límite*, *Rexistro da marxe* e *Eolionimia*—. Unha exploración sobre a experiencia da creación na alta montaña, a fragilidade do home fronte á natureza e as condicións extremas, pero tamén como un cuestionamento sobre diferentes modos de representación da paisaxe.



Luis González Palma. Constelacións do intanxible

CENTRO EXPOSITIVO: CGAC

DATAS: do 27 de novembro de 2015 ao 13 de marzo de 2016

O universo de Luis González Palma (Guatemala, 1957) está formado por constelacións temáticas que orbitan ao redor da súa obra nun ciclo de permanente ida e retorno. A identidade e a memoria —eixos das súas primeiras series fotográficas— son abordados desde o retrato con persistentes ecos á pintura relixiosa, ao barroco e ao prerrafaelismo. O artista sèrvese de elementos prestados do teatro e da imaxinería católica, de códigos cinematográficos e recursos da arquitectura, a danza, a música ou as técnicas antigas da fotografía. Producida pola Fundación Telefónica baixo o comisariado de Alejandro Castellote.

Os satélites. Parada Justel

CENTRO EXPOSITIVO: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

DATAS: do 27 de novembro de 2014 ao 1 de febreiro de 2015

Mostra do percorrido artístico do pintor ourensán Ramón Parada Justel (1871-1902) que pon en primeiro plano a obra *Os satélites* e outras dezasete obras deste artista como homenaxe a este autor que, xunto con Ovidio Murguía, Xaquín Vaamonde, Jenaro Carrero, foi parte da Xeración Doente.



Horizonte

CENTRO EXPOSITIVO: Museo do Mar de Galicia

DATAS: do 19 de decembro de 2014 ao 1 de febreiro de 2015

Exposición de pinturas de X. Chaves en grande formato alusivas ao mar, ao marítimo e mais tamén ao horizonte e ao horizontal. Coa colaboración da Deputación de Pontevedra.



5.2 Colaboración con outras mostras e iniciativas artísticas

Difusión de artistas galegos

A Consellería de Cultura e Educación colaborou nunha nova edición da *Bienal Pintor Laxeiro*, que chegou á súa décimo segunda cita no Museo Municipal Ramón M^a Aller cunha mostra de 30 artistas, boa parte deles galegos ou residentes na comunidade e 14 procedentes doutras partes de España e de países como China, Brasil ou a República Checa, dos cales o museo lalinense adquiriu seis pezas. Esta edición, comisariada por Manuel Moldes e Guillermo Aymerich, rendeulle homenaxe ao polifacético artista de Vila de Cruces Paco Lareo, que participou na posta en marcha da bienal no ano 1993. A mostra complementouse no mes de xullo cunha xuntanza internacional de convivencia de artistas.

Dentro da colaboración da consellería coa terceira edición da feira de arte contemporánea *Cuarto Público*, o Centro Galego de Arte Contemporánea acolleu en novembro o *I Encontro de performance Cuarto Público*, como o preludio da feira que se celebrará en 2016. Alicia Framis ofreceu unha charla maxistral. Entre as propostas presentadas para participar no encontro, un xurado conformado pola Fundación RAC, pola Fundación



Granel, Cuarto Público e CGAC seleccionou as dúas mellores accións, premiadas con 900 euros cada unha.

No mes de abril a consellería tamén apoiou en Madrid, no Centro Cultural Conde Duque, a mostra obra plástica dos artistas galegos **Alejandro González Cruz**, **Alexandro, Antón Lamazares** e **José Manuel Vidal Souto**, comisariada por Miguel Santalices.

Nos meses de abril e maio expúxose, coa colaboración da consellería, a mostra antolóxica dedicada ao pintor e escultor **José Antonio Fondevila**, na Casa da Cultura de Silleda, composta por 43 cadros e debuxos e 18 esculturas, así como por diverso material divulgativo sobre o seu traballo. A partir da exposición, editouse un catálogo bilingüe.

Coa colaboración da Xunta de Galicia, no mes de decembro inaugurouse no Centro Cultural Marcos Valcárcel a primeira mostra individual en Ourense do artista **Manuel Quintana Martelo**, comisariada por Miguel Fernández-Cid. Nunha selección de obra recente, móstranse os traballos dos últimos anos, nos que Quintana leva os obxectos a primeiro plano e desenvolve escultura na busca das caras do obxecto que a pintura non lle deixaba representar.

A Fundación Gonzalo Torrente Ballester acolleu este ano **GTB fotógrafo. Outra mirada**, unha exposición de 60 imaxes realizadas polo escritor cunha cámara Yashica montada sobre un trípode. Comisariada por Lucía Alcaina e Begoña Álvarez, baixo a coordinación de Fernández-Cid, a mostra contou coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, entre outras institucións.

Ademais, a Secretaría Xeral de Cultura colaborou na edición dos libros **Historia e técnicas da talla en madeira**, de Valentina García Abalo, e do **Códice Calixtino** ilustrado, nunha relectura de Cándido Pazos, así como catálogo da artista mexicana **Sofía Tabías**, realizado a partir dunha residencia promovida pola Fundación RAC, froito dun percorrido da artista desde Pena Corneira, no concello de Carballeda de Avia, terra de seu pai.

Unidade didáctica sobre Laxeiro

A Xunta de Galicia colaborou coa Fundación Xaime Quesada Blanco na edición e difusión nos centros de ensino de educación infantil da unidade didáctica *O artista na aula e os nenos e nenas ao museo*, elaborados pola especialista María Miguélez.

Trátase dunha proposta de actividades para fomentar a comprensión da figura do pintor Jaime Quesada, a reprodución das súas técnicas, e a creación autónoma, que ofrece, ademais, unha introdución eficaz á colección de Quesada no Pazo de Vilamarín. Tanto o caderno para o profesorado como o caderno de fichas para o alumnado están desde setembro dispoñibles no repositorio de contidos do Espazo Abalar e no web de Cultura da Xunta de Galicia.



5.3 Efemérides das artes plásticas 2015

Primeiro Día das Artes Galegas, dedicado ao Mestre Mateo

No mes de xaneiro a Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario decidiu na súa asemblea crear o Día das Artes Galegas, unha cita anual para a exaltación, divulgación e promoción da creación en Galicia que se celebrará cada primeiro de abril, coincidindo coa mesma data do ano 1188 que aparece na epígrafe das limeiras do Pórtico da Gloria e que certifica que aquela obra foi dirixida polo Mestre Mateo. Cada ano, un artista histórico será seleccionado pola academia para esta homenaxe que pretende ir gañando terreo social nas sucesivas edicións.

O 31 de marzo de 2015 o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, presidiu a presentación deste primeiro Día das Artes Galegas, unha celebración que contou co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Vixésimo aniversario da Fundación Granell

O Museo Fundación Eugenio Granell, con motivo do seu vixésimo aniversario e do centenario do nacemento de Amparo Segarra, desenvolveu unha programación especial coa intención de continuar o seu labor de difusión da figura de Eugenio Granell, do surrealismo e de artistas contemporáneos, coa colaboración da Consellería de Cultura e Educación.

Con esa finalidade, ademais de lle dar continuidade á acción de proxección dos fondos da obra de Granell encamiñados á investigación, desenvolvéronse varias mostras temporais: *A inquietante beleza*, de Víctor López-Rúa (A Coruña, 1971), un artista que basea o seu discurso na disciplina da pintura, onde a intimidade, o tempo e a memoria conxugan un

persoal universo surrealista; *Dobre simultáneo*, da creadora Sara Coleman (A Coruña, 1980), para achegarse ao seu universo de tradición e vangarda no ámbito da moda; e a mostra *Luis Seoane*, do singular universo creativo dun dos artistas máis representativos da vangarda galega.

5.4 Apoio a certames artísticos

Fotografía Contemporánea

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria colaborou coa terceira edición do **Premio Galicia de Fotografía contemporánea**, un certame promovido pola Fundación Benito Losada, co obxectivo de situar a Galicia no circuíto internacional da fotografía e de promover nesta disciplina novas creacións na linguaxe visual contemporánea. O certame premia propostas de carácter visual-fotográfico no discurso da fotografía contemporánea, realizadas por autoras e de autores de calquera nacionalidade, cunha dotación económica de 12.000 euros destinada á produción dunha exposición coa obra gañadora, en itinerancia durante dous anos, así como á publicación dun libro dentro da serie Premio Galicia de Fotografía Contemporánea da colección OF. Eva Díez foi a gañadora desta edición co proxecto *Renacer*.

Por outra parte, o fotoxornalista Xoán A. Soler foi o gañador este ano do premio **Galicia en Foco**, que organiza o Clube de Prensa de Ferrol, co apoio da Secretaría Xeral de Cultura, que tamén colabora con esta entidade con outras iniciativas como a publicación *FerrolAnálisis* ou o *Curso de pensamento Carlos Gurméndez*.



Certame Escultura Asorey

O Certame de Escultura Francisco Asorey está destinado á promoción e posta en valor da creatividade actual. Promovido pola Asociación Francisco Asorey co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, xunto co Concello de Cambados e da Deputación Provincial de Pontevedra, esta segunda edición contou cunha participación de 41 obras de artistas de nacionalidades diversas. Unha exposición en Cambados recolleu os doce traballos finalistas, obra de autores recoñecidos xunto coas doutros emerxentes, procedentes, no caso de Galicia, do alumnado da Facultade de Belas Artes de Pontevedra, da Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo de Santiago de Compostela, da Escola de Artes Pablo Picasso da Coruña e da Escola de Canteiros de Pontevedra. A obra gañadora desta edición foi *Lambetazo*, de José Castro. As obras de Miguel Ángel Vigo e de Óscar Aldonza recibiron cadanseu accésit.



Premio de cartelismo Francisco Mantecón

Un total de 1.310 obras procedentes de 59 países participaron este ano na décimo segunda edición da Bienal Internacional de Cartelismo Terras Gauda-Concurso Francisco Mantecón, punto de encontro da vangarda artística internacional. A Xunta de Galicia, colaboradora deste certame, participou tamén na exposición que, do 31 de outubro ao 25 de novembro, puido visitarse na Estación Marítima de Vigo. Este ano presentáronse ao certame, principalmente, obras de Italia e de España, e tamén de Alemaña, Grecia, Polonia, Portugal, Austria, Xapón, China, Israel, Indonesia, Irán, Vietnam, Taiwán e Tailandia. Angelika Jaglińska (Polonia) foi a gañadora do primeiro premio, mentres que Guil Fridman (Israel) e Toni Pontí (Lleida) recibiron senllos accésits. O xurado outorgoulle unha mención especial ao traballo presentado por Joonas Vähäkallio (Finlandia).





06

PROMOCIÓN DA MÚSICA E DAS ARTES ESCÉNICAS E AUDIOVISUAIS

Se ben a Agadic é o organismo que concentra as programacións e liñas de acción xerais nestes dous sectores profesionais, a Secretaría Xeral de Cultura promove actuacións complementarias nestes campos, co fin de atender a diversidade de formatos e de estilos, a participación social na creación, profesional e non profesional, procurando tamén sinerxías co ámbito de formación académica e con especial atención á captación de novos públicos.

6.1 Programación das orquestras galegas

Orquestra Sinfónica de Galicia

Baixo a batuta principal de Dima Slobodeniouk, a Orquestra Sinfónica de Galicia, xestionada polo Consorcio para a Promoción da Música (formado polo Concello e a Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia, co patrocinio complementario doutras empresas privadas e Amigos da OSG), desenvolveu unha temporada intensa de concertos, entre os que destacaron o *Lago dos cisnes*, en colaboración co Centro Coreográfico Galego no mes de febreiro, o concerto aniversario da Filharmónica de Vigo, o 12 de marzo na cidade da oliveira, coa participación de C. Currie, a *Paixón segundo san Mateo* de Bach, con Ton Koopman e o coro da orquestra o 8 e 9 de maio; a estrea en España de *Let me tell you* o 21 de maio en Ferrol, con Barbara Hanigan; ou os concertos arredor da obra de Mahler o 9 e 10 de outubro, con E. Podles; entre outros.

Ademais da programación na Coruña, a OSG realizou en Galicia outros 14 concertos con artistas convidados, que tiveron lugar en Ferrol, en Vigo e en Santiago de Compostela. No mes de abril tamén participou na programación do Auditorio de Cuenca.

Dentro da ambiciosa acción formativa da orquestra, ampliouse o proxecto Abanca ReSoa, desenvolvido ata agora no Centro Cívico de Montealto da Coruña, ao CEIP Alborada desde o mes de novembro de 2015.

Dentro das novidades formativas, tamén se puxo en marcha o ciclo Son Futuras Promesas, con concertos dos integrantes máis destacados da Orquestra de Nenos, da Orquestra Nova da OSG e dos Nenos Cantores e Coro Novo da OSG. Ademais, preparouse a participación de membros da Orquestra Nova da OSG na xira de concertos en Abu Dabi (Emiratos Árabes) coa Orquestra Sinfónica de Galicia.





Real Filharmonía de Galicia

Xestionada polo Consorcio da Cidade de Santiago, do que forma parte a Xunta de Galicia, a Real Filharmonía de Galicia (RFG) desenvolve ao longo do ano unha programación musical estable, con sede con Auditorio de Galicia. Baixo a dirección de Paul Daniel, destacaron nas programacións de apertura á diversidade de estilos musicais abordada pola orquestra, coa finalidade de achegar novos públicos á actividade musical orquestral, como o *Concerto para violoncello en Si menor* de Antonín Dvorák, interpretado polo cellista madrileño Pablo Ferrández, cun Stradivarius de 1696, baixo a dirección do mestre catalán Antoni Ros Marbà, o 13 de marzo; *Tránsitos*, obra do pianista e compositor galego de jazz Abe Rábade, interpretada polo seu trío coa RFG o 30 de abril, e que foi retransmitida en directo por internet vía streaming, a través da páxina web da orquestra; *Frankenstein!*, o 23 de outubro, con Julián Hernández, líder de Siniestro Total, que adaptou ao castelán a obra de HK Gruber nunha función narrativa que conflúe con estilos variados como o cabaré, a ópera ou o teatro musical; ou o concerto de Nadal, co *Mesías* participativo dirixido por Enrico Onofri, que contou coas voces da soprano María Espada, a mezzo Marina Comparato, o tenor Enrico Iviglia e o barítono Fulvio Bettini, ademais da participación dos coros da Orquestra Sinfónica de Galicia e unha masa coral constituída por distintos coros da cidade, unindo os esforzos de profesionais e afeccionados.

Ademais da temporada estable no Auditorio de Galicia, a RFG compatibiliza concertos e xiras noutras cidades e no estranxeiro. En 2015 a orquestra celebrou en Santiago de Compostela un total de 23 concertos de abono; participou en nove concertos en Vigo, no Teatro Afundación, ademais doutras 10 actuacións na Coruña, Ferrol, Pontevedra, Lugo e Ourense. Tamén participou en varios actos institucionais, no Festival Musika-Música de Bilbao e no Kursaal Donosti, cun cheo absoluto de 1.800 localidades.

A RFG tamén está a desenvolver unha programación de concertos didácticos e iniciativas de colaboración non só coa Escola de Altos Estudos Musicais, como é habitual, senón tamén co Conservatorio Profesional de Música de Santiago. Este ano realizou oito concertos para escolares e tres concertos familiares. Ademais, a RFG integrouse nos principais ciclos musicais da cidade de Santiago, tamén en festivais como Cineuropa, e con motivo do seu vixésimo aniversario esta temporada, creou o ciclo Descubre unha orquestra para ti, a túa!, con horarios accesibles aos públicos familiares, así como unha programación de concertos nos barrios, gratuítos e ao aire libre.

6.2 Programacións musicais

Os ciclos musicais, o apoio ás redes de programación públicas e privadas, así como festivais e certames de diversos estilos xestionados pola Agadic (véx. 9.1) complementáanse con outras vertentes de programación neste ámbito, que procuran obxectivos diferenciados.

Do Audible, música contemporánea

Para a difusión das linguaxes musicais contemporáneas, a Secretaría Xeral de Cultura vén promovendo cada ano o ciclo Do Audible. Música en diálogo coa arte, coa ciencia e co pensamento contemporáneos. Coordinado polo colectivo Vertixe Sonora, baixo a dirección artística de Ramón Souto e a dirección musical de Pablo Coello, o ciclo, que este ano celebrou a súa terceira edición, procura a normalización da escoita de música contemporánea no noso territorio, investiga puntos de encontro entre as distintas artes, que faciliten o achegamento do público non especializado e ofrece en cada concerto unha experiencia singular.

As propostas musicais, interpretadas por diferentes músicos do ensemble Vertixe Sonora, orgánzanse arredor dun foco temático e interactúan coa palabra cómplice de relevantes personalidades do mundo da cultura, que achegan informacións e perspectivas de interpretación da música esclarecedoras para os oíntes.



As cidades invisibles

Martes 26 de maio ás 20.30 h, na Fundación Luis Seoane (A Coruña)
 Con Fernando Palacios (divulgador RNE)
 Compositores: Iago Hermo, Mauricio Pauly, Bernardo Barros, Stefan Beyer
 Colabora: 4+1 Piano Ensemble

Eloxio do mínimo

Martes 30 de xuño ás 20.30 h, na Casa do Saber (Lugo)
 Con Alberto Bernal (compositor) e Federico López Silvestre (investigador de arte contemporánea)
 Compositores: Luc Ferrari, Franz Liszt, La Monte Young, Giacinto Scelsi, Mathias Spahlinger, Alberto Bernal

Incerteza

Martes 20 outubro ás 20.30 h, no Café Moderno Afundación (Pontevedra)
 Con Joan Bagés i Rubí (compositor) e Ana Ulla Miguel (astrofísica)
 Compositor: Joan Bagés i Rubí

Baleiro

Mércores 25 novembro ás 20.30 h, no Auditorio Municipal de Lalín
 Con Miguel Ángel Tolosa (compositor) e Javier Turnes (filósofo)
 Compositores: Ingar Zach, Miguel Ángel Tolosa, Andrés Nuño de Buen

Ademais deste ciclo de música contemporánea, a Consellería de Cultura tamén colabora con outros ciclos como as *Xornadas de música contemporánea*, que este ano desenvolveu a súa programación en espazos como o Salón Teatro ou a Cidade da Cultura de Galicia (véx. 6.2 e 10.2), ou o ciclo Sons da Diversidade, entre outros.

Música e patrimonio

A secretaría Xeral de Cultura desenvolveu, un ano máis, as programacións musicais en espazos destacados do patrimonio galego, que permiten unha experiencia diferente dos concertos ao tempo que se promove un achegamento e maior coñecemento dos bens culturais. Así, os ciclos **Espazos Sonoros** e **Monumenta** presentaron este ano un importante cartel de artistas galegos e internacionais, como La Morra, Talabarte, La Macorina, Oscar Ibáñez, Vox Stellae ou Leilía, que presentaron a súa música en lugares singulares do noso patrimonio material como San Lourenzo de Carboeiro, en Silleda, o refectorio de Santa María de Oseira, en Ourense, o Centro de Interpretación dos Petróglifos de Tourón, en Ponte Caldelas, ou o xacemento Aquis Querquennis, en Bande, tal como se recolle no apartado de difusión do patrimonio cultural (véx. 3.4).

Música nos museos

Nos museos dependentes da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, desenvolveuse unha programación de difusión musical con diferentes vertentes. No Museo de Belas Artes da Coruña, leváranse a cabo concertos de música clásica (Picassoconcertos, do 15 de marzo ao 24 de maio e o XVII ciclo de Concertos de Outono, do 18 de outubro ao 8 de novembro de 2015). A música contemporánea estivo representada no Ciclo de Música Actual Galega, o 12 de novembro, dentro do XIX ciclo de concertos da Asociación Galega de Compositores, en colaboración coa SGAE; Jazz no Museo, o 11 de decembro de 2015, coa presentación do disco *Lontananza*; e déuselle acollida á presentación pública de traballos discográficos ou etnográficos (concerto-presentación de Fernando V. Arias, o 15 de xaneiro e a conferencia *Escolma dos coros galegos*, o 17 de xaneiro, con motivo da recepción da doazón do arquivo vinculado ao coro cantigas da Terra). No Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, celebráronse concertos como o do grupo Ensemble Peregrina, con motivo da celebración do VIII Festival Internacional de Música de Ourense Pórtico do Paraíso (11 de marzo), ou a actuación do dúo Dous. Tamén o Museo Massó desenvolveu actividades vinculadas coa difusión da música, como un obradoiro musical infantil inspirado na obra *Muiñeira Opus 32* de Pablo Sarasate (22 de abril), ou a sesión literario-musical *Un mar máis alto có ceo* cun concerto de óboe acompañado por un recital de poesía.

6.3 Colaboracións con outras entidades para a difusión das artes escénicas, musicais e audiovisuais

No ámbito das artes escénicas, do 14 ao 17 de xullo celebrouse a XVIII edición das **Noites Teatrais de Vilamarín**, cunha programación diaria de teatro e artes afíns, promovida polo Concello de Vilamarín en colaboración coa Xunta de Galicia.

O **Titirideza 2015** rendeu homenaxe ao esforzo das compañías que desenvolven o seu traballo en galego coa exposición *Eran os oitenta*, unha mostra de fotografías, carteis e marionetas dese tempo no Museo Galego da Marioneta. O apoio da Secretaría Xeral de Cultura tamén se dirixiu a unha completa programación, nesta décimo cuarta edición do festival de títeres de Lalín, das compañías Tanxarina Títeres, Os Monicreques de Kukas e Dhantea teatro, Fantoques Baj, Artello e Cinema Sticado, entre outras.

A Secretaría Xeral de Cultura, no marco do convenio subscrito co Concello de Santiago de Compostela, patrocinou o desenvolvemento de varios ciclos singulares de música. O **Festival Vía Stellae** celebrou este ano a súa décima edición, un certame esencial no verán compostelán cunha consolidada traxectoria. O Teatro Principal e o Salón Teatro, as igrexas e capelas de San Fiz de Solovio, da Universidade, da Orde Terceira e de San Domingos de Bonaval, así como outras localizacións singulares como o CGAC, o Hostal dos Reis Católicos ou o Paraninfo da Universidade, foron os variados escenarios do festival. Un total de 19 concertos de música antiga e barroca e doutras épocas e xéneros musicais conformaron a programación deste ano.

No marco deste convenio de colaboración, a Secretaría Xeral de Cultura tamén colaborou na programación do **IX Festival de Músicas Contemplativas**, coa habitual combinación dos patrimonios musical e artístico, que programou para a Semana Santa compostelá, entre o 27 de marzo e o 5 de abril, dezasete concertos en diferentes espazos singulares da cidade, con artistas de países como Irán, Siria ou Afganistán, baixo o lema *Camiños...* Nesa colaboración tamén se desenvolveu o **Ciclo de Lied** do 22 ao 29 de setembro, no Teatro Principal de Santiago, coa programación de artistas destacados no xénero, xunto ao pianista e mentor do evento, Roger Vignoles. A programación incluíu tamén conferencias de expertos sobre este xénero da música clásica.

De abril a setembro, a igrexa pontevedresa de San Martiño, en Covelo, acolleu o **VII Ciclo de Música Relixiosa de Barcia de Mera**, unha programación de seis concertos co apoio da Consellería de Cultura e Educación. A Orquestra de Cámara Galega, Vox Stellae, o Grupo Instrumental Siglo XX, Luz y Norte, Capela Finis Terrae e Belén Elvira acompañada do pianista Álvarez Parejo ofreceron diversos repertorios para achegar a música e o patrimonio no ámbito rural.

A XI edición de **Música no Claustro** celebrou do 7 ao 9 de agosto promoveu un ano máis a difusión da creatividade artística e o patrimonio vinculado á catedral de Tui, cun festival de calidade e participativo para todos os públicos. Baixo o leitmotiv *#contrastes*, a programación, apoiada pola Secretaría Xeral de Cultura, incluíu este ano catro obradoiros para adultos e nenos, un espectáculo de maxia, a participación de novos intérpretes e os concertos de Samuel Diz, Mike del Ferro e Xabier Díaz, que remataron cada noite no ambigú do xardín e con paseos nocturnos pola catedral.

En colaboración co Concello de Celanova, a Consellería de Cultura e Educación da Xunta de Galicia apoiou unha nova edición dos **Concertos Didácticos de Órgano** no órgano da Igrexa de San Rosendo, coa organista e profesora do Conservatorio de Música de Ourense, Marisol Mendive. Nesta edición, máis de 1.100 alumnos e alumnas de máis de 30 centros escolares achegáronse á música de órgano dunha maneira amena e didáctica nesta programación.

Tamén na primavera tivo lugar o **Maio Lírico do Ateneo de Santiago**, co apoio da Secretaría Xeral de Cultura, con conferencias, audicións comentadas e concertos de profesionais de Galicia e doutros países.

Este ano iniciou a súa actividade a **Asociación Música Clásica de Galicia**, que contou coa colaboración da Consellería de Cultura e Educación para o concerto inaugural da súa programación, a cargo de Stephen Kovacevich e Pablo Galdo, a dous pianos, celebrado o 17 de novembro en Vigo.

A **Orquestra de Jazz de Galicia** reuniu este ano algúns dos máis importantes músicos de Galicia no ámbito do jazz, a música sinfónica e a música tradicional, co cometido de explorar o diálogo posible entre a música tradicional de Galicia e a música improvisada contemporánea. Roberto Somoza e Pedro Lamas foron os encargados dos arranxos e a orquestración dunha escolma de melodías que reflicten a profundidade da música tradicional de Galicia a partir de diferentes traballos de campo, que se plasrou nun traballo discográfico que contou coa colaboración da consellería.

A Secretaría tamén colaborou con proxectos discográficos vinculados á literatura, como os novos traballos de 2naFronteira ou Xardín Desordenado.

Música e formación

No mes de maio, no poboado mineiro de Fontao (en Vila de Cruces) celebrouse, coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura, o **III Festival de Bandas Xuvenís da Artística de Merza**, un encontro anual de bandas xuvenís de Galicia. O auditorio do poboado mineiro serviu como escenario deste certame dirixido a que os pequenos músicos puidesen mostrar o traballo que realizan durante os ensaios e, ao mesmo tempo, compartir cos compoñentes doutras agrupacións das mesmas idades a súa paixón e motivación pola música.

Do 18 ao 23 de xullo celebrouse en Santiago de Compostela o **XI Encontro Galego de Saxofóns**, unha iniciativa apoiada pola consellería e organizada pola Asociación Sax Factory-Factoría Galega do Saxofón como apoio á formación para afondar na técnica do instrumento, con mestres como Marie-Bernadette Charrier, Hilomi Sakaguchi, Quiño Sáez, Rodrigo Vila, Yuko Mizutani e o santiagués Xabier Casal, que lles impartiron esta formación a 40 estudantes de saxofón de entre 9 ata os 27 anos procedentes de diferentes puntos da xeografía galega, de Asturias, Navarra, País Vasco, Valencia, Sevilla e Francia. Tamén se celebraron concertos no CGAC e na igrexa da Universidade.

Na illa de San Simón (véx. 8.3) desenvolveuse no mes de xullo o campamento musical de violín folk para nenos **San Simón Fiddle**, organizado pola Asociación Galicia Fiddle coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura. Recoñecidos músicos galegos como Anxo Pintos, Davide Salvado, Roberto Comesaña e Cristina Pato, integrantes do recentemente creado grupo Rústica, participaron nesta formación destinada a potenciar os novos instrumentistas de corda de niveis diversos dunha maneira lúdica e participativa.



Os percusionistas do grupo Odaiko promoveron o **Festival Internacional de Agolada**, un festival internacional de percusión, do 31 de xullo ao 3 de agosto, vinculado aos campamentos musicais de Agolada, coa participación de diferentes grupos e músicos galegos e de ámbito internacional.

No verán, do 4 ao 8 de agosto celebrouse en Celanova o **II Festival Hércules Brass**, un encontro musical e escaparate da música de vento-metal do panorama artístico galego, que nesta edición ofreceu clases maxistras, coloquios, concertos e actividades de lecer, ademais de obradoiros de respiración e de música de cámara.

Para complementar o estudo musical dunha formación con mestres con recoñecemento internacional o **Festival Groba** celebrou este verán a súa terceira edición fiel ao obxectivo de presentar unha programación dirixida fundamentalmente aos novos talentos musicais. Concertos diarios no Auditorio Municipal de Pontearreas e unha oferta pedagóxica baseada nesta edición na música de cámara e na interpretación vocal foron o cerne do festival, que este ano, co fin de motivar o estudo e a excelencia entre os violinistas novos, incorporou o I Concurso Internacional para Xoves Violinistas Festival Groba 2015, cuxo primeiro premio recaeu en Cristian Grajner de Sa, mentres que o premio especial para intérpretes menores de 18 anos foi concedido *ex aequo* a Elea Nick e Mitsuhiro Shimada.

Do 21 ao 25 de setembro celebrouse, coa colaboración de Cultura e Educación, o **V Festival Internacional Peregrinos Musicais**, no que participaron 17 mozos e mozas virtuosos (dez intérpretes galegos, cinco rusos, unha nena holandesa e un mozo bielorruso) con concertos en diferentes escenarios da cidade compostelá. Este encontro anual quere favorecer o lanzamento internacional destes novos artistas, en colaboración co programa de formación das fundacións Rostrópovic e Vladímir Spivákov e da Fundación holandesa Peter de Grote.

Con epicentro en Ramirás, pero con actividades paralelas en Celanova e Ourense, celebrou o seu décimo aniversario, nas datas previas ao Nadal, o **Festival Internacional Rebulir**, unha mostra que recuperou o mellor dos dez anos de programación musical, de baile e audiovisual do festival.

Artes escénicas e formación

A Consellería de Cultura e Educación deulle apoio, un ano máis, ás principais programacións das compañías universitarias de teatro. A **Mostra Internacional de Teatro Universitario (MITEU)**, promovida por Sarabela Teatro, celebrou a súa vixésima edición con preto de 30 representacións en diversos espazos da cidade de Ourense, complementada con con exposicións, documentais e cursos. A **Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela** contou, así mesmo, co apoio da consellería para o desenvolvemento da súa programación, ademais da cesión e do soporte técnico prestado polo Salón Teatro, da Agadic.



Semana de Cine Árabe

No ámbito audiovisual, a Consellería colaborou nunha nova edición da Semana de Cine Árabe Amal, promovida pola Fundación Aragüaney do 26 ao 31 de outubro en Santiago de Compostela, unha programación orientada a mostrar a calidade do audiovisual árabe e a favorecer a chegada das voces e da diversidade cultural do mundo árabe a todos os públicos, por riba dos prexuízos e fronteiras existentes na sociedade actual.

6.4 Efemérides musicais

Vixésimo aniversario da Real Filharmonía de Galicia

Na temporada 2015-2016 a Real Filharmonía de Galicia, dependente do Consorcio da Cidade de Santiago do que forma parte a Xunta de Galicia, celebra o seu 20º aniversario, centrando os seus esforzos no propósito de lograr un meirande achegamento a novos públicos. Con este obxectivo creouse o ciclo Descubre unha orquestra para ti, a túa!, nun horario accesible para o público familiar venres e sábados e con prezos reducidos, coa interpretación dunha selección das pezas máis populares do concerto de abono desa semana, baixo a batuta do mesmo director.

A RFG tamén programou, nesta liña de busca de novos públicos, actuacións na rúa e noutros espazos da cidade de Santiago fóra da sede da orquestra (*véx.* 6.1).

85º aniversario de Roxelio Groba

Con motivo do 85º aniversario do compositor, a Orquestra de Cámara Galega celebrou na Cidade da Cultura de Galicia, dentro da programación das *Xornadas de música contemporánea*, o concerto *Rogelio Groba #85, Visións sonoras dunha vida*, con repertorio variado deste autor dalgunhas das páxinas musicais galegas do século XX.

Centenario da Sociedade Filharmónica de Vigo

A Sociedade Filharmónica de Vigo celebrou este ano o seu primeiro centenario. As actividades programadas para esta conmemoración contaron co apoio da Consellería de Cultura e Educación. Unha das iniciativas destacadas foi a publicación do disco *Adalid. El piano romántico* no que o pianista Mario Prisuelos recupera a obra do compositor galego Marcial del Adalid, nunha edición que contou coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. O disco presentouse en marzo en Vigo.

Ademais, tamén no mes de marzo, realizouse unha exposición conmemorativa na que se ofreceu un percorrido histórico polos cen anos de actividade da sociedade.

Tributo a Alan Lomax no Día Internacional da Música

Este ano celebrouse o centenario dun dos folcloristas máis relevantes, Alan Lomax, nacido en Texas en 1915, que realizou nos anos cincuenta en Galicia gravacións que foron fundamentais para o estudo da tradición musical. Foi tamén promotor dunha das principais gravacións que lle outorgaron universalidade a unha peza galega, *The Pan Piper* do *Sketches of Spain*, de Miles Davis, gravado orixinalmente por Lomax como *Alborada de Vigo*.

Para celebrar este centenario, o 20 de xuño, Día Internacional da Música, a Cidade da Cultura programou un concerto de Carlos Núñez de tributo ao legado galego de Lomax (véx. 10.2).

Centenario de Amores de aldea, de Soutullo

A Fundación Reveriano Soutullo promoveu a celebración do centenario desta zarzuela do compositor galego coa celebración dun simposio celebrado en Ponteareas e a gravación dun disco con esta e outras obras do autor (véx. 3.5).

Día Internacional da Danza

Para celebrar o día dedicado á danza, a Cidade da Cultura programou o 25 de abril o concerto familiar *Romeo e Xulieta*, coa posta en escena dunha adaptación moi especial da obra de William Shakespeare vista a través do ballet de Sergei Prokofiev, cunha proposta moi visual coa música como protagonista e coa interrelación da orquestra, actores e marionetas.







07

DIFUSIÓN DO LIBRO E DA LITERATURA GALEGA

A Secretaría Xeral de Cultura desenvolve no seu ámbito competencial a promoción do libro da lectura, a contribución ao desenvolvemento do sector do libro, así como o estímulo da creación literaria. Nesa dirección, en 2015 desenvolvéronse distintas liñas de actuación de difusión e apoio ao labor creativo no ámbito da literatura e de impulso e dinamización do comercio, tanto interior como exterior.

Ademais, este ano púxose en marcha a Librería Institucional da Xunta de Galicia, un portal que permite, por primeira vez, acceder ao fondo editorial de todos os departamentos do Goberno e a adquisición en liña destas publicacións.

Para a difusión da literatura galega comezou, a través da Agadic, o novo programa Firma e filme, para favorecer a adaptación audiovisual de obras da literatura galega.

7.1 Librería.xunta.gal, nova plataforma de publicacións institucionais

En desenvolvemento da Lei do Libro e da Lectura de Galicia, a Xunta de Galicia presentou o 27 de abril a librería institucional en formato electrónico de venda e distribución do seu fondo editorial.

A posta en marcha desta plataforma, librería.xunta.gal, ofrece un servizo directo e próximo á cidadanía, para acceder ás obras de carácter bibliográfico editadas pola Administración autonómica e os seus órganos dependentes. Trátase dun servizo transversal coordinado pola Secretaría Xeral de Cultura, pola Amtega no ámbito tecnolóxico e polo Cixtec (dependente de Facenda) para a xestión de pagamentos en liña e que implica o conxunto das consellerías da Xunta de Galicia.

Con esta plataforma (tamén adaptada para o seu uso nos dispositivos móbiles e tabletas), por primeira vez, a Administración autonómica concentra a oferta de todo o seu fondo editorial, tanto de difusión gratuíta como comercial, e ponno á disposición do conxunto da cidadanía e das librarías.

Centralízase, así, a distribución e comercialización do fondo editorial tanto en formato físico coma electrónico, cunha xestión directa da Administración. No caso das publicacións gratuítas non descargables tan só se aplican gastos de transporte cando se solicita o seu envío físico, e as publicacións venais (de pago) manteñen o seu prezo de venda ao público, cun pagamento que pode realizarse a través do propio web ou mediante transferencia bancaria.

Os datos rexistrados no mes decembro de 2015 contabilizan un total de 683 publicacións cargadas na plataforma da Librería, que conta xa nesa altura cun volume de 214 usuarios rexistrados (155 son cidadáns e 59 librarías). En canto ao volume de vendas a través da plataforma, xestionáronse ata o mes de decembro 114 pedimentos e distribuíronse 539 publicacións, das cales foron edicións venais 278.





7.2 Políticas de apoio ao sector editorial

Apoio á edición

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, co fin de favorecer a produción editorial galega, mantén diversas liñas de apoio ao sector editorial.

Por unha banda, a Secretaría Xeral de Cultura conta con liñas de adquisición de novidades editoriais en galego cunha convocatoria de 300.000 euros, que permitiron fornecer este ano a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia de 136 novos títulos en galego procedentes das editoriais adheridas ao programa. E, para favorecer a difusión da produción e facilitar o intercambio cultural con outras linguas, a secretaría xeral convocou, un ano máis, as axudas á tradución de libros ao galego e do galego a outras linguas. Trátase dunha convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva destinada ás editoriais, cunha dotación de 200.000 euros.

Doutra banda, a Secretaría Xeral de Política Lingüística convocou en maio as subvencións para a edición en lingua galega de recursos didácticos curriculares para niveis non universitarios, cunha contía de 170.000 euros. Esta liña de axudas permite a elaboración e edición en lingua galega de recursos para o ensino vinculados ao currículo, realizados en soportes impresos ou dixitais, e tamén para a formación regrada de adultos en lingua galega de acordo coas directrices do Marco común europeo de referencia para as linguas. Estas políticas de investimento editorial complétanse coas medidas de adquisición de fondo galego para as bibliotecas (véx. 1.1 e 1.3).

O marco de colaboración da Secretaría Xeral de Cultura coa Asociación Galega de Editores (AGE) permitiu abordar medidas de visibilización do traballo produtivo dos editores, como a súa participación na Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña, na Feira Internacional do Libro de Fráncfurt e na Feira Internacional do Libro de Bogotá; a realización dos Premios da Edición de Galicia 2015, na que se fai un recoñecemento aos editores polo seu labor na escolla dos libros, dos ilustradores, dos autores e dos tradutores; e a organización de seminarios de formación relacionados co libro.



A Secretaría Xeral de Cultura tamén desenvolveu coa Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI) un conxunto de actuacións para promover o labor dos ilustradores e ilustradoras. Así, realizouse o *III Debate sobre o estado da ilustración*, para reflexionar sobre os problemas profesionais actuais, que, baixo o lema *Da ilustración tamén se vive*, tivo lugar na Escola de Arte Superior de Deseño Antonio Faílde de Ourense o 19 de marzo. E o 31 de outubro celebrouse o *XII Encontro galego de ilustración*, en San Martiño Pinario (Santiago de Compostela), no que participaron ilustradores como Puño e Sagar Forniés. A xornada, na que tamén se presentou o novo catálogo da AGPI, *Novas olladas sobre os clásicos universais*, editada co apoio da Xunta de Galicia, cunha



homenaxe dun cento de ilustradores galegos ás obras clásicas da literatura universal, rematou coa celebración da asemblea anual dos socios da entidade.

Foros sectoriais

O 12 de maio celebrouse unha nova edición do foro *Reimprímete*, orientado a crear un punto de encontro das asociacións máis representativas do sector da comunicación gráfica e o sector editorial, coa finalidade de pór en valor e defender o produto gráfico impreso. Participaron nesta xornada o exministro César Antonio Molina, Xosé Antonio Perozo (presidente de GÁLIX), Jacobo Bermejo, (presidente do Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego) e Laura Rodríguez (presidenta da Asociación Galega de Editores), entre outros. A organización desta xornada contou coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura.

No mes de novembro, promovido pola Asociación Galega de Editores (AGE) co apoio da Consellería de Cultura e Educación, celebrouse na sede do Consello da Cultura Galega o *XII Simposio O libro e a lectura*, que abordou este ano o futuro das feiras do libro de Galicia. Xunto cunha mesa redonda sobre o porvir das feiras, con participación de libreiros e editores, unha mesa temática arredor dos espazos, os produtos e os públicos, ou a conferencia *A innovación dun festival sen límites*, a cargo de Sheila Cremaschi, o simposio mostrou diversas experiencias de éxito, como a Semana do Libro en Cataluña, o Salón do Libro de Pontevedra, a Praza dos Libros e a Semana da Música Infantil nas Feiras do Libro de Galicia.

7.3

Xestión do Rexistro da Propiedade Intelectual e do Depósito Legal

O Rexistro da Propiedade Intelectual constitúe un instrumento de constancia oficial da titularidade dos dereitos de propiedade intelectual sobre unha creación orixinal literaria, artística ou científica ou sobre unha actuación ou produción recollidas na Lei de propiedade intelectual. A súa finalidade é protexer os dereitos de autor, de carácter voluntario, ao darlle seguridade xurídica e ofrecer unha proba cualificada sobre a existencia e pertenza dos dereitos sobre unha creación orixinal (literaria, artística, científica etc.). Nas súas sete oficinas, este servizo ofrece asesoramento tanto presencial como vía telemática (www.cultura.gal/rexistro-propiedade-intelectual).

No ano 2015 houbo un total de 1.595 solicitudes de inscrición, o cal supuxo un incremento de preto dun 7,5% en relación co 2014. A maior parte das solicitudes tiveron entrada nas oficinas da Coruña (465) e de Santiago de Compostela (430). O total de taxas recadadas ascendeu a 20.999 euros.

A Secretaría Xeral de Cultura, a través da Biblioteca de Galicia, tamén é a responsable da xestión en Galicia do Depósito Legal, que obriga o editor dunha obra a solicitar un código para vincular a esa obra producida e a depositar varios exemplares da mes-

ma na Biblioteca de Galicia. Trátase, por tanto, dun servizo para preservar e legar ás xeracións futuras toda a produción cultural galega (bibliográfica, sonora, visual, audiovisual e dixital) e permite recoller a información precisa para confeccionar as estatísticas oficiais sobre o patrimonio. O conxunto da produción bibliográfica, sonora, visual, audiovisual e dixital galega queda así recollida e posibilitase o intercambio de datos con outras axencias ou institucións bibliotecarias españolas e estranxeiras.

A Xunta de Galicia conta con oficinas de Depósito Legal nas cinco delegacións territoriais (www.cultura.gal/deposito-legal). O total de números de depósito legal tramitados nestas oficinas no 2015 foi de 4.561, unha cifra similar á do ano precedente (4.557). O maior volume de tramitacións de DL déronse nas oficinas da Coruña (2.478 números) e de Vigo (801).

7.4 Dinamización do comercio do libro

Feiras do Libro de Galicia

A programación de espazos na rúa para lle dar visibilidade ao libro e para favorecer un achegamento doado á produción editorial galega é unha das liñas de actuación permanente desenvolvida pola Secretaría Xeral de Cultura, en colaboración coa Federación de Librarías de Galicia.

As Feiras do libro de Galicia celébranse nos meses de primavera e verán, con postos de venda de exemplares xestionados polos libreiros, e complétanse cunha extensa programación de actividades paralelas, como charlas, encontros con autores, espectáculos infantís, presentacións de libros etc., que fan destes eventos unha cita de alto interese cultural.

Co apoio da Secretaría Xeral de Cultura, que destinou á organización e xestión das feiras do libro unha partida de 55.900 euros en 2015, celebráronse este ano feiras do



libro en Pontevedra (do 14 ao 19 de abril), en Ferrol (do 22 ao 26 de abril), en Santiago de Compostela (do 1 ao 10 de maio), en Lugo (do 12 ao 17 de maio), en Ourense (do 2 ao 7 de xuño), en Vigo (do 3 ao 12 de xullo), en Ribeira (do 16 ao 19 de xullo), en Rianxo (do 23 ao 26 de xullo), na Coruña (do 1 ao 10 de agosto), en Viveiro (do 13 ao 16 de agosto), en Foz (do 20 ao 23 de agosto) e en Monforte (do 26 ao 29 de agosto).

Venres nas librarías


Venres nas librarías é o programa de dinamización do libro galego, posto en marcha en 2014 pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, xunto coa Federación de Librarías de Galicia e a Asociación Galega de Editores.

Trátase dunha proposta de actividades programadas para o outono coas que promover o encontro dos lectores e lectoras cos novos títulos do mercado editorial galego e os seus autores e autoras no espazo das librarías.

En 2015, adheríronse a este programa as librarías Cartabón (Vigo), Káthedra (Ourense), Trama (Lugo), Andel (Vigo), O Pontillón (Moaña), Casa del Libro (Vigo), Aenea (Santiago de Compostela), Suévia (A Coruña), Couceiro (A Coruña), Day (Narón), Pedreira (Santiago de Compostela), Bahía (Foz), Vagalume (Lalín), Librouro (Vigo), Ler (Cee), Nós (Sanxenxo) e FNAC (A Coruña), e as editoras Nova Galicia Edicións, Edicións do Cumio, Edicións Embora, Editorial Galaxia, Ed. Xerais de Galicia, Hércules de Ediciones, Editorial Toxosoutos e Urco Editora, que xestionaron unha programación de preto de oitenta actividades de dinamización lectora.

Catálogo dos libros infantís e xuvenís de Galicia

Destinado principalmente á presentación comercial do libro galego na cita internacional do sector en Boloña, a Xunta de Galicia editou, un ano máis, coa colaboración da Asociación Galega de Editores (AGE) e da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil Gálix, o *Galician Books for Children & Young Adults 2015*, un catálogo dos libros



infantís e xuvenís que reúne a produción galega máis recente para os lectores novos. Cunha tiraxe de 500 exemplares e unha ampla difusión dixital, a edición bilingüe galego/inglés permítelles a escritores, ilustradores e editores contar cun material de presentación para a promoción dos seus libros tanto en Galicia como nos encontros internacionais.

7.5 Promoción dos autores e autoras

Colaboración coa Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega

A Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Secretaría Xeral de Cultura subscribiron coa AELG, un ano máis, senllos convenios de colaboración para a realización dunha serie de actividades para difundir e promover as obras e os autores en galego. Nese marco, desenvolveuse o ciclo de conferencias Escritores na Universidade, as *II Xornadas de literatura infantil e xuvenil*, seminarios e colaboracións cos Centros de Estudos Galegos para a difusión da literatura, a gravación de entrevistas e fotografías a escritores/as e outros contidos dixitalizados para o Centro de Documentación de Escritores/as, e a organización da Gala das Letras de entrega dos Premios AELG e do acto *O escritor na súa terra 2015: Homenaxe a X. M. Álvarez Cáccamo*.

Colaboración co Centro PEN Galicia

A Consellería de Cultura e Educación, a través dos departamentos de Política Lingüística e de Cultura, tamén promove co Centro PEN de Galicia actuacións para promover a lingua e a literatura galegas, a defensa da liberdade de expresión e a difusión cara ao exterior da lingua e da literatura propias, como a VII edición do Premio Voz de Liberdade, que o Centro PEN de Galicia outorga, como recoñecemento a escritores e escritoras, institucións e colectivos que destaquen, ademais de no seu traballo a prol da literatura, na defensa da liberdade de expresión e de opinión, e que este ano recaeu en Arcadio López-Casanova.

A Xunta de Galicia tamén colaborou con esta entidade na celebración do Día Mundial da Poesía, da Auga e da Árbore e na celebración de diversos actos literarios para poñer en valor as voces novas da narrativa actual e autores consagrados.

Ciclo Cara a onde? Observando a transformación cultural e social a través da literatura

En catro sesións celebradas ao longo de catro meses, catro autores cunha traxectoria de análise dos procesos de transformación social de orixes diversas fixéronse protagonistas desta programación desenvolvida no Centro Galego de Arte Contem-

poránea. Bernardo Atxaga, Suso de Toro, Carme Riera e Bradley Epps abordaron neste ciclo, a través da literatura, a situación da sociedade en relación coa cultura, baixo a coordinación de Alfredo Conde.

O 7 de marzo Bernardo Atxaga impartiu a conferencia *A cortiza e a áncora*, cunha reflexión arredor das razóns esgrimidas a favor e en contra do uso de linguas minoritarias. O 11 de abril Suso de Toro presentou o relatorio *Unha obra literaria pide lector, unha literatura pide Estado*, para disertar sobre se as linguas precisan espazos sociais e nacionais para existiren e a protección dun Estado que vincule a súa existencia á da propia lingua, ou non. *A literatura morreu, viva o fútbol* foi o título da intervención de Carmen Riera o 23 de maio, na que reflexionou sobre a perda de interese do pobo pola literatura ao deixar de ser un feito ligado á cuestión nacional, fronte aos equipos de fútbol que si conseguen esa forte relación a pesar da orixe diversa dos seus integrantes. A derradeira xornada do ciclo foi o 20 de xuño co relatorio a cargo de Bradley Epps baixo o título *A que(e)renza do normal: tensións e torceduras da identidade nacional e lingüística*, que tratou sobre o estado permeable e precario das letras e sobre a estranxeiría como condición contingente, unha condición que atravesada toda lingua normalizada, non normalizada e por normalizar.



Ciclo Viño e Cultura

As sesións sobre viño e cultura galega, desenvolvidas co apoio da Secretaría Xeral de Cultura en Vigo, nos días 9, 16 e 23 de xullo, á tardiña, na Exscama Taberna Atlántica, procuraron, nunha nova edición, ofrecer unha proposta transversal na que a cultura do viño se integra con diversas disciplinas artísticas co obxectivo de achegar, desde diferentes perspectivas, a obra e a figura de recoñecidos nomes da literatura. As xornadas centráronse este ano no polígrafo e investigador pontevedrés Xosé Filgueira Valverde, homenaxeado coas Letras Galegas 2015, no novelista Eduardo Blanco Amor

e mais no poeta Federico García Lorca. Esta iniciativa está coordinada polo profesor da Universidade de Santiago de Compostela Xavier Castro.

Apoio aos poetas novos

O 1 de maio celebrouse, coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura, o Festival Mondoñedo e Poesía, un evento para divulgar este xénero literario entre un público amplo e poñer en valor, ao mesmo tempo, o patrimonio literario de Mondoñedo, con figuras como Álvaro Cunqueiro, Díaz Jácome ou Leiras Pulpeiro.

A través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e en colaboración coa USC, a consellería apoiou unha nova edición da *Revista Dorna. Expresión poética galega*, da que este ano viu a luz o seu volume 38. O obxectivo desta iniciativa é ofrecerlles aos autores e autoras noveis unha canle editorial para o cultivo lírico da lingua galega. Para facilitar a súa difusión internacional, o departamento de Política Lingüística distribuíu a publicación nos Centros de Estudos Galegos da súa rede de lectorados.

Certames literarios

Coa finalidade de promover a creación literaria en lingua galega, a consellería apoia a convocatoria de diferentes premios e certames.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística colabora cada ano co **Premio Narrativa Breve Repsol**, que premia con 12.000 euros obras de nova creación escritas en galego. Nesta IX edición, fallada no mes de setembro, recaeu no escritor vigués Marcos S. Calveiro, pola súa obra *Fontán*.



Coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura, convocouse a primeira edición do **Premio de Relato Breve Nélica Piñón**, que recaeu no escritor Xesús Castro Yáñez pola obra *O vello e o minotauro*. O certame, dotado con 6.000 euros, está organizado polo Concello de Cotobade en colaboración coa consellería e a Deputación de Pontevedra. O acto de entrega contou coa participación da propia Nélica Piñón.

Tamén apoiou este departamento o **III Premio de Poesía Gonzalo López Abente**, que este ano recaeu na poeta coruñesa Emma Pedreira co poemario *S/T (Sen Terra)*, cunha dotación de 2.000 euros.

Neste mesmo xénero, a consellería colaborou co **XIX Premio de Poesía Concello de Carral**, dotado de 2.000 euros, que este ano premiou a obra *Soño e vértice*, da escritora Eva Veiga. No acto de entrega do premio, no mes de maio, tamén se presentou a edición da obra gañadora na edición anterior, *O que precede a caída é branco*, de Oriana Méndez.

No mes de decembro entráronse o **Premio Eusebio Lorenzo Baleirón**, do Concello de Dodro, que na súa XXVIII edición recaeu en Xerardo Quintiá pola súa obra *Fornelos&Fornelos, segunda fundación*. Canda o premio en metálico, dotado con 2.300 euros, o autor verá publicada a súa obra dentro da colección de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, da Editorial Sotelo Blanco.

En 2015 convocouse, coa colaboración da Xunta de Galicia, a cuarta edición do **Certame de Poesía Xosé M. López Ardeiro**, promovido polo Concello de Negreira. O premio, consistente na edición da obra, recaeu en Rocío Leira Castro, coa súa obra *Obituario*. Este ano tamén se realizou a entrega do premio á gañadora da terceira edición do certame, Andrea Porto, pola obra *Caleidoscopio*.

O **XIII Premio de Poesía Afundación**, promovido en colaboración co Centro PEN de Galicia e a Xunta de Galicia, recoñeceu este ano o traballo de Miguel Anxo Fernán Vello *Duración da penumbra*. O premio implica a publicación do libro na colección Arte de Trobar e unha dotación económica de 6.000 euros.

Como se recolle nas colaboracións coas fundacións de autor, a consellería vén apoiando os premios promovidos por diversas entidades, como o Premio Trasalba, da Fundación Otero Pedrayo; o Premio Celanova Casa dos Poetas, da Fundación Curros Enríquez; os Premios da AELG; ou o premio Voz de Liberdade, do Centro PEN de Galicia, no marco dos convenios de colaboración subscritos coas fundacións e asociacións vinculadas cos autores. A VII edición da Festa da Palabra da Insua dos Poetas, promovida polo Centro PEN de Galicia, dedicada este ano ao poeta Francisco Luís Bernárdez, acolleu tamén a entrega dos galardóns Insua dos Poetas que este ano recaeron en Manuel Rivas (letras), Francisco Lores Mascato (cultura galega na emigración), Grupo Ecoloxista Outeiro (arte e medio ambiente), Grupo Gadisa (compromiso económico e social) e Faro de Vigo (comunicación e difusión cultural).

A Xunta de Galicia tamén apoiou unha nova edición dos **Premios da Crítica de Galicia** baixo o lema *Non bebedes auga durmida*, recollido dun artigo de Xosé Filgueira Valverde. O 7 de novembro falláronse as súas modalidades, das que resultaron gañadores, en creación literaria, *A viaxe de Gagarin* de Agustín Fernández Paz; en investigación, *Historia da literatura galega II. Rexurdimento* de Xosé Ramón Pena; en música, Guadi Galego; en iniciativas culturais, Cineuropa; en artes plásticas e visuais, Xaquín Marín; en artes escénicas e audiovisuais, *Pan, pan* de A Panadaría Teatro; e en cultura gastronómica, Miguel Vila Pernas. A Consellería de Cultura e Educación tamén promove outras convocatorias literarias xuvenís (véx. 8.7) e dramáticas (véx. 9.1).

Difusión de autores e autoras históricos

A Secretaría Xeral de Política Lingüística subscribiu este ano un convenio de colaboración coa **Fundación Rosalía de Castro** para promover actividades e estudos vinculados á escritora. O Centro de Estudos Rosalíanos puido ampliar, así, os seus fondos bibliográficos e desenvolver traballos de recompilación de obras, textos inéditos e poemas de Rosalía, editar novas publicacións, manter o seu espazo web etc. Tamén se realizaron neste marco de acordo diversas celebracións, como o Festival de Lectura, no Día do Libro, o Maio Rosaliano (coa entrega dos Premios Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra, e recitais poéticos), a Aula da Diversidade ou a conmemoración do aniversario do pasamento de Rosalía, coa habitual ofrenda no Panteón de Galegos Ilustres.

Política Lingüística tamén conveniou a realización dunha programación estable de actividades e estudos para a difusión da obra de **Vicente Risco**, **Otero Pedrayo** e **Castelao** coas súas respectivas fundacións. Entre estas actuacións destacan en 2015 a Semana das Letras, da Fundación Vicente Risco, a preparación dun web para difusión da vida e da obra de Castelao e das iniciativas promovidas pola fundación que leva o seu nome (fundacioncastelao.gal), ou a celebración da Festa Literaria de Trasalba (Amoeiro, Ourense) e a entrega do Premio Trasalba (que este ano recau no pintor Antón Pulido), promovidas pola Fundación Otero Pedrayo. Coa Fundación **Antonio Fraguas** promoveu unha nova edición do Proxecto didáctico Antonio Fraguas, un certame sobre o patrimonio cultural, lingüístico e histórico de Galicia, que se materializa nunha exposición no Museo do Pobo Galego co traballo gañador.

Por outra parte, a Secretaría Xeral de Cultura colaborou na edición da tese *Poética da derrota: a literatura de Wenceslao Fernández Flórez no cine*, autoría de Héctor Paz Otero, coa Fundación **W. Fernández Flórez**; nas actividades promovidas pola Fundación Isla Couto con motivo do centenario de **Xaime Isla** (véx. 7.6) e coa Fundación **Valle-Inclán** no proxecto Escola de Teatro Valle Innova, que continúa coas actividades de formación e representación das obras de Valle-Inclán, así como na edición dun novo número da revista *Bradomín*. Ambas as entidades tamén iniciaron a preparación dos actos do centenario de Valle, que se celebrará en 2016.

Esta secretaria xeral tamén apoiou a edición dos novos volumes de *Cuadrante. Revista semestral de estudos valleinclanianos e históricos* que promove a Asociación de Amigos de Valle-Inclán. Estes dous novos volumes, os números 28 e 29, que reúnen traballos de diversa índole sobre Valle-Inclán, foron presentados en xaneiro en Santiago de Compostela e en maio na Feira Internacional do Libro de Buenos Aires (Arxentina).

No mesmo contexto desta feira internacional, presentouse a obra *Francisco Luis Bernárdez. Poeta de fe, leal a Galicia*, promovida polo Centro PEN de Galicia co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que recupera e actualiza a vida e obra deste escritor e xornalista galego-arxentino, activo partícipe da acción cultural e política en Arxentina. O volume realiza unha achega á biografía e traxectoria literaria de **Luis Bernárdez** a través de diversas colaboracións, e contou coa implicación da Real Academia Galega e a Academia Argentina de Letras. Dentro dos actos de difusión da figura de Bernárdez, en colaboración co Centro PEN de Galicia, tamén se lle dedicou a este autor a VII edición da Festa da Palabra da Insua dos Poetas. Por outra parte, baixo a realización de Xan Leira, realizouse co apoio da Secretaría Xeral de Cultura un documental para difundir a achega deste autor galego-arxentino á cultura de ambos os países.

Coa Fundación **Curros Enríquez**, leváronse a cabo programas de actividades desenvolvidos desde a fundación para divulgar a obra e a figura de Curros, principalmente entre os escolares: roteiros culturais, actividades musicais, contacontos etc. A consellería tamén apoiou o Premio Celanova Casa dos Poetas, que este ano recoñeceu o labor do Centro Unión Orensana de La Habana.

O Concello de Lourenzá, coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura, desenvolveu este ano o primeiro percorrido a pé do *Roteiro literario Francisco Fernández del Riego*, unha iniciativa para difundir o labor de **Fernández del Riego**, natural deste concello. Composto por oito paradas con lecturas de fragmentos da obra de Del Riego, o roteiro literario percorre os escenarios orixinais da vida do intelectual.

Para recuperar a figura do poeta **Manuel Rodríguez López**, a consellería apoiou a itinerancia dunha exposición sobre o autor, dentro do Proxecto Manuel Rodríguez López, iniciado hai tres anos, conformado por unha páxina web en galego, catalán, castelán e inglés, diversas publicacións e actividades, e promovido por Galicia Dixital e a familia do poeta, co que se pretende dar a coñecer a vida e obra deste autor de Paradela que desenvolveu boa parte da súa tarefa en Cataluña.

A Consellería de Cultura e Educación difunde a obra do Nobel Camilo José Cela a través da xestión da da Fundación Pública Galega Camilo José Cela (véx. 7.8).



Difusión da literatura a través do audiovisual

A Agadic puxo en marcha este ano un novo programa, o Firma e filme, para poñer en valor e en vinculación o ámbito das letras e do audiovisual, nun formato que convoca a produtores e editores a participar nun proxecto conxunto que ten por fin estudar as posibilidades de adaptación de obras literarias galegas ao noso audiovisual (véx. 9.2).



7.6 Efemérides e celebracións literarias de 2015

A través da celebración das efemérides culturais e de días sinalados para poñer de relevo temas de interese, a sociedade constrúe a súa actualidade con espazos que permiten reflexionar e traer ao presente valores colectivos que considera positivo reforzar. A Xunta de Galicia vén promovendo unha serie de programacións, en colaboración con diferentes asociacións, entidades e institucións, públicas e privadas, que contribúen a xuntar esforzos, coordinar tarefas e favorecer unha celebración socialmente plural e compartida.

Letras Galegas: Xosé Filgueira Valverde

A Xunta de Galicia, en colaboración con diversas entidades e organismos, vén planificando anualmente unha programación para apoiar a difusión pública do perfil e da obra do autor ou autora escollido pola Real Academia Galega (RAG) e, ao mesmo tempo, reforzar o valor social do noso idioma cun carácter transversal no conxunto dos ámbitos sociais.

En 2015 o Goberno galego promoveu un amplo programa de actividades para impulsar unha conmemoración compartida arredor de Filgueira Valverde. Nese marco de colaboración, a Consellería de Cultura e Educación apoiou o desenvolvemento das *Xornadas Filgueira Valverde*, promovidas pola RAG, que se celebraron no mes de novembro de 2015, os días 10 e 11 en Pontevedra, o día 24 en Santiago de Compostela e os días 26 e 27 na Coruña.

Filgueira Valverde (1906-1996). Un faro na construción de Galicia

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación de Pontevedra programaron unha exposición conxunta sobre Xosé Filgueira Valverde, na

que se presentaron, cun carácter ameno e divulgativo, os diversos aspectos do traballo en prol da cultura galega realizado por este prolífico autor. A exposición, comisariada por Carlos Valle, tivo a súa sede principal no Museo de Pontevedra, do 24 de abril ao 24 de maio, e contou con versións itinerantes por Galicia ao longo de todo o ano que percorreron outros espazos culturais e bibliotecarios de Redondela, Mondariz Balneario, Cambados, A Estrada, Lalín, Vigo, O Porriño, Marín, Santiago de Compostela, Ferrol, A Coruña, Melide, Cee, Oleiros, Boqueixón, Lugo, Foz, Ponteceso, O Barco de Valdeorras, O Carballiño e Ourense.

En paralelo á exposición, realizáronse actividades complementarias no Museo de Pontevedra e unha xincana escolar, *Filgueira Valverde na voz da xente*, promovida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, nos concellos de Foz, Boqueixón, Ponteceso, O Barco de Valdeorras, O Carballiño e Cee, pertencentes á Rede de Dinamización Lingüística, entre os meses de abril a decembro.



Filgueira Valverde na rede

En colaboración coa Fundación Filgueira Valverde, a consellería promoveu a creación dun espazo web dedicado ao autor, cunha completa selección de materiais e textos descritivos: www.filgueiravalverde.gal. A actividade desta celebración tamén tivo o seu espello nas redes sociais, nas que a Fundación Filgueira Valverde foi dando conta das novidades, actos e publicacións que se foron producindo ao abeiro das Letras Galegas.

Galiciana, o repositorio dixital de Galicia, dependente da Biblioteca de Galicia, tamén incorporou un micrositio dedicado ao polígrafo, para visibilizar os fondos dixitais relacionados co autor.

A CRTVG, ademais de emitir ao longo do mes de maio, coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura, pequenas pezas de animación no medio da programación da canle para divulgar a obra de Filgueira e promover a súa lectura, tamén creou no seu espazo web un micrositio coas emisións e entrevistas históricas da canle a este autor.

Edicións conmemorativas sobre Filgueira

O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, dependente da Secretaría Xeral de Política Lingüística, presentou en maio o novo número dos Cadernos Ramón Piñeiro de homenaxe a Filgueira. O XXXI volume dos Cadernos Ramón Piñeiro, que leva por título *Xosé Filgueira Valverde. Homenaxe. Quíxose con primor e feita*, inclúe unha trintena de análises sobre a figura de Filgueira, de firmas como Xesús Alonso Montero, Xosé Ramón Barreiro Fernández, Merdedes Brea, Antonio Gudianes, Xabier Ron, Elsa Gonçalves, Éliane Lavaud-Fage ou Arcadio López Casanova, entre outros, baixo a coordinación de Luís Cochón e de Laura Mariño Taibo.

A Xunta de Galicia tamén colaborou coa Central Folque na edición de *Xoán Tilve. Gaitero de Campañó*, coa gravación recuperada e interpretación da *Marcha do Corpus* interpretada polo Gaitero de Campañó en 1947 por iniciativa de Filgueira Valverde e comentada por el mesmo. A edición do libro-disco contou con estudos de Oscar Ibáñez e Xavier Groba.

Filgueira nas bibliotecas, arquivos e museos

A Biblioteca de Galicia, ademais da exposición *Xosé Fernando Filgueira Valverde, vida e obra*, centrada no seu labor como editor a través da editorial Bibliófilos Gallegos, visible do 1 de abril ao 31 de maio, realizou un obradoiro para nenos arredor de Filgueira Valverde. Esa programación de actividades lúdicas para os públicos máis novos tamén centrou a planificación da celebración das Letras Galegas nas bibliotecas públicas territoriais da Coruña, de Santiago de Compostela, de Ourense, de Lugo, de Pontevedra e de Vigo, nas que tamén se realizaron ao longo do mes de maio mostras bibliográficas sobre Filgueira, guías de lectura, sesións de contacontos e concursos literarios.

No Arquivo de Galicia, como homenaxe ao profesor, programaron a exposición *Poesía galega postrobadoresca: o Cancioneiro de Afonso Paez*, en consonancia co interese de Filgueira pola investigación filolóxica e a literatura medieval galego-portuguesa.

A Cidade da Cultura de Galicia vinculou este ano as actividades de celebración do Día das Letras Galegas 2015 á exposición que sobre o Camiño de Santiago tiña no Museo Centro Gaiás, na que se incluían pezas do Museo de Pontevedra, para poñer en valor a tarefa de Xosé Filgueira Valverde arredor do Camiño de Santiago e da cidade de Santiago de Compostela.

E o Museo Pedagóxico de Galicia tamén programou unha pequena mostra coas obras de Filgueira dos seus fondos e algúns obxectos persoais do autor, como unha pluma, para promover o interese polas achegas culturais deste intelectual galeguista.

Divulgación das Letras Galegas no ámbito socioeconómico

Diversas entidades comerciais e de fabricación de produtos veñen sumándose cada ano á posta en valor das nosas letras, onda as institucións culturais galegas. Eroski, Feiraco e Gadisa, entre outras, participaron na celebración do 17 de maio este ano, coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Actividades arredor de Filgueira nos centros educativos

A Secretaría Xeral de Política Lingüística convocou, un ano máis, o concurso para a realización dunha exposición de carteis divulgativos do autor homenaxeado polas Letras Galegas. Nesta edición, os centros gañadores foron O CEP Salustiano Rey Eiras, da Pobra do Caramiñal, e a EPA Río Lérez, de Pontevedra. Estas propostas gañadoras, para primaria e secundaria, acompañadas das correspondentes unidades didácticas, foron editadas e distribuídas a todos os centros educativos.

Os equipos de dinamización da lingua galega desenvolveron, tamén nos centros de ensino, unha programación ampla e participativa destinada a promover o uso da lingua galega entre o alumnado e o profesorado e poñer en valor a obra do autor homenaxeado.

No repositorio educativo Abalar da Xunta de Galicia, no que o profesorado comparte recursos dixitais para traballar nas aulas, achegáronse novos materiais didácticos sobre este autor. Ademais disto, o Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) e a Secretaría Xeral de Política Lingüística desenvolveron unha xornada de formación para o profesorado sobre Filgueira Valverde e as posibilidades pedagóxicas da súa vida e da súa obra para poder introducilas na aula.

Celebración do Día Internacional do Libro

O 23 de abril distintos centros dependentes da Consellería de Cultura e Educación desenvolveron actividades públicas para poñer en valor o libro nesta celebración internacional. Ademais das actividades nas bibliotecas públicas, a biblioteca do Museo de Belas Artes da Coruña, o Museo das Peregrinacións e de Santiago e o Museo Etnolóxico de Ribadavia participaron na campaña de liberación de libros promovida por 54 centros de arte de toda España. Este último, tamén acolleu a presentación do libro-disco *Muller de papel*, de Rochi Nóvoa.

Días de celebración dos servizos bibliotecarios

A Biblioteca de Galicia, xunto as públicas de Lugo e de Ourense, a González Garcés da Coruña, a Juan Compañel de Vigo, a Antonio Odriozola de Pontevedra e a Ánxel Casal de Santiago de Compostela organizaron unha programación de actividades para conmemorar o 24 de outubro o Día da Biblioteca, como *Quen matou o bibliotecario?*, unha recreación teatral de humor negro para dar a coñecer o funcionamento das instalacións; obradoiros de banda deseñada e de achegamento á astronomía a través da figura de Castelao; unha xornada de literatura de narración oral; sesións de contacontos como *O coelliño branco*, de Trinketrinke Teatro; mostras bibliográficas; e espectáculos musicais como o de Magín Blanco con *Libros en-cantados*.

Tamén contaron con programacións específicas noutras conmemoracións vinculadas ao libro e á lectura como o Día da Ilustración, do Día do Usuario/a das Bibliotecas ou o Día Internacional do Libro.

Centenario de Ramón Piñeiro

Ramón Piñeiro López (Láncara, 1915 - Santiago de Compostela, 1990) foi un filósofo, intelectual e político galeguista que marcou coa súa impronta ideolóxica e a súa traxectoria vital a evolución do galeguismo e mais a reconstrución cultural da Galicia da posguerra, así como o nacemento da Galicia autonómica e democrática. No centenario do seu nacemento, o 31 de maio, a Consellería de Cultura e Educación e o Concello de Santiago de Compostela rendéronlle homenaxe co descubrimento dunha placa que o lembra como *mestre do galeguismo* na casa onde residiu durante décadas e desde a que desenvolveu o seu proxecto de contactar coa mocidade universitaria dos anos cincuenta e sesenta para descubrirlle a lingua e a cultura. Sumáronse ao acto de homenaxe o Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega e a Fundación Penzol.

Centenario de Xaime Isla

Xaime Isla Couto (Santiago de Compostela, 1915 - Vigo, 2012), avogado, ensaísta e catedrático de universidade, foi activo animador do galeguismo político, cultural e económico do século XX, fundador das Mocidades Galeguistas de Vigo e da Federación de Mocidades Galeguistas, liderou a creación da Editorial Galaxia e da editora SEPT e dirixiu a *Revista de Economía de Galicia* e a *Revista Galega de Estudos Agrarios*. A súa liña de vida recolleuse na exposición *Xaime Isla Couto: raíz e utopía de Galicia* promovida en Vigo pola Fundación Isla Couto, coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura, con motivo do centenario do seu nacemento, que se plasmou tamén na edición dunha fotobiografía co mesmo título.

Continuidade das actividades arredor de Said Armesto e de Montero Ríos

En 2015 continuaron as actividades da celebración do centenario de Said Armesto. A sede viguesa da Fundación Barrié acolleu a exposición *Víctor Said Armesto. A lección dun cidadán libre*, aberta ata finais de febreiro de 2016. A mostra ocupou o terceiro e cuarto andar da sede viguesa da Fundación Barrié, entidade á que Eugenia Said Montoro, filla de Said Armesto, lle doou en 1992 o arquivo persoal de seu pai, custodiado na biblioteca da fundación na Coruña. O proxecto expositivo acompañouse dun programa educativo, gratuito para o público, composto por obradoiros para escolares, familias e outros colectivos, visitas comentadas e campamentos de Nadal.

Tamén en continuidade cos actos conmemorativos do centenario do pasamento de Montero Ríos en 2014, este ano a Secretaría Xeral de Cultura colaborou coa exposición *Eugenio Montero Ríos: o xuriconsulto e o político na Compostela do seu tempo*, no Pazo de Fonseca (Santiago de Compostela) nos meses de setembro e outubro. O argumento expositivo centrouse nas facetas de xuriconsulto e político, enlazadas coa súa visión de Compostela, cidade que quixo converter nunha urbe puxante e culta, moderna e europea.



7.7 Ensaio e investigación no Centro Ramón Piñeiro

O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, dependente da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ten a misión de promover, desenvolver e dar difusión a proxectos e programas galegos de estudos lingüísticos, literarios, históricos e antropolóxicos.

Proxectos de investigación en curso

LINGÜÍSTICA

- Termigal: o Servizo de Terminoloxía Galega encárgase principalmente da coordinación xeral das actividades terminolóxicas relativas á lingua galega, da elaboración de recursos terminolóxicos sobre as distintas linguaxes de especialidade e da estandarización dos neoloxismos.
- Etiquetador/Lematizador do galego actual (Xiada): o obxectivo do proxecto é o desenvolvemento de ferramentas que permitan o recoñecemento e a análise automática do galego actual.
- Corpus de referencia do galego actual (Corga): colección de documentos accesibles a través de internet na que están representados os diferentes tipos de textos da lingua galega actual (xornalísticos, literarios etc.) desde 1975 ata a actualidade, cunha amplitude que converte este corpus en representativo do uso lingüístico do galego de hoxe e que posibilita a obtención de datos para o estudo de aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da historia recente da nosa lingua.
- Dicionario italiano-galego / galego-italiano: obra lexicográfica orientada a falantes galegos que desexen producir textos en lingua italiana. O lemario consta dunhas 20.000 voces.
- Corpus Documentale Latinum Gallaeciae (Codolga): é un corpus textual con documentación latina medieval relacionada con Galicia no período cronolóxico que abrangue desde o século VI ata o XV, ambos inclusive.

- Sintetizador de voz para o galego (CoToVía): ferramenta que permite a conversión automática dun texto escrito nunha cadea oral, de xeito que a transferencia texto-fala poida facerse cun nivel de calidade aceptable. É un proxecto interdisciplinar en colaboración coa Escola de Enxeñería de Telecomunicacións da Universidade de Vigo e de lingüistas da Universidade de Santiago de Compostela.
- Bibliografía informatizada da lingua galega (Bilega): bibliografía analítica deseñada como base de datos relacional que ofrece información sobre traballos de investigación, divulgación e opinión que teñen por obxecto a lingua galega en calquera das fases do seu desenvolvemento histórico.

ARQUIVO GALICIA MEDIEVAL

- Lírica profana galego-portuguesa: dirixido a achegar instrumentos de traballo fiables e de fácil acceso para os estudosos da lírica galego-portuguesa.
- Prosa literaria galega medieval: proxecto para a conservación e difusión, a través de edicións impresas e electrónicas, dos textos en prosa escritos en galego durante a Idade Media.
- Cantigas de santa María: integrado no proxecto ArGaMed, incorporando a parte de poesía relixiosa á lírica profana, tanto no que respecta á incorporación dos textos afonsinos á MedDB, como á complementación da base de datos bibliográfica.

LITERATURA

- Investigación en literatura infantil e xuvenil: este proxecto integra os traballos de investigación que anualmente realizan sobre literatura infantil e xuvenil galega e doutros ámbitos lingüísticos os membros da rede temática de investigación Literaturas Infantís e Xuvenís do Marco Ibérico e Iberoamericano (LIXMI), os da Asociación de Investigadores en Literatura Infantil e X/Juvenil ELOS e ELOS-Galicia, e os do Grupo de Investigación da Universidade de Santiago de Compostela LITER21 (GI-1819).
- Narrativa recuperada: recuperación da narrativa galega decimonónica espaxada en revistas e xornais do amplo ámbito da galegitude.
- Dicionarios de literatura: gran dicionario xeral de termos literarios, que inclúe voces referidas a retórica, métrica, semiótica, poética, ciberliteratura, hermenéutica etc.
- informes de literatura: observatorio de e sobre literatura galega que realiza un informe anual da produción relacionada coa narrativa, poesía, teatro (creación e postas en escena), Día das Letras Galegas, ensaio, literatura de transmisión oral etc.
- Bibliografía da literatura galega: recompilación de toda información relacionada coa literatura galega contemporánea, desde 1800 ata a actualidade.
- Recuperación de prensa galega emigrante: proxecto de recuperación de prensa galega emigrante (tanto xornais como revistas), con especial atención a desenvolvida en Cuba, Uruguai e Arxentina, pero tamén México e Venezuela. As edicións levan diferentes estudos, datos da prensa dos diferentes países, índices e referencias biográficas.
- Recuperación de textos poéticos galegos: proxecto centrado no estudo e edición de textos poéticos galegos anteriores a 1936.

- Recuperación de revistas poéticas galegas: proxecto de edición facsimilar de revistas galegas poéticas ou poético-literarias, con estudos preliminares, índices e notas bio-bibliográficas.
- Cadernos Ramón Piñeiro: colección de cadernos nos que se tratan cuestións filosóficas, estéticas ou biográficas referidas sempre ao noso ámbito cultural e lingüístico. Boa parte destes cadernos está integrada polas obras gañadoras do Premio Centro Ramón Piñeiro de ensaio que promove o centro.

OUTRAS HUMANIDADES

- Fraseoloxía galega: entre os seus obxectivos están a construción dun tesouro fraseolóxico galego, o impulso dos estudos fraseolóxicos e fraseográficos en Galicia e a tradución ao galego de obras de referencia da fraseoloxía eslava. Impulsa os estudos fraseolóxicos fundamentalmente a través da revista *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, e vén traducindo ao galego obras de referencia da fraseoloxía eslava non traducidas a ningunha lingua da Europa occidental.
- Dimensións da identidade colectiva de Galicia: investigación e interpretación da variación do posicionamento identitario dos partidos políticos e o que provoca na cidadanía galega e española.

Bolsas de formación en investigación

No ano 2015 o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades acolleu unha nova xeira de investigadores e investigadoras nos diferentes proxectos que nel se desenvolven, aos que se lles concedeu unha bolsa de formación mediante convocatoria pública. O orzamento investido nesta vertente formativa e investigadora ascendeu este ano a 202.950 euros.

Colaboración coa investigación das universidades galegas

A Consellería de Cultura e Educación asinou este ano convenios de colaboración coas tres universidades galegas para lle dar continuidade aos proxectos de investigación en curso do Centro Ramón Piñeiro baixo a dirección de profesorado experto universitario. O investimento da consellería nesta actuación de dirección da investigación lingüística e literaria foi de 174.920 euros en 2015.

Ademais destes proxectos conveniados para desenvolvemento da investigación no Centro Ramón Piñeiro, a Consellería de Cultura e Educación apoiou, un ano máis, o desenvolvemento de diversas investigacións desenvolvidas polo Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela, como o Atlas lingüístico galego, o Tesouro informatizado da lingua galega (TILG), o Inventario toponímico da Galicia medieval ou o Corpus oral informatizado da lingua galega (Corilga), entre outros. A colaboración da consellería nestes proxectos no ano 2015 foi de 120.000 euros.



7.8 Fundación Pública Galega Camilo José Cela

A Fundación Camilo José Cela, de carácter público galego desde 2012, ten como obxectivo fundamental a difusión da figura, da vida e da obra do premio Nobel padroés, así como da época que lle tocou vivir. Desenvolve unha programación estable na súa sede en Iria Flavia (Padrón), onde tamén está situado o Museo Camilo José Cela, visitable para todos os públicos.

Visitas guiadas

DATAS: todo o ano

Desde febreiro de 2015, o museo ampliou o seu horario de visitas de martes a sábado. Participaron nas visitas guiadas deste ano 3.614 persoas.

Club de lectura Anagnósis

Grupo de lectura compartida, que este ano analizou e conversou sobre catro novelas na sede da fundación, ademais de proxectar as súas versións cinematográficas. A actividade anual do club clausurouse cunha conferencia impartida por José M^a Paz Gago titulada *O Quixote na pantalla*.

Proxeccións audiovisuais

A fundación programou os documentais *Novelistas españoles contemporáneos: Camilo José Cela*, *Contextualizando a Filgueira* e a película *La colmena*.

Exposicións

José García Nieto: viaje a vela por mi sueño

DATAS: do 24 de outubro de 2014 ao 3 de febreiro de 2015

Con motivo do centenario do nacemento do poeta e amigo de Cela, a mostra presentou as súas diversas facetas co fío condutor dos faladoiros do Café Gijón e o legado bibliográfico que se conserva en Iria doado polo propio García Nieto.

Amo a palabra: 20 aniversario do Premio Cervantes a CJC

DATAS: do 18 de febreiro ao 27 de abril de 2015

Mostra conmemorativa do vixésimo aniversario da concesión do premio Cervantes a Camilo José Cela, na que se repasou a traxectoria dos 38 galardoados con este premio desde 1976, a partir do legado do escritor.

Andanzas e desventuras de Camiliño Josesiño

DATAS: do 1 o 31 de maio de 2015

Mostra habitual do *Letreseo, a semana das Letras no museo*, e na que se expoñen na sede da fundación os traballos realizados polos escolares de infantil e primaria participantes no programa Camiliño Josesiño vai á escola.

O palacio dos dicires escritos

DATAS: do 7 de maio ao 09 de outubro de 2015

Un percorrido polo universo do libro e a súa evolución ao longo da historia a través das múltiples xoias bibliográficas que se conservan no legado do premio Nobel padronés.

La colmena. Historia dunhas páxinas zarandeadas

DATAS: do 15 de outubro ao 31 de decembro de 2015

Con motivo do 70º aniversario da primeira redacción de *La colmena*, a mostra foi organizada en colaboración coa Biblioteca Nacional de España. Nela expuxéronse as distintas vicisitudes polas que pasou o manuscrito, desde a primeira versión de 1945 ata a súa redacción definitiva publicada en 1951 pola editorial Emecé de Buenos Aires.

Homenaxe a Filgueira Valverde

DATAS: do 10 ao 18 de maio de 2015

Mostra realizada con motivo da celebración do Día das Letras Galegas dedicadas ao polígrafo pontevedrés.

A fundación tamén realizou préstamo de fondos para exposicións fóra da sede como *Picasso e o seu mestre na Coruña, Isidoro Brocos*, na sede de Afundación na Coruña, e *O primeiro Picasso: A Coruña (1891-1895)* do Museo de Belas Artes da Coruña.

Programación para escolares

A programación anual da Fundación Camilo José Cela incorpora unha vertente para público escolar, con visitas dinamizadas e obradoiros adaptados á etapa formativa do alumnado.

A fundación tamén vén desenvolvendo cada curso escolar o programa Camiliño Joseño vai á escola, con actividades nos centros de infantil e primaria por parte do persoal da Fundación. Distribúe as *Valixas didácticas*, como apoio aos centros escolares para a realización de actividades relacionadas coa literatura e a figura do premio Nobel, e celebra en maio a semana das Letras Galegas coa actividade *Letreseo*, que este ano contou coa exposición dos traballos do alumnado realizados, o obradoiro *Xogos de letras*, o espectáculo de contos *Titeremusicontos* e o obradoiro *Equilibrios no museo*.



Concursos literarios

Para fomentar a creación literaria a Fundación Camilo José Cela convocou un ano máis o Concurso de Microrrelatos Fundación Camilo José Cela, co patrocinio de El Corte Inglés. Nesta cuarta edición do certame presentáronse 377 traballos. O primeiro premio da categoría de adultos recaeu en *El viaje hasta hace quinientos mil millones de*

segundos de Araceli Ruiz Mena. En infantil, o premio foi para *Arabescos* de Luis González Cascales. O primeiro premio da categoría xuvenil quedou deserto.

Ao II Concurso de Micropoemas José García Nieto presentáronse este ano 270 traballos. Convocado en colaboración coa Fundación José García Nieto, de Madrid, o gañador desta edición foi o bonaerense José Fernández Erro, por *Amor de arena*.

Investigación e publicacións

A fundación atende e asesora os investigadores que traballan co legado celiano. No ano 2015 consultaron os fondos da fundación 28 investigadores e atendéronse numerosas consultas por vía electrónica e postal. Tamén acolleu alumnado en formación práctica procedente da Universidade de Santiago.

Presentouse este ano o portal DGPE-Astur (www.unioviedo.es/dgpeasturies/), froito do convenio asinado no 2012 co Seminariu de Filoloxía Asturiana da Universidade de Oviedo, que permitiu dixitalizar para a disposición pública en internet dos materiais asturianos do *Diccionario geográfico popular de España* de Camilo José Cela referidos a Asturias.

Asemade mantívose a liña de colaboración en forma de intercambios documentais dixitais coa Fundación Francisco Ayala e a Fundació Casa-Museu D'criptors de Mallorca.

Na actividade de colaboración con publicacións relacionadas co premio Nobel promovidas por outras entidades, facilitouse este ano a edición de *La familia de Pascual Duarte* da Editorial Destino. En formato dixital, a fundación editou tamén os relatos gañadores do certame de microrrelatos.





08

A CULTURA, PUNTO DE ENCONTRO

A cultura xoga un papel imprescindible no desenvolvemento e na harmonización da convivencia na sociedade. Ademais do seu protagonismo como sector produtivo, xerador de emprego e de innovación creativa transversal nas sociedades contemporáneas, o seu valor no desenvolvemento persoal e social, na construción da identidade individual e comunitaria e no benestar social son recoñecidos universalmente.

A cultura entendida nun sentido amplo, xunto coa educación, é determinante nas transformacións actuais da sociedade galega. Favorecer a difusión cultural universal e a participación social nesa construción colectiva no noso territorio, desde o diálogo e a inclusión de todos os sectores, son obxectivos prioritarios para a Administración galega.



8.1 Cultura sen barreiras

A necesidade de eliminar os atrancos existentes que dificultan a inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da vida é a motivación transversal da Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, instrumento de planificación que a Xunta de Galicia puxo este ano ao servizo da comunidade para seguir avanzando na igualdade de oportunidades e na aceptación das diferenzas para unha poboación heteroxénea con necesidades e demandas diversas.

Esta estratexia ten por obxecto impulsar accións que contribúan a que as persoas con algún tipo de discapacidade poidan gozar dunha vida autónoma e cun desenvolvemento pleno da súa personalidade, cunha participación activa na comunidade, para o cal se fai imprescindible avanzar na accesibilidade. Estas accións planificadas deben incorporar a perspectiva de xénero en todas as fases de desenvolvemento, como resposta á discriminación que afecta con maior intensidade ás mulleres con discapacidade.

No ámbito cultural é un obxectivo público a planificación de accións que permitan avances neste sentido. As liñas de axudas públicas dirixidas ás entidades locais galegas para a execución de obras de mellora e adquisición de equipamentos que garantan a accesibilidade ou as actuacións nas condicións de uso dos contornos naturais protexidos e patrimoniais e dos recursos de carácter turístico e cultural para todas as persoas con discapacidade, son algunhas das medidas abordadas nos aspectos relacionados co medio físico. Nos casos aínda non adaptados ou nos que isto non é posible, como áreas de parques arqueolóxicos situadas en zonas xeográficas desniveladas e por protección dos xacementos históricos, ofréceselles aos visitantes con dificultades de mobilidade programacións de exhibicións e audiovisuais cos que completar a visita.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria subscribiu este ano coa Organización Nacional de Cegos Españóis un convenio de colaboración para abordar conxuntamente medidas encamiñadas á atención das persoas con discapacidade visual, cun investimento de 195.450 euros.

As programacións planifican, cada vez máis, a integración de proxectos e actividades específicas para a atención á diversidade de colectivos. Unha das principais mos-

tras deste ano *Camiño*. A Orixe, na Cidade da Cultura, volveu colaborar cun proxecto de integración social, neste caso, DisCamino, unha iniciativa para visibilizar a experiencia da peregrinación de persoas con diferentes discapacidades. A Real Filharmonía de Galicia tamén incorporou á súa programación de ensaios abertos unha sesión dirixida a persoas con trastorno autista integradas no centro de día que Aspanaes de Vilvestro, dentro das actuacións de utilización da música como terapia para este colectivo. E outras iniciativas apoiadas pola consellería, como o *Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia* incorporou este ano unha navegación específica para persoas con discapacidade.

O Salón Teatro, dependente da Agadic, incorporou á súa programación de 2015 obras desenvolvidas con colectivos diversos, como as actuacións en maio do Grupo de Teatro de Surdos do Porto, con actores con discapacidade auditiva, *Só ante o perigo* do Grupo de Teatro Down Compostela, con funcións o 13 e 14 de xuño, ou o Grupo de Teatro da Once dentro do programa Artes pola integración, tamén no mes de xuño.



8.2 Apoio aos proxectos de integración e visibilización social a través das artes

De acordo coa Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, o fomento da participación de mozas e mozos con discapacidade en actividades inclusivas de lecer educativo e o apoio institucional ás programacións culturais que fomenten a participación activa de persoas con discapacidade e a igualdade de oportunidades, para favorecer o

seu desenvolvemento creativo e expresivo a través das artes son liñas de traballo da Xunta de Galicia para lograr avances nos vindeiros anos nesa dirección.

Proxecto En-Red-Arte

Para facilitar a experiencia cultural cotiá das persoas con discapacidade, favorecendo a colaboración entre profesionais do campo da discapacidade e artistas, a Consellería de Cultura e Educación e Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) subscribiron un convenio para a realización do proxecto En-Red-Arte nos anos 2015 e 2016. Este proxecto leva parello o desenvolvemento de diversas actividades, como o *Laboratorio de arte*, que, con carácter semanal, introduciu nas diferentes técnicas de creación artística (pintura, escultura, talla...) os participantes; o obradoiro de fotografía artística *Enfoques*; o obradoiro de escritura creativa *Palabras viaxeiras*, nunha experiencia viva sobre as posibilidades da linguaxe escrita para expresar ideas e sentimentos; *Enmáscaras* para traballar as capacidades emotivas, psicomotoras e cognitivas a través da práctica teatral; o obradoiro de música tradicional *Letras soadas*; ou o obradoiro de danza contemporánea *Danzarte*. As sesións desenvólvense nos centros de recursos de persoas con discapacidade e asociacións membros da entidade, así como nos espazos formativos de Cogami, coa participación estimada de máis de 200 persoas con discapacidade.

Artes pola integración

Do 25 ao 28 de xuño, celebrouse a cuarta edición de Artes pola integración, que se desenvolveu por primeira vez en diferentes espazos de Santiago de Compostela, co apoio da Consellería de Cultura e Educación e dos seus espazos de programación.

Exposicións de artes plásticas e visuais, actividades de artes escénicas, cine, conferencias e experiencias formativas foron algunhas das actividades desta programación que tivo a Cidade da Cultura como principal escenario desta cita na que participan persoas con discapacidades, en risco de exclusión social e colectivos de inmigrantes. Con estas experiencias pónense nas súas mans plataformas e iniciativas coas que comunicar e comunicarse, e, por outra, ofréceselle á sociedade unha serie de representacións visuais, literarias e escénicas coas que poder entender a realidade deses grupos socialmente excluídos por diversas razóns legais, sociais ou médicas.

A Cidade da Cultura, o Salón Teatro e a fachada exterior de San Martiño Pinario foron os lugares para a posta en escena da compañía S5, formada por persoas de todas as idades con diversas funcionalidades, para a función dirixida a bebés e familias *O mundo nas túas mans*, sobre diversas experiencias froito dunha residencia artística en Chantada con nenos e maiores.

A programación completouse con exposicións de diverso formato nas rúas da zona vella compostelá —froito das relacións con varias organizacións e institucións vinculadas coa nenez, a discapacidade e a enfermidade, así como do traballo de alumnado de centros de menores, centros de reforma e dos nenos e nenas de La Pequeña Bauhaus— e con actividades formativas, baseadas nun taller de flamenco e de danza integrada.

Igual Arte

A Secretaría Xeral de Cultura colaborou un ano máis co Festival Artístico Igual Arte, que este ano celebrou en novembro a súa terceira edición, para lle dar visibilidade ao traballo anual en proxectos de integración social a través da creación artística no plano da música, do audiovisual, da danza etc. Durante tres días, do 3 ao 5 de novembro, visibilizáronse en Vigo as capacidades duns colectivos que non adoitan ocupar o espazo protagonista da escena cultural.



Visibilización da creación feminina

Co fin de apoiar e fomentar a produción artística e crear un tecido creativo en feminino, ALT.Procrea é un programa de apoio e acompañamento para creadoras galegas en todas as etapas do seu proceso creativo. Para iso, pon á súa disposición os recursos materiais e o asesoramento e participación, na procura de complicitades con outras estruturas de creación e exhibición, tanto nacionais como internacionais. O proceso desenvolvido ao longo dun ano enteiro culmina co Festival ALT.Procrea, no mes de marzo.



Cores con Palabras, maiores creativos

A consellería vén apoiando regularmente o certame de poesía e pintura Cores con Palabras, no que poden participar as persoas maiores de 55 anos e menores de 13. Este certame de poesía e pintura é unha iniciativa do Centro de Animación e Artes Plásticas Togariños. No ano 2015, co fin de dar a coñecer os mellores traballos presentados, realizouse unha mostra no Centro de Animación e Artes Plásticas Togariños e elaborouse un catálogo no que se incluíron as pezas de pintura acompañadas de poemas.



8.3

Illa de San Simón, un espazo para a creación e o pensamento

A illa de San Simón, na Ría de Vigo, é un espazo público para o desenvolvemento cultural de Galicia, nun enclave recuperado de gran valor patrimonial e ambiental. En 1999 foi declarado Ben de Interese Cultural pola Xunta de Galicia e a illa e a súa enseada forman parte da Rede Natura 2000 como hábitat natural europeo protexido. Ao longo do ano as súas instalacións acollen o desenvolvemento dunha extensa programación, como lugar de colaboración con diversas entidades e organismos para actividades culturais, formativas, deportivas e de investigación.

Visitas guiadas á illa

En 2015 achegáronse á illa de San Simón un total de 15.430 personas, en grupos de escolares, nas visitas organizadas polo Concello de Redondela, como participantes en actividades ou como pasaxe das navieiras.

NEThinking 2015

No mes de maio, a Consellería de Cultura e Educación organizou unha nova edición de NEThinking, un encontro anual entre algúns dos expertos comunicadores, bloggers e artistas máis influentes en internet, para debater e transmitir coñecemento sobre os novos medios comunicación, redes e modelos de negocio arredor dos contidos dixitais.

Neste foro de referencia baseado no debate multidisciplinar e aberto sobre o contorno dixital, contou coa investigadora e consultora Estrella Montolío, o guionista e

comunicador José A. Pérez Ledo, os humoristas Alberto Casado e Rober Bodegas, o columnista Manuel de Lorenzo, a guionista Raquel Martos, o blogueiro José Jiménez Moltó (Kurioso), os expertos Ismael El-Qudsi (InternetRepublica) e Eduardo Arcos (Hipertextual), os consultores Mario Tascón (Prodigioso Volcán) e Antonio Delgado (@redada), o director xeral da Fundèu, Joaquín Müller, o director de Zona Noroeste da SGAE, Juan Carlos Fdez. Fasero, os profesores Miguel Ángel López (Hematocrítico) e Joaquín Rodríguez, e o analista Antón Losada, que debateron sobre diversos temas vinculados cos contornos dixitais.

O singular formato e o xeito de abordar os temas situou este encontro #NEThinking —promovido pola Secretaría Xeral de Cultura e coordinado por Tres Laboratorio de Ideas y Comunicación— como referencia no panorama divulgativo sobre o mundo dixital, con ampla pegada en Twitter e eco en máis de 30 países a través do streaming.



Festival Sinsal Son Estrella Galicia

O Festival Sinsal Son Estrella Galicia regresou á illa de San Simón do 24 ao 26 de xullo cun cartel que incluíu artistas de catro continentes, na que será a súa primeira actuación na nosa comunidade. A décimo terceira edición do evento, organizado por Sinsalaudio co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, cunha proposta musical alternativa que non se deu a coñecer ata o propio día do festival, incluíu, na súa maior parte, grupos procedentes de grandes festivais, como Mar de Músicas, Sónar, Pirineros Sur, Jazz al Día e Milhões de Festa. Este festival, que conta co patrocinio da Axencia Galega de Industriais Culturais (Agadic) a través da liña de subvencións a festivais de artes escénicas, está dirixido a todos os públicos, con especial

dedicación ao público familiar, e incorporou nos días previos unha vertente formativa a través da escola tecnolóxica *Exploradores.15*, do 17 ao 22 de xullo, para experimentar e explorar os límites da nova tecnoloxía.



San Simón Fiddle

Xunto co festival Sinsal, a música tamén foi protagonista no mes de xullo na illa redondelá coa cuarta edición de San Simón Fiddle, o único campamento de violín folk de Europa para rapaces e rapazas instrumentistas, organizado pola Asociación Galicia Fiddle coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura.

Preto dun centenar de nenos e nenas aprenderon dun xeito lúdico e divertido a potenciar o emprego de instrumentos de corda (violíns, cellos, guitarras) dentro da música tradicional galega, relacionándose cos seus instrumentos dun xeito diferente e gozando independentemente do seu nivel técnico.

Recoñecidos músicos galegos, como Anxo Pintos, Davide Salvado, Roberto Comesaña e Cristina Pato participaron nesta edición.

Ademais deste campamento, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e o Concello de Redondela desenvolveron no verán outros campamentos infantís e xuvenís no arquipélago, nas instalacións cedidas pola Secretaría Xeral de Cultura.

Con barqueira e remador

A illa de San Simón, en Redondela, tamén reuniu no mes de outubro poetas e tradutores e tradutoras procedentes de diversos países que participan este ano no obradoiro internacional de tradución poética *Con barqueira e remador*, unha iniciativa destinada a establecer redes de intercambio entre linguas e sistemas literarios e culturais (véx. 11.1).

Outras actividades culturais e formativas

A Consellería de Cultura e Educación tamén cedeu as instalacións da illa para a realización dun conxunto de actividades promovidas por diversas entidades e colectivos. A entrega dos Premios Xerais 2015, o *Acto da Memoria*, as *Xornadas de perfeccionamento vocal* da Asociación Mistura Vocal, o Certame de Bailes Latinos 2015, a *Travesía a nado Batalla de Rande* ou as *Xornadas de fotografía Arte K3* foron algunhas das programacións realizadas na illa de San Simón ao longo do ano.

8.4 Lecer cultural en galego

Ao longo do ano 2015 promovéronse desde a Rede de Dinamización Lingüística un total de 172 accións nos diferentes concellos que a integran.

Os Axóuxeres

Para favorecer a introdución do galego na comunicación familiar, ofrecer ferramentas para xogar e cantar en galego cos bebés e brindar espazos de lecer en galego para familias con bebés, a Secretaría Xeral de Política Lingüística programou unha nova edición de Os Axóuxeres, con 26 encontros para bebés e familias, cunha proposta teatral e musical de calidade. De setembro a novembro Os Axóuxeres percorreron os concellos da Coruña, A Estrada, A Laracha, Ames, Arteixo, Boiro, Cangas, Fene, Ferrol, Foz, Lalín, Moaña, Mondoñedo, Noia, O Carballiño, Oleiros, O Porriño, Ourense, Redondela, Ribeira, Santiago de Compostela, Teo, Vedra, Vilagarcía de Arousa, Viveiro e Xinzo de Limia. Dirixidos a bebés e cativos ata 5 anos acompañados de familiares, asistiron aos Encontros dos Axóuxeres deste ano preto de 3.000 persoas. Cada familia recibiu, ademais, un CD con música e xogos para bebés, tamén dispoñible no Portal da Lingua Galega www.xunta.gal.

O galego campa!

O galego campa! é o programa de dinamización lingüística con actividades e materiais para os campamentos de verán da Xunta de Galicia, que desenvolven a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Co obxectivo de promover o uso do galego entre a mocidade asistente aos campamentos de verán da Xunta de Galicia e facilitarlles aos monitores dos campamentos materiais, actividades e oportunidades para desenvolveren a súa actividade en galego, o programa levou este verán a xincana lingüística *Galicia, terra de artistas*, unha divertida serie de probas que combinan habilidades físicas e intelectuais, aos campamentos de Espiñeira (Boiro, A Coruña), ao Albergue Xuvenil As Sinas (Vilanova de Arousa, Pon-

tevedra), ao Albergue Xuvenil Mariña Española (Bergondo, A Coruña), ao Campamento Xuvenil A Devesa (Ribadeo, Lugo), ao Campamento Xuvenil Penedos de Xacinto (Entrimo, Ourense) e á Estación de Montaña de Manzaneda (Manzaneda, Ourense).

Outra das actividades do programa foi o contacontos en formato acústico de guitarra e voz para os seráns de campamento, que se desenvolveu no Campamento Xuvenil Virxe de Loreto (Porto do Son, A Coruña), no Campamento Xuvenil Furelos (Melide, A Coruña), no Albergue Xuvenil Mariña Española (Bergondo, A Coruña), no Albergue Xuvenil de Gandarío (Bergondo, A Coruña), no Campamento Xuvenil Os Chacotes (Palas de Rei, Lugo), no Albergue Xuvenil Area (Viveiro, Lugo), no Albergue Xuvenil Benigno Quiroga (Portomarín, Lugo), no Albergue Xuvenil A Devesa (Ribadeo, Lugo), na Estación de Montaña de Manzaneda (Manzaneda, Ourense), no Campamento Xuvenil de Ponte-maril (Forcarei, Pontevedra), no Campamento Xuvenil Illa de Ons (Bueu, Pontevedra) e no Albergue Xuvenil Benigno Quiroga (Portomarín, Lugo).

Todos os materiais vinculados ao programa están dispoñibles no repositorio dixital de tempo libre en galego de lingua.gal.



Nadal en Rede

Este Nadal, Política Lingüística ofreceu por todo o territorio galego un conxunto de actividades e materiais para promover o uso do galego nas celebracións. Así, creáronse materiais dixitais para favorecer que os cativos escriban a carta aos Reis Magos en galego e para mellorar entre a poboación máis nova a imaxe da lingua galega. Celebráronse en 30 concellos da Rede de Dinamización Lingüística concertos de música infantil (de 4 a 9 anos) coa Gramola Gominola, obradoiros e contacontos coa música como fío condutor (para nenos e nenas de 0 a 4 anos) a cargo de Pablo Díaz baixo o tí-

tulo *Cantos contos de Nadal*, e monólogos de Nadal para todo tipo de público co coñecido e televisivo *Isi* e as súas *Isistorias de Nadal*.

A estas actividades engádeselle neste Nadal a colaboración de Política Lingüística na *Xira de Nadal dos Bolechas*. Os Bolechas chegaron na súa caravana a 8 puntos de Galicia (Viveiro, As Pontes de García Rodríguez, Narón, Foz, Verín, Allariz, Santa Comba e Vedra) desde o 26 de decembro ata o 6 de xaneiro.



FalaRedes 2015

Para promover o uso do galego no ámbito municipal a Secretaría Xeral de Política Lingüística promoveu a cuarta edición de FalaRedes, cun total de 88 actividades desde marzo ata novembro.

No programa deste ano incluíronse as actividades *Os Bolechas na máquina do tempo*, cunha nova proposta dirixida ao público familiar con cativada entre 4 e 8 anos, que levou a 45 concellos de Galicia do 27 de marzo ao 25 de outubro, e que contou con preto de 7.000 participantes; *Estamos no verán!!!*, da man do coñecido músico Xoán Curiel, acompañado pola banda Son+d2 e pola bailarina Marta Alonso, para público preadolescente (desde os 7 aos 12 anos) e que estivo en xira en 18 puntos de Galicia, do 7 de xuño ao 26 de xullo, con máis de 2.000 participantes; e *Contos en Rede*, para todos os públicos, para incidir e poñer en valor a narración e a transmisión oral do idioma, e que chegou a preto de 1.000 persoas de 30 concellos da Rede de Dinamización Lingüística, con Santi Prego, Inacio Vilariño e Ana Carreira, do 10 de outubro ao 29 de novembro.



8.5 Premios da Cultura Galega

A Xunta de Galicia convocou en 2015 unha nova edición dos Premios da Cultura Galega, cun procedemento aberto no que se recibiron este ano máis de corenta candidaturas. Esta convocatoria ten por obxecto apoiar a excelencia creativa, a capacidade de intercambio, a experimentación e a proxección da construción cultural de Galicia nos diferentes ámbitos.

O xurado, conformado por representantes da Consellería de Cultura e Educación, do Consello da Cultura Galega, da Universidade da Coruña (en representación rotatoria das universidades galegas), da Real Academia Galega e da Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario, ademais dos profesionais Rosa Cedrón (violonchelista e cantante), Carmen Prieto (directora do Arquivo do Reino de Galicia), Carlos Ares (guionista e presidente da Academia Galega do Audiovisual) e Asunta Rodríguez (galerista e galardoada na anterior edición), escolleu os premiados nas oito modalidades.

O acto de entrega de premios tivo lugar o 21 de decembro no Museo Centro Gaiás, da Cidade da Cultura Galicia. Nel, os galardoados recibiron unha escultura en bronce titulada *As artes*, obra de Ramón Conde. As propostas creativas da actriz Laura Villaverde e Sr. Pause, as actuacións de *De Vacas*, do Coro Novo da Orquestra Sinfónica de Galicia, de Xabier Díaz e Adufeiras de Salitre, e de BalletNorte engalanaron un acto emotivo, que estivo conducido polo xornalista Luís Fraga, e do que se pode ver un resumo en www.cultura.gal/gl/premios-cultura-galega.

Letras

Na modalidade de Letras a premiada foi a escritora Fina Casalderrey, cunha trayectoria profesional vinculada á literatura infantil e xuvenil que se traduce en máis

de 50 títulos. Mestre de profesión, esta autora conta cun importante recoñecemento por parte do público que lle outorgou numerosos galardóns, entre os que destacan o Premio Merlín 1991, o Barco de Vapor 1994, o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil en 1996 e o Álvaro Cunqueiro en 1999, entre outros. Tamén foi recoñecida coa Medalla Castelao en 2003. A súa obra, que destaca polo coidado no uso do idioma e o manexo de diferentes rexistros, foi traducida a varias linguas como o español, o inglés, o italiano, o francés, o portugués, o catalán, o éuscaro, o coreano ou o bretón.

Artes plásticas

O debuxante Miguelanxo Prado foi o galardoado na modalidade de artes plásticas. O autor máis importante da historia da banda deseñada galega comezou na pintura e, a finais dos setenta, iniciou a súa andaina no cómic. Como ilustrador no ámbito audiovisual galego destaca pola creación do personaxe do Xabarín e da serie *Os vixilantes do Camiño*, para a TVG, así como na dirección do Salón Viñetas desde o Atlántico. Tamén colaborou coa factoría americana Dreamworks para os personaxes da serie *Men in black*; e co famoso guionista Neil Gaiman. No 2013 obtivo o Premio Nacional do Cómic con *Ardalén*.

Artes escénicas

O Premio Cultura Galega de Artes Escénicas recaeu en María Bouzas, unha das actrices galegas de maior experiencia e traxectoria profesional. Formada na Escola Superior de Arte Dramática de Madrid, iniciou a súa traxectoria escénica no CDG e fundou, con María Pujalte, a Compañía de Marías. Con todo, a popularidade chegoulle a través da pequena pantalla, a raíz da súa participación en series da TVG como *A familia Pita*, *Pratos combinados* e *Terra de Miranda*. No mundo do cine destaca a súa presenza nas películas *Urxa*, *Un soño de verán* ou *Sei quen es*. Presidiu a Academia Galega do Audiovisual e foi organizadora dos Premios Mestre Mateo entre 2006 e 2009. Desde 2011 a súa traxectoria profesional estase desenvolvendo en Madrid, na serie de éxito *El secreto del Puente Viejo*, cun personaxe, como recoñeceu no acto de entrega, de inspiración galega.

Música

O recoñecemento do xurado na modalidade de música foi para o Real Coro Toxos e Froles, que tivo a súa orixe no seo da Orquestra Ferrolá de Pulso e Púa Airiños D'a Miña Terra, en 1907. Foi en 1914 cando comezaron a darlle forma ao nacemento dun coro galego na cidade de Ferrol e, un ano despois, tivo lugar a súa primeira actuación no Teatro Jofre de Ferrol, baixo a dirección de Lorenzo Barja. O coro creou o Premio Manuel Lorenzo Barja para entidades ou músicos destacados, e o Premio Literario Letras de Breaña e as Medallas do Reino de Merlín. En 2005 foille outorgada a Medalla de Ouro de Galicia e, un ano despois, a Medalla de Ouro Marcial del Adalid da Real Academia Galega de Belas Artes.



Audiovisual

Na categoría de audiovisual o premio recaeu este ano no cineasta Ignacio Vilar. Tras as primeiras experiencias audiovisuais en Barcelona, no regreso a Galicia monta a produtora Vía Láctea Filmes, coa que crea curtas en 35mm, documentais e series documentais para televisión. Posteriormente pásase á longametraxe e dirixe os filmes *Illegal* (2001), *Un bosque de música* (2003), *Pradolongo* (2007), *Vilamor* (2011) e *A esmorga* (2014). Esta última obtivo unha grande acollida de público e crítica, logrou estrearse no resto de España e bater o récord de carteleira de 12 semanas. Con 16 nomeamentos nos premios Mestre Mateo 2014, foi tamén candidata aos Premios Goya 2015 na categoría de mellor guión adaptado.

Lingua

Na modalidade de lingua o galardón deste ano recaeu na Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística, unha entidade creada en 2009 coa intención de coordinar actividades e experiencias e de servir de canle para as iniciativas, inquietudes e propostas relacionadas coa nosa lingua como parte do noso patrimonio cultural e da nosa identidade. Está formada por equipos de centros públicos, privados e concertados, así como por profesionais do ensino que teñen como principio fundamental a promoción da lingua galega.

Patrimonio cultural

Na modalidade de Patrimonio cultural, o xurado recoñeceu o traballo da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, que naceu en 1993 co obxectivo de defender, divulgar e dinamizar o patrimonio marítimo de Galicia, sobre todo no que atinxe ás embarcacións tradicionais. Desde os seus inicios dedicou un importante traballo á recuperación de embarcacións e tipoloxías tradicionais, á realización de investigacións no eido patrimonial costeiro e marítimo, á realización de regatas e exhibicións conxuntas, e ao fomento do asociacionismo cultural nas vilas e lugares costeiros.



Promoción exterior

A investigadora Kathleen Nora March (Nova York, EEUU) foi a gañadora na modalidade de promoción exterior. Esta filóloga, catedrática de Español da Universidade de Maine ata a súa recente xubilación, foi pioneira na investigación da cultura galega e dos estudos galegos no mundo universitario dos Estados Unidos, e infatigable difusora e defensora da nosa cultura no ámbito internacional. Foi a primeira presidenta (1982-1985) da actual Asociación de Estudos Galegos, e na súa traxectoria investigadora combinou sempre o interese pola literatura galega cos estudos concretos sobre a produción realizada por mulleres.

A Secretaría Xeral de Cultura apoiou tamén, no recoñecemento ás traxectorias culturais destacadas, o Premio Otero Pedrayo 2015, convocado este ano en decembro pola Deputación Provincial de Lugo en colaboración co resto das deputacións, e que se resolverá en 2016.

8.6 Apoio ás programacións das entidades culturais

Convocatoria de axudas para equipamentos culturais

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria apoiou en 2015 un total de 89 proxectos municipais destinados a mellorar locais e instalacións de toda Galicia nos que se vén desenvolvendo unha programación cultural estable, a través da liña de subvencións a concellos e ás súas entidades públicas promovida pola Secretaría Xeral de Cultura.

Dotadas cun importe económico de 500.000 euros e cofinanciadas con fondos Feder esta liña de subvencións destínase á adquisición e renovación de equipamento audiovisual, informático, acústico e de iluminación de casas da cultura, centros socio-culturais, ludotecas etc., así como ao acondicionamento destas instalacións, a través de melloras na accesibilidade e seguridade dos locais. O obxectivo xeral é favorecer as condicións técnicas e de accesibilidade axeitadas para que os concellos galegos poidan realizar nas súas instalacións unha programación cultural diversa e de calidade dirixida a toda a poboación, facilitando ao mesmo tempo o equilibrio territorial na súa distribución.

Beneficiáronse desta liña os equipamentos culturais dos concellos de Ares, Verea, Pazos de Borbén, Vimianzo, Trabada, Dodro, Viana do Bolo, Bande, Xunqueira de Ambía, Mugar dos, Manzaneda, Laza, Coirós, Paderne, Moaña, Catoira, Porto do Son, Sada, Rodeiro, A Merca, Foz, Moraña, Vilarmaior, Bergondo, Ribas de Sil —cun proxecto agrupado con Folgoso do Courel e Quiroga—, O Rosal, Baleira, Ferrol, Parada de Sil, Gome-sende, Camariñas, a Mancomunidade Terra de Celanova, Castro de Rei, Cangas, Meaño, As Pontes de García Rodríguez, Trazo, Ourel, Ames, Piñor, Rois, Monterroso, A Cañiza, Lobios, A Veiga, Mañón, Cervo, Cabanas, Oroso, Vilar de Barrio, Outes, Lalín, Covelo,

Lugo, Valdoviño, Ramirás, Arbo, Malpica, Portas, Oza-Cesuras, Cortegada, Mos, O Porriño, Santiso, San Sadurniño, A Pobra de Trives, As Neves, Calvos de Randín, Muros, Agolada, Bóveda, Zas, Cariño, Oleiros, Sober, Outeiro de Rei, Gondomar, Carballo, Laxe, Boqueixón, Castrelo de Miño, Cospeito, Cuntis, Abadín, o Organismo Autónomo Pazo de Congressos e Exposicións de Pontevedra e o Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo.

A consellería tamén apoiou este ano a programación do Ateneo de Santiago, protagonizada polos *Luns do Ateneo* e as visitas guiadas programadas a exposicións e monumentos da cidade compostelá, e o *Club de lectura do Ateneo*, iniciado o pasado ano 2014, entre outras actividades culturais.

Subvencións aos festivais escénicos e musicais afeccionados

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria apoiou en 2015 un total de 30 festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado a través da liña de subvencións convocada este ano pola Secretaría Xeral de Cultura. Estas axudas, que incrementaron a súa dotación económica un 20% respecto ao ano pasado, destinaron 50.000 euros a institucións sen fin de lucro, entidades locais galegas e agrupacións de concellos, para financiar esta programación cultural. Entre os proxectos beneficiarios no ámbito escénico inclúense iniciativas como a V Semana de Teatro Cómico Vila de Sarria, o Festival de Teatro Móvete, a XXX Semana do Teatro do Valadouro, Poio Escena 2015, o XXIX Festival Internacional de Danza da Asociación Sociocultural Falcatrueiros, a Semana de Teatro de Catoira, a IX Mostra de Teatro Xosé Agreló e a XVI Mostra Internacional de Teatro Amador de Palas de Rei.

En canto á programación musical, o XXV Certame de Rondallas do Concello de Murgardos, a Mostra de Música Xove de Boiro 2015, o XLVIII Concurso de Gaitas de Ponteareas, o Nigrán Jazz 2015, o XVIII Filandón de Músicas do Caurel, o Castañazo Rock 2015, o II Encontro Troianos en Compostela, o XXII Festival de Bandas de Música de Silleda, o XXII Revoltallo de Música e Cultura Xuvenil e a XXII Mostra de Instrumentos de Música Tradicional foron algúns dos proxectos que recibiron apoio a través desta liña de subvencións.

Apoio a outras programacións afeccionadas

Xunto coa convocatoria desta liña de subvencións, a Secretaría Xeral de Cultura tamén vén apoiando a programación escénica e cultural de carácter afeccionado desenvolvida por entidades de referencia nestes ámbitos como a **Federación Coral Galega** (Fecoga), coa que asinou este ano un convenio de colaboración para a difusión da música coral a través de concertos, cursos de técnica vocal e de dirección, festivais de coros infantís e xuvenís e mais a XII Romaría Coral. Para fomentar a actividade coral e a difusión da música polifónica, e coincidindo co XXV aniversario da Asociación Cultural O Castro, celebrouse o 9 de maio, co apoio de Cultura e Educación, a **Xuntanza Internacional de Corais do Castro de Baión** (Vilanova), como espazo de concerto e de convivencia musical, coa participación de sete corais, cinco delas galegas. Ademais, o *IV Encontro estatal de federacións de coros* celebrouse este ano en Galicia, do 6 ao 8 de

decembro, no marco de colaboración da Secretaría Xeral de Cultura coa Federación Coral Galega. No certame participaron coros de Burgos, Aragón, Araba, Cantabria e Galicia, e complementouse cun obradoiro impartido por Igor Ijurra director do Orfeón Pamplonés.

O **XXVI Festival Internacional Música Pulso e Púa Cidade Cristal** desenvolveu unha programación de concertos de instrumentos de corda programados por toda a provincia da Coruña, con artistas invitados, profesionais e amadores, de todo o mundo. Ademais dos concertos e das clases maxistras de portas abertas, o programa contribúe á recuperación das *Noites de serenatas* e á dinamización de centros da terceira idade aos que leva a súa actividade.

A Secretaría Xeral de Cultura colaborou co **VI Certame Celtibérico de Bandas de Gaitas** que tivo lugar en Cabeza de Manzaneda o 25 e 26 de xullo, e coa **Liga Galega de Bandas de Gaitas**, que este ano celebrou a súa vixésimo quinta edición, un concurso no que participan agrupacións de gaita e percusión de toda Galicia e que contribúe á dinamización e á mellora técnica destes conxuntos.

A Consellería de Cultura e Educación tamén apoiou diversas iniciativas no ámbito das bandas de música (véx. 9.1).



En canto ás artes escénicas, o **Festival Agustín Magán de Teatro Afeccionado** celebrou entre o 5 e 8 de decembro unha nova edición de seis espectáculos de diferentes xéneros e estilos, a cargo dos grupos Hipócrita Teatro, Teatro no Aramio, Gargallada Teatro, Nova Escena Teatro, Axóuxere Teatro e Maraño Teatro. Promovido pola Federación Galega de Teatro Afeccionado (Fegatea), composta na actualidade por 53 agrupacións teatrais representativas das catro provincias galegas, o festival conta coa colaboración da Consellería de Cultura e Educación e do Concello de Santiago de Compostela.

No marco da colaboración con Fegatea desenvolveuse, un ano máis, o **Circuíto Galego de Teatro Amador** cun total de 60 funcións por toda Galicia, cun público estimado de 7.500 espectadores. Coa programación do circuíto promóvese a mobilidade xeográfica dos grupos de teatro afeccionado.

8.7 Creatividade e mocidade

Xuventude Crea 2015

A Cidade da Cultura acolleu a entrega dos premios Xuventude Crea 2015 aos gañadores das 11 especialidades do certame de creadores novos convocado pola Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Nesta edición presentáronse ao certame Xuventude Crea un total de 228 proxectos cunha participación de máis de 300 mozos e mozas galegas, dos que foron galardoados 51 participantes dentro das 11 especialidades: artes plásticas, banda deseñada, fotografía, deseño de xoias, moda, graffiti, música, poesía, relato breve, teatro e videocreación.



Encontro de artistas novos

Do 7 ao 11 de setembro de 2015, 82 persoas participaron nesta quinta edición deste espazo de encontro na Cidade da Cultura, no que creadores emerxentes tiveron a oportunidade de dar a coñecer os seus traballos e debater ao redor da arte contemporánea durante catro días de convivencia e intercambio de coñecementos e ideas con outros axentes culturais (véx. 10.5).



Lingua de Amor

A Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convocaron a terceira edición do concurso Lingua de Amor. A entrega, que conduciu a escritora Yolanda Castaño, contou coa participación de Manoele de Felisa, que interpretou en directo os textos das seis autoras das mensaxes elixidas polo xurado de entre as 50 máis votadas entre as preto de mil mensaxes de amor recibidas.

Tamén a Fundación Pública Camilo José Cela mantén varias convocatorias dirixidas a promover a creatividade literaria en formatos micro entre os máis novos (véx. 8.7), ao igual que as bibliotecas públicas territoriais (véx. 1.6).

Nós tamén creamos!, para os máis pequenos

A Secretaría Xeral de Política Lingüística, desenvolveu o programa de dinamización da lingua galega asociada ás TICs Nós tamén creamos!, integrado no plan Proxecta da consellería e en colaboración da CRTVG, dirixido a nenos e nenas de infantil e primaria.

Este ano participaron neste programa ao longo do curso escolar vinte centros educativos, coa implicación de 91 profesores e profesoras. O obxectivo deste programa é achegar os pequenos á lingua galega desde a creatividade coas novas tecnoloxías. O programa integrou de xaneiro a maio un plan de 20 horas de formación para a realiza-

ción de curtametraxes como parte das tarefas do proxecto educativo e a convocatoria da cuarta edición do Concurso de Curtametraxes de Animación en Galego na técnica stop-motion. As curtametraxes difúndense a través do espazo infantil do web da CRTVG.

Os traballos gañadores desta edición foron, en educación infantil, *A voda dos ratos*, do CEIP Bergantiños, de Carballo; en 1º e 2º de primaria, *Quen levou a lúa*, do CEIP A Torre Illa; e en 3º e 4º de educación primaria, *A min non me comas*, do CEIP Carlos Casares de Nigrán. Recibiron tamén unha mención os traballos *A vella na botella*, do CRA de Meis Pontevedra, *Un can e un gato*, do CEIP Josefa Alonso de Vigo e *Un can e un gato*, do CEIP Santa María da Fonsagrada.



Proxecto Dragal

Para incentivar a lectura e a creación a través das TIC en galego, a Subdirección Xeral de Planificación e Dinamización Lingüística, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, tamén organizou unha nova edición do Proxecto Dragal, con alumnado de 1º e 2º da ESO de once centros educativos. Coa participación de 660 alumnos e 55 profesores, desenvolvéronse xogos e contidos arredo do universo mitolóxico da saga *Dragal*, nun proxecto común entre centros que finalizou coa celebración dun novo *Enccontro da Fraternidade do Dragal* no Pico Sacro.

Premio Nortear


Este ano convocouse a primeira edición do premio literario Nortear, un certame promovido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola

Dirección Rexional de Cultura do Norte e pola Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (AECT) para incentivar a creatividade da mocidade escritora galega e portuguesa. A obra *Clementina*, de Lara Dopazo Ruibal, foi a gañadora desta primeira edición.

Colaboración con outros certames e actividades dirixidos á rapazada

No ámbito escolar, a Secretaría Xeral de Política lingüística colaborou coa Federación Española de Religiosos de Enseñanza-Centros Católicos de Galicia (Ferega-Ceca), na realización de actuacións para prestixiar e promover a estima do galego, con iniciativas para promover a creatividade do alumnado como o Concurso de Curtametraxes Rec-Curta. Dentro do convenio que asinaron ambas as entidades, tamén se desenvolveron outras actividades de dinamización da lingua vinculadas á literatura como o Premio Frei Martín Sarmiento e a Festa da Lingua.

Política Lingüística tamén colaborou coa Asociación Colectivo Xelmírez na 3º edición do Premio de Banda Deseñada AXI e no Premio de Ensaio Subversivo Guillermo Domínguez, para promover o galego nestas iniciativas creativas do alumnado non universitario. Tamén apoiou unha nova convocatoria de Coca-Cola Partners do Concurso Novos Talentos-Premio de Relato Curto, para favorecer o interese pola creación literaria en galego entre os máis novos.





09

A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS (AGADIC)

A Agadic é a axencia pública autonómica adscrita á Consellería de Cultura e Educación da Xunta de Galicia encargada de promover o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego.

As súas competencias esténdense á totalidade das actividades culturais e artísticas desenvolvidas por creadores individuais e empresas, na procura dunhas industrias culturais dinámicas, competitivas e innovadoras. Neste sentido, leva a cabo diferentes liñas de traballo encamiñadas a dotar de maior estabilidade o sector, optimizar a xestión empresarial nos procesos de produción e distribución, dinamizar o mercado interior e promover a proxección exterior da cultura galega.



9.1 Promoción das artes escénicas e musicais

Axudas públicas á produción escénica

En marzo de 2015 a Agadic publicou unha nova convocatoria de axudas públicas dirixidas ao fomento da produción escénica, en calquera das súas modalidades e disciplinas artísticas (teatro, danza, novo circo, maxia etc.), por parte de compañías profesionais con actividade en Galicia. A convocatoria acoutouse temporalmente para as montaxes estreadas entre o 1 de abril de 2015 ata o 31 de marzo de 2016, e dividiu catro modalidades: propostas procedentes de compañías de nova creación e que non superen os 20.000 euros de orzamento; espectáculos de pequeno formato (ata tres intérpretes) e que non excedan os 30.000 euros de orzamento; espectáculos de mediano formato (con entre catro e sete intérpretes) e de orzamento inferior aos 60.000 euros; e espectáculos de gran formato (compostos por máis de sete intérpretes) e que non superen os 80.000 euros de orzamento.

Con esta liña de axudas, procúrase o fomento do sector empresarial cultural galego cos obxectivos substanciais do incremento de público, a consolidación de industrias culturais competitivas e a busca da excelencia nos produtos culturais galegos.

Esta liña de axudas contou cun orzamento de 600.000 euros (100.000 euros do ano 2015 e o investimento restante en 2016).

As compañías beneficiarias das axudas foron Mercedes López Pérez, Antón Coucheiro Faílde, Redrum Producciones, Isabel Gago Portas, M^a Larraitz Urruzola Tolosa, Areta González Bolado, Laura Villaverde Carrera, Elefante Elegante, Marta Pazos Antas, Viravolta Títeres, Caramuxo, Berrobambán, Baobab Teatro, Ningures Producción, Teatro del Andamio, El Retrete de Dorian Grey, Producións Teatrais Excéntricas, Títeres Cachirulo, Espello Cóncavo Teatro, Chévere Producións, Producións Teatrais Talía, Santiago Cortegoso Calvar, Ignacio Vilariño Sanmartín, Teatro do Noroeste, Vallés&Patiño, La Yogurtera e Sarabela.

Axudas ás programacións escénicas de salas privadas

As salas de titularidade privada dedicadas ás artes escénicas contan cunha liña de apoio da Agadic para poderen manter unha programación estable de carácter profesional. En 2015, beneficiáronse destas subvencións cinco salas: Sala Teatro Ensalle, Sala Teatro del Andamio, Artika Sala de Teatro, Teatro Estepario e Sala Gurugú.

Os gastos subvencionables son os custos vinculados ao funcionamento da sala e ao desenvolvemento do proxecto de programación, entre os que se inclúen os gastos de persoal contratado (salarios e cotizacións sociais), os gastos xerais de funcionamento da sala (alugamentos, subministracións, gastos correntes e de servizos, seguros, gastos de xestión) e os gastos vinculados á programación (remuneración de espectáculos, gastos por servizos asociados á programación, dereitos de autor, gastos de difusión e publicidade).

Galicia Escena PRO, mercado para programadores e distribuidores

A terceira edición de Galicia Escena PRO, o mercado de artes escénicas organizado pola Agadic, desenvolveuse os días 3, 4 e 5 de novembro en Santiago de Compostela, cunha ampla programación de actividade profesional e artística arredor da produción galega nos ámbitos do teatro, danza, novo circo e maxia, que constitúe unha oportunidade para coñecer as novas producións das compañías galegas e de promover os intercambios profesionais entre artistas, programadores, distribuidores e representantes artísticos.

Nesta edición acreditáronse máis de 120 profesionais que puideron ver as propostas presentadas por 24 compañías seleccionadas entre as 120 propostas recibidas. Caramuxo Teatro e Eme2 Emoción&Arte abriron a programación. Os espectáculos *Noiteboa*, *Calypso*, *Unhas poucas picadelas*, *Don Quixote*, *unha comedia gastronómica*, *Luppo*, *AI-REnoAR*, *Ensaio sobre a cegueira*, *Peer Gynt*, *Panamericana*, *Xoga*, *O principio de Arquímedes* e *Presidente*, e extractos das novas propostas de Ánxela Blanco, ArtesaCía, Bucanero, Berrobambán, Artello, Colectivo Cinema Sticado, Ibuprofeno Teatro, Nova Galega de Danza, Matrioshka Teatro ou do Mago Xacobe completaron a programación deste ano, desenvolvida no Salón Teatro e noutros escenarios da cidade, e na que tamén houbo espazo para a formación dos profesionais.



XXXI Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

A Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia é a cita de referencia dos profesionais e afeccionados do teatro galego. Nesta edición, a Agadic destinou un total de 60.000 euros á programación da mostra, a través dun convenio de colaboración co Concello de Ribadavia, entidade organizadora do evento. Do 18 ao 25 de xullo máis de vinte compañías de diferentes partes do mundo protagonizaron unha programación de linguaxes, xéneros e disciplinas artísticas diversas. Na súa aposta pola hibridación de linguaxes artísticas e a transgresión das convencións estilísticas, o cartel deste ano achegou a mestura da danza co cine e a pintura na montaxe da compañía catalá La Veronal, *Siena*; das maquetas coas vídeo-proxeccións, a manipulación de vídeo en tempo real e as performances en *A house in Asia*, de Sr. Serrano; ou do circo co teatro de obxectos en *Móbil*, de La Güasa. Tamén se presentou en Galicia a coprodución europea *Swamp Club* e a comedia argentina *Como si pasara un tren*. Houbo representación galega tanto no Programa L para novas compañías (*Velaivai*, *A Panadaría* e *Inversa Teatro*), como na programación das últimas propostas de *Chévere*, *Viravolta*, *Teatro do Atlántico* e *ilMaquinario Teatro*.



Apoio a festivais de artes escénicas e de música

A liña de axudas da Agadic dirixidas a apoiar a programación de festivais de artes escénicas e de música de carácter profesional celebrados en Galicia contou este ano cunha dotación de 370.000 euros investidos en 21 festivais galegos de interese estratéxico. Con esta convocatoria, a Xunta de Galicia quere favorecer a oferta e demanda de produtos culturais e promover a distribución das producións escénicas e musicais dentro e fóra de Galicia.

Así, subvencionáronse con 210.000 euros 12 festivais de música: FIV de Vilalba, Resurrection Fest, Festival Sinsal Son Estrella Galicia, PortAmérica Rías Baixas, Festival

de la Luz, Revenidas, Festival do Norte, Nordestazo rock, Festival Reperkusión, Festigal, Festival de Jazz de Lugo e Festival de Jazz&Blues de Ribadeo.

Na modalidade de festivais de artes escénicas, destináronse 160.000 euros a nove mostras profesionais celebradas entre o 1 de novembro de 2014 e o 31 de outubro de 2015, cunha traxectoria mínima de cando menos dúas edicións anteriores. A súa concesión seguiu o procedemento de concorrencia competitiva, de xeito que o importe total foi distribuído entre as nove entidades organizadoras destes festivais (concellos, asociacións e cooperativas culturais): o XXIV Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT) de Carballo; o VIII Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO); a XXXII Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas; o XX Festival Internacional Galicreques de Santiago; o XVI Festival Internacional de Títeres de Redondela; o Alt 15 (XIV Festival Alternativo das Artes Escénicas de Vigo); Corpo(a)terra (V Festival de Danza e Artes do Corpo en Ourense); o Festiclown 2.0 de Noia; e o III Festival Internacional de Teatro Lusófono Ponte na Escena, que finalmente non chegou a celebrarse. A Consellería de Cultura e Educación tamén colaborou cos certames teatrais de carácter afeccionado (véx. 8.6).

O Marisquiño, festival de cultura urbana

No mes de agosto, co apoio da Xunta de Galicia, celebrouse en Vigo a décimo quinta edición do Festival Arnette O Marisquiño, festival de referencia da creatividade urbana actual. O festival apostou este ano por grupos e DJ's galegos para o cartel de concertos da súa edición máis musical. O rap, o punk, o metal e a electrónica centraron a programación, na que se incluíron grupos galegos e de fóra de Galicia como Sorën Manzoni, Silvia Superstar, Nahno Selektah + 2 MC's, Arce, Natos y Waor, Cuchillo de Fuego, Aphonic, Evil Empire, Invasive, Paulhard, Alex Tamburini ou Twin DJs.

Apoio ás programacións musicais

Para fomentar a industria musical galega, Agadic conveniu coa Asociación Galega Músicos ao Vivo a programación do I Festival Premios Martín Códax da Música, unha



cita que tivo lugar en Santiago de Compostela do 15 ao 17 de outubro, como antesala dos premios do mesmo nome, no que participaron todos os premiados das anteriores edicións. Grupos como Mónica de Nut e Virxilio da Silva, Cró!, Sub Rosa, Wöyza, Cuarteto Caramuxo, Sumrrá, Pablo Díaz e a Banda Tic Tac Toc, Los Satélites, Ataque Escampe, Cats and Monkeys, Zamaramandi e NAO tiveron os seus concertos dentro do programa; un completo panorama de todos os estilos musicais que actualmente se están a producir en Galicia.

Dentro da programación operística da Coruña, programouse ao abeiro do convenio coa Asociación de Amigos da Ópera da Coruña a ópera *O trobador, de Verdi*, un dos títulos máis representativos do compositor e de toda a ópera italiana do século XIX, nunha produción realizada integramente na Coruña, con escenografía e dirección de Mario Pontiggia e a responsabilidade musical de Keri Lynn Wilson á fronte da Sinfónica de Galicia e o Coro Gaos. A mezzo Marianne Cornetti, o baixo Dimitri Ulyanov e a soprano Angela Meade encabezaron o reparto vocal desta ópera da que gozaron máis de 5.000 mil espectadores.

Sumouse a esta representación operística unha programación lírica complementaria, tamén apoiada pola Agadic, que incluíu a gala de ópera e zarzuela ofrecida en xaneiro no Palacio da Ópera coruñés polas sopranos Ainhoa Arteta e Isabel Rey, a mezzo Marianne Cornetti, o barítono Juan Jesús Rodríguez e o tenor Andrés Veramendi coa participación da Orquestra Sinfónica de Galicia, así como os concertos do tenor coruñés José Francisco Pardo no Auditorio Afundación da Coruña e do barítono italiano Leo Nucci no Teatro Rosalía Castro.

A Agadic vén apoiando os principais ciclos singulares de música no ámbito local. A través dun convenio de colaboración co Concello de Ourense, apoiou o **VIII Festival Internacional de Música de Ourense Pórtico do Paraíso** que se desenvolveu do 6 ao 15 de marzo na cidade de Ourense cunha ampla programación de concertos de música culta, con intérpretes de recoñecida traxectoria nacional e internacional, como o Ensemble Jaques Moderne, Fahmi e Rami Alqhai, Amarcord, Paul O'Dette, Ensemble Peregrina, Vienna Clarinet Connection, Celine Frisch e Maco Beasley con Guido Morini. A programación complementouse cunha serie de actividades paralelas que converten este festival, ademais, nun foro de encontro e formación.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria tamén colaborou na cuarta edición *Xornadas de música contemporánea*, programación en colaboración co Concello de Santiago e a Universidade de Santiago de Compostela que se inaugurou o 10 de outubro cun concerto homenaxe ao compositor galego Rogelio Groba celebrado na Cidade da Cultura de Galicia. O Salón Teatro e o CGAC foron outros dos espazos nos que se desenvolveu esta programación dedicado á creación musical do último século.

Apoio aos certames das bandas de música de Galicia

A Banda de Música Municipal de Silleda proclamouse gañadora da sección primeira (bandas de máis de 70 músicos) do **IX Certame Galego de Bandas de Música**. O evento, organizado pola Federación Galega de Bandas de Música Populares, co apoio económico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Agadic, celebrouse no mes de novembro no Auditorio de Galicia. O segundo posto foi para a Banda da Escola Municipal de Música de Oleiros e o terceiro, para a Banda

de Música Municipal de Valga, que ademais foi recoñecida co premio á mellor interpretación dunha obra de temática galega. As bandas interpretaron un pasodobre (non competitivo), unha obra libre e unha obra de carácter obrigatorio: *Esbozos sinfónicos* de X. Carlos Seráns.

A Agadic achega, a través do convenio coa federación galega, un orzamento de 70.000 euros para o desenvolvemento das súas iniciativas de promoción das bandas de música. A Federación Galega de Bandas de Música Populares convocou, co apoio da Agadic, o **VIII Concurso Galego de Composición** para banda de música e sección sinfónica para continuar ampliando o repertorio musical galego para bandas de música. As obras gañadoras da sección terceira *Olimpo dos celtas*, de Santiago Barreira, e *As lúas*, de Juan Pérez, na sección segunda, serán obras de interpretación obrigada no vindeiro Certame Galego de Bandas de Música.

Grupo de Música Tradicional da Agadic

Integrado na Agadic, o Grupo de Música Tradicional difunde a música tradicional galega tanto en concertos coma en actividades de representación institucional con actos durante este ano 2015 en Madrid, Santiago de Compostela, Vilagarcía de Arousa, Padrón, Ponteceso, Sober ou A Fonsagra, entre outros.

Premios da Agadic á escrita teatral

A Agadic convocou no mes de decembro de 2015 unha nova edición dos seus premios de literatura dramática: o **XXIII Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais**, o **IX Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil** e o **XII Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques** (modalidades de público infantil e adulto), que serán fallados en 2016. Os galardóns, que suman unha dotación económica total de 24.000 euros, buscan estimular e recoñecer a creación literaria no eido teatral.

Os gañadores da anterior convocatoria viron este ano os seus textos publicados no mercado: a obra *Raclette*, de Santiago Cortegoso, gañadora do XXII Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais; *Xogando con gatos*, de Antón Cortizas, galardoado no VIII Premio Manuel María de literatura dramática infantil; e *O lobo e a lúa* de Andrea Bayer, merecedora do XI Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques na categoría de teatro para rapaces, e *Ela, piedade dos suicidas*, de Xavier Lama, na categoría de teatro para adultos. As catro obras están publicadas nas coleccións Biblioteca Dramática Galega, de Edicións Xerais de Galicia, e Barriga Verde, de Baía Editorial, ambas coeditadas coa Agadic.

Ademais do apoio ao **Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico**, que realiza cada ano a Secretaría Xeral de Cultura, a Agadic tamén colabora con outras iniciativas de certames de creación para este ámbito da escrita escénica. Para promover a creación dramática entre o alumnado en formación nesta especialidade, colabora coa Escola Superior de Arte Dramática no **Premio Pegada de Teatro Radiofónico**, cunha doazón de máis dun cento de libros de creación e investigación teatral do fondo bibliográfico da Agadic. Na entrega do premio, o 27 de marzo, Día Mundial do Teatro, realizouse tamén unha lectura dramatizada.

Premios María Casares de Teatro

O 27 de marzo, Día Mundial do Teatro, celebrouse a gala de entrega de premios teatrais María Casares no Teatro Rosalía de Castro da Coruña. Estes premios, que este ano celebraron a súa décimo novena edición, recoñecen anualmente o traballo e o esforzo dos profesionais do sector teatral en distintas categorías.

Nesta edición, *Perplexo* (IlMaquinario Teatro) logrou cinco premios: mellor vestuario (Yaiza Pinillos), mellor iluminación (Tito Asorey e Germán Gundín), mellor adaptación-tradución (Catuxa Pato e Tito Asorey), mellor dirección (Tito Asorey) e mellor espectáculo; *Ultranoite no país dos ananos* (Chévere) fíxose co de mellor música orixinal (Xacobe Martínez Antelo), mellor texto orixinal (Manuel Cortés) e mellor actor secundario (César Goldi); *Kassa* (Elefante Elegante) levou o de mellor escenografía (Carolo Losada Soto); *Pequenas certezas* (Sarabela Teatro), o de mellor maquillaxe (Raquel Fidalgo); *PAN! PAN!* (A Panadaría), mellor actriz secundaria (Areta Bolado); *O feo* (CatroCadeiras), mellor actor protagonista (Machi Salgado); *Meu Ben* (Eme2), mellor actriz protagonista (Elina Luaces); e *A casa do avó* (Tanxarina) foi recoñecido como mellor espectáculo infantil. O Premio de Honra Marisa Soto recaeu este ano en Vicente Montoto. A Agadic colabora coa Asociación de Actores e Actrices de Galicia, entidade promotora e organizadora da convocatoria, nesta festa de recoñecemento aos profesionais do teatro.





9.2 Apoio ao audiovisual galego

Subvencións a producións e coproducións de contido cultural galego

Cunha dotación económica de 2.000.000 de euros dividida en tres anualidades (2015, 2016 e 2017) publicouse no mes de maio a liña de axudas dirixida a empresas produtoras pola que se apoia a creación de longametraxes (ficción, animación, documental) e series e películas para TV. Con esta convocatoria pública a Agadic pretende fomentar a produción e a coprodución de películas que contribúan á ampliar a diversidade da cinematografía galega, promovan o talento e consoliden a industria audiovisual.

As producións beneficiarias desta liña de axudas son: na modalidade de longametraxes cinematográficas de ficción cun orzamento inferior a 1.200.000 euros, *Tempo vertical*, de Zeitun Films, *Semana grande*, de Frida Films, *A estación violenta*, de Matriuska Producciones, e *A visitante*, de Maruxiña Film Company; na modalidade de longametraxes cinematográficas de ficción cun orzamento superior a 1.200.000 euros, *Kidnapped/Secuestrados (remake)*, de Vaca Films; na de longametraxes cinematográficas de animación, *Día de mortos*, de Ficción Producciones, e *Memorias dun home en pixama*, de Ladybug Films; en longametraxes cinematográficas documentais, *Versogramas*, de Esferobite; na modalidade de curtametraxes de ficción, animación e documental, *Peixes*, de Juan Carlos Pena Babío; na de longametraxes e miniseries televisivas, *Contou Rosalía*, de Zenit Televisión; e en longametraxes documentais para televisión, resultou beneficiaria *A batalla descoñecida*, de Agallas Films.

Axudas ao desenvolvemento de proxectos audiovisuais de produción galega

A Agadic convocou este ano unha nova convocatoria de axudas públicas, dirixidas ao desenvolvemento de proxectos audiovisuais, co interese de asegurar a madurez dos produtos audiovisuais galegos, dentro do marco das competencias deste organismo. A contía total da convocatoria ascende a 185.000 euros (dos cales 25.000 corresponden ao 2015).

Un total de 11 produtoras audiovisuais independentes resultaron beneficiarias destas axudas de fomento dos traballos previos á produción audiovisual, en fase inicial de desenvolvemento, que se levarán a cabo nos exercicios 2015 e 2016. As producións beneficiarias foron *As troitas cantan ao mencer*, de Abano Producións; *O Santa Isabel (o Titanic de Sálvora)*, de Agallas Films; *Nela, el é Alén*, de Alfonso de la Puente Vaquero; *Zara. O inicio dun imperio*, de Ficción Producciones; *O estraño ladrón de parques*, de Filomena 3D; *Ana y el futuro*, de Frida Films; *O enigma de X*, de Impulso TV Comunicación y Multimedia; *O encontro*, de Maruxiña Film Company; *Debuxos animados*, de Pulsa Control Z; *Ouro azul*, de Vía Láctea Filmes; e *O Tabernícola*, de Danga Danga Audiovisuais.

Convocatoria de axudas de creación audiovisual para promoción do talento galego

No mes de abril, a Agadic publicou a convocatoria de axudas públicas pola que se subvenciona a creación de obras audiovisuais con decidida vocación artística e cultural e en concreto, a escrita de guións e a realización de curtametraxes e de longametraxes dixitais realizadas por creadores individuais. Esta liña de subvencións, coa que a Agadic fomenta a creación cultural no sector audiovisual, permitiu subvencionar este ano 13 proxectos audiovisuais, cun investimento de 145.000 euros.

Na modalidade A de escrita individual de guión en galego, resultaron beneficiarios *Indicios de doada certeza*, de Marcos Vilariño Sanmartín; *Ó correr do río*, de Víctor Hugo Seoane Rodríguez; *Grimsey*, de Jorge Alexandre Cancelo Parcerero; *Antes de perder*, de Sonia Méndez Alonso; e *Eles transportan a morte*, de Helena Girón Vázquez. Na modalidade B de realización de proxectos de curtametraxes gravadas en versión orixinal galega, *Terra mollada*, de Eloy Domínguez Serén; *A liña política*, de Antón Santos Díaz; *A última batea*, de Xisela Franco Costas; *As vacas de Wisconsin*, de Sara Traba Rotea; e *Ons*, de Santiago Diéguez Risco. Na modalidade C de proxectos de longametraxes cinematográficas en versión orixinal galega, beneficiáronse *Dhogs*, de Acanea Impulsión; *Esquece Monelos*, de Danga Danga Audiovisuais; e *Manuel Vilariño. Ser luz*, de José Manuel Mouriño Lorenzo.

Premios Mestre Mateo

O 11 de abril, no Auditorio Gaviota do Palexco, na Coruña, celebrouse a gala dos XIII Premios do Audiovisual Galego Mestre Mateo, uns galardóns que recoñecen anualmente o labor desenvolvido pola profesión audiovisual en Galicia en diferentes categorías e que constitúen unha homenaxe ao sector audiovisual galego e que un ano máis contaron coa colaboración da Agadic.

Na categoría de longametraxe, venceu *Os fenómenos*; na de longametraxe de animación; *Maimiño*; na de documental, *Angrois no esquecemento*; a mellor serie de TV foi *Serramoura*; mellor serie web, *El método sueco*; mellor programa de televisión: *Zigzag Diario*; mellor anuncio publicitario, *Alarma, ya es navidad*; mellor curtametraxe *Unary*; mellor videoclip, *Garden's road*; mellor interpretación masculina protagonista, Antonio Durán Morris, por *A esmorga*; mellor interpretación masculina secundaria, Antonio Durán Morris por *Códice*; mellor interpretación feminina protagonista,

Mabel Rivera, por *Pazo de familia*; mellor interpretación feminina secundaria, Leticia Sola, por *Os fenómenos*; mellor comunicador/a de TV, Marga Pazos, por *Telexornal Mediodía*; mellor dirección, Alfonso Zarauza, por *Os fenómenos*; mellor dirección de arte, Ángel Amaro, por *A esmorga*; mellor guión, Alfonso Zarauza e Jaione Camborda, por *Os fenómenos*; mellor dirección de fotografía, Diego Romero, por *A esmorga*; mellor realización, Diego Guerrero e Marcos Estebo, por *Cos pés na Terra (3ª tempada)*; mellor montaxe, Marcos Nine, por *A Viaxe de Leslie*; mellor música orixinal, Zeltia Montes, por *A esmorga*; mellor vestuario, Mar Fraga, por *A esmorga*; mellor son, David Machado, por *Schimbare*; mellor maquillaxe e peiteado, Susana Veira, por *A esmorga*; e mellor dirección de produción, Toni Veiga, por *Schimbare*.



Festivais audiovisuais

Para promover o desenvolvemento de programacións que difundan a produción cinematográfica e audiovisual galega, a Agadic convocou unha liña anual de axudas públicas para o apoio a festivais de cine celebrados en Galicia priorizando aqueles que, polas súas características, teñan un interese estratéxico para o sector. Cunha dotación orzamentaria de 90.000 euros, beneficiáronse en 2015 destas axudas o XI Play-Doc. Festival Internacional de Documentais de Tui, a VI Mostra Internacional de Cinema Periférico, o XII Festival de Cans de Curtametraxes 2015, XXVIII Cineuropa, *Xornadas de cine e vídeo en Galicia (Xociviga 2015)* e *Freakemacine FKM 2015*, Festival de Cinema Fantástico da Coruña.

Este ano celebrouse co apoio da Agadic, ademais, o XX Festival de Cine Internacional de Ourense OUFF, que proxectou máis de 30 películas do 14 ao 22 de novembro en distintos espazos da cidade das burgas. Este ano incorporou, entre outras novidades,

un encontro de coprodución entre Galicia e Portugal organizado pola Agadic. Promovido polo Concello de Ourense co obxectivo de contribuír á difusión en Galicia do cinema actual de todas as nacionalidades e de dar visibilidade á produción audiovisual galega, o OUFF 2015 combinou o labor de estímulo para a creación cinematográfica a través dunha competición oficial de filmes inéditos comercialmente en España, con outras seccións paralelas destinadas ao recoñecemento do cinema galego, á presentación de filmes inéditos en Galicia ou á exhibición de documentais. Este festival conta tamén cun espazo de programación para o alumnado, OUFF escola, con proxeccións, charlas e obradoiros, que bateu este ano un novo record de participación no concurso con 126 traballos presentados.

Programación en colaboración cos cineclubs galegos

A Agadic vén apoiando os programas de difusión do cine desenvolvidos nunha ducia de localidades das catro provincias galegas, en colaboración coa Federación de Cineclubs de Galicia. Cun investimento de 24.000 euros en 2015, desenvóléronse ao abeiro deste convenio de colaboración ciclos e semanas de cine, cos que estas entidades promoven o enriquecemento audiovisual en Galicia e contribúen á formación da poboación nestas linguaxes, con formatos de exhibición e divulgación.

As súas programacións son unha alternativa á exhibición cinematográfica dos circuitos comerciais, que facilitan tamén o acceso dun maior número de espectadores á pantalla grande e achegan propostas de calidade, de produción independente e de claro contido cultural.

A Agadic tamén desenvolve programacións cinematográficas propias no Centro Galego de Artes da Imaxe (véx. 9.7).

Programa Firma e filme

Favorecer un espazo de encontro entre empresas produtoras de audiovisual e empresas editoras para fomentar as adaptacións literarias a guións e a formatos de cine e televisión e fortalecer, así, as relacións, o coñecemento e a colaboración entre a literatura e o audiovisual son os obxectivos do novo programa Firma e filme posto en marcha en 2015 pola Agadic, en colaboración coa Asociación Galega de Produtoras



Independentes (Agapi). Este ano realizouse a primeira convocatoria desta iniciativa. O proxecto incluíu a lectura das obras literarias propostas, o intercambio de información e a organización dunha axenda de reunións que tivo lugar en Pontevedra, no marco de Cuturgal. Neste encontro, ao que se presentaron 52 propostas para posibles proxectos cinematográficos, participaron 25 produtoras audiovisuais e 18 editoriais galegas.

El día más corto [ED+C]

A Agadic colaborou coa madrileña Coordinadora del Cortometraje Español para apoiar a presenza de traballos da nosa lingua dentro da programación deste evento para a promoción das curtametraxes, *El día más corto [ED+C]*, que se desenvolve cada 21 de decembro en distintos puntos de España e noutros 17 países. Deste xeito, a edición de 2015 incorporou por vez primeira catro curtas en galego: *O cazador*, de Ángel Santos; *Anacos*, de Xacio Baño, *Bata por fóra (muller por dentro)*, de Claudia Brenlla; e *Conversa cunha muller morta*, de Sonia Méndez.

9.3 Difusión da oferta cultural galega en rede

En colaboración con numerosas entidades públicas e privadas de toda Galicia, a Agadic xestiona tres importantes programacións en rede para distribución escénica e musical: a Rede Galega de Teatros e Auditorios, a Rede Galega de Salas e a Rede Galega de Música ao Vivo. Con estes proxectos garántese unha estabilidade na programación de espectáculos e concertos de factura galega, ao tempo que se ofrece unha oferta ampla e aberta nas vilas e cidades galegas.

Estas programacións, xunto cos diferentes ciclos promovidos ou apoiados pola Agadic, configuran o cartel escénico e musical máis completo de toda Galicia. A esta programación descentralizada súmanse as representacións desenvolvidas polo Centro Dramático Galego, polo Centro Coreográfico Galego e polo Grupo de Música Tradicional da Agadic.

Rede Galega de Teatros e Auditorios

Para promover e difundir os espectáculos de artes escénicas de empresas galegas, e contribuír ao mesmo tempo á estabilidade dos espazos escénicos adscritos ao programa, a Agadic cofinancia esta rede xunto cos concellos e entidades xestoras do medio centenar de espazos asociados, cun investimento que en 2015 ascendeu a 600.000 euros.

O seu calendario de funcións estrutúrase en períodos semestrais de programación. As artes escénicas, a música e a maxia teñen cabida neste circuito, que lle presta especial atención ao teatro galego. En total, este ano 481 representacións escénicas e musi-

cais foron distribuídas en teatros e auditorios dos 35 concellos galegos adscritos a esta programación: A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Vigo, A Estrada, Ames, Arteixo, Betanzos, Boiro, Cambados, Carballo, Gondomar, Lalín, Monforte de Lemos, Narón, Noia, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Oleiros, Redondela, Sada, Tui, Vilagarcía de Arousa, Viveiro, A Rúa, As Pontes de García Rodríguez, Cedeira, Cee, Foz, Muros, Ortigueira e Ribadeo.



Rede Galega de Salas

Este circuío ofrece un catálogo de espectáculos de artes escénicas distribuídos por salas de teatro de titularidade privada. A Rede Galega de Salas programou este ano 123 representacións escénicas nas cinco salas participantes: Sala Gurugú e Teatro del Andamio (A Coruña), Fundación SGAE (Santiago de Compostela), Sala Ingrávida (O Porriño) e Teatro Ensalle (Vigo). Con esta programación a Agadic contribúe a unha meirande estabilidade na programación habitual destes espazos escénicos privados, cun investimento en 2015 de 60.000 euros.

Rede Galega de Música ao Vivo

Promovida pola Agadic en colaboración coa Asociación Galega de Salas de Música ao Vivo Clubtura, ten o obxectivo de atender de xeito específico as necesidades de difusión dos grupos e intérpretes musicais galegos. Unha trintena de locais de toda Galicia integran esta rede, financiada nun 85% pola Axencia Galega das Industrias Culturais,

con 94.755 euros, na que ten cabida unha gran variedade de estilos musicais, así como espectáculos escénicos de pequeno formato.

Este ano, a programación, máis diversificada con respecto a anos anteriores, ascendeu a 228 concertos de grupos musicais de todos os estilos en 33 salas de música ao vivo de 22 concellos galegos: Melide, Carballo, Laxe, Bueu, A Coruña, O Porriño, Ourense, Allariz, Santiago de Compostela, Lugo, Vigo, Culleredo, Baiona, O Grove, A Laracha, O Barco de Valdeorras, Pontevedra, Cangas, Vilagarcía de Arousa, Ferrol, Moaña, Caldas de Reis.

Cultura no Camiño

Para contribuír á visibilidade dos produtos culturais galegos e achegarlle a cultura á cidadanía á vez que se dinamiza a actividade nas distintas rutas xacobeas, a Agadic desenvolveu un ano máis a programación Cultura no Camiño, un ciclo desenvolvido en colaboración coa Axencia Turismo de Galicia e cos concellos participantes, que este ano aumentou o seu volume de eventos e orzamento.



De abril a setembro, 316 funcións de artes escénicas e de música (concertos, funcións de teatro, maxia e novo circo) foron postas en escena en distintos concellos de Galicia polas 138 formacións artísticas participantes. En total, 93 concellos vinculados

ao Camiño de Santiago: A Coruña, A Pobra do Caramiñal, Abegondo, Ames, Arzúa, Boimorto, Betanzos, Boiro, Cambre, Carral, Cee, Corcubión, Culleredo, Dodro, Dumbria, Fene, Fisterra, Melide, Miño, Narón, Neda, Negreira, O Pino, Ordes, Oroso, Padrón, Pontedeume, Rianxo, Ribeira, Rois, Santa Comba, Santiago de Compostela, Teo, A Fonsagrada, A Pobra de Brollón, Abadín, Baleira, Barreiros, Castroverde, Friol, Guitiriz, Guntín, Lourenzán, Lugo, Monforte de Lemos, Monterroso, Palas de Rei, Paradela, Portomarín, Quiroga, Ribadeo, Sarria, Sober, Vilalba, Allariz, Amoeiro, Coles, Monterrei, O Barco de Valdeorras, Ourense, Ribas de Sil, Riós, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, Santiáas, Verín, Vilariño de Conso, Xinzo de Limia, Xunqueira de Ambía, A Guarda, A Illa de Arousa, Baiona, Caldas de Reis, Cambados, Catoira, Meaño, Mos, Nigrán, O Grove, O Porriño, O Rosal, Pontecesures, Pontevedra, Portas, Redondela, Ribadumia, Rodeiro, Sanxenxo, Silleda, Soutomaior, Tui e Vilanova de Arousa.



Programa Cinemas de Galicia

Cinemas de Galicia é unha rede de salas públicas para a exhibición cinematográfica impulsada pola Agadic coa finalidade de incrementar tanto o número de pantallas en Galicia, como as opcións de distribución dos filmes galegos máis recentes e o acceso dos públicos a eles. Tras a experiencia piloto desenvolvida a finais de 2014 en catro concellos, o circuíto ampliou os seus espazos e catálogo, no que a produción galega dialoga co cine europeo actual.

Con esta programación, a Agadic facilítalle ao público galego a oportunidade de gozar en pantalla grande dunha escolma de filmes que, malia a súa contrastada ca-

lidade, non son doados de atopar nos circuitos comerciais. Coa colaboración de sete espazos municipais (Cinema, de Foz; Cine Alovi, das Pontes de García Rodríguez; Auditorio Municipal do Carballiño; Pazo Emilia Pardo Bazán de Sanxenxo; Teatro da Beneficencia de Ortigueira; Multiúsos da Xunqueira, de Redondela; e Casa da Cultura, de Verín), presentouse este ano un catálogo de 27 títulos: *Inevitable* (de Jorge Algora); *Le Week-End* (de Roger Michell); *Leviatán* (de Andrey Zvyagintsev); *As altas presións* (de Ángel Santos); *O ouro do tempo* (de Xavier Bermúdez); *Les garçons et Guillaume, à table!* (de Guillaume Gallienne); *O pequeno mago* (de Roque Cameselle); *Qu'est-ce qu'on a fait au Bon Dieu?* (de Philippe de Chauveron); *Dous días, unha noite* (de Jean Pierre Dardenne e Luc Dardenne); *A árbore magnética* (de Isabel Aiguavives); *Os increíbles* (de David Valero); *Nai e fillo* (de Calin Peter Netzer); *O Raio* (de Fran Araújo e Ernesto de Nova); *9 ondas* (de Simone Saibene); *10.000 km* (de Carlos Marques-Marcet); *Stockholm* (de Rodrigo Sorigoyen); *A gran beleza* (de Paolo Sorrentino); *Encallados* (de Alfonso Zarauza); e *Ida* (de Pawel Pawlikowski).

Danza 3. Folclore na rúa

Entre os meses de maio e decembro desenvolveuse, apoiada pola Agadic, unha nova edición de Danza 3. Folclore na rúa. As agrupacións Xacarandaina, da Coruña, O Fiadeiro, de Vigo, e Cantigas e Agarimos, de Santiago de Compostela, achegaron a música e o baile tradicionais aos concellos da Baña, O Barco de Valdeorras, Santiago de Compostela, Sarria, Marín, Rianxo, Ourense, Burela e Melide.

Con esta programación, a Agadic contribúe á difusión e promoción do folclore galego e apoia o labor destas agrupacións na recuperación e posta en valor deste patrimonio.

Xira Vas sacar nota!

En colaboración coa CRTVG, a Agadic promoveu a xira de concertos *Vas sacar nota!* nos meses de maio e xuño dos dous grupos gañadores (Barrio Rojo e Cuchufellos) do concurso da Radio Galega, en locais da Rede Galega de Música ao Vivo e en colaboración coa asociación Clubtura, para contribuír á promoción e difusión de grupos de música noveis galegos.

9.4

Formación e apoio sectorial e ao emprendemento

Axudas ás asociacións profesionais

Co obxectivo de impulsar a cooperación e o asociacionismo entre os profesionais e as empresas dos distintos sectores culturais, así como as medidas do sector para aumentar a súa presenza e competitividade nos mercados culturais, con especial aten-

ción á distribución internacional da cultura, a Agadic convocou a liña de axudas públicas dirixida á potenciación do asociacionismo profesional no ámbito das industrias culturais galegas.

Un total de 11 asociacións profesionais representativas das empresas e profesionais no sector das industrias culturais resultaron beneficiarias destas axudas, dotadas dunha contía de 50.000 euros.

I Encontro de coprodución audiovisual Portugal Galicia

O 20 de novembro, no marco do festival OUFF de Ourense, tivo lugar o *I Encontro de coprodución audiovisual Portugal Galicia*, organizado pola Agadic e o Instituto do Cinema e do Audiovisual de Portugal (ICA), no que participaron 27 profesionais empresas produtoras e distribuidoras e canles televisións das dúas beiras do Miño na procura de futuros proxectos comúns. Pola banda galega, participaron a Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi), Abano Producións, Agallas, Cinemar, Esferobite, Esmerarte Industrias Creativas, Ficción Producciones, Filmanova, Formato Producciones, Frida Films, Ladybug Films, Portocabo, Voz Audiovisual e Televisión de Galicia (TVG). Desde Portugal desprazáronse ata a cidade das Burgas os representantes de David & Golias, Fado Filmes/Loudness Films/Addict, Frame Productions, HOP! Produção Audiovisual Unipersonal, Lightbox, MarginalFilmes, Nutri Ventures Corporation, Papavero-noir Filmes, SP Televisão, Take 2000 e Radio Televisão de Portugal (RTP).

Os participantes suman un total de 38 proxectos en fase de desenvolvemento, 23 cinematográficos e 15 televisivos, que expuxeron nas roldas de reunións co obxectivo de ampliar as súas oportunidades de financiamento.

Formación para profesionais da escena

Dentro da programación de Galicia Escena PRO, dirixido á formación dos profesionais, tivo lugar o seminario *Estratexias dixitais para compañías de artes escénicas*, impartido por Pepe Zapata, socio da consultora Teknecultura, ao que asistiron 25 profesionais. Na actividade de intercambio estritamente profesional do Galicia Escena PRO, celebráronse tamén os *II Encontros COFAE* (Coordinadora de Ferias de Artes Escénicas del Estado Español).

Dirixido a actores e actrices e directoras e directores con interese en perfeccionarse na dirección escénica, a Universidade de Santiago de Compostela, coa colaboración da Agadic, desenvolveu do 12 ao 23 de xaneiro o curso *Posta en escena*, impartido polo director teatral canadense Joel Beddows, no que participaron 18 profesionais. Esta iniciativa forma parte dos programas de posgrao e formación continua da oferta desta universidade.

Xa nun formato de foro profesional, a Agadic colaborou coa asociación Escena Galega na organización, no marco de CulturGal, da *Xornada sobre a xestión pública de redes de espectáculos*, na que se debateu sobre o funcionamento destes circuitos a partir da posta en común de experiencias existentes noutros puntos de España.

Formación para profesionais do audiovisual

Galicia ProFilme é o programa de formación continua dirixido a profesionais do sector audiovisual galego desenvolvido ao longo do ano pola Agadic. Cunha periodicidade mensual, celebráronse xornadas, seminarios e conferencias, que este ano estiveron centradas nas axudas MEDIA ao desenvolvemento de proxectos audiovisuais, nas oportunidades do Festival de San Sebastián, nas oportunidades MEDIA para guionistas e directores e no financiamento de proxectos de videoxogos. Asistiron 150 profesionais do sector.

Nas accións formativas no eido audiovisual, a Agadic colaborou tamén co **Máster de produción e xestión audiovisual** da Fundación Universidade da Coruña, que lle permite ao alumnado afondar na formación e preparación de produtores executivos e ter un contacto de primeira man coa realidade do sector. O investimento da Agadic nesta formación para licenciados en Comunicación Audiovisual, Xornalismo e afíns foi de 25.000 euros.

En colaboración co Clúster do Audiovisual Galego, desenvolveuse a **Xornada de pitching I+P Ideas para producir**, coa finalidade de contribuír á viabilidade de proxectos, facilitar relacións entre empresas de distinto ámbito e dinamizar o negocio audiovisual. Na xornada, na que se presentaron 15 proxectos que foron avaliados por unha ducia de expertos do sector, participaron este ano 30 profesionais de empresas produtoras, distribuidoras e cadeas de TV nacionais e internacionais.

Formación para os profesionais da música

A Agadic, a Fundación Paideia e a SGAE colaboraron na organización do seminario **Industria musical para emprendedores**, que se desenvolveu os días 5 e 6 de xuño na Coruña. O encontro tivo como obxectivo trasladarlles aos emprendedores musicais galegos os conceptos esenciais para iniciar un labor profesional no ámbito da música, mediante a identificación dun *abecedario urxente* para músicos emerxentes e a explicación das nocións básicas para desenvolverse no oficio da música. Ademais, os inscritos tiveron a oportunidade de solucionar dúbidas formulándolles as súas preguntas aos especialistas participantes.

Cultural, feira galega das industrias culturais

Do 4 ao 6 de decembro tivo lugar en Pontevedra a oitava edición da feira de referencia das industrias galegas da cultura, Culturalgal, con máis de 14.000 asistentes. A programación desta edición, que contou cun investimento de 50.000 euros da Agadic, ademais de espectáculos de música e artes escénicas, incorporou presentacións de produtos, proxectos e servizos, proxeccións audiovisuais, encontros profesionais, debates e foros de opinión, encontros de creadores e profesionais co público asistente, obradoiros formativos etc. Con esta iniciativa, con máis dun cento de eventos desenvolvidos nos tres días que dura a feira, preténdese fomentar a cooperación e o apoio entre os axentes culturais, promover a calidade das propostas culturais galegas, dotar de maior estabilidade o sector, apoiar a xestión empresarial, dinamizar o mercado interior e promover, á vez, a proxección social da cultura galega.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dispuxo no recinto feiral de Culturgal un novo e amplo expositor nos que os distintos departamentos da Xunta de Galicia exhibiron e comunicaron os seus produtos e servizos culturais ao sector profesional e a toda a cidadanía.



Galicia creativa, en colaboración coa SGAE

A Axencia Galega das Industrias Culturais colaborou coa Fundación SGAE (Sociedad General de Autores y Editores) na posta en marcha do programa Galicia creativa, dedicado á promoción de novos artistas e creadores musicais galegos de pop-rock, jazz e tradicional-folk. A iniciativa materialízase nunha serie de axudas nos distintos pasos do proceso de produción discográfica de autores e intérpretes emerxentes galegos seleccionados.

Incentivación do consumo cultural

A Agadic puxo en marcha este ano unha nova iniciativa, a Tarxeta-Bono Cultura Galega, un programa dirixido a mozos e mozas de entre 18 e 30 anos para incentivar a compra de libros en galego e entradas de espectáculos de artes escénicas de empresas galegas.

Cun custo de 33 euros por tarxeta para o usuario, este dispuña dun valor de 50 euros para adquirir, nun prazo de dous meses, calquera publicación en galego ou entrada teatral dos establecementos adheridos ao programa. A Tarxeta-Bono, compatible con calquera outro desconto adicional, foi xestionada por Afundación desde o web www.tarxetabonoculturagalega.gal.



9.5 Centro Dramático Galego

O Centro Dramático Galego (CDG) ten como obxectivo a realización dunha programación escénica que faga posible que o espectador galego teña unha visión completa do panorama dramático contemporáneo.

No mes de decembro, a directora e dramaturga compostelá Fefa Noia (María José Noya Ansele) resultou seleccionada para o posto de dirección do Centro Dramático Galego, dentro das funcións de coordinación do departamento de produción teatral da Agadic, collendo a remuda do anterior director Xosé Manuel Guede, que dirixiu o primeiro semestre do ano. A contratación da nova directora, acordada polo Consello Reitor da Agadic, foi resultado dun procedemento público iniciado en xullo.

Producións propias e coproducións do CDG

O CDG desenvolveu este ano, baixo a dirección de Cándido Pazó, a produción *Xardín Suspenso*, para achegarlle ao público de Galicia os textos máis destacados da dramaturxia contemporánea portuguesa. Por outra parte, en contrapartida, o Teatro Nacional Dona Maria II de Lisboa produciu *Saxo tenor* de Roberto Vidal Bolaño, que tamén foi representada en Santiago de Compostela en colaboración co Concello.

En colaboración co Teatre Nacional de Catalunya e a produtora Catro Cadeiras, coproduciuse o espectáculo *Ganas de ouvear*, un proxecto poético-teatral destinado á comunidade xuvenil, do dramaturgo galego Dani Salgado e o catalán Joan Giralt a través dos textos do poeta galego Alfonso Pexegueiro e do catalán Narcís Comadira, e que se puido ver no Teatre Nacional de Catalunya e no Salón Teatro de Santiago de Compostela durante o mes de abril.

No 2015 levouse a cabo a primeira edición do **Proxecto Nós**, no que, con vocación de continuidade, participa a Agadic a través do CDG, en parcería co Teatro Nacional Dona Maria II de Lisboa e co Teatro Nacional São João do Porto, así como da Escola Superior

de Arte Dramática (ESAD) de Vigo, da Escola Superior de Música, Artes e Espectáculo (ESMAE) do Porto e da Escola Superior de Teatro e Cinema (ESTC) de Lisboa. Cun equipo artístico liderado por dous profesionais novos pero xa consolidados, produciuse a obra *Bilingue*, que José Vieira Mendes creou para este proxecto e que foi dirixida por Pedro Penim. O resto do equipo creativo e dos actores e actrices estivo composto por alumnos das tres escolas participantes.

Xardín suspenso

AUTOR: Abel Neves

DIRECTOR: Cándido Pazó

ELENCO: César Cambeiro: Alberto; Melania Cruz: Lucía; Rocío González: Paula; Luisa Merelas: Mariana; Santi Romay: Mateo; Ana Santos: Lucinda

ESCENOGRAFÍA E FIGURINISMO: Carlos Alonso

COMPOSICIÓN MUSICAL: Manuel Riveiro

ILUMINACIÓN: Afonso Castro

MAQUILLAXE: Martina Cambeiro

PRODUCCIÓN: Fran Veiga

ASISTENTE DE DIRECCIÓN: Belén Pichel

VERSIÓN GALEGA: Cándido Pazó e Manuel Guede Oliva

CADERNO PEDAGÓXICO PARA AS SESIÓNS ESCOLARES: Afonso Becerra de Becerreá

FUNCIÓNS: en abril: Pazo da Cultura de Narón, Teatro Lauro Olmo do Barco de Valdeorras, Teatro Principal da Estrada e Auditorio Sede Afundación de Pontevedra. En maio: Teatro Afundación Vigo, Teatro Municipal de Tui, Auditorio Municipal de Rianxo, Teatro Principal de Ourense, Teatro Rosalía de Castro da Coruña e Teatro Nacional D. Maria II (Sala Garret) de Lisboa



Ganas de ouvear

DRAMATURXIA E INTERPRETACIÓN: Joan Giralt, Dani Salgado

DIRECCIÓN: Dani Salgado

ESCENOGRAFÍA, ILUMINACIÓN, VESTIARIO, GRÁFICA E VÍDEO-

CREACIÓN: Laura Iturralde, Montse Piñeiro

PRODUCCIÓN EXECUTIVA: Juan Carlos Corredoira

TEMAS MUSICAIS: Cró!, Trilitrate

TEXTOS: Narcís Comadira, Joan Giralt, Alfonso Pexegueiro, Dani Salgado

FUNCIÓNS: marzo: Teatro Nacional de Catalunya; abril: Salón Teatro, de Santiago de Compostela



PROXECTO NÓS

Bilingue

TEXTO: de José Maria Vieira Mendes

DIRECTOR: Pedro Zegre Penim

ESCENOGRAFÍA: Lucas Rodrigo (ESAD)

ILUMINACIÓN: João Abreu (ESMAE)

VESTIARIO: Claudio Alves (ESTC)

REXEDORA/ACTRIZ: Luisa Osorio (ESMAE)

ASISTENTE DE DIRECCIÓN/ACTOR: Marc Xavier (ESTC)

ELENCO: Ana Tang (ESTC), Sabela Ramos (ESAD), Ailen Kandelman (ESAD), Diana Magalhães (ESMAE), Mariana de Sousa (ESMAE), Frederico Serpa (ESTC)



Programación do Salón Teatro

Situado en Santiago de Compostela, o Salón Teatro é a sede do CDG, que acolle as representacións da compañía pública e que dá cabida na súa programación permanente a outro tipo de espectáculos. Así, ademais da presenza destacada das producións e coproducións do Centro Dramático Galego, o espazo compostelán exhibiu traballos doutras compañías galegas e non galegas e cedeu as súas dependencias a colectivos culturais e universitarios. A programación do Salón Teatro combinou teatro, danza, música e cinema, cun rexistro de 17.878 espectadores.

Nunha clasificación por xéneros, no conxunto de actividades leváronse a cabo 97 funcións escénicas, 95 proxeccións audiovisuais e 18 concertos musicais ao longo de dous períodos de programación: de xaneiro a xullo e de outubro a decembro.

Dentro da programación de artes escénicas, ademais de ser sede do Galicia Escena PRO no mes de novembro (véx. 9.1), foi tamén sede principal da XV Mostra de Teatro Universitario de Galicia, do 27 de abril ao 6 de maio, con dez representacións, para as que desenvolveu asistencia técnica e servizo de billeteira, como formato de colaboración habitual deste espazo, e do Festival de Teatro Amador Agustín Magán.

Na carteleira de teatro, abriu o ano con *Diálogo do can co seu amo (ou a necesidade de morderlle aos amigos)* de Teatro do Morcego con representacións o 16, 17 e 18 de xaneiro.

No mesmo mes acolleu cinco sesións de *Bicos con lingua*, de Talía Teatro, e nove pases do espectáculo *Kassa*, de Elefante Elegante, ata o 4 de febreiro, para público escolar e familiar, cun rexistro de 1.005 espectadores. Neste mes tamén se presentou o espectáculo, en formato de monólogo con sorpresas musicais, *Un momento duro de agora, cinco pesetas de las de antes*, de Xabier Varela. Nos meses de abril e maio, estiveron en cartel no Salón Teatro as representacións de Pangeia froito da colaboración emprendida en 2014 entre o CDG e Limiar Teatro, Acaso Danza, a Asociación de Produtores de Artes Escénicas de Pernambuco, o Festival Janeiro de Grandes Espectáculos de Recife e o Teatro da Malaposta de Lisboa; e as obras *Amor en 3D*, da compañía Vía Seis, catro representacións de *Sopa de sapo*, de Talía Teatro, e de *Balor na acción dunha cadeira*, de Artesa Cía., e de *Demolición*, tamén de Talía Teatro. En xuño, acolleu cinco funcións de *Bilingue do Proxecto Nós* e a *Mostra das residencias artísticas de fusión e exploración en danzas do mundo*, co Grupo de Teatro da ONCE. O semestre teatral rematou con *Amor flexible*, con dous pases en xuño, da compañía Redrum.

Xa no outono, a programación de outubro incluíu representacións de *Rosa Caramelo e outras historias*, de Talía Teatro, *Atlántica* (danza), de BalletNorte co Centro Coreográfico Galego, e *Listo para sentenza*, de Triatrerros. E, xa en decembro, programáronse no Salón Teatro sete funcións de *A tropa trapalleira*, de BocAberta, e dúas de *Cinza, a historia do poni que vivía no parque*, da Aula de Teatro da USC, ademais das funcións da compañía de novocirco Pisca Catro, co espectáculo *Desperta!* en catro funcións.

A programación de ámbito musical iniciou o ano co concerto de presentación do disco *Destino Sur*, de Emilio Rúa, e do de Brais Morán, *En paz*, dentro da liña de promoción das novas producións musicais galegas. No mesmo formato de colaboración, de cesión do espazo e cobertura de servizos e infraestruturas, programouse o espectáculo *Gallaecia Big Band + Las Brownies*, cunha asistencia de 262 espectadores. En xuño, presentaron disco Roberto Sobrado (*Atlas de anatomía*) e Carmen Boza (*La mansión de los espejos*), e en setembro actuaron Voltage Oposites e Quimera Rosa. A programación musical pechouse co espectáculo infantil da Gramola Gominola. O Salón Teatro tamén programou concertos de distintos ciclos musicais da cidade de Santiago de Compostela, como *Sons da Diversidade* (en maio), *Sons 2015* (en xuño), Festival Vía Stellae (en xullo) ou as *Xornadas de música contemporánea* (en outubro).

Para a promoción dos profesionais do sector audiovisual de Galicia, o Salón Teatro acolleu as necesidades de gravación para o arquivo videográfico de CREA (Asociación de Directores e Realizadores de Galicia) e proxectou ao longo do ano os documentais *Unitarias*, *historia dun mestre galego*, de Adivina Producciones, *O piloto*, de Xosé Reigosa, e a curtametraxe *Memento Mori*, de Artekille. Ademais, acolleu sesións do ciclo cinematográfico Cineuropa, e como apoio aos proxectos de coworking establecidos na Cidade da Cultura, a presentación de *elijomisartistas.com*.



9.6 Centro Coreográfico Galego

O Centro Coreográfico Galego (CCG) é un centro de creación, produción, formación e investigación para o desenvolvemento da danza en Galicia, que procura tamén fomentar a interacción entre os artistas e o público e achegarlle esta arte á cidadanía.

Baixo a dirección de Mercedes Suárez, o CCG abordou este ano dúas coproducións: *Atlántica*, espectáculo de danza contemporánea, con BalletNorte, e *Son*, un novo espectáculo de danza tradicional, con Nova Galega de Danza, que se estreará en 2016.

Durante o período de ensaios, BalletNorte recibiu asistencia por parte do Centro Coreográfico Galego para a análise, asesoramento, planificación e viabilidade de estratexias, xestión, financiamento, comercialización e aspectos artísticos desta primeira produción desta primeira produción de BalletNorte.

Atlántica

DIRECCIÓN: Juan Miguel Hernández

ELENCO: Silvana Sestelo, Julia Méndez, Ailén Ramos, Juan M. Hernández, Miguel A. Ponte, Rosalía Vázquez, Iago Alonso, Dyron Valdés, Fernando Piñeiro, Noemi Trincado, Paula Ripol, Yolanda Pérez, Lidia González, Luisa Isabel Vázquez

MÚSICA ORIXINAL: Ismael Berdei

ESCENOGRAFÍA AUDIOVISUAL: Pixel Films

FUNCIÓNS: xuño: Auditorio Municipal Gabriel García Márquez de Mera (Oleiros); setembro: Teatro Colón (A Coruña); outubro: Salón Teatro (Santiago de Compostela), Auditorio Municipal (Rianxo), Pazo da Cultura (Pontevedra); novembro: Teatro Carlos III (Aranjuez)

Programación TRC Danza

O desenvolvemento da danza é un aspecto central no labor do CCG, que canaliza en diversas actividades de apoio estrutural e de organización doutras entidades ou compañías vinculadas coa danza e na cesión de espazos.

O Centro Coreográfico Galego participou nas actividades de difusión da danza do proxecto TRC Danza promovido polo Concello da Coruña, complementario á programación do Teatro Rosalía de Castro. O 16 de abril, desenvolveuse na sede do CCG na Coruña o *Encontro con Verónica García*, directora executiva da compañía de danza Proyecto Titoyaya e o elenco da compañía. E na Fundación Luis Seoane, tamén na cidade da Coruña, o 24 de setembro, tivo lugar o *Encontro con Mónica Runde*, directora da compañía 10&10 Danza.

Formación do CCG para profesionais da danza e coreógrafos

Para contribuír á potenciación do sector da danza e á mellora e cualificación artística, técnica e profesional, o CCG conta cun programa de formación en danza clásica, contemporánea e outros estilos, impartidos por distintos profesionais de referencia, que se desenvolven ao longo de todo o ano, en formación continua e a través de talleres especializados.

De luns a sábado, na sede da Coruña do CCG, ofrécese formación para estudantes de nivel medio-alto de danza, como perfeccionamento de danza clásica, contemporánea e outros estilos académicos. Os cursos, dunha duración de 3 horas polas mañás, compléméntanse con outras dúas horas de talleres coreográficos impartidos polos mestres invitados.



OBRADOIROS DE DANZA 2015

En 2015 participaron nas actividades de formación do CCG, 342 alumnas e alumnos.

- **Curso de danza clásica e repertorio**, con Ana Serantes
DATAS: do 31 de xaneiro ao 28 de febreiro, aos sábados
- **Curso teórico-práctico de danza clásica**, con Lázaro Carreño
DATAS: do 9 ao 13 de febreiro
- **Curso de danza barroca**, con Catherine Turocy
DATAS: do 9 ao 11 de abril
- **Curso de investigación da danza**, con Ana Abad Carlés
DATAS: do 20 ao 24 de abril
- **Curso de danza clásica**, con Lázaro Carreño
DATAS: do 4 ao 9 de maio
- **Curso de danza clásica hindú**, con Aniruddham Vasudevan
Colabora Implicadas no Desenvolvemento
DATAS: do 4 ao 7 de xuño
- **Curso de danza contemporánea**, con Iker Gómez
DATAS: do 29 de xuño ao 3 de xullo
- **Curso de danza neoclásica**, con Ángel Rodríguez
DATAS: do 6 ao 10 de xullo
- **Curso de danza contemporánea**, con Jordi Vilaseca
DATAS: do 6 ao 10 de xullo
- **Curso de danza neoclásica**, con Antonella Sampieri
DATAS: do 13 ao 17 de xullo
- **Curso de danza clásica**, con Gonzalo Zaragoza
DATAS: do 20 ao 24 de xullo
- **Curso de danza clásica**, con Virginia Valero
DATAS: do 27 ao 31 de xullo
- **Curso de danza clásica**, con Cristina Gallardo
DATAS: do 1 ao 5 de setembro
- **Curso de repertorio de Nacho Duato**, con Christelle Horna
DATAS: do 1 ao 5 de setembro
- **Curso de contact improvisación**, con Amaury Lebrun
DATAS: do 7 ao 11 de setembro
- **Curso de danza moderna**, con Fernando Lázaro
DATAS: do 11 ao 13 de setembro
- **Curso de metodoloxía da danza clásica**, con Gonzalo Zaragoza
DATAS: do 10 ao 12 de outubro
- **Curso de danza clásica**: Berta Secall y Pons
DATAS: do 2 ao 4 de decembro
- **Técnica de puntas**, con Astrid Molinero
DATAS: do 6 ao 8 de decembro
- **Repertorio**, con Miguel A. Ponte
DATAS: do 21 de novembro ao 19 de decembro, aos sábados
- **Paso a dous**, con Juan M. Hernández
DATAS: do 14 ao 18 de decembro



9.7 Centro Galego de Artes da Imaxe

Con sede na Coruña, o Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) é a entidade autonómica, dependente da Agadic, encargada da recuperación, catalogación, custodia e difusión das producións e obras do patrimonio audiovisual e fotográfico galego. O CGAI programa, ademais, ao longo de todo o ano, proxeccións, exposicións, xornadas formativas, conferencias etc. dirixidas a un maior coñecemento das artes da imaxe.

Programación 2015

O CGAI desenvolve unha programación regular da sala de proxeccións, con 9 proxeccións semanais de martes a sábado, de xaneiro a decembro.

Este ano o CGAI organizou na súa sede 32 ciclos de proxeccións, con 222 longametraxes e programas conformados por varios títulos de longa ou curta metraje. Estas proxeccións acompañanse habitualmente de presentacións e coloquios que permiten unha contextualización e unha explicación didáctica das obras. En 2015, contabilizáronse nestas programacións preto de 10.000 asistentes.

Para esta ampla programación, o CGAI subscribiu acordos con diversas entidades europeas, como Centro Niemeyer (Avilés), Tabakalera (Donosti), Festival S8 (A Coruña), Festival Play-Doc (Tui), Festival Curtocircuíto (Santiago de Compostela), Festival Freakemacine (A Coruña), Festival de Cine Europeo de Sevilla, Ivac-La Filmoteca de Valencia, Filmoteca Española (Madrid), Consello da Cultura Galega (Santiago de Compostela), Academia Galega do Audiovisual (A Coruña), Academia del Cinema Català (Barcelona), Museo de la Universidad de Navarra (Pamplona), Gaumont (París), Cinemateca Portuguesa (Lisboa), La Casa Encendida (Madrid), Il Cinema Ritrovato (Boloña) ou CCCB (Barcelona).

Os ciclos programados en 2015 foron Norman McLaren, Andrés di Tella, SEFF 2015: Peter Tscherkassky, Paul Vecchiali, Curtocircuíto: Jørgen Leth, Comedias Ealing: Alexan-

der McKendrick, Gaumont: 120 anos, Depois de abril: Cine portugués 1974-1982, FKM 2015, A Primeira Guerra Mundial e o cine: O proxecto EFG1914, Play-Doc: Claire Simon, Miklós Jancsó, (S8) 6ª Mostra de Cinema Periférico, Premios Mestre Mateo, Centenario Technicolor, Nadav Lapid, James Benning: Film / Time / HD, Centenario Orson Welles, Olladas de Mulleres no Mundo, Cine e Pintura: Arredor da exposición O primeiro Picasso, Premis Gaudí, Il Cinema Ritrovato (Homenaxe a Peter von Bagh), Cine polaco contemporáneo, Cine italiano contemporáneo, O latexo do mundo: 110º aniversario da Asociación da Prensa da Coruña, Film as Film: As películas de Gregory J. Markopoulos, Cinegalicia 25, Desencadres, Circuito, Fóra de Serie, Off Galicia e CGAI Jr.



Programación en Ourense e Vigo

En colaboración cos cineclubs Padre Feijoo e Lumière Vigo, a Agadic, a través do CGAI, promoveu a organización dun programa de difusión de produción audiovisual nas cidades de Ourense e de Vigo, cunha programación anual de títulos de produción galega así, como unha escolma representativa da diversidade da programación da sala de proxeccións do Centro Galego de Artes da Imaxe.

En Ourense realizáronse este ano 16 sesións (unha proxección semanal de maio a decembro) na sala de proxeccións do Cineclub Padre Feijoo, ás que asistiron aproximadamente 800 persoas. Na cidade de Vigo, pola súa banda, entre os meses de setembro a decembro leváronse a cabo un total de 12 sesións no Auditorio Municipal de Vigo nas que se rexistrou unha asistencia de preto de 450 persoas.

CGAI Júnior

Formar o espectador do futuro a través de películas de diferentes épocas e culturas é o principal obxectivo da programación CGAI Júnior, que permite, ao mesmo tempo,

achegar o CGAI e o seu labor aos públicos máis novos. Dentro deste ciclo establécense unha serie de actividades e proxeccións mensuais destinadas ás familias e unha programación específica para centros educativos, que se compaña de cadernos didácticos. Este ano rexistráronse nesta programación máis de 1.600 participantes.

Cine en curso / Fotografía en curso

Cine en curso e Fotografía en curso son os programas de difusión e pedagogía do cinema e a fotografía do CGAI, dirixidos a alumnado de entre 3 e 18 anos, co obxectivo de achegar os máis novos ás linguaxes artísticas audiovisuais e tecer redes entre o ámbito da cultura e o ámbito educativo.

Estes programas, desenvolvidos no calendario do curso escolar, inclúen formación do profesorado, para dotalo das ferramentas e da metodoloxía necesaria, obradoiros en escolas coa presenza de fotógrafos e profesionais do cine, programación cinematográfica específica, elaboración de materiais de apoio e seguimento, exposicións fotográficas itinerantes e proxeccións públicas dos documentais realizados nos obradoiros. No curso 2014-2015 participaron nestes programas 233 alumnos e 41 docentes, cunha concentración da actividade entre os meses de xaneiro e xuño.

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, a través do Plan Proxecta, a Asociación A Bao a Qu (coordinadora internacional do proxecto), o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, e os museos e centros de arte MNCARS, MACBA, CCCB e MAC son as entidades colaboradoras destas programacións didácticas do CGAI.

EXPOSICIÓNS FOTOGRÁFICAS

Este ano, o CGAI presentou dous proxectos expositivos, exhibidos en centros de diversos países, co obxectivo de divulgar o patrimonio fotográfico galego.

Miradas alleas. De homes e mulleres, de Dionisio Tasende

DATAS: do 4 de xuño ao 5 de xullo de 2015

ESPAZO EXPOSITIVO: Museo do Pobo Galego

Os adeuses, de Alberto Martí

DATAS: do 19 de decembro de 2014 ao 15 de xaneiro de 2015

ESPAZO EXPOSITIVO: Instituto Cervantes de São Paulo (Brasil)

DATAS: do 8 ao 31 de marzo de 2015

ESPAZO EXPOSITIVO: Instituto Cervantes de Río de Xaneiro (Brasil)

DATAS: do 16 de abril ao 15 de maio de 2015

ESPAZO EXPOSITIVO: Instituto Cervantes de Brasilia (Brasil)

DATAS: do 24 de xuño ao 15 de agosto de 2015

ESPAZO EXPOSITIVO: Instituto Cervantes de Curitiba (Brasil)

DATAS: do 4 ao 27 de setembro de 2015

ESPAZO EXPOSITIVO: Museo de la Ciudad de Móstoles (Madrid)



GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA





10

CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

De acordo co seu plan estratéxico 2012-2018, o modelo da Cidade da Cultura de Galicia baséase en tres eixes transversais: a cultura, a tecnoloxía e o emprendemento. A Cidade da Cultura de Galicia desenvolve unha programación estable de actividades culturais, exposicións, eventos, conferencias e congresos, obradoiros e espectáculos familiares etc., xestionada a través da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, na que, ademais da Xunta de Galicia, están integradas empresas e entidades como Abanca, Inditex, Inveravante, Gas Natural Fenosa, Fundación Barrié, Banco Sabadell Gallego, Coren, Campo, Gadis, Grupo Nosa Terra 21, Astillero Barreras, Estrella Galicia, R e Monbus.

Cinco anos despois da apertura deste complexo cultural e de innovación, a programación da Cidade da Cultura promove unha estratexia enfocada a públicos distintos, onde a cidadanía poida atopar diversas opcións para os seus intereses culturais desde as súas propias e diversas percepcións. O Museo Centro Gaiás é o eixe das súas actividades, que tamén se desenvolven no CINC, na Biblioteca e Arquivo de Galicia, na Cantina, na Praza exterior e, desde este ano, no novo Bosque de Galicia.

Na programación levada a cabo no 2015 polo departamento de Acción Cultural organizáronse 192 actividades culturais ás que asistiron 95.479 persoas.

Xunto á actividade propia realizada no espazo da Cidade da Cultura, desenvolvéronse outras iniciativas como o *Encontro de artistas novos* en Uruguai ou a exposición de Juan Navarro Baldeweg no Museo ICO de Madrid co préstamo das maquetas orixinais do Concurso da Cidade da Cultura, co fin de visibilizar o labor de Galicia nas redes de intercambio creativo e do coñecemento.

Pola súa parte, o Centro de Emprendemento Creativo de Galicia desenvolve unha actividade permanente de apoio ao emprendemento no ámbito cultural e tecnolóxico, con xornadas de formación e unha titorización de proxectos personalizada, ademais dun espazo de coworking e un viveiro para empresas. Este espazo acolle 200 persoas, a meirande parte delas mozos e mozas galegos, que están a impulsar máis de medio centenar de proxectos empresariais innovadores no eido cultural, creativo e tecnolóxico. Estes proxectos están sendo apoiados pola Cidade da Cultura para conseguir que medren, que se consoliden e que se transformen en empresas fortes, xeradoras de riqueza e de postos de traballo para Galicia.

Cómpre engadir á actividade cultural e de emprendemento a dinámica actividade congresual e de celebración de eventos, organizados por institucións públicas, empresas privadas ou outro tipo de organizacións que se celebran na Cidade da Cultura, con 355 eventos distintos en 2015.





10.1 Exposicións

EXPOSICIÓN

Un zodíaco. Juan Navarro Baldeweg

DATAS: 7 de outubro de 2014 ao 1 de febreiro de 2015

ESPAZO: Museo ICO (Madrid)

ASISTENTES: 10.738 persoas

A Fundación Cidade da Cultura colaborou co Museo ICO de Madrid coa cesión temporal de dúas maquetas orixinais de Juan Navarro Baldeweg (a maqueta urbana e a maqueta de proxecto) presentadas ao Concurso da Cidade da Cultura, para a exposición deste artista, arquitecto e pintor na cidade madrileña.



Subtextos dun patrón de mantemento. Intervención artística

DATAS DO EVENTO: 14 de novembro de 2014 ao 15 de febreiro de 2015

ESPAZO: Torres Hejduk

Da autoría de Félix Fernández, foi a intervención artística que acolleon as Torres Hejduk de acordo co proxecto gañador da II Convocatoria de intervención artística para as Torres de Hejduk realizada entre os participantes do IV Encontro de artistas novos Cidade da Cultura, ao que se presentaron un total de 22 creadores emerxentes. A proposta explora o concepto do indesexado, da necesidade de xerar consciencia sobre puntos escuros da sociedade como paso previo para a busca de solucións. Realizáronse un total de tres intervencións e unha acción performántica desenvolvida unha vez ao mes durante todo o período do evento.





Cinegalicia25

DATAS: do 21 de novembro de 2014 ao 8 de febreiro de 2015

ESPAZO: 1º e 3º andar, Museo Centro Gaiás

ASISTENTES TOTAIS: 7.508 persoas (das cales, 3.365 corresponden ao ano 2015)

COMISARIO: Miguel Anxo Fernández

DESEÑO DA MONTAXE: Marta Villar Sanjurjo

1989 é unha data clave para o cine galego. *Sempre Xonxa* de Chano Piñeiro, *Continental* de Xavier Villaverde e *Urxa* de Carlos A. L. Piñeiro e Alfredo García Pinal, as tres primeiras longametraxes de ficción galegas, estreábanse en novembro daquel ano en Vigo, marcando o inicio dun prometedo futuro para o audiovisual do noso país. Vinte e cinco anos despois, a Cidade da Cultura rendeulles esta pequena homenaxe aos profesionais que o fixeron posible. Realizada en colaboración coa Agadic, a exposición, fixo un percorrido pola traxectoria audiovisual de Galicia.

Para o catálogo da mostra, cun total de 264 páxinas, levouse a cabo unha tiraxe de 700 exemplares trilingües (galego/castelán/inglés), con textos dos expertos no sector audiovisual como Miguel Anxo Fernández, Fernando Redondo Neira, Jaime Pena, Xosé Nogueira, Eduardo Galán e Xosé Enrique Acuña.

Camiño. A orixe

DATAS: do 13 de marzo ao 13 de setembro de 2015

ESPAZO: 1ª e 2ª planta do Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 30.546 persoas

COMISARIA DA EXPOSICIÓN: María García-Alén

DESEÑO DE MONTAXE: Irisarri-Piñera

ASESOR ARTÍSTICO: Juan Manuel Monterroso Montero



Grazas a unha montaxe rotundamente contemporánea, esta exposición ofreceu unha nova visión do fenómeno da peregrinaxe a Santiago de Compostela a través dunha escolma de 150 pezas entre as que estaban incluídas obras mestras de grandes artistas como Alberto Durero ou Bartolomé Esteban Murillo, así como outros obxectos de alto valor cultural.

Algúns dos principais colaboradores da mostra son destacadas autoridades na temática da exposición, como Segundo López, deán da catedral de Santiago de Compostela, Daniel Lorenzo, director da Fundación Catedral de Santiago, Rafael Sánchez Bargiela, director-xerente de Xestión do Plan Xacobeo-Xunta de Galicia, e Bieito Pérez Outeriño, director do Museo das Peregrinacións e de Santiago.

A Galería Uffizi de Florencia, o Museo Cluny de Francia, o Museo del Prado, Patrimonio Nacional, Museo Lázaro Galdiano, os Museos de Belas Artes de Bilbao, Murcia, Córdoba e A Coruña e o Museo das Peregrinacións

e de Santiago e a Catedral de Santiago integraron a ampla nómina de institucións que colaboraron coa Cidade da Cultura nesta mostra.

A exposición completouse co proxecto Lugares Xacobeos, formado por once intervencións artísticas realizadas por novos creadores da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo. A eles sumáronse os alumnos das Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia —Escola Pablo Picasso da Coruña, Escola Ramón Falcón de Lugo, Escola Antonio Failde de Ourense e Escola Mestre Mateo de Santiago— para a realización de deseños xacobeos exclusivos que estiveron expostos na tenda do Museo Centro Gaiás durante os seis meses que a mostra permaneceu aberta ao público.

Neste proxecto, a Cidade da Cultura volveu colaborar cunha iniciativa de integración social. Neste caso tratouse de DisCamino, que desde 2010 trata de facer realidade o soño de persoas con diferentes discapacidades de peregrinar a Santiago de Compostela.

O catálogo da exposición *Camiño. A orixe*, de 320 páxinas, tivo unha tiraxe de 1.000 exemplares bilingües (galego/castelán) e de 500 exemplares bilingües (inglés/portugués). Nel incluíronse textos de Ramón Yzquierdo, Juan M. Monterroso, Fernando López Alsina, Paolo Caucci e David Chao.

José Suárez. Uns ollos vivos que pensan

DATAS: 13 de novembro de 2015 ao 27 de marzo de 2016

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 4.471 persoas no ano 2015

COMISARIOS: Xosé Luís Suárez Canal e Manuel Sendón

DESEÑO DE MONTAXE: Alfonso Penela

A personalidade do galego José Suárez (Allariz, 1902 - A Guarda, 1974) é singular dentro da historia da fotografía española. Posuidor dunha nova ollada nunha época marcada pola visión costumista, e dunha sólida formación intelectual, a figura de José Suárez é tan novidosa como descoñecida para o gran público. O Museo Centro Gaiás pretendeu, a través desta mostra, recuperar unha figura clave da fotografía do século XX e reivindicar a cultura galega máis alá das nosas fronteiras.

Nun momento no que se están a reformular as bases para a historia da fotografía, o Museo Centro Gaiás considerou clave recuperar a obra de José Suárez e mostrala dun modo amplo e itinerante, incluíndo, por primeira vez, o material recuperado recentemente en Venezuela. A exposición recolleu, así, unha selección de imaxes das súas diferentes series fotográficas, así como publicacións, diarios persoais, cartas, catálogos, obxectos persoais e toda clase de elementos que permiten situar a súa obra no contexto no que foi realizada.

O catálogo da mostra, cun total de 464 páxinas, tivo unha tiraxe de 1.000 exemplares trilingües (galego/castelán/inglés) e contou con textos de Manuel Sendón, Xosé Luís Suárez Canal, Juan Manuel Bonet e Alberto Martín.






10.2 Música e escena

MÚSICA &
ESCENA

Escenas do cambio. Festival de inverno de teatro, danza e arte en acción



DATAS: do 4 ao 21 de febreiro de 2015

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

NÚMERO DE ACTIVIDADES: 28

ASISTENTES: 2.288 persoas

Con esta actividade o Museo Centro Gaiás abriu as súas portas á creación escénica contemporánea, deixándose traspasar pola intensidade dunha arte viva e emocionante, e convidando a toda a sociedade a formar parte dela. A primeira edición do festival, dirixido polo vigués Pablo Fidalgo Lareo, contou con máis de 20 propostas escénicas, moitas delas de estrea na península, con creadores (autores, intérpretes e coreógrafos) de gran relevancia no panorama internacional contemporáneo, como La Ribot, Olga Mesa ou Olga de Soto.

Ademais tiveron lugar unha serie de conferencias e grupos de traballo impartidos por profesionais que impulsaron espazos de creación e festivais en Cataluña, Euskadi, Portugal e outros países do mundo. Houbo tamén unha importante presenza de creadores de América Latina, coa intención de fortalecer a relación histórica xa existente e o fluxo artístico desde Galicia ata América e viceversa.

- MÉR. 4: 17.00 *Principio de... Vocabulario en la frontera de la visión*. Olga Mesa. 18.30 *Vontade de ter vontade*. Cláudia Dias. 20.30 *Atlas, Santiago de Compostela*. Borrallho e Galante.

- XOV. 5: 17.00 *Alkantara Festival, mundos em palco*. Thomas Walgrave. 18.30 *Teatro invisible*. Ana Vallés, Matarile Teatro. 20.30 *Pendiente de voto*. Roger Bernat.
- VEN. 6: 17.00 *L'animal a l'esquena, la posibilidad de imaginar*. María Muñoz. 18.30 *Os contos de Joselín*. Celso Fernández, Quico Cadaval, Guti. 20.30 *De repente fica tudo preto de gente*. Marcelo Evelin/Demolition Inc.
- SÁB. 7: 17.00 *Azala Azalera Azalea*. Idoia Zabaleta. 18.30 *Una introducción*. Olga de Soto. 20.30 *El triunfo de libertad*. La Ribot, Juan Domínguez, Juan Oriente. 22.00 *Dos fíos invisibles chegan as cores*. Mónica de Nut e Virxilio da Silva.
- XOV. 12: 17.00 *La máquina de la soledad*. Oligor e Microscopía. 18.30 *Mis documentos Buenos Aires*. Lola Arias. Con Tálata Rodríguez e Sofía Medici. 20.30 *UNTITLED_I will be there when you die*. Alessandro Sciarroni.
- VEN. 13: 17.00 *La máquina de la soledad*. Oligor e Microscopía. 18.30 *Mis documentos Santiago de Compostela*. Lola Arias. Con Uxía P. Vaello e Diego Anido. 20.30 *Acceso*. Pablo Larraín.
- SÁB. 14: 17.00 *La máquina de la soledad*. Oligor e Microscopía. 18.30 *Mis documentos Santiago de Compostela*. Lola Arias. Con Branca Novoneyra e Amaya González Reyes. 20.30 *Acceso*. Pablo Larraín.
- VEN. 20: 20.30 *La edad de oro*. Israel Galván.
- SÁB. 21: 20.30 *By Heart*. Tiago Rodrigues/Mundo Perfeito.



IX Festival de Músicas Contemplativas

DATAS: 28 de marzo de 2015

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 400 persoas

A Cidade da Cultura de Galicia sumouse ao IX Festival de Músicas Contemplativas co concerto *Meshk Ensemble: Sema... a cerimonia dos dervixes*, realizado en colaboración co Concello de Santiago de Compostela. Sema é un zikhir, baile durante o que os dervixes, en silencio, invocan o nome de Alá en cada xiro. O espectáculo foi interpretado por un conxunto de artistas que levan presentando xuntos a música turca sufi desde 1998 baixo a dirección artística de Timucin Cevikoglu, o maior investigador no campo da música sufi e a herdanza Mevlevi e artista do departamento governamental de cultura turco.

Durante o concerto presentáronse destacadas pezas da música sufi turca, compostas a partir de versos de poetas sufíes como Yunus Emre e Niyazi-i Misri.





Ciclo Enocións by Ribeiro: O Camiño das Emocións

DATAS: 7 de maio, 11 de xuño e 10 de setembro de 2015

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 493 persoas

Explorar as emocións do Camiño, o mundo da arte e a cultura do viño. Esta foi a proposta de *Enocións by Ribeiro: O Camiño das Emocións*, un ciclo polo que pasaron de maio a setembro algúns dos máis destacados artistas do país, como Guadi Galego, que ofreceu algúns temas do seu último traballo en solitario, e un pase de imaxes do fotógrafo Xurxo Lobato (7 de maio), Pepe Solla e DJ Analís (11 de xuño), e Carlos Blanco e o enólogo Xoán Cannas (10 de setembro).

Con esta actividade, que se levou a cabo no marco da exposición *Camiño. A orixe*, a D. O. Ribeiro, colaboradora da mostra, mesturou enoloxía e emocións, obtendo un novo concepto: *enocións*, co que buscaba subliñar a súa relación histórica co Camiño.

Cada unha das *enocións* ofreceu unha experiencia emocional completa, que partiu da visita á exposición *Camiño. A orixe* e que se completou cunha cata de catro viños da D. O. Ribeiro e cunha actuación de diferentes disciplinas artísticas.

Carlos Núñez: Tributo a Alan Lomax. Día Internacional da Música

DATA: 20 de xuño de 2015

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 500 persoas



Na súa primeira actuación na Cidade da Cultura, Carlos Núñez ofreceu un repertorio moi especial: o concerto co que abriu os actos na Library of Congress de Washington, en homenaxe, no centenario do seu nacemento, a Alan Lomax, o folclorista máis importante do século XX, quen realizou nos anos 50 gravacións fundamentais para o estudo e recuperación da música tradicional galega.

Grazas a el produciuse un dos primeiros rexistros verdadeiramente universais baseados na música galega: *The Pan Piper do Sketches of Spain* (1960) de Miles Davis, gravado orixinalmente por Lomax como *Alborada de Vigo*.

O seu cicerone en Galicia foi, ademais, Filgueira Valverde, polo que a celebración foi tamén para o homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas.

Carlos Núñez, acompañado polo seu grupo e varios novos valores da nosa música, interpretaron en directo na Cidade da Cultura algunhas das máis sobranceiras gravacións galegas de Lomax. A música estivo acompañada por unha proxección coas fotos que o propio Lomax tomou en Galicia e pola lectura dos seus cadernos de notas, algúns aínda inéditos.

Atardecer no Gaiás

DATAS: xullo e agosto de 2015

ESPAZO: Praza exterior da Cidade da Cultura, Sala Eisenman

NÚMERO DE CONCERTOS: 24

ASISTENTES: 9.280 persoas

Música, solpor e unha atmósfera única para as tardiñas do verán. A praza central volveu ser o escenario do ciclo Atardecer no Gaiás, cun total de 24 actuacións en pequeno formato con grandes nomes dos xéneros máis diversos. Do 2 de xullo ao 29 de agosto, pasaron pola praza central da Cidade da Cultura Puma Pumku, Amatria, The Lákazans, IGMIG, Ele, Flamingods, Daniel Minimalia, Los Bengala, Crudo Pimento, León Benavente, Lulavai, Kolo, Is Tropical, La Habitación Roja, Orquestra de Cámara Galega, Yacine & the Oriental Groove, Trèpat, Zá!, os grupos gañadores do Xuventude Crea (Blue meth state, Cris Román e Miguel Alonso e banda), Lorena Álvarez y su Banda Municipal, Palito, Paracetamol e The Excitements.





Rogelio Groba #85. Visións sonoras dunha vida

DATAS: 10 de outubro de 2015

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 90 persoas

En colaboración co Concello de Santiago de Compostela, e dentro da programación das *Xornadas de música contemporánea*, o compositor e director da Orquestra de Cámara Galega, Rogelio Groba, presentou no 85º aniversario de seu pai, tres obras representativas das súas linguaxes máis habituais: *IntresBolses* (1978), con perfil neobarroco; a suite *Grovios* (2004), neorromántica; e a máis persoal e sentimental, *Lembranzas diverxentes* (2004). Para esta interpretación a orquestra contou coa participación do prestixioso trompista David Fernández.

Magosto no Gaiás: Música para o baile

DATA: 30 de outubro de 2015

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 396 persoas

Por terceiro ano consecutivo, a Cidade da Cultura celebrou a chegada do outono cun tradicional magosto, que nesta ocasión contou cun programa que xirou ao redor da danza galega e as danzas de roda europeas con música ao vivo. Para esta actividade, organizada en colaboración con Agadic, contou coas actuacións e animacións de O Fiadeiro e Os Cem-pés, grupos que achegaron un repertorio de música tradicional. Ademais, leváronse a cabo tres obradoiros de iniciación ao baile pola tarde: un serán con Sandra Vázquez, bailes en parella con Suso Cancelas e bailes de roda con Pili Conde. A festa estivo precedida dun magosto tradicional con degustación de castañas da Indicación Xeográfica Protexida Castaña de Galicia, entidade colaboradora da iniciativa.





10.3 En familia

EN FAMILIA

Nadal no Gaiás 2014-2015. Cancións por regalos

DATAS: 3 de xaneiro de 2015
 ESPAZO: Museo Centro Gaiás
 ASISTENTES: 450 persoas

Levar un regalo, gozar da música e facer feliz a un neno. A nova edición de *Cancións por regalos* estivo protagonizada por un músico excepcional, Mastretta, acompañado dunha divertida banda: Marina Sorin, violonchelo e phonoviolín, Pablo Novoa á guitarra e Coke Santos á percusión. Na actividade as familias puideron gozar da música a través de diversos xogos nos que os asistentes se converteron en intérpretes, directores de orquestra e bailaríns.



Visitas familiares: Gaiás, cámaras, acción!

DATAS: decembro de 2014 e xaneiro de 2015
 ASISTENTES: 50 persoas

Saborear a maxia do celuloide e o brillo dos focos, ser protagonista da alfombra vermella, converterse nunha auténtica estrela ou descubrir todos os segredos que se agochan tras a cámara foi posible grazas ás visitas familiares a *CineGalicia 25*, unha forma lúdica de coñecer a historia do cine galego a través da cal pais e fillos fixeron un percorrido por un país de imaxes.



Brinca Gaiás

DATAS: 17 e 18 de xaneiro, 16 de febreiro e 25 de abril de 2015

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 1.099 persoas

O ciclo *Brinca Gaiás* fomentou, un ano máis, a paixón dos nenos polas diferentes disciplinas escénicas, como a danza, a música ou o teatro, a través de espectáculos didácticos orientados ás familias.

O obradoiro *Sons de película* no marco da mostra *Cinegalicia 25* permitiulle á cativada descubrir a maxia do cine a través do son, coñecer os diferentes traballos que se levan a cabo durante o proceso da produción cinematográfica, descubrir como é a rodaxe, a montaxe, a edición e a mestura final.

No mes de marzo o *Baile de entroido* con La Rock and Kids band realizou un percorrido pola historia do rock conducido por StarSuperStar, para facer bailar xuntos a pais e fillos disfrazados. En abril, o concerto familiar *Romeo e Xulieta*, no Día Internacional da Danza, levou a escena unha adaptación moi especial da obra de William Shakespeare a través da visión do ballet de Sergei Prokofiev.

A Real Filharmonía de Galicia e a compañía teatral Per Poc, ofreceron unha obra musical protagonizada por marionetas de gran formato que deron vida aos personaxes de Shakespeare sobre a música descritiva do ballet de Prokofiev. Unha obra moi visual coa música como protagonista, na que orquestra, actores e marionetas formaron unha unidade.

Día dos Museos

DATA: 16 de maio de 2015

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 1.055 persoas



A Cidade da Cultura celebrou o Día Internacional dos Museos vinculado ao Día das Letras Galegas, con xornadas de portas abertas e un día enteiro de actividades únicas, divertidas e gratuítas para toda a familia. Baixo o lema *Museos para unha sociedade sostible*, a Cidade da Cultura uniuse a esta celebración para poñer en valor o papel destas relevantes institucións na sociedade.

No museo Centro Gaiás, durante os días 16, 17 e 18 de maio celebráronse xornadas de portas abertas, con visitas de balde á exposición *Camiño. A Orixe*. Ademais, o sábado 16, o Museo acolleu talleres artísticos e creativos, concertos, charlas e experimentos científicos coa finalidade de aprender xogando e descubrir así que a visita a un museo tamén pode ser divertida.

Durante o Día dos Museos os visitantes tiveron a oportunidade de descubrir o Camiño de Santiago a través da Vía Láctea nun sorprendente planetario, vivir a experiencia de peregrinar a Compostela grazas á realida-

de virtual ou realizar divertidos experimentos científicos no Laboratorio Gaiás.

Os bebés tamén tiveron o seu espazo coa actividade *Camiñando*, unha experiencia sensorial para descubrir a ruta xacobeá a través do tacto, a vista, o son e as texturas. E a área de xogos contou con dous divertidos obradoiros, unha ludoteca e un fotomatón co que levar un recordo para a casa.

A xornada do 16 de maio completouse cunha conferencia de DisCamiño, un proxecto co que colaborou a Cidade da Cultura a través da exposición *Camiño. A orixe*, e que consistía en facer realidade o soño de persoas con diferentes discapacidades de peregrinar a Santiago. Xunto a esta conferencia, o Museo Centro Gaiás realizou unha visita adaptada a persoas con discapacidades. A xornada pechouse cun concerto a cargo do grupo de música antiga Resonet, que interpretou *Canto de Ulreia. Os cantos dos peregrinos de Santiago*.

Nexos Infantil

DATAS: de marzo a decembro de 2015
 ESPAZO: Biblioteca e Arquivo de Galicia
 ASISTENTES: 133

Nexos 2015 mantivo a súa vertente paralela de programación dirixida aos máis pequenos, de 5 a 12 anos, para introducilos na relación entre a literatura, as artes e os diferentes aspectos da vida que se tratan no ciclo. Baixo a fórmula ver-ler-escouitar-facer-falar cada sesión tratou, dun xeito participativo e lúdico, as seguintes temáticas: *María Zambrano e a razón poética* (21 de marzo), *As cidades imaxinadas* (18 de abril), *Esplendor e farsa da arte contemporánea* (9 de maio), *O deleite na palabra* (6 de xuño), *A literatura portuguesa despois da revista Orpheu* (17 de outubro), e *A revolución dixital e a nova humanidade* (12 de decembro).



Cidade Imaxinaria

DATA: 22 de agosto de 2015
 ESPAZO: Museo Centro Gaiás
 ASISTENTES: 9.800 persoas

Cidade Imaxinaria volveu ao Gaiás en 2015 para se converter, por un día enteiro, nun circo xigante de viaxeiros equilibristas, bombeiros malabaristas, pallasos magos, dragóns acróbatas, principiantes de trapevistas e ata dj's peiteadores que se deron cita por primeira vez no Museo Centro Gaiás pola adversa climatoloxía, para facer dos soños unha realidade.

A programación contou cos seguintes espectáculos fixos e itinerantes: *Les Pompiers*, *Cock-Tales*, *Colors*, *Sidecar*, *Sienta la cabeza*, *Enamorado del aire*,



¡Vaya circo!, *Les artuáns* e *Cabaré de varietés*. Ademais realizáronse os seguintes xogos e obradoiros: *Circo en el desván*, *Apicirc*, *El arriero de los juegos*, *El árbol de los juegos* e *Xogando no Camiño*.

Findes na balea



DATAS: sábados e domingos do 21 de novembro de 2015 ao 5 de marzo de 2016

ESPAZO: Aula didáctica do Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 270

Nas fins de semana os pequenos convertéronse en grandes artistas coa programación lúdica *Findes na balea*, para experimentar ao redor da fotografía e fomentar a creatividade e a imaxinación mentres que os maiores tiveron a oportunidade de achegarse á mostra *José Suárez. Uns ollos vivos que pensan*. Dinamizada por unha monitora, a Ludoteca articulouse os sábados; en tres recunchos temáticos para aguzar os sentidos. Os domingos, pola súa banda, *Findes na balea* ofreceu obradoiros nos que as imaxes de José Suárez foron fonte de inspiración artística. Cada domingo, os participantes achegáronse á figura do fotógrafo de Allariz convertendo as súas imaxes en creacións propias a través de diferentes técnicas como a pintura, a literatura, o teatro ou diversas técnicas fotográficas, tal e como se fixo nos obradoiros *A fotografía ten historia* ou *crebacabezas fotográfico*.

Nadal no Gaiás 2015



DATAS: do 19 ao 29 de decembro de 2015

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 772

Os máis pequenos da casa abriron a programación deste Nadal o 20 de decembro con *Baboo experience*, un espazo sensorial no que vivir unha experiencia visual e sonora única.

Nadal swing celebrouse o sábado 26 de decembro e consistiu nunha velada temática arredor do universo swing, que contou con exhibicións e obradoiros de iniciación ao baile a cargo de bailaríns profesionais, un obradoiro de caracterización swing e a actuación da banda musical Los Hot Chocolates.

En *Merenda de Nadal*, a tarde do martes 29 de decembro xirou arredor da gastronomía e as familias puideron degustar unha saborosa merenda de Nadal mentres gozaban dos espectáculos infantís de música e humor *Cocido sinfónico* de Os Tres Tenedores e *Cocido Viaxeiro*, a cargo de Odaiko Percussion Group. Nesta actividade visitaron tamén a Cidade da Cultura marcas galegas de produtos agroalimentarios como Xearte Brigitte, Peados de Compostela, Galletas Daveiga, Aceites Olei, Carabuñas e Pele-

grinas. A tarde completouse cunha oferta de xogos para diversión libre, elaborados a partir de material de cociña de refugallo, que sorprenderon e divertiron a todos os asistentes durante esta entretida e diferente actividade de Nadal na que tamén se entregaron os premios do xa tradicional concurso de postais.

10.4 Letras e Pensamento

LETRAS
& PENSA
MENTO

Día das Letras Galegas e dos Museos. Xosé Filgueira Valverde

DATA: do 16 ao 18 de maio de 2015

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 1.529

A celebración do Día dos Museos coincidiu co Día das Letras Galegas, que o domingo 17 de maio homenaxeou o intelectual galeguista Filgueira Valverde. Con este motivo, o Museo Centro Gaiás acolleu o sábado 16 e o domingo 17 de maio unha edición especial, arredor de Filgueira, das *Visitas familiares*, que se ofertaron dúas quendas por día e foron de balde. Nelas, ademais de percorrer a exposición *Camiño. A orixe*, nenos e adultos tiveron que superar os retos do roteiro para conseguir as tres insignias que os acreditaban como auténticos peregrinos, un percorrido cheo de xogos, adiviñas e probas no que estivo moi presente a figura de Filgueira Valverde a través das pezas cedidas polo Museo de Pontevedra, do que foi director e impulsor, así como de lecturas de fragmentos da súa obra relacionados coa peregrinación xacobeá.



Nexos 2015



DATAS: de marzo a decembro de 2015
ESPAZO: Biblioteca e Arquivo de Galicia
ASISTENTES: 617 persoas
NÚMERO DE ACTIVIDADES: 6

Vivimos en sociedades complexas, plurais e en constante cambio. A cultura contemporánea é a cada paso máis mestiza. Para descifrar as claves e tendencias de hoxe precisamos dunha visión panorámica que supere as vellas fronteiras do saber, conxugando a un tempo os enfoques científico e humanístico. O ciclo de cultura contemporánea Nexos regresou en 2015 da man de Marcos Lorenzo, proponendo desta vez un diálogo entre áreas do coñecemento tan diversas como a filosofía, a poesía, a arquitectura, a arte contemporánea, a narrativa e a gastronomía.

- 21 de marzo: *María Zambrano e a razón poética*. Ana Bundgaard / Concerto de guitarra clásica a cargo de Samuel Diz
- 18 de abril: *As cidades imaxinadas*. Xerardo Estévez e Manuel Gallego Jorroto / Nacho Muñoz e Miguel Seoane
- 9 de maio: *Esplendor e farsa da arte contemporánea*. Estrella de Diego / Concerto de Cuerpo Astral
- 6 de xuño: *O deleite na palabra. Larpeiradas dos literatos*. Donna Leon / Showcooking de Manuel Gago & Alberto Lareo
- 17 de outubro: *A literatura portuguesa despois da revista Orpheu*. Lúcia Jorge, Antonio Cardiello, María Martelo e Carlos Quiroga / Proxección da curtametraxe *As deambulações do mensageiro alado*. Coa Colaboración do Instituto Camões
- 12 decembro: *A revolución dixital e a nova humanidade*. Carlos A. Scolari / Vídeo-danza de Voltage Opposites



Nexos convida...

O ciclo de cultura contemporánea *Nexos* crece e ramifícase. Ademais do programa oficial e da sección infantil, *Nexos convida...* ofrece un café de media tarde para dialogar con figuras de recoñecido prestixio das letras, das artes e do pensamento internacional de xira polo noso país.

Nexos convida... a Claudia Piñeiro

DATA: 22 de maio de 2015

ESPAZO: Sala Eisenman

ASISTENTES: 40 persoas

Diálogo-entrevista do xornalista Luís Pousa, escritor e xornalista galego, coa escritora argentina Claudia Piñeiro, considerada unha das raíñas do thriller actual por historias como *Las viudas de los jueves*, *Tuya* ou *Betibú*, tres historias que deron o salto do papel á pantalla con grande éxito.



Nexos convida... a Teresa Barro

DATA: 5 de novembro de 2015

ESPAZO: Sala Eisenman

ASISTENTES: 45 persoas

Diálogo-entrevista entre a ensaísta galega Teresa Barro e o tradutor e profesor Ramón Nicolás arredor dos cento cincuenta anos da publicación de *Alicia no país das marabillas*. Teresa Barro dedicou a súa vida á tradución en diferentes organismos internacionais e é a responsable da tradución ao galego deste título, traballo polo que lle foi concedido o Premio Nacional de Tradución de Libros Infantís e Xuvenís.





10.5 Intercambio

INTER
CAMBIO

Cinegalicia 25. Documental: A busca da mirada

DATAS: 28 de xaneiro de 2015

ESPAZO: CINC

ASISTENTES: 72 persoas

Proxección do documental *A busca da mirada. 25 anos de cine galego*, dirixido por Teo Manuel Abad, para conmemorar as vodas de prata do audiovisual galego, promovido pola Consellería de Cultura, a Televisión de Galicia e a Academia Galega do Audiovisual.

Xornadas académicas: Organización e xestión dunha exposición temporal. Camiño. A orixe

DATAS: do 8 ao 11 de xuño de 2015

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 70 persoas



Ao longo de oito sesións, en catro días, tratouse o concepto, selección de obra e deseño da montaxe do proxecto expositivo *Camiño. A Orixe*, as orixes do proxecto, a selección de pezas, a dimensión emocional da temática, as particularidades e singularidades das obras de arte nas salas de exposición temporais e a colaboración coas institucións museísticas e das institucións educativas.

As xornadas foron dirixidas polo profesor titular de Historia da Arte da Universidade de Santiago de Compostela, Juan Manuel Monterroso Montero, e contaron coa participación de María García Alén, Jesús Irisarri, Guadalupe Piñera, Fernando López Alsina, Paolo Caucci von Saucken, Adeline Rucquoi, José Ignacio Hernández e José Manuel López Vázquez, entre outros.

Encontro de artistas novos. Cidade da Cultura de Galicia-Uruguai

DATAS: do 24 ao 28 de xuño de 2015

ESPAZO: Centro Cultural de España en Montevideo

ASISTENTES: 46 persoas

DIRECCIÓN: Rafael Doctor

ARTISTAS CONVIDADOS: Jorge Perianes e Félix Fernández

OUTROS PARTICIPANTES: Daniel Umpiérrez, Magela Ferrero e Rita Fischer



Uruguai importou o *Encontro de artistas novos Cidade da Cultura (EAN)*, promovido pola Consellería de Cultura e Educación, e que desde setembro de 2011 se celebra no Gaiás co obxectivo de que creadores emerxentes dean a coñecer os seus traballos e debatan con outros axentes ao redor da arte contemporánea.

No 2015, o Centro Cultural de España en Montevideo, organismo de cooperación cultural dependente da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID), decidiu trasladar a Uruguai esta iniciativa co obxectivo de promover a cultura española nese país e a cooperación coas industrias culturais locais.

Un total de 40 creadores emerxentes (a metade deles uruguaios pero tamén pertencentes a outros países de América Latina e España) conviviron durante catro días no Parque Vacacional de Agadu, localizado na Atlántida, onde intercambiaron experiencias e coñecementos. Agustín Bancho Cardozo foi o participante elixido de entre os creadores que participaron nesta primeira convocatoria, quen viaxou posteriormente ao V *Encontro de artistas novos Cidade da Cultura* celebrado no mes de setembro no Gaiás, grazas a unha bolsa concedida pola Asociación General de Autores de Uruguay (Agadu).

Encontro Artes pola integración

DATAS: do 25 ao 27 de xuño de 2015

ESPAZO: Sala Eisenman, Auditorio e Praza exterior

ASISTENTES: 50 persoas

A quinta edición desta iniciativa celebrouse por primeira vez na Cidade da Cultura de Galicia propiciando un espazo de encontro e intercambio de coñecementos e ideas entre artistas e outros axentes culturais para un maior coñecemento da realidade de distintos colectivos. Programáronse conferencias e mesas redondas sobre artes e interculturalidade, infancia e integración e arte e terceira idade, e a programación escénica *O terceiro sorriso / O mundo nas túas máns*, ademais de exposicións de artes visuais e actividades formativas.



Xogar tamén é cousa seria. Experiencias na creación de videoxogos en Galicia

DATA: 30 de xuño de 2015

ESPAZO: Biblioteca e o Arquivo de Galicia

A Secretaría Xeral de Cultura promoveu unha xornada na que se analizaron experiencias de empresas e institucións galegas que empregan o videoxogo como recurso encamiñado a mellorar aspectos diversos, como a produtividade empresarial, as vendas, a formación, a saúde ou a educación, para mostrar as potencialidades dos xogos dixitais máis alá da súa función lúdica. O evento contou coa colaboración da Agadic e do IGAPE, e coordinado por imaxin|software.

Lisa Randall. 100 anos da Teoría da relatividade

DATA: 1 de xullo de 2015

ESPAZO: CINC. Sala Auditorio

ASISTENTES: 200 persoas



A Cidade da Cultura conmemorou o mércores 1 de xullo o centenario da Teoría xeral da relatividade de Albert Einstein coa presenza da figura feminina máis importante da física mundial: a profesora da Universidade de Harvard Lisa Randall, que impartiu a conferencia *Universos ocultos: unha viaxe ás dimensións extras do cosmos*. O Centro de Innovación Cultural (CINC) do Gaiás foi o escenario deste encontro científico organizado polos físicos galegos Jorge Mira e José Edelstein, no que tamén interviu o profesor de Física Teórica da Universidade de Santiago de Compostela (USC) José Javier Mas Solé.

Reunión anual de directores do Instituto Cervantes

DATAS: 21, 22 e 23 de xullo de 2015

ESPAZO: Biblioteca e Arquivo de Galicia e CINC

ASISTENTES: 370 persoas



O Gaiás acolleu a reunión anual do Instituto Cervantes, que estivo presidida pola raíña Dona Letizia no seu acto inaugural. Este encontro fixou a estratexia da Institución e abordou en profundidade dous grandes retos que suporán novas responsabilidades para este instituto: as leis de nacionalidade para estranxeiros residentes e para sefardís, e a certificación do español a través do diploma oficial DELE e do futuro certificado SIELE.

V Encontro de artistas novos Cidade da Cultura

DATAS: do 7 ao 11 de setembro de 2015
 ESPAZO: Biblioteca e Arquivo de Galicia
 ASISTENTES: 82 persoas

A Cidade da Cultura de Galicia converteuse por quinto ano consecutivo nun espazo de encontro no que creadores emerxentes tiveron a oportunidade de dar a coñecer os seus traballos e debater ao redor da arte contemporánea durante catro días de convivencia e intercambio de coñecementos e ideas con outros axentes culturais. O *V Encontro de artistas novos* convocou un total de 70 prazas, das que o 50% foron destinadas aos solicitantes nados ou residentes en Galicia e o outro 50% aos solicitantes de procedencia estatal e internacional.

Deste xeito, os participantes entraron en contacto con outras traxectorias e procesos de produción artística a través dunha serie de conferencias impartidas por artistas de recoñecido prestixio nos circuitos nacionais e internacionais da arte contemporánea como Menchu Lamas, Ana Laura Aláez, Damián Ucieda, Aitor Saraiba e Enrique Marty. Xunto aos artistas, Paula Cabaleiro, Javier Díaz-Guardiola, Guillermo Espinosa, Ángel Calvo Ulloa e Carlos Copertone foron os críticos e comisarios que actuaron de art followers. E, no *Foro Aberto*, cada un dos participantes tivo a posibilidade de realizar unha presentación pública do seu proxecto creativo persoal, servindo de plataforma e escaparate das súas creacións.

En paralelo, a Cidade da Cultura de Galicia convocou un concurso de proxectos de intervencións artísticas ideadas para as Torres Hejduk, que lle permitiu a un artista emerxente materializar a súa proposta neste espazo.



Fairway



DATAS: do 15 ao 18 de outubro de 2015

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 3.900 persoas

Fairway, o primeiro foro con feira e congreso sobre o Camiño de Santiago, foi un encontro de reflexión e análise pero tamén de experiencias vitais, creación de redes de traballo e de intercambios comerciais que reuniu no Gaiás centenas de profesionais e afeccionados ás diferentes rutas xacobeas para compartir vivencias, dar a coñecer negocios vencellados ao Camiño e analizar e ofrecer solucións ás necesidades relacionadas con esta experiencia.

Fairway dividiuse en tres seccións: *Fairway Forum*, un espazo para a reflexión, a análise, a formación e o debate aberto; o *Fairway Market*, unha feira de expositores de empresas de servizos do Camiño; e o *Fairway City*, un programa de actividades culturais paralelas no centro da cidade.



10.6 Centro de Emprendemento Creativo de Galicia

O Centro de Emprendemento Creativo de Galicia, da Cidade da Cultura desenvolve un labor ao servizo dos emprendedores para converter o seu soño nunha forma de vida. Ofrece un programa de tutoría e acompañamento na posta en marcha de modelos de negocio exitosos, identificación de novas oportunidades e maduración de ideas empresariais, asesoría financeira, networking e showrooms.

Coworking

A Cidade da Cultura de Galicia dispón dun espazo de coworking que lles permite aos profesionais das industrias culturais multiplicaren as súas posibilidades de negocio aproveitando as oportunidades dunha rede de contactos no sector e beneficiárense dun programa especial de formación e de presentación das súas ideas a empresas.

Situado no Centro de Emprendemento Creativo de Galicia, o espazo ofrece, ademais dos servizos básicos (mesa de traballo, cadeira, estante, conexión a internet de alta capacidade, conexión telefónica, caixa de correo, subministro eléctrico, auga e calefacción), a posibilidade de dispoñer de varias salas de reunións, equipadas con wifi e proxector, así como participar nas actividades de emprendemento e networkings que se fan semanalmente no centro.



Viveiro Gaiás

Tras a boa acollida do espazo Coworking Gaiás, no que xa están operando máis de 40 proxectos empresariais, a Cidade da Cultura lanzou no verán do 2014 o Viveiro Gaiás para acoller máis de 10 empresas e consolidarse como un motor do apoio a innovación empresarial a xeración de novas empresas en Galicia.

O Viveiro Gaiás está dirixido a todos aqueles profesionais con proxectos que fomenten a innovación cultural e as novas tecnoloxías. Co fin de impulsar os apoios e a formación que reciben os emprendedores, o Centro de Emprendemento Creativo de Galicia chegou a acordos de colaboración co Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), Rede Emprendia, Rede de Cooperativas Eusumo, Cámara de Comercio de Santiago, Concello de Santiago, Colexio Oficial de Xestores Administrativos de Galicia, AJE- Asociacións de xóvenes empresarios e co Instituto Campus Stellae.

O centro de emprendemento desenvolve unha ampla programación co obxectivo de aproveitar a potencia e visibilidade da Cidade da Cultura, ofrecer ferramentas útiles na creación e xestión de novas empresas e divulgar modelos de negocio innovadores e que estimulen o talento. Esta programación está aberta non só ás persoas instaladas na Cidade da Cultura senón a todos os que en Galicia están a traballar para pór en marcha un novo proxecto empresarial.



Titorización e acompañamento de empresas

DATAS: todos os primeiros martes de cada mes de 2015
ESPAZO: Centro de Emprendemento Creativo de Galicia
ASISTENTES: 55 empresas

Servizo de titorización con consultoría e acompañamento dos proxectos do Centro de Emprendemento Creativo.

Networking Gaiás

DATAS: de xaneiro a decembro de 2015
ESPAZO: Centro de Emprendemento Creativo de Galicia
ASISTENTES: 200 empresas

Intermediación de networking entre emprendedores e empresas dirixida ás empresas do espazo de coworking e de viveiro de empresas, socios de AJE e público vinculado ao emprendemento.



Traballo en rede para o financiamento de proxectos da industria cultural e creativa

DATAS: 30 de xaneiro de 2015
ESPAZO: Centro de Emprendemento Creativo de Galicia
ASISTENTES: 30 persoas

Obradoiro, organizado por EOSA e TejeRedes, que presentou unha innovadora metodoloxía de traballo colaborativo orientado á captación de financiamento para proxectos culturais e creativos. Presentáronse as principais fontes alternativas de financiamento para proxectos culturais e creativos e coñecéronse as dimensións de traballo en rede colaborativo aplicado á obtención exitosa de financiamento.

Venres emprendedores

DATAS: de marzo a xuño de 2015
ESPAZO: Sala Eisenman
ASISTENTES: 220 persoas

O Centro de Emprendemento Creativo de Galicia puxo en marcha unha cita mensual con profesionais que constitúen un caso de éxito. A modo de coloquio, catro personalidades do mundo do deseño e a publicidade permitiron coñecer dunha forma creativa e orixinal a súa experiencia, cos seus problemas e dificultades pero tamén cos seus acertos. A interacción



entre público e relatores facilitouse cunha sesión de networking informal posterior. Participaron como relatores nas catro sesións Rei Zentolo, FrutoDS, Óscar Santomé Diseño e a axencia Quattro IDCP.

Creación e consolidación de empresas culturais



DATAS: do 13 abril ao 29 de maio de 2015

ESPAZO: Biblioteca e Arquivo de Galicia

ASISTENTES: 20 persoas

Programa formativo, en colaboración coa Cámara de Comercio de Santiago, destinado a fomentar a posta en marcha e consolidación das industrias culturais. O curso, de balde, estivo dirixido fundamentalmente a empresarios e responsables de pequenas empresas culturais e creativas de diversos sectores como a arte, o teatro, a música, a danza, o audiovisual, o sector editorial, as novas tecnoloxías ou deseño, e a emprendedores que contaban cun proxecto cultural definido. Este programa formativo contou cun total de 320 horas, das que o 15% tiveron lugar nunha aula da Biblioteca e o Arquivo de Galicia e o 85% restante en forma de titorías nas que cada participante recibiu asesoramento individualizado.

TEDxGalicia



DATAS: 19 de setembro de 2015

ESPAZO: Museo Centro Gaiás e Sala Eisenman

ASISTENTES: 550 persoas

A Cidade da Cultura de Galicia foi neste 2015 o escenario do TEDxGalicia, evento no que se difunden ideas innovadoras, inspiradoras e dignas de ser compartidas. Como novidade deste ano, o TEDxGalicia estivo ligado moi especialmente á cultura e á creatividade, baixo a temática *Realidades tras a percepción*. Contou cunha serie de actividades abertas, ademais do TEDxGaliciaU, no que se puxo á disposición dos participantes un espazo para presentar a súa idea.



III Premios Emprende Gaiás Sixto Seco

DATA DA ENTREGA DE PREMIOS: 20 de outubro de 2015

PÚBLICO: emprendedores das industrias culturais e creativas

- Modalidade A: proxecto innovador para a programación de aplicacións informáticas relacionadas co sector cultural e proxectos culturais en internet.
- Modalidade B: proxecto innovador para o desenvolvemento de proxectos na área de deseño.
- Modalidade C: proxecto innovador para o desenvolvemento de proxectos na área de xestión cultural.

A Cidade da Cultura de Galicia convocou a terceira edición deste concurso de ideas e proxectos innovadores co que dar apoio aos emprendedores e dinamizar as industrias culturais de Galicia, que nesta edición contou coa colaboración de Sabadell Gallego. O premio para cada unha das modalidades foi a incorporación gratuíta durante doce meses ao espazo de coworking da Cidade da Cultura ademais dunha contía de 2.000 euros para cada proxecto para contribuír ao financiamento da nova empresa. Resultaron gañadores aNuevos Mozarts_Conectam, unha plataforma de consumo colaborativo para equipos e servizos audiovisuais; a firma Cucuducho, de produtos infantís (mobiiliario, obxectos decorativos, lámpadas, xoguetes) vinculados ao deseño; e na área de xestión cultural, o premio foi para Kolectiv, unha consultoría especializada na innovación e a cultura que busca conectar ideas, persoas e coñecementos.



10.7 Bosque de Galicia

Planta unha árbore no Gaiás

DATA: do 14 febreiro ao 25 abril 2015

ESPAZO: Bosque de Galicia

ASISTENTES: 441 persoas

O Bosque de Galicia é a intervención paisaxística que se está a levar a cabo en zonas non urbanizadas do monte Gaiás. Este proxecto, coordinado pola Fundación Cidade da Cultura, conta coa dirección técnica de Sea-ga, empresa pública de Servizos Agrarios Galegos, e o asesoramento da Escola Galega da Paisaxe da Fundación Juana de Vega, que está realizando o seguimento dos traballos. Xa se plantaron 3.500 exemplares, un fondo visual de bidueiros e agrupacións illadas, a modo de manchas, doutras especies (carballos, espiños, sorbeiras, castiñeiros e loureiros).



A Cidade da Cultura de Galicia convidou a toda a cidadanía a participar dunha forma simbólica na construción do Bosque de Galicia plantando unha árbore no Gaiás. A Fundación Cidade da Cultura, e co apoio da Fundación USC Deportiva, programou esta actuación os sábados pola mañá, cunha alta participación: na primeira fase do Bosque de Galicia, procedeuse á roza e plantación inicial o día 14 de febreiro, actividade que se mantivo ata o 25 de abril, agás na Semana Santa, con dous grupos de 25 persoas cada sábado. Os participantes fixeron un percorrido para coñecer de primeira man o proxecto e levaron unha fotografía da súa contribución a esta zona verde.

10.8 Aula Gaiás



Visitas didácticas á exposición Cinegalicia 25

DATAS: do 25 de novembro de 2014 ao 6 febreiro de 2015

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 577 persoas correspondentes a 2015

A Cidade da Cultura convidou á comunidade escolar a formar parte deste *making of* da gran película do audiovisual galego dunha forma lúdica e pedagóxica a través das visitas didácticas á exposición. Os escolares fixeron un percorrido por estes 25 anos de cine galego coa axuda de figuras recoñecibles que facilitaron unha aprendizaxe lúdica: desde o Xabarín ou os Bolechas, ata referentes da gran pantalla como Luís Tosar ou Antonio Durán Morris.

Visitas didácticas á exposición Camiño. A orixe

DATAS: do 13 marzo ao 11 setembro de 2015

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 4.430 persoas

Con contidos adaptados por niveis educativos, ofrecéronse percorridos guiados con actividades pedagóxicas e lúdicas para achegar o alumnado ao fenómeno da peregrinación, a través de obras mestras da arte como pinturas de Murillo ou Durero e outras pezas de alto valor cultural.



Visitas didácticas á exposición José Suárez. Uns ollos vivos que pensan

DATAS: do 17 de novembro de 2015 ata o 23 de marzo de 2016
 ESPAZO: Museo Centro Gaiás
 ASISTENTES: 526 persoas (en 2015)

As visitas didácticas da exposición *José Suárez. Uns ollos vivos que pensan* permitiron un percorrido pola historia da fotografía pero tamén pola cultura galega, as súas xentes, a intelectualidade de comezos de século e a diáspora. Xunto coas visitas guiadas, as didácticas tiveron como principal atractivo a experimentación nun laboratorio fotográfico instalado no Museo Centro Gaiás, especialmente deseñado para os escolares.



10.9 Visitar

VISITAR

Visitas guiadas ao Gaiás

DATAS: de xaneiro a decembro de 2015
 ASISTENTES: 10.268 persoas

A Cidade da Cultura abriu as portas a todos os cidadáns que desexasen coñecer o complexo deseñado por Peter Eisenman mediante diferentes visitas guiadas: *Visitas arquitectónicas* (para grupos), *Visitas didácticas* e *Visitas familiares*.

Visitas guiadas á exposición Cinegalicia 25

DATAS: sábados e domingos de xaneiro e febreiro (ata o día 8) de 2015
 ESPAZO: Museo Centro Gaiás
 ASISTENTES: 573 persoas

A través destas visitas guiadas ofreceuse a posibilidade de coñecer da man dun guía profesional os contidos da exposición *CineGalicia 25*.

Visitas guiadas á exposición Camiño. A orixe

DATAS: do 13 de marzo ao 13 de setembro de 2015
 ESPAZO: Museo Centro Gaiás
 ASISTENTES: 3.688 persoas

A través destas visitas guiadas ofreceuse a posibilidade de coñecer da man dun guía profesional os contidos da exposición *Camiño*. A *Orixe* nun percorrido guiado a través de 150 obras de arte e once intervencións artísticas no que descubrir os segredos desta ruta que marcou a historia de Europa.

Camiño ao Gaiás



DATAS: de xullo a setembro de 2015

PARTICIPANTES: 175

Arte, historia, natureza e un estilo de vida saúdable. Estas foron as catro claves do *Camiño ao Gaiás* 2015, co que a Cidade da Cultura e a Fundación USC Deportiva convidaron os composteláns e os visitantes a descubrir unha nova cidade. Nesta nova ruta a pé ata o complexo desde o centro da cidade permitiu coñecer o patrimonio de Santiago. Tras acceder ao Gaiás os participantes completaron o seu percorrido cunha visita guiada de balde á exposición *Camiño. A orixe*.

Visitas nocturnas á exposición Camiño. A orixe

DATAS: 8, 15, 22 e 29 de xullo de 2015

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 98 persoas

A Cidade da Cultura convidou a descubrir unha nova cara da exposición *Camiño. A orixe* ao caer o sol a través das *Nocturnas*, visitas nas que apreciar outros matices e riquezas da arte xacobea ao que lle seguiu un momento musical acompañado dun viño con produtos do país, por cortesía de *Fina Rei* e *Condes de Albarei*. A Cidade da Cultura convidou os socios do Club Gaiás a ser os primeiros en participar nesta actividade.

Visitas astronómicas 2015

DATAS: xullo, agosto e setembro de 2015

ESPAZO: Praza exterior e Auditorio da Biblioteca e Arquivo de Galicia

ASISTENTES: 685 persoas



O complexo do Gaiás acolleu un ano máis as sesións de observacións astronómicas, nas que poder gozar das estrelas e da arquitectura da Cidade da Cultura. A través de telescopios e prismáticos, e seguindo as explicacións técnicas dos monitores do Observatorio Astronómico Ramón María Aller, os participantes observaron a lúa,

planetas, estrelas dobres, nebulosas... Ademais, coa axuda dun planisferio, aprenderon a identificar as constelacións a simple vista, e puideron participar en sesións especiais como *A noite das Perseidas*, no 12 de agosto. Nos días de condicións meteorolóxicas non favorables, realizáronse as sesións didácticas no auditorio da Biblioteca e Arquivo de Galicia.



Visitas guiadas á exposición José Suárez. Uns ollos vivos que pensan

DATAS: de martes a domingo, do 14 de novembro a decembro de 2015

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 251

A través destas visitas guiadas ofreceuse a posibilidade de coñecer da man dun guía profesional os contidos da exposición *José Suárez. Uns ollos vivos que pensan*, na que os visitantes puideron contemplar series tan coñecidas e importantes como “Mariñeiros”, realizada a mediados dos anos trinta e que chegou a ser exposta en París ou Madrid; pero tamén as tomadas durante as súas viaxes a Xapón —unha primeira no 53 e unha posterior, aínda que menos destacada, nos anos sesenta—, ou das últimas series que realizou na súa vida, como “La Mancha” (1965).

16 WOMEX
THE WORLD MUSIC EXPO

Santiago de Compostela
Galicia, Spain
19 - 23 October 2016



16 WOMEX
THE WORLD MUSIC EXPO



AGADIC





11

INTERNACIONALIZACIÓN DA CULTURA GALEGA

A proxección exterior dos nosos valores culturais, a creación de pontes de diálogo con outras culturas e linguas, e a internacionalización dos produtos creativos galegos son obxectivos prioritarios da Consellería de Cultura e Educación.

A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), a Secretaría Xeral de Cultura e a Secretaría Xeral de Política Lingüística son os departamentos que lideran as estratexias e accións de proxección exterior para os seus ámbitos competenciais, tanto a través da articulación de espazos de encontro internacional (de estudo, de participación en mercados e feiras de referencia etc.), como no apoio á distribución exterior de producións e servizos.



11.1 Proxección exterior do libro e da literatura galega

Apoio á tradución

A Secretaría Xeral de Cultura publicou en 2015 unha convocatoria pública bianual de axudas á tradución de libros ao galego e do galego a outras linguas, cunha dotación orzamentaria de 200.000 euros. O obxectivo desta liña de subvencións é favorecer a difusión da produción intelectual e creativa de Galicia noutras culturas e, ao mesmo tempo, facilitar o acceso da cidadanía galega aos textos producidos noutras linguas, co fin de contribuír ao intercambio cultural e ao enriquecemento da sociedade.

Esta liña de axudas permitiu a tradución ao galego para a súa edición das obras presentadas cos títulos *Outras estrelas uruguayas*, *Historia do nobre Ponto*, *Que foi rei da Galiza*, *Cabeza de can*, *A sociedade literaria e o pastel de pel*, *Historia de terror do tío Montague*, *As almas grises*, *A miña familia e outros animais*, *Bechos e demais parentes*, *O xardín dos deuses*, *Joan Salvat Papasseit musicado*, *À rebours*, *Alicia no país das marabillas*, *Alicia detrás do espello* e *Laura Neves e os outros nove*. Desde o galego ao catalán, *Poesía última de amor e enfermidade*, *O neno can*, *A verdadeira historia da mosca da tele* e *O meu pesadelo favorito*. Ao bretón, *Made in Galiza*. Ao castelán, *Mércores de cinza*, *A lúa da colleita*, *Un tipo listo*, *Maternosofía ou o embarazo da escritora*, *As fiandeiras*, *O mundo secreto de Basilius Hoffman*, *Contos do mar de Irlanda*, *Liña azul* e *Dark Butterfly*. Ao inglés *Os eidos*, *Antoloxía poética*, *Os comedores de patacas*, *Corredores de sombra*, *Tic tac*, *O corazón de Xúpiter*, *Ámote Leo*. *A estación de tránsito*. E ao búlgaro, *Secesión* e *Carne de leviatán*.

Colaboración coa Asociación de Tradutores Galegos

O marco de colaboración que a Consellería de Cultura e Educación vén mantendo coa Asociación de Tradutores Galegos está enfocado ao enriquecemento textual da Biblioteca Virtual (Bivir), para poñer á disposición da cidadanía en galego as obras da literatura universal fóra do mercado editorial de Galicia, grazas ao labor de tradución dos socios e colaboradores do proxecto.

Ademais deste labor, a asociación tamén aborda publicacións sobre tradución e a subtitulación e dobraxe de obras audiovisuais científicas libres de dereitos, pequenas pezas que contribúen á divulgación do coñecemento científico en galego.

Encontro de tradución poética Con barqueira e remador

A illa de San Simón, en Redondela, reuniu no mes de outubro poetas e tradutores e tradutoras procedentes de diversos países que participaron este ano no obradoiro internacional de tradución poética *Con barqueira e remador*, unha iniciativa destinada a establecer redes de intercambio entre linguas e sistemas literarios e culturais. Dirixido pola poeta e dinamizadora cultural Yolanda Castaño, co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través das secretarías xerais de Cultura e de Política Lingüística, o obradoiro contou na súa cuarta edición con escritores de diversas procedencias, para enriquecer o corpus de traducións poéticas contemporáneas para cadanseu idioma: Nikola Madzirov (Macedonia), Tal Niztán (Israel), Ostap Slyvynsky (Ucraina), Sholeh Wolpé (Irán), Josep M. Rodríguez (Cataluña), Yasuhiro Yotsumoto (Xapón) e a galega Estíbaliz Espinosa.

O elenco de autores tamén protagonizou un programa de actos abertos e gratuítos, conformado por tres recitais multilingües que se desenvolveron en distintas localidades os días 21, 22 e 23 de outubro.

Literatura galega en inglés

A páxina web Portico of Galician Literature, promovida pola Xunta de Galicia coa editora Small Station Press, ofrece un catálogo de novos escritores e escritoras, co fin de reforzar a proxección no exterior do libro e da literatura galega. Este ano incorporáronse ao portal textos e datos biográficos de cinco novos escritores: Xabier P. DoCampo, Pedro Feijoo, Inma López Silva, Manuel Lourenzo González e María Reimóndez. Ademais disto, no marco desta colaboración, tamén se abordou este ano a tradución ao inglés do poemario *Follas novas*, de Rosalía de Castro, que verá a luz en 2016 na colección Galician Classics.

Six Galician Poets é unha nova antoloxía de poesía galega en inglés para presentar no mercado internacional a produción poética actual, con textos de Xosé María Álvarez Cáccamo, Chus Pato, Yolanda Castaño, Estevo Creus, María do Cebreiro e Daniel Salgado. Traducida por Keith Payne, coa introdución e preparación da edición de Manuela Palacios da USC, verá a luz na editorial Arc Publications en colaboración co organismo Literature Across Frontiers en 2016, na colección New Voices from Europe & Beyond.

Proxección no mercado editorial internacional

Para facilitar a promoción, difusión e intercambio literario en diferentes ámbitos xeográficos de Europa e América, a Secretaría Xeral de Cultura, a través do Servizo do Libro e Publicacións, promove a asistencia a feiras internacionais do libro. En acordo coa Asociación Galega de Editores en 2015 priorizouse a presenza nas feiras de Boloña, Buenos Aires, Fráncfurt e Guadalajara (México), cun investimento de 133.430 euros. As editoriais contan cun stand institucional da Xunta de Galicia para a visibilidade das súas publicacións e imaxe, distribución de materiais promocionais, atención ao público, así como para o desenvolvemento de reunións comerciais.

Ademais, na celebración da Feira Internacional do Libro de Buenos Aires, no mes de maio, formalizouse a designación de Santiago de Compostela como cidade convidada na vindeira edición en 2016, o que suporá unha oportunidade para a proxección da literatura e da cultura galega en Arxentina. Durante o segundo semestre de 2015, a consellería desenvolveu o traballo de planificación da presenza e da programación cultural nesa cita, da que os autores e autoras galegos serán protagonistas.



11.2 Internacionalización das industrias culturais

Apoio á distribución exterior e interior de servizos culturais

Para promover a distribución e comercialización dos produtos culturais dentro e fóra de Galicia, fomentando a captación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados internacionais, a Agadic xestionou este ano unha liña de axudas públicas de 350.000 euros dirixidas a empresas e compañías ou grupos profesionais. Esta convocatoria permite a mobilidade interior e exterior de servizos e producións culturais de empresas e compañías profesionais galegas e facilitou este ano as actuacións, por exemplo, do grupo Leilía en Urkut, a xira por Brasil e España do proxecto *Staying Alive* e *Teatro Invisible* de Matarile Teatro, o espectáculo de danza *No tittle yet* de La Macana, a xira de Títeres Cachirulo en Arxentina, España e Tánxer, a xira *Interceltic* de Carlos Núñez, as representacións en Asia de *El Retrete* de Dorian Grey, a xira española de Luar na Lubre etc. Tamén facilitou a presenza de distintas galerías galegas en Arco 2015 e noutros mercados exteriores, así como as xiras por Galicia de compañías escénicas como Malasombra, A Laberca ou dos espectáculos xestionados por Producións Teatrais Excéntricas, entre outros.

Asistencia profesional a mercados das industriais culturais

A Agadic convocou en 2015 unha liña de axudas económicas para facilitar a asistencia de produtoras e distribuidoras ao **MICA** (Mercado de Industrias Culturais Argentinas) celebrado do 3 ao 6 de setembro de 2015 en Buenos Aires, e ao **WOMEX** (The World Music Expo), celebrado en Budapest (Hungría) do 21 ao 25 de outubro. Con estas subvencións, a Agadic contribúe á internacionalización das industrias culturais galegas, en especial en mercados con vínculos culturais comúns con Galicia, como é o de América do Sur, así como no encontro internacional de referencia para as músicas do mundo. Beneficiáronse destas achegas once empresas dedicadas á produción ou distribución de bens ou servizos culturais: Budiño/Lospregos, JAU, Mada Producións, Mare, Musicarte, Sons Galiza, Ficción Producciones, Setembro Cine, Borja Fernández, Títeres Cachirulo, Editorial Galaxia e Factoría de Software Multimedia.

No ámbito audiovisual, a Agadic promove a presenza institucional nos mercados especializados neste ámbito, así como o apoio económico e loxístico ás empresas produtoras audiovisuais para facilitar a súa asistencia. O obxectivo destas liñas de acción exterior é contribuír a promover a coprodución e a busca de fontes de financiamento no exterior e promocionar os produtos audiovisuais galegos, así como abrir novas canles de venda. En 2015, en colaboración co IGAPE, a convocatoria de axudas de asistencia profesional e institucional centrouse nos mercados de Clermont Ferrand (Francia), EFM (Berlín), MIPTV (Cannes), Marché du Film (Cannes) e MIPCOM (Cannes).

No **mercado de curtametraxes do Festival Internacional de Clermont-Ferrand**, a Agadic reforzou a proxección exterior das curtametraxes galegas a través da súa participación, baixo a marca promocional **Shorts from Galicia**. O audiovisual galego contou cun espazo de difusión propio na zona de mercado deste prestixioso encontro, que congregou máis de 3.000 profesionais procedentes duns 80 países.

No **European Film Market**, a produción audiovisual galega mostrouse na feira que se desenvolve en paralelo á Berlinale, a través dunha misión comercial promovida pola Xunta de Galicia e integrada por nove compañías do sector: Filmanova, Portocabo, Artemática, Frida Films, Ladybug Films, Matriuska Producciones, Diplodocus Producións, Sun Lúa e Verve Audiovisual.



Once empresas (Areca Films, Bambú Producciones, Ficción Produccións, Filmanova, Frida Films, Intuitive Productions, Maruxiña Films, Portocabo, Somadrome, Voz Audiovisual e Zenit Televisión) viaxaron ao **MIPTV** na procura de oportunidades de negocio para os seus proxectos e produtos televisivos. Por outra parte, as produtoras Vaca Films, Agallas Films, Maruxiña Films e Dragoia Media formaron parte da misión comercial organizada pola Agadic, en colaboración co IGAPE, ao **Marché du Film** que cada ano se celebra en paralelo ao Festival Internacional de Cine de Cannes.

Bambú Producciones, Ficción Producciones, Filmanova, Maruxiña Films, Portocabo, R, Treeline Distribution, Yellow Train Productions e Zenit TV conformaron a delegación empresarial galega que se desprazou ata Cannes para participar na vixésimo sexta edición do **MIPCOM**, o meirande mercado mundial de contidos televisivos e de entretemento. Como en edicións anteriores, Galicia contou cun espazo propio para difundir os proxectos destas nove compañías dentro do pavillón Audiovisual from Spain.



Galician Film Festival en Nova York

O 19 de xuño tivo lugar en Nova York este evento cinematográfico e gastronómico nas sedes de The Graduate Center da Universidade de Nova York e do Instituto Cervantes, para reforzar os vínculos históricos desa cidade con Galicia e promover o interese de produtores e distribuidores cinematográficos americanos. Co apoio da Agadic en colaboración coa Academia Galega do Audiovisual, proxectouse a película galega *Os fenómenos*, de Alfonso Zarauza.

Programa NeXo

A Xunta de Galicia formou parte este ano do programa NeXo, impulsado polo British Council e Wales Arts International como laboratorio de creación musical colectiva para a interacción cultural entre Europa e América a través da posta en común de tradicións e linguaxes musicais de Galicia, Gales, Escocia, Arxentina e Uruguai. Ademais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que se integra no proxecto a través da Agadic, tamén colaboran nesta iniciativa Creative Scotland (Reino Unido) e Fundación SGAE.

O programa de NeXo foi deseñado como un encontro e residencia artística que se desenvolveu en Buenos Aires entre o 28 de novembro e o 1 de decembro. Durante estes catro días, nove músicos dos cinco países crearon un repertorio en diálogo coas diversas linguaxes musicais que conforman a identidade de cada territorio. Os músicos galegos participantes foron Fernando Barroso e Xabier Díaz.



Preparación do WOMEX 2016

Galicia acollerá de novo en 2016 o encontro profesional e artístico máis importante das músicas do mundo, o WOMEX. Ao longo de 2015 a consellería iniciou os traballos, en colaboración coas empresas e institucións implicadas, para asegurar a promoción e difusión da industria musical do país nesta cita, tras o balance positivo dos organizadores e participantes na edición de 2014, na que se constatou a rendibilidade do evento para a economía local, a súa importancia para o desenvolvemento dunha parte esencial da industria musical galega e a calidade da oferta cultural desta feira.

A cidade vella de Santiago de Compostela e a Cidade da Cultura de Galicia serán os espazos onde se desenvolva a vixésimo segunda edición do WOMEX, do 19 ao 23 de outubro de 2016, cunha programación estruturada en dúas partes, o DayWomex (feira profesional e actividades complementarias na Cidade da Cultura) e o NightWomex, con máis de 60 concertos de pequeno formato en distintas salas da cidade.

Para promover a edición galega, Galicia levou ao WOMEX Budapest 2015 un pavillón promocional específico, desde o que operaron compañías como Budiño/Lospregos, Jau, Mada Producións, Maré, Musicarte, Nordesía e Sons Galiza, convivindo na marca promocional exterior común GalicianTunes.



Renovación de GalicianTunes

A web de referencia para o mercado interior e exterior www.galiciantunes.com incorporou este ano novos contidos. Esta plataforma dixital, promovida pola Agadic, contén agora datos de 293 artistas e grupos, 807 vídeos musicais, 18 festivais galegos de música, 48 empresas do sector e 723 traballos discográficos (con información adicional sobre onde mercalos ou escoitalos). Estreou, ademais, un novo deseño na páxina de inicio para facilitar o acceso á información da actualidade relativa ao sector, así como aos últimos lanzamentos discográficos.

A maior e máis práctica novidade da nova plataforma é a inclusión de listaxes musicais de reprodución que se van renovando tematicamente cada semana, e que nacen como unha nova forma de explorar e convidar a coñecer toda a música que se fai actualmente en Galicia. Trátase de listaxes de temas creadas nos perfís abertos en Spotify e Youtube, que xiran arredor de compilacións sobre os grandes grupos de estilos como o jazz, pop, world music etc.

11.3 Espazo europeo de cultura

Integración da Agadic no programa Media

No ano 2015 a Agadic integrouse, en calidade de patrono, na Fundación Media España a través dun convenio institucional, co obxectivo de achegar o sector audiovisual galego ao contexto e oportunidades deste programa da Unión Europea. No marco desta acción, a Agadic realizou sesións informativas e consultorías individuais de proxectos, ademais de ofrecerlles a posibilidade ás empresas galegas de ter un servizo continuado de asesoramento para conseguir fondos europeos.

Grupos de traballo de cultura e audiovisual do Consello da Unión Europea

Durante o segundo semestre de 2015, correspondente ao período de presidencia de Luxemburgo, a Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia asumiu a representación e coordinación das comunidades autónomas españolas nos grupos de traballo de cultura do Consello da Unión Europea, en concreto, no Comité de Asuntos Culturais e no Grupo de Traballo de Audiovisual.

A axenda política xirou sobre dous temas principais: a cooperación ao desenvolvemento e a cultura nas relacións exteriores da Unión Europea. De feito, no Consello de Ministros do 24 de novembro someteuse a aprobación o documento de conclusións sobre a cultura nas relacións exteriores da UE, con foco sobre a cultura na cooperación ao desenvolvemento.

Con todo, os acontecementos extraordinarios internacionais obrigaron á modificación do Plan de traballo de Cultura 2015-2018 para incorporar un novo grupo de traballo na prioridade D, Promoción da diversidade cultural-A Cultura nas relacións exteriores da Unión Europea, coa intención de identificar boas prácticas culturais que propicien a integración dos refuxiados e a promoción do diálogo intercultural.

Outros asuntos destacados da axenda política do semestre no Comité de Asuntos Culturais foron, no que respecta ao programa Europa Creativa, o desenvolvemento do mecanismo da garantía e crédito en favor dos sectores culturais e creativos (Guarantee Facility); a biblioteca dixital europea, Europeana; a elección do panel de expertos de selección das Capitais Europeas da Cultura; e a elección do panel de expertos para a selección da candidaturas da Etiqueta do Patrimonio Cultural.

No Grupo de Traballo de Audiovisual, o eixe político foi a análise da estratexia para un mercado único dixital, coa revisión da Directiva de servizos de medios audiovisuais e da Directiva do satélite e o cable, así como as consultas públicas sobre as plataformas e os intermediarios en liña e o xeo-bloqueo inxustificado, e sobre o vídeo baixo demanda e o cinema.

11.4 Cooperación cultural co ámbito lusófono

A Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, máis coñecida como Lei Valentín Paz-Andrade, aprobada en 2014 polo Parlamento de Galicia, é o instrumento normativo orientado a estreitar os lazos entre Galicia e o ámbito lusófono. Para o seu desenvolvemento, a Xunta de Galicia realizou en 2015 un conxunto de actuacións que, no ámbito cultural, estiveron centradas no aspecto lingüístico, escénico e audiovisual.

I Encontro de Coprodución Portugal-Galicia

A Agadic promoveu, este ano, o *I Encontro de coprodución Portugal-Galicia*, no marco do Festival de Cine de Ourense, e en colaboración co Instituto de Cine de Portugal, co obxectivo de iniciar unha etapa de colaboración entre empresas, televisións e institucións públicas en materia audiovisual. Na reunión participaron 30 persoas, representantes de empresas de cine e televisión dos dous territorios, de cara a incrementar as oportunidades de coprodución neste ámbito.

Intercambios e cooperación teatral Galicia-Portugal

O Centro Dramático Galego foi promotor, nos últimos anos, da construción de novas pontes de intercambio, diálogo e coprodución entre as artes escénicas portuguesas e galegas. No mes de xuño, dentro do Proxecto Nós. Territorio (es)cénico Portugal-Galicia, como espazo de colaboración entre os Teatros Nacionais de Portugal, o CDG e as escolas de arte dramática de ambas as beiras do Miño (ESAD, ESMAE do Porto e ESTC de Lisboa), realizáronse cinco representacións de *Bilingue* no Salón Teatro.

O Departamento de Producción Teatral da Agadic enfocou a produción do Centro Dramático Galego de 2015 a partir dun texto premiado do portugués Abel Neves, *Xardín suspenso*, baixo a dirección de Cándido Pazó. Entre os meses de febreiro e maio esta produción do CDG xirou por Santiago de Compostela, Narón, O Barco de Valdeorras, Pontevedra, A Estrada, Vigo, Tui, Ourense, Rianxo, A Coruña e Lisboa. A intención desta produción e distribución foi achegarlle ao público de Galicia os textos máis destacados da dramaturxia contemporánea portuguesa e, ao mesmo tempo, foi parte do marco do acordo co Teatro Nacional Dona Maria II de Lisboa, polo cal acolleu por primeira vez na historia unha produción da compañía institucional de Galicia e produciu, tamén por primeira vez, un texto de autor galego, neste caso *Saxo tenor* de Roberto Vidal Bolaño, baixo a dirección de José Martins. A produción portuguesa de *Saxo tenor* tamén viaxou a Santiago de Compostela, onde puido verse no Salón Teatro en tres funcións no mes de maio, coa colaboración do Concello de Santiago e da Agadic.

Ademais de *Saxo tenor*, no mes de maio representouse no Salón Teatro de Santiago de Compostela Nós, do Grupo de Teatro de Surdos do Porto (integrado maioritariamen-

te por persoas xordas), baixo a dirección de João Pedro Correia, inspirada no texto de Valter Hugo Mãe *A máquina de fazer espanhóis*.

Da Companhia de Teatro da Almada programou o Salón Teatro a obra *O mandarim*, de Eça de Queirós, baixo a dirección de Teresa Gafeira, con 199 espectadores nunha sesión única celebrada o 9 de abril.

O Salón Teatro tamén incorporou á súa programación outras obras vinculadas co teatro portugués. *Pangeia*, da compañía galega Limiar Teatro e a brasileira Acaso Danza, dirixido por Fran Núñez e Bárbara Castro, estivo en cartel do 10 ao 19 de abril, grazas á colaboración da Associação de Produtores de Pernambuco, Festival Janeiro de Grandes Espetáculos de Recife, Teatro da Malaposta de Lisboa e Concello de Gondomar.



En xaneiro, o Teatro Bruto do Porto representou no Salón Teatro *O amor dos infelizes*. Con 113 espectadores, o 11 de febreiro tamén se representou alí *Um Picasso*, da Companhia de Teatro de Braga, dirixida por Eduardo Tolentino de Araujo, coa colaboración da Agadic.

Ciclo Portugal-Galicia: Escenarios para un encontro

A estrea da versión lusa de *Saxo tenor* no Teatro Nacional D. Maria II de Lisboa completouse co desenvolvemento do ciclo Portugal-Galicia: Escenarios para un encontro, unha programación orientada a establecer novos puntos de contacto entre as culturas de ambas as beiras do Miño a través da literatura, da música, do audiovisual e máis do teatro, nos días 12, 19 e 26 de maio. A primeira xornada protagonizouna a mesa redonda *Galicia-Portugal, culturas en diálogo*, na que recoñecidos especialistas en materia cultural de Portugal e de Galicia reflexionaron sobre as complicitades, relacións e in-

teraccións entre as dúas culturas. Xunto co director da Axencia Galega das Industrias Culturais, Jacobo Sutil, tamén participaron a vicepresidenta do Consello da Cultura Galega, Rosario Álvarez; o director do Instituto Cervantes de Lisboa, Javier Rioyo; o director do *Jornal de Letras*, José Carlos Vasconcelos; e o subdirector da Dirección Xeral do Patrimonio de Portugal, Samuel Rego, como moderador.

O martes 19 de maio, as letras galegas e portuguesas uníronse no recital poético *Voces compartidas*, da man das poetas galegas Yolanda Castaño, Eva Veiga e Alba Cid, xunto coa portuguesa Maria João Cantinho. A xornada continuou cun concerto a cargo do galego Xoán Curiel, acompañado polo músico brasileiro Sérgio Tannus.

O ciclo clausurouse o día 26 coa proxección do filme *Doentes*, de Gustavo Balza, baseada na obra homónima de Roberto Vidal Bolaño. Manuel Guede, director do CDG, foi o encargado de presentarlle ao público a figura do dramaturgo galego.



Festival IKFEM

A terceira edición do International Keyboard Festival & Masterclass Eurocity Tui-Valença (IKFEM) uniu no verán, co apoio da Secretaría Xeral de Cultura, as vilas de Tui e Valença do Minho nun atractivo calendario de eventos musicais e formativos. Durante seis días, do 21 ao 26 de xullo, o IKFEM ofreceu clases maxistras, talleres e concertos de órgano, clavicémbalo, fortepiano, piano e piano electrónico, para favorecer sinerxías coa cultura portuguesa a través dun programa artístico que abrangue un amplo abano de estilos musicais a través destes instrumentos de teclado: barroco, clásico, electrónico, jazz, sinfónico, lírico, pop etc.

Colaboración cultural co Eixo Atlántico

No mes de xullo, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e mais o Eixo Atlántico reforzaron os seus lazos de cooperación no eido cultural a través da sinatura dun protocolo de colaboración para o desenvolvemento de actividades culturais no marco da Eurorrexión, para aproveitar a potencialidade dos eventos culturais como oferta para os cidadáns, como espazo de intercambio artístico e como oportunidade de desenvolvemento económico e de creación de emprego.

Entre as actividades culturais desenvolvidas este ano neste marco de colaboración destacan a Mostra Musical de Novos Intérpretes, que congregou preto de 300 alumnos e alumnas das escolas de música e conservatorios das cidades do Eixo Atlántico; a Capital da Cultura, para impulsar a posta en valor dos artistas da Eurorrexión; e a Bienal de Pintura que, con máis de 20 anos de historia, facilita o intercambio cultural e o coñecemento de artistas.

A exposición itinerante da XI Bienal de Pintura Eixo Atlántico 2015-2016 chegou a Galicia en decembro, e exhibiu, no concello de Ribeira, 29 traballos inéditos de creadores e creadoras galegos e portugueses, seleccionados entre máis de 100 traballos admitidos a concurso. A pintura en acrílico sobre madeira tallada do galego Olmo Blanco Fuentes foi a obra gañadora do primeiro premio desta edición, nun certame no que tamén foron premiados Rui Sousa e Raquel Martínez Ortiz. A bienal, organizada polo Eixo Atlántico xunto coa Fundação da Juventude (FJ) de Portugal, co apoio da Secretaría Xeral de Cultura, é a única exposición itinerante entre dous países da Unión Europea.

Proxecto Nortear

A obra *Clementina*, de Lara Dopazo Ruibal, fíxose coa primeira edición do premio literario Nortear, un certame promovido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola Dirección Rexional de Cultura do Norte e pola Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (AECT) que ten como principal obxectivo incentivar a creatividade da mocidade escritora de Galicia e do norte de Portugal. Xunto con este premio, dotado con 2.000 euros, o xurado tamén decidiu concederlle unha mención de honra pola súa calidade á obra *Coração cheio de nada*, da autoría de João Maria Cardoso. Un total de 60 traballos concorreron á primeira edición deste certame, dirixido a mozos e mozas de entre 16 e 36 anos.

O diálogo literario entre Galicia e Portugal tamén se intensificou este ano coa iniciativa *Conversas Nortear*, que ofreceu na súa primeira edición dous encontros entre escritores galegos e mais portugueses, o 22 de novembro en Santiago de Compostela con Leticia Costas e Pedro Guilherme-Moreira, e o 7 de decembro con Ana Luísa Amaral e Ramón Caride no Porto.

Tamén se materializou o intercambio de fondos bibliográficos destinados a nutrir a sección de lingua portuguesa na Biblioteca de Galicia e de lingua galega na Biblioteca da Dirección Rexional de Cultura do Norte de Portugal, instalada na Casa Allen, no Porto. A Xunta de Galicia realizou unha doazón de 170 volumes para poñer ao dispor da cidadanía portuguesa obras en lingua galega.

O intercambio expositivo trouxo a Galicia a exposición *Oito espazos para sete miradas*, unha mostra fotográfica con imaxes de autores e autoras lusos arredor do patrimonio

catedralicio, na Casa da Parra (véx. 5.1). Por outra banda, a iniciativa levou a Portugal a finais de ano a mostra *Santiago cidade ilustrada*, no mosteiro de Tibães, en Braga, con debuxos e ilustracións de artistas como Miguelanxo Prado, Pepe Carreiro, David Pintor e Fran Bueno.

Falamos galego, sabemos portugués

A Secretaría Xeral de Política Lingüística desenvolveu este ano, entre o 24 de marzo e o 23 de abril, quince obradoiros presenciais de achegamento á lingua portuguesa a través do galego, baixo o título *Falamos galego, sabemos portugués*. A actividade estivo dirixida a mozos e mozas de 3º da ESO a 2º de bacharelato en grupos de menos de 40 alumnos. Participaron aproximadamente 600 alumnos e alumnas de 15 centros públicos de educación secundaria das provincias da Coruña, Ourense e Pontevedra, ademais dos participantes na provincia de Lugo nos correspondentes obradoiros promovidos pola Deputación de Lugo.

11.5 Proxección da lingua e da cultura no exterior

Network to Promote Linguistic Diversity

A Rede para a promoción da diversidade lingüística (Network to Promote Linguistic Diversity), asociación de ámbito europeo creada en 2008 na que está integrada a Secretaría Xeral de Política Lingüística xunto con institucións académicas, organismos e gobernos rexionais e nacionais de diferentes países europeos dedicadas á promoción, ao ensino e á promoción de linguas minoritarias, presentou en 2015 o texto definitivo do Mapa de ruta para a diversidade lingüística (The European Roadmap for Linguistic Diversity), nun acto que tivo lugar o 18 de novembro de 2015 en Bruxelas no marco da *Conferencia sobre multilingüismo, migración e economía*. O obxectivo desta rede é a cooperación e intercambio mutuo de experiencias, así como a promoción da diversidade lingüística no territorio da Unión Europea.

Colaboración para visibilizar o plurilingüismo no conxunto do Estado

No marco de colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística cos departamentos correspondentes das comunidades autónomas de Cataluña e País Vasco, o 18 de xuño celebrouse a reunión anual en Bilbao, na que se analizou a situación creada ante a sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional sobre probas de avaliación da aptitude profesional para o exercicio da profesión de avogado, así como a situación do cuarto informe periódico sobre a aplicación en España da Carta europea de linguas rexionais e minoritarias. Así mesmo, no transcurso da reunión

aprobouse unha carta conxunta dirixida ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte do Goberno de España, na que se propón a planificación e a execución da edición cuadrilingüe —nas catro linguas oficiais do Estado— dunha selección de libros referenciais das literaturas vasca, catalá e galega, previa realización das correspondentes traducións. A idea de base é a de promover o coñecemento da obra dos máis relevantes creadores da literatura en lingua catalá, galega e vasca no conxunto de España, visibilizando, ao mesmo tempo, a diversidade lingüística.

Nesta mesma dirección de colaboración entre linguas e culturas do Estado, a Agadic e o Teatre Nacional de Catalunya coproduciron este ano a obra *Ganas de ouvear/Ganes d'udolar*, dirixida por Daniel Salgado, con representacións na sede catalá e no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

Estudo e promoción da lingua galega no Bierzo e Sanabria

Dentro do programa de fomento e promoción do uso do idioma galego fóra da Comunidade Autónoma galega, no que participan no curso 2015-2016 944 alumnos, implantouse a lingua galega como materia de libre configuración autonómica nos currículos de educación secundaria obrigatoria e bacharelato nos centros públicos acollidos ao programa no Bierzo e Sanabria. Desenvolvéronse nese marco distintas actividades, como a celebración das *VI Xornadas Martín Sarmiento: Educación, cultura e lingua* ou a excursión de alumnado do programa a Galicia, na que participaron 145 alumnos.

Galego no mundo

En Cataluña, para os niveis non universitarios, desenvólvese desde 1999 mediante colaboración entre as administracións autonómicas galega e catalá, o ensino do galego como segunda lingua moderna en distintos centros de ensino secundario. En Cataluña tamén se imparte galego na Escola Oficial de Idiomas Barcelona-Drassanes.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística, dentro das liñas de proxección exterior da lingua, conta con programacións estables de formación en diversos países.

No ámbito do ensino non universitario, a consellería mantén un marco de colaboración co centro Cañada Blanch de Londres, onde está implantada a lingua galega como materia optativa nos currículos de educación secundaria obrigatoria e bacharelato. Ademais de dotar o centro de profesorado, Política Lingüística tamén colabora na viaxe cultural realizada a Galicia polo alumnado que cursa galego, no mes de maio.

A Consellería de Cultura e Educación tamén contribúe ao financiamento da formación en literatura, cultura e lingua galega implantada no Instituto Arxentino-Galego Santiago Apóstol, de Buenos Aires. Ademais das aulas de formación integradas no currículo do centro, o investimento da Xunta de Galicia, no marco da colaboración coa Fundación Galicia-América, tamén se destina ao acondicionamento das aulas, adquisición de fondos bibliográficos, elaboración de publicacións, material didáctico, de promoción e divulgación, así como á dotación de medios tecnolóxicos, informáticos e telemáticos para as aulas.

No ámbito do sistema universitario, a posibilidade de estudar a lingua e a cultura de Galicia en universidades de América e de Europa é unha realidade consolidada que

leva contribuído de maneira fundamental á difusión do galego no exterior, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas e tamén ao prestixio da lingua entre os seus propios falantes, ao observaren o interese e o recoñecemento que posúe fóra das fronteiras administrativas de Galicia. En 2015 o galego foi obxecto de estudo en 34 universidades, das cales 28 contan con lectores licenciados en Galego, asentados en departamentos coñecidos como Centro de Estudos Galegos, que imparten materias de lingua galega adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade (gramática histórica, cursos de conversa, cursos de lingua e civilización etc.). Por outra parte, realizan nas universidades unha programación de actividades relacionadas coa lingua galega e, en xeral, co patrimonio de Galicia, que complementan a formación do alumnado.

En España, contan con Centro de Estudos Galegos as universidades de Alacant, a Autónoma de Barcelona, A UB de Barcelona, a Universidade de Deusto de Bilbao, a de Granada, a de Extremadura, a Complutense de Madrid, a de Salamanca e a de Vitoria-Gasteiz.

En Alemaña, as universidades de Kiel, Berlín, Heilderberg e Leipzig; no Brasil, as universidades de São Paulo, Niterói (Federal Fluminense), Río de Xaneiro e Salvador de Baía; en Croacia, a universidade de Zadar; nos Estados Unidos de América, a universidade de Nova York; en Finlandia, a universidade de Helsinky; en Francia, a de París III-Nouvelle Sorbonne; en Hungría, a de Budapest; en Italia, a de Padua e La Sapienza de Roma; en Irlanda, a de Cork; en Polonia, a Iaguelónica de Cracovia e a de Varsovia; en Portugal, as universidades do Minho (Braga), do Algarve e a Nova de Lisboa; no Reino Unido, a de Bangor (en Gales), a de Birmingham e a de Oxford; e en Rusia, a universidade de San Petersburgo. As memorias anuais completas da acción de formación e difusión da lingua e da cultura galegas no exterior están dispoñibles en www.lingua.gal/o-galego/proxecto.

Cursos de verán de cultura e lingua galegas para persoas de fóra de Galicia

Do 1 ao 24 de xullo desenvolvéronse en Santiago de Compostela os *Cursos de verán de lingua e cultura galegas* para persoas de fóra de Galicia, no marco do convenio da Consellería de Cultura e Educación coa Real Academia Galega, e coa colaboración do Instituto da Lingua Galega, coa finalidade de proporcionarlles ás persoas participantes a oportunidade de se familiarizaren coa lingua galega e coa realidade sociocultural de Galicia. Dirixidos a alumnado e profesorado universitario interesado na lingua, na literatura e na cultura galegas e, de maneira particular, o vinculado aos centros de estudos galegos das universidades de fóra de Galicia, tamén se acompaña dunha programación de actividades de ampliación cultural para todos os niveis.

Cursos de cultura promovidos pola Secretaría Xeral de Emigración

A Secretaría Xeral de Emigración promove a realización de obradoiros e cursos nos centros galegos espallados polo mundo, para conservar os vínculos coa cultura galega e manter viva a identidade no exterior. En febreiro de 2015, publicáronse as bases reguladoras para o desenvolvemento de obradoiros de folclore, artesanía, cociña e se-

minarios de cultura galega, en colaboración coas entidades galegas do exterior. Este programa permitiu a realización de obradoiros de baile, de gaita, de percusión, de canto, de encaixe de palillos e confección de traxes tradicionais, de tradición cultural etc. en numerosos espazos colaboradores da colectividade.

Congreso de Lingüística Histórica

A Consellería de Cultura e Educación colaborou na celebración en Santiago de Compostela do *III Congreso internacional de lingüística histórica*, organizado conxuntamente pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), a través do Instituto da Lingua Galega, pola Universidade Federal da Bahía e pola Universidade de São Paulo, e que se desenvolveu do 27 ao 30 de xullo. O congreso, que lles redeu homenaxe aos profesores Ramón Lorenzo e Antón Santamarina, programou como peche un concerto do grupo de música antiga Martín Códax fixo que fixo un percorrido musical pola literatura galega medieval na igrexa de San Domingos de Bonaval.

Congreso Internacional de Estudos Galegos

Para promover os estudos galegos a nivel internacional, propiciar o intercambio entre estudosos da realidade galega e fomentar a presenza da cultura galega no mundo, a Secretaría Xeral de Cultura colaborou este ano coa Asociación Internacional de Estudos Galegos no desenvolvemento do *XI Congreso internacional de estudos galegos* celebrado en Buenos Aires (Argentina), coa finalidade de financiar a participación de estudosos de recoñecido prestixio internacional das universidades de Bangor en Gales, Milwaukee nos Estados Unidos e Auckland en Australia, que presentaron cadanseu relatorio sobre o momento actual dos estudos galegos.

Son Galego-Son Cubano

A Xunta de Galicia apoiou este ano o proxecto de vinculación entre as culturas galega e cubana, Son Galego-Son Cubano, baixo a dirección artística do músico galego Roi Casal. Música, literatura e audiovisual son as artes empregadas para poñer en valor os lazos históricos dos pobos galego e cubano, e o labor da colectividade emigrante galega no fortalecemento da identidade galega. A partir dos textos de Neira Vilas, o proxecto integrou a elaboración dun documental, a gravación dun disco e a produción dun espectáculo que permanecerá en xira en 2016.

ANEXO 1

Área de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria 2015

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CONSELLEIRO

Xesús Vázquez Abad (ata o 10/02/2015)

Román Rodríguez González (desde o 10/02/2015)

Secretaría Xeral Técnica da consellería

Jesús Oitavén Barcala · SECRETARIO XERAL TÉCNICO

Secretaría Xeral de Cultura

Anxo M. Lorenzo Suárez · SECRETARIO XERAL DE CULTURA

Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

María del Carmen Martínez Insua · DIRECTORA XERAL

Axencia Galega das Industrias Culturais

Jacobo Sutil Nesta · DIRECTOR

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Beatriz González Loroño · DIRECTORA-XERENTE

SUBDIRECCIÓN XERAIS

Subdirección Xeral de Xestión e Coordinación Cultural

Cristina Fabeiro Varela · SUBDIRECTORA XERAL

Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural

Juan Antonio Naveira Seoane · SUBDIRECTOR XERAL

Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais

Manuel Chaín Pérez · SUBDIRECTOR XERAL

Subdirección Xeral de Bibliotecas

Cristina Rubal González · SUBDIRECTORA XERAL

Subdirección Xeral de Arquivos

Marina García Pita · SUBDIRECTORA XERAL

XEFATURAS TERRITORIAIS

Xefatura territorial da consellería na Coruña

Indalecio Cabana Leira · XEFE TERRITORIAL

Manuel Varela Rey · ÁREA CULTURAL

Rosario Fernández-Albalat · PATRIMONIO CULTURAL

Xefatura territorial da consellería en Lugo

M^a do Carme Gueimude González · XEFA TERRITORIAL

Yolanda Gómez González · ÁREA CULTURAL

Ana M^a Carril Cuesta · PATRIMONIO CULTURAL

Xefatura territorial da consellería en Ourense

M^a Mercedes Gallego Esperanza · XEFA TERRITORIAL

Gerardo Pumar Pumar · ÁREA CULTURAL

Alfredo Seara Carballo · PATRIMONIO CULTURAL

Xefatura territorial da consellería en Pontevedra

César A. Pérez Ares · XEFE TERRITORIAL

José Manuel González González · ÁREA CULTURAL

BIBLIOTECAS

Biblioteca de Galicia

Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés
M^a Mar Lauroba Sánchez · DIRECTORA

Biblioteca Pública de Lugo
M^a Sol González Regal · DIRECTORA

Biblioteca Pública de Ourense
Rosa M^a Díaz Naya · DIRECTORA

Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola
Pilar Fernández Ruiz · DIRECTORA

Biblioteca Pública de Santiago de Compostela Ánxel Casal
Carina Fernández Faya · DIRECTORA

Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel
Inmaculada Serrano Plaza · DIRECTORA

ARQUIVOS

Arquivo de Galicia

Arquivo Central da Consellería de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria

Arquivo Territorial de Lugo

Arquivo Territorial de Pontevedra

Arquivo Territorial de Vigo

Arquivo do Reino de Galicia
M^a Carmen Prieto Ramos · DIRECTORA

Arquivo Histórico Provincial de Lugo
Dolores Pereira Oliveira · DIRECTORA

Arquivo Histórico Provincial de Ourense
Pablo Sánchez Ferro · DIRECTOR

Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra
Carmen Luisa Corgo Solleiro · DIRECTORA

CENTROS DA AGADIC

Centro Dramático Galego e Salón Teatro
Manuel Guede Oliva (ata o 17/06/2015) · DIRECTOR

Centro Coreográfico Galego
Mercedes Suárez Rodríguez · DIRECTORA

Centro Galego de Artes da Imaxe
Guillermo Escrigas Rodríguez · DIRECTOR

MUSEOS, FUNDACIÓNS E ESPAZOS CULTURAIS

Acción Cultural da Cidade da Cultura de Galicia
María Pereira Otero · DIRECTORA

Centro Galego de Arte Contemporánea
Santiago Olmo García (desde o 9/07/2015) · DIRECTOR

Museo de Belas Artes da Coruña
M^a Ángeles Penas Truque · DIRECTORA

Museo Etnolóxico de Ribadavia
Xosé Carlos Sierra Rodríguez · DIRECTOR

Museo das Peregrinacións e de Santiago
Bieito Pérez Outeiriño · DIRECTOR

Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre, en Campo Lameiro
José Manuel Rey García · DIRECTOR

Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa,
en San Cibrao de Las
Xulio Rodríguez González · DIRECTOR

Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
Xulio Rodríguez González · DIRECTOR

Museo do Castro de Viladonga
Elena Varela Arias · DIRECTORES

Museo Massó
M^a Covadonga López de Prado Nistal · DIRECTORA

Museo do Mar de Galicia
Marta Lucio Gómez · DIRECTORA

Museo Pedagóxico de Galicia
Beatriz Seco González · DIRECTORA

Fundación Pública Galega Camilo José Cela

Casa da Parra

Illa de San Simón

ANEXO 2

Principais convocatorias de axudas públicas da área de Cultura da Xunta de Galicia en 2015

Subvencións para producións ou coproducións de contido cultural galego

Convocatoria 2015-2017, dirixida a produtoras audiovisuais independentes, co obxectivo de incentivar proxectos audiovisuais de contido cultural galego.

Modalidades: a. Longametraxes cinematográficas de ficción con orzamento inferior (submodalidade a1) ou superior (submodalidade a2) ao 1.200.000 euros; b. Longametraxes cinematográficas de animación; c. Longametraxes documentais; d. Curtametraxes de ficción, animación e documental; e. Longametraxes e miniserias (submodalidade e1), longametraxes documentais (submodalidade e2) e series de animación infantil e xuvenil (submodalidade e3), todas elas para seren emitidas por televisión.

ORGANISMO: Agadic

DATA PUBLICACIÓN: 20/05/2015

DOTACIÓN ECONÓMICA: 2.000.000 euros

Subvencións de creación audiovisual para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego

Apoio á creación de obras audiovisuais con decidida vocación artística e cultural e, en concreto, a escrita de guións e a realización de curtametraxes a cargo de creadores individuais e de longametraxes realizadas por empresas individuais ou produtoras.

Modalidades: a. Escrita de guión en galego; b. Curtametraxes gravadas en versión orixinal galega; c. Longametraxes en versión orixinal galega.

ORGANISMO: Agadic

DATA PUBLICACIÓN: 08/04/2015

DOTACIÓN ECONÓMICA: 145.000 euros

Subvencións para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais de produción galega

Convocatoria dirixida ao desenvolvemento de proxectos audiovisuais, co interese de asegurar a madurez dos produtos audiovisuais galegos.

ORGANISMO: Agadic

DATA PUBLICACIÓN: 02/03/2015

DOTACIÓN ECONÓMICA: 185.000 euros

Subvención á distribución para as industrias culturais

Destinada a promover a distribución exterior e interior de bens e servizos culturais producidos por produtores, distribuidores, asociacións profesionais e xestoras de salas privadas.

Modalidades: a1. Distribución exterior de espectáculos de artes escénicas e musicais; a2. Representación de espectáculos de artes escénicas ou concertos en feiras e festivais fóra de Galicia; a3. Asistencia a feiras e mercados culturais fóra de Galicia. a4. Distribución de espectáculos escénicos en Galicia.

ORGANISMO: Agadic

DATA PUBLICACIÓN: 29/12/2014

DOTACIÓN ECONÓMICA: 350.000 euros

Subvencións a festivais de artes escénicas e musicais en Galicia

Destinada ao apoio de festivais de artes escénicas e de música de carácter profesional celebrados en Galicia con interese estratéxico para o sector.

Modalidades: a. Festivais de música; b. Festivais de artes escénicas.

ORGANISMO: Agadic
DATA PUBLICACIÓN: 27/02/2015
DOTACIÓN ECONÓMICA: 370.000 euros

Subvencións a festivais audiovisuais

Destinadas a apoiar certames, festivais e mostras que teñan por obxecto a promoción e difusión da produción cinematográfica e audiovisual celebrados en Galicia con interese estratéxico para o sector.

ORGANISMO: Agadic
DATA PUBLICACIÓN: 29/12/2014
DOTACIÓN ECONÓMICA: 90.000 euros

Subvencións a salas de artes escénicas

Axudas destinadas ao fomento e estabilidade das salas de artes escénicas de titularidade privada vinculadas ao funcionamento da sala e aos seus proxectos de programación.

ORGANISMO: Agadic
DATA PUBLICACIÓN: 10/04/2015
DOTACIÓN ECONÓMICA: 70.000 euros

Subvencións para a asistencia ao Mercado de Industrias Culturais de Arxentina e ao WOMEX

Axudas destinadas a fomentar a internacionalización das industrias culturais galegas, en especial en mercados con vínculos culturais comúns con Galicia.

ORGANISMO: Agadic
DATA PUBLICACIÓN: 19/06/2015
DOTACIÓN ECONÓMICA: 30.000 euros

Subvencións á produción escénica

Axudas para o fomento da produción escénica, en calquera das súas modalidades e disciplinas artísticas, por parte de compañías profesionais con actividade en Galicia.

Modalidades: 1. Producións de espectáculos de empresas de nova creación; 2. Produción de espectáculos de pequeno formato; 3. Produción de espectáculos de mediano formato; 4. Produción de espectáculos de gran formato.

ORGANISMO: Agadic
DATA PUBLICACIÓN: 04/03/2015
DOTACIÓN ECONÓMICA: 600.000 euros

Subvencións ao asociacionismo profesional no ámbito das industrias culturais

Axudas dirixidas ao potenciamento da cooperación e o asociacionismo de traballadores e empresas dos distintos sectores culturais, así como as medidas do sector profesional galego para aumentar a súa presenza e competitividade nos mercados culturais.

ORGANISMO: Agadic
DATA PUBLICACIÓN: 28/05/2015
DOTACIÓN ECONÓMICA: 50.000 euros

Subvencións a festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado

Destinada ás entidades privadas e entidades locais que realicen programacións (festivais, feiras, mostras, ciclos ou certames) de producións non profesionais.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura
DATA PUBLICACIÓN: 21/07/2015
DOTACIÓN ECONÓMICA: 50.000 euros

Subvencións a concellos de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de programacións culturais

Axudas destinadas á mellora e equipamento dos locais de concellos e agrupamentos de concellos para mellora do equipamento e das dotacións técnicas dos locais culturais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura
DATA PUBLICACIÓN: 15/01/2015
DOTACIÓN ECONÓMICA: 500.000 euros

Axudas ao financiamento de intervencións arqueolóxicas

Concesión de axudas aos promotores particulares de calquera tipo de obras que afecten un conxunto histórico, zona arqueolóxica ou xacementos catalogados ou inventariados, nos casos en que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ou a figura de planeamento vixente determine a necesidade de realizar intervencións arqueolóxicas. Están destinadas a financiar o custo da execución do proxecto arqueolóxico.

ORGANISMO: Dirección Xeral do Patrimonio Cultural
 DATA PUBLICACIÓN: 19/01/2015
 DOTACIÓN ECONÓMICA: 50.000 euros

Programa de mellora das coleccións bibliográficas da Rede de Bibliotecas de Galicia

Subvención 2015-2016 a concellos de Galicia para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas ou axencias de lectura públicas municipais integradas na Rede de bibliotecas de Galicia, mediante a adquisición de fondos bibliográficos, co obxectivo de posibilitar a adquisición de novidades e dar cumprida resposta ás demandas dos usuarios.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura
 DATA PUBLICACIÓN: 07/07/2015
 DOTACIÓN ECONÓMICA: 176.420 euros

Plan de mellora de bibliotecas escolares

Axudas destinadas á actualización dos fondos da biblioteca, e á renovación de mobiliario e outros equipamentos necesarios, co fin de estimular a renovación das bibliotecas escolares.

ORGANISMO: Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de Educación
 DATA PUBLICACIÓN: 15/04/2015
 DOTACIÓN ECONÓMICA: 840.000 euros

Programa de dinamización da lectura nas bibliotecas Ler conta moito

Programa de dinamización da lectura a través da Rede de Bibliotecas de Galicia, para achegar a cidadanía á lectura e á información dunha maneira lúdica, en colaboración

cos concellos vinculados á Rede de Bibliotecas de Galicia, que asumen o 25% do custo das actividades.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura
 DATA PUBLICACIÓN: 03/02/2015
 DOTACIÓN ECONÓMICA: 163.085,50 euros

Programa de adquisición de novidades editoriais con destino ás bibliotecas galegas

Programa de fomento da edición do libro galego, a promoción da lectura en lingua galega e a actualización de fondos da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura
 PUBLICACIÓN: 27/11/2014
 DOTACIÓN ECONÓMICA: 300.000 euros

Axudas á tradución ao galego e desde o galego a outras linguas

Convocatoria de axudas para o libro galego 2015-2016, no que se refire á tradución para outras linguas de obras publicadas orixinariamente en galego e á tradución para o galego de obras publicadas orixinariamente noutras linguas.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura
 DATA PUBLICACIÓN: 10/02/2015
 DOTACIÓN ECONÓMICA: 200.000 euros

Axudas destinadas á colaboración no financiamento en materia de arquivos

Convocatoria destinada á mellora dos arquivos de Galicia, garantindo unha custodia responsable e o acceso dos cidadáns aos documentos. A finalidade da axuda a organización de fondos documentais e a mellora dos locais de arquivo.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura
 DATA PUBLICACIÓN: 6/03/2015
 DOTACIÓN ECONÓMICA: 77.740 euros

Convocatoria de bolsas de formación en arquivos

Prorrogação 2015 da convocatoria de bolsas de formación en materia de arquivos para organización, descrición e tratamento técnico dos fondos custodiados nos arquivos municipais de Galicia e outros arquivos de interese galego.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura
DATA PUBLICACIÓN: 12/03/2014
DOTACIÓN ECONÓMICA: 111.572 euros

Bolsas de formación en materia de patrimonio móbile galego

Convocatoria de bolsas de formación en materia de patrimonio móbile en museos do sistema galego de museos e museos xestionados pola consellería, co fin de proporcionar unha formación teórico-práctica que, engadida á formación académica, contribúa a completar o currículo académico.

ORGANISMO: Dirección Xeral do Patrimonio Cultural
DATA PUBLICACIÓN: 15/01/2015
DOTACIÓN ECONÓMICA: 46.000 euros

Convocatoria de bolsas de formación en biblioteconomía

Convocatoria de bolsas de formación 2015 en biblioteconomía mediante colaboración titorizada na organización e descrición de fondos e actividades de biblioteconomía en bibliotecas, baixo a dirección dos técnicos da Secretaría Xeral de Cultura.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura
DATA PUBLICACIÓN: 26/02/2014
DOTACIÓN ECONÓMICA: 184.739 euros

Bolsas de formación en proxectos de investigación do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Convocatoria de bolsas de formación nos proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, co fin de contribuír á especialización na súa formación académica, profesional ou investigadora.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Política Lingüística
DATA PUBLICACIÓN: 13/07/2015
DOTACIÓN ECONÓMICA: 190.080 euros

Axudas ás entidades locais para a promoción do galego

Axudas dirixidas aos concellos, agrupamentos de concellos e entidades locais (excluídas as deputacións) de Galicia para a promoción do uso da lingua galega.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Política Lingüística
DATA PUBLICACIÓN: 28/04/2015
DOTACIÓN ECONÓMICA: 245.000 euros

Programa da rede de lectorados de lingua, literatura e cultura galegas en universidades de fóra de Galicia

Programa de lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para universidades de diversos países, mediante convocatoria de bolsas de lectores e unha programación anual de actividades culturais dos centros de estudos galegos.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Política Lingüística
DATA PUBLICACIÓN: 25/06/2015
DOTACIÓN ECONÓMICA: 94.464,72 euros

Subvencións para a edición en galego de recursos didácticos curriculares

Subvencións destinadas ao sector editorial para fomentar e potenciar a publicación de recursos didácticos en galego curriculares para niveis non universitarios.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Política Lingüística
DATA PUBLICACIÓN: 15/05/2015
DOTACIÓN ECONÓMICA: 170.000 euros

Créditos fotográficos

Portada: AIGI BOGA. Páx.10: MANUEL LEMOS; páx. 43b: MONCHO FUENTES; páx. 46: FERNANDO BELLAS, cedida por Turismo de Galicia; páx. 48: cedida por Turismo de Galicia; páx. 50a: cedida por Turismo de Galicia; páx. 50b: cedida por Turismo de Galicia; páx. 52: Crea Restauración; páx. 66: Espazos Sonoros; páx. 67: ARIEL NINAS; páx. 71: MANU SUÁREZ; páx. 76: JORGE AGEITOS; páx. 81: MANU SUÁREZ; páx. 82: MANU SUÁREZ; páx. 83: MANU SUÁREZ; páx. 84: XULIO REY LÓPEZ; páx. 89: ANA VARELA; páx. 108: SANTIAGO MÍGUEZ AMIL; páx. 112: JOAQUÍN BARREIRO CAJARAVILLE; páx. 113: MANUEL BLANCO; páx. 114: MANUEL BLANCO; páx. 120: MANUEL G VICENTE; páx. 123a: CONCHI PAZ; páx. 123c: OVIDIO ALDEGUNDE; páx. 124c: EGIDIO SANTOS; páx. 125: MARK RITCHIE; páx. 126a: MARK RITCHIE; páx. 126b: PACO ROCHA; páx. 126c: MARK RITCHIE; páx. 127c: MANUEL G VICENTE; páx. 128a: MANUEL G VICENTE; páx. 128b: MARK RITCHIE; páx. 128c: MARK RITCHIE; páx. 129a: MARK RITCHIE; páx. 129b: MANUEL G VICENTE; páx. 129c: MANUEL G VICENTE; páx. 130a: ANA VARELA; páx. 130b: MANUEL G VICENTE; páx. 134: EVA DÍEZ; páx. 135: MANUEL G VICENTE; páx. 138: XURXO LOBATO; páx. 139: cedida pola Real Filharmonía de Galicia; páx. 140: ANTÍA CEA; páx. 144: FUCO REYES; páx. 145: ELIAZ; páx. 147: MANUEL G VICENTE; páx. 148: ilustración de TANIA SOLLA; páx. 151: MANUEL G VICENTE; páx. 152a: ALE DÍAZ BOUZA; páx. 152b: ilustración de IVÁN MOURONTE; páx. 152c: ilustración de AIDA ALONSO; páx. 157: ASESTELO; páx. 158: MONCHO FUENTES; páx. 162: caricatura de SIRO; páx. 163: ANA VARELA; páx. 167: CONCHI PAZ; páx. 170: VÍCTOR RIVERA JOVE; páx. 174: MANU SUÁREZ; páx. 177: Carmela Queijeiro, cedida por *La Voz de Galicia*; páx. 181: VICENTE DOMÍNGUEZ cedida por Turismo de Galicia; páx. 183: OLALLA LOJO; páx. 187: MANUEL G VICENTE; páx. 189: MANUEL G VICENTE; páx. 190: MANUEL G VICENTE; páx. 193: ALEJANDRO PIÑEIRO RODRÍGUEZ; páx. 195: MANUEL G VICENTE; páx. 198: NACHO GÓMEZ; páx. 200: MIRAMEMIRA; páx. 202: MARTIN ARGYROGLO; páx. 206: MANUEL SUÁREZ; páx. 207: CÉSAR QUIAN; páx. 209: MONCHO FUENTES; páx. 212: MIRAMEMIRA; páx. 213: MIRAMEMIRA; páx. 218: JANITE; páx. 219: MIGUEL ÁNGEL FERNÁNDEZ; páx. 220: MIGUEL ÁNGEL FERNÁNDEZ; páx. 221a: MAY/ZIRCUS; páx. 221b: FILIPE FERREIRA; páx. 223: MANUEL LEMOS; páx. 224: MANUEL LEMOS; páx. 226: fotograma de *Nuités blanches sur la jetée*; páx. 227: fotograma de *A través do océano*; páx. 230: JOSÉ SUÁREZ; páx. 232: AIGI BOGA; páx. 233a: MANUEL G VICENTE; páx. 233c: MANUEL G VICENTE; páx. 234a: MANUEL G VICENTE; páx. 234b: MANUEL G VICENTE; páx. 235: MANUEL G VICENTE; páx. 236a: AIGI BOGA; páx. 236b: MANUEL G VICENTE; páx. 237a: MANUEL G VICENTE; páx. 237c: MANUEL G VICENTE; páx. 238b: ÓSCAR CORRAL; páx. 239a: ANTONIO TOMÁS; páx. 239b: AIGI BOGA; páx. 240a: MANUEL G VICENTE; páx. 240b: MANUEL G VICENTE; páx. 241a: MANUEL G VICENTE; páx. 241b: MANUEL G VICENTE; páx. 242b: MANUEL G VICENTE; páx. 243a: MANUEL G VICENTE; páx. 243b: MANUEL G VICENTE; páx. 244b: MANUEL G VICENTE; páx. 245: CARLOS FONTANO; páx. 246a: MANUEL G VICENTE; páx. 246b: MANUEL G VICENTE; páx. 248a: ÓSCAR CORRAL; páx. 251: MANUEL G VICENTE; páx. 253: MANUEL G VICENTE; páx. 254: ÓSCAR CORRAL; páx. 255b: ÓSCAR CORRAL; páx. 257a: MANUEL G VICENTE; páx. 257b: ÓSCAR CORRAL; páx. 258: MANUEL G VICENTE; páx. 259: MANUEL G VICENTE; páx. 260b: MANUEL G VICENTE; páx. 269: ANA VARELA; páx. 273: HUGO FERNANDES; páx. 274: FILIPE FERREIRA.

galicia